

Profesor Barreiro

Homenaxe debida a Xosé Ramón Barreiro Fernández

Profesor Barreiro





Profesor **Barreiro**



Ayuntamiento de A Coruña
Concello da Coruña



Instituto de Estudios Coruñeses
José Cornide




- EDITA
1ª edición, marzo de 2023
© dos textos, os seus autores
© da presente publicación.
Instituto José Cornide de Estudos Coruñeses
- FOTOGRAFÍAS
© Xurxo Lobato
- DESEÑO E MAQUETACIÓN
Alejandro Velázquez
- DEBUXOS
Siro López
- IMPRESIÓN
Sgraf, s.l.
- ISBN
978-84-09-48427-0
- DEPÓSITO LEGAL
C 89-2023

Profesor Barreiro

Homenaxe debida a Xosé Ramón Barreiro Fernández

Emilio Grandío Seoane
Ana Romero Masía

EDITORES



→ Debuxo de Siro López, 1986

ÍNDICE

- 9 PRESENTACIÓN
- 15 **BARREIRO: UN HOME, UN PAÍS, UNHA VIDA**
Emilio Grandío Seoane
- 45 **PARA UNHA BIBLIOGRAFÍA DE XOSÉ RAMÓN BARREIRO FERNÁNDEZ**
Henrique Rabuñal
- 87 **BARREIRO EN SOTANA. EL CARDENAL QUE NO LLEGÓ A SER**
José Ramón Rodríguez Lago
- 117 **A HISTORIA POLÍTICA DA GALIZA DO SÉCULO XIX.
UN DIÁLOGO CON XOSÉ RAMÓN BARREIRO**
Xosé Ramón Veiga Alonso
- 143 **XOSÉ RAMÓN BARREIRO FERNÁNDEZ Y LA PRENSA GALLEGA**
Enrique Santos Gayoso
- 151 **BARREIRO E A HISTORIA LOCAL**
Ana Romero Masiá
- 175 **O COMPROMISO. XOSÉ RAMÓN BARREIRO E EMILIA PARDO BAZÁN
NA REAL ACADEMIA GALEGA**
Xulia Santiso Rolán
- 189 **UNHA HISTORIA PARA UN PAÍS DE SEU. A IDEA DE GALICIA
NA HISTORIOGRAFÍA DE XOSÉ RAMÓN BARREIRO**
Lourenzo Fernández Prieto
- 209 **XOSÉ RAMÓN BARREIRO NO INSTITUTO JOSÉ CORNIDE
DE ESTUDIOS CORUÑESES. DATOS E IMPRESIÓNS**
Xosé A. Fraga Vázquez
- LEMBRANZAS
- 227 **XOSÉ RAMÓN, O VIGOR DA EMOCIÓN**
Luis Antonio Giadás Álvarez
- 228 **LEMBRANZAS DE BARREIRO**
Adrián Rodríguez Rodríguez
- 230 **LEMBRANZAS DE BARREIRO. PROMOCIÓN 1979-1984**
Malay Sobrín Sueiras
- 234 **HIPOCAMPO**
Paula Cons
- 237 **CHEGAR A TODO**
Manuel Gago
- 243 **UN ERUDITO PARA TODOS OS PÚBLICOS**
Rosa Prieto



PROFESOR BARREIRO

Homenaxe debida a Xosé Ramón Barreiro Fernández

Emilio Grandío Seoane & Ana Romero Masía

OS EDITORES



→ X. R. Barreiro fotografado para o libro
“Galegos na escaleira” de Xurxo Lobato

PRESENTACIÓN

Profesor Barreiro. Así lle chaman dende os seus anos do Seminario Maior de Santiago a Xosé Ramón Barreiro Fernández. Todo nel emanaba autoridade: coñecementos, presenza física, voz... Cuestións que poden ser máis ou menos impostadas ou traballadas de tempo, con certa experiencia. Pero dende o primeiro momento sempre foi o «Profesor Barreiro». Dámoslle título a esta homenaxe con estas dúas palabras porque cremos que a imaxe que deixou na maioría dos que tivemos a sorte de tratalo encaixa perfectamente nelas. Para a inmensa maioría de nós foi máis que un Mestre, foi alguén que nos acompañou durante moitos anos, a algúns practicamente toda a súa vida académica e profesional, alguén que determinou a nosa maneira de enfocar o mundo, coas súas atinadas explicacións, que agachaban unha maneira, un xeito de ser pouco frecuente no ámbito da Academia sobre as posibilidades de intervención do historiador no seu presente.

Os coordinadores desta monografía agradecemos enormemente o acto de agarimo intelectual de todos os que colaboran na mesma, pero estamos certos de que fóra dela hai moitos máis que tamén queren estar. Seguro. Pero o deseño deste libro limitou a participación.

Este que tedes na vosas mans é tamén un acto de agradecemento. Agradecemento dunha cidade, personificada nunha das institucións que simbolizan o traballo intelectual da cidade: o *Instituto José Cornide de Estudos Coruñeses*. Barreiro foi sen dúbida un veciño da Coruña que fixo desta cidade a súa referencia persoal de vida. A súa presenza motivou un efecto en dobre dirección: que a cidade tivese un especial interese polo seu pasado e a influencia sobre varias xeracións de historiadores que vían nel unha clara e nítida referencia intelectual.

Dous anos van xa do seu pasamento. Dende o *Instituto José Cornide* quixemos facer unha homenaxe que achegase un elevado número de perspectivas posibles sobre aspectos da súa inmensa produción, así como trazos sobre a súa personalidade e docencia daquel potente comunicador de cultura e da ciencia que era Xosé Ramón Barreiro. É un acto de agradecemento, pero tamén de recoñecemento a quen representou tanto nas vidas de moitos, así como na creación da nosa identificación comunitaria: coruñesa e galega, porque resulta imposible desvencellar unha da outra na formulación sempre construtiva do homenaxeado.

A diferenza doutros libros de homenaxe, desde o *Instituto José Cornide* optamos por un modelo diferente: analizar e valorar algúns dos múltiples aspectos da Historia de Galicia sobre os que investigou e publicou Barreiro. As posibilidades eran numerosas, polo que tivemos que seleccionar e, unha vez determinadas as temáticas a destacar, solicitamos de

especialistas nesas diferentes áreas de estudo que redactasen a súa propia valoración do que significaron para Galicia os estudos históricos de Barreiro.

As colaboracións comezan co traballo de Emilio Grandío, que nos sitúa no marco cronolóxico do homenaxeado e marca algúns dos trazos da súa personalidade e traxectoria vital. O esforzo realizado por Henrique Rabuñal permite reunir no seu traballo a inmensa bibliografía de Barreiro, unha busca case policial pola enorme dispersión das súas publicacións. José Ramón Rodríguez Lago analiza aspectos menos coñecidos de Barreiro como son a súa formación e o traballo desenvolvido durante a súa etapa clerical. Xosé Ramón Veiga Alonso, destaca e valora as achegas do profesor Barreiro nun dos ámbitos nos que nos deixou obras fundamentais para o coñecemento do liberalismo en Galicia. Sobre a prensa carlista escribe Enrique Santos Gayoso. O concepto e realizacións que defendía Barreiro sobre a historia local son tratados por Ana Romero Masiá e Xulia Santiso Rolán valora o empeño de quen era no momento o presidente da Real Academia Galega por potenciar o Museo Pardo Bazán. Lourenzo Fernández Prieto sintetiza algúns dos trazos máis salientables das moitas publicacións de Barreiro sobre a Historia de Galicia, e finaliza este bloque de colaboracións Xosé Antón Fraga Vázquez comentando algúns aspectos da actividade de Barreiro no *Instituto José Cornide*.

Quixemos dar tamén a voz a alumnas e alumnos de varias xeracións do profesor Barreiro e para iso pedimos que tres da Facultade de Historia —Luis Giadás, Adrián Rodríguez e Malay Sobrín— e tres da de Xornalismo —Paula Cuns, Manuel Gago e Rosa Prieto— lembrasen aquelas clases de Historia de Galicia. As coincidencias nas súas valoracións son múltiples e corroboran a imaxe que moitos dos que tivemos a fortuna de compartir aulas, docencia ou parladoiros conservamos do Profesor Barreiro.

A colaboración de dous destacados artistas —o fotógrafo Xurxo Lobato e o caricaturista Siro— completan, coa súa obra, a parte gráfica do libro.

Coherencia. Rigor. Proximidade. Vontade. Impulso. O paso polo mundo de Barreiro foi esa mestura de racionalidade e paixón polo pasado, de principios firmes. Habitando nunha terra que, como el mesmo dicía, era «tan ácida que ata come os ósos dos seus mortos». A súa presenza defínese cunha verba: *auctoritas*. Agradecemento nesta obra a unha personalidade senlleira que non deixaba a ninguén indiferente. Profesor Barreiro.



→ Debuxo de Siro López

BARREIRO: UN HOME,
UN PAÍS, UNHA VIDA

| Emilio Grandío Seoane



— Homenaxe a Curros Enríquez,
A Coruña, 7 de marzo de 2008.
Foto Xurxo Lobato

A capacidade de produción intelectual de Xosé Ramón Barreiro sempre asombrou o noso entorno. Esa cualidade innata de saber *ler* en pouco tempo con quen te comunicas é produto de moito esforzo en tentar entender aos demais. Esa imponente presenza física que alimentaba aínda máis cunha voz rotunda era resultado dunha coidada formación e de moito traballo posto nas capacidades comunicativas do discurso. A súa vida era traballar polo pasado, investigando, descubriendo. Como se entende nesta actualidade tan dependente das cifras, en volume de horas de traballo e esforzo ese traballo resultaría difícil de cuantificar. Certo que os CV's dos que nos atopamos neste ámbito das Humanidades sempre se cuantifican finalmente en decenas, centenas de citas... Pero con Barreiro iso multiplicábase.

Todas as biografías de Xosé Ramón Barreiro falan dun home nado en Santa Uxía de Ribeira o 2 de decembro de 1936. Non é un ano de nacemento calquera como poidan supoñer. En plena guerra civil, no período máis álxido da represión dos sublevados, nun entorno social marcadamente hostil, aínda que protexido suficientemente polo seu círculo familiar.

O seu pai chamábase Xosé Barreiro Barral, do Porto do Son. Home de fonda cultura, ten como oficio o de pintor tras estudar na Escola de Artes e Oficios de Santiago. Ameazado de morte nos primeiros meses da guerra civil, como moitos enrolouse como voluntario na *Legión Española* no ano 1937 para salvar a súa vida. De feito foi destinado á dura Columna de Yagüe, na famosa «Columna de la Muerte», subindo por Estremadura, e foi destinado durante moito tempo na 'eterna' trincheira que representou Teruel no rumbo da guerra¹. Persoalmente vai recibir o encargo de ir restaurando os retablos e as igrexas destruídas tras a entrada nas distintas localidades dos militares de Yagüe. De feito, esa experiencia servíralle para montar un taller de restauración no seu retorno ao Pindo. Era un home moi cerebral, moi reflexivo e de certo carácter.

A súa nai, Elisa Fernández Cambeiro, do Pindo, pero que procede dunha familia de Muros de fonda educación. A avoa materna de Xosé Ramón é mestra no Pindo e o seu avó, Domingo Fernández Lucas, avogado en Muros. Son unha familia longa, 10 irmáns: Elisa é a pequena, a última dos dez. Esta extensa familia son xente moi xenerosa, de moito carácter pero de gran sociabilidade e enorme vitalidade. A súa avoa morre relativamente nova, e o seu avó vai vivir coa súa filla Elisa a Ribeira, onde o tío Manuel Fernández Cambeiro era coadxutor. Semellan unha familia ben unida. E aí nace Barreiro.

¹ <https://buscar.combatientes.es/resultados/Jose%C2%A0BARREIRO/Barral>

Barreiro é o primoxénito, o primeiro de cinco irmáns. Pero Xosé Ramón sempre foi un pouco o elixido desa casa. So vai estar alí ata os tres anos, xa que cando retorna o pai da guerra van vivir ao Pindo Dende o primeiro momento o avó toma o neno baixo a súa protección e inicia unha educación de xeito totalmente autodidacta, co único apoio da súa familia. Comeza unha educación moi libre, pero tamén de estrita marcaxe. Xosé Ramón Barreiro, e isto é importante, nunca foi á escola primaria. A súa familia consideraba que eles mesmos lle darían a mellor formación. Quen o dirixe nestas primeiras letras é o seu avó. Estableceulle un horario de clases moi rigoroso, de mañá e tarde. Loxicamente a formación destes primeiros anos dependeu moito dos coñecementos do seu avó. Ensináballe fundamentalmente moito latín, pero tamén algo de inglés e matemáticas. Os coñecementos do avó que pretende inculcarlle dende moi neno, observando a enorme capacidade intelectual do rapaz, que vai ser cincelada dende a súa máis tenra nenez. A biblioteca do avogado Fernández Luces foi o seu referente nos primeiros anos de vida. No Pindo estará ata os 8, e logo instálase en Caldas de Reis, onde segue a estudar latín, continuando a traxectoria do seu tío crego.

Aos oito anos Xosé Ramón vai ir durante dous anos interno ao Colexio dos Picos, nos escarpados arredores de Mondoñedo. Alí adquire un coñecemento moito máis real da súa posición fronte á vida. Desaparece a súa protección familiar, e terá que lidiar nese Colexio con compañeiros de moita maior idade. Será o seu pai Xosé Barreiro quen o saque do Colexio e retorne a vivir co seu tío sacerdote, que ten tamén a outra das súas tías acompañando polos seus destinos en Galicia, Maruja Fernandez Cambeiro. Barreiro considerou sempre a súa tía Maruja como unha segunda nai, debido ao estreito trato mantido con ela.

Toda a familia enfoca a Xosé Ramón cara ao estudo. Acompañando a seu tío Manuel polos seus destinos como crego, cursa os seus primeiros catro anos de bacharelato en Salcedo (Pontevedra). Precisamente un novo destino do seu tío fai que se achegue a Santiago de Compostela. Alí é onde remata os seus derradeiros anos de Bacharelato. Con moi boas notas no seu paso polo Instituto Xelmírez —excepto en debuxo—, convértese nun home de grande interese pola cultura, especialmente no ámbito da literatura, gañando mesmo algún premio literario no seu paso. Pero tamén constrúese un home de gran complexión atlética que lle gusta facer deporte nas súas diversas expresións. Con moita actividade física, préstalle especialmente andar a caballo, o que lle vén sen dúbida da súa relación tan estreita cun crego da Galicia rural deses anos. Barreiro desfruta a súa adolescencia nesa Compostela dos anos cincuenta, ese «ventre do silencio» plasmada no título da obra de Méndez Ferrín, por certo, compañeiro da academia pontevedresa onde cursara Barreiro antes de chegar a Santiago. No Xelmírez coincidirá con Salvador García Bodaño.

Barreiro, tras a súa saída do Instituto, ingresa no Seminario Maior de Santiago de Compostela. É importante salientar que non hai un camiño lineal entre o internado do Colexio dos Picos e a súa entrada no Seminario, senón que existe un paso intermedio de reflexión pola Compostela dos cincuenta que lle marcará indubidablemente a súa vida. Eses primeiros anos, nun entorno

culto pero tamén relixioso, lle influirán para continuar a súa proxección intelectual. Decide entrar no Seminario con enorme vocación de axudar, cun convencemento forte e rotundo dende a perspectiva persoal.

Dentro do Seminario é un dos escollidos para a súa formación. Tras rematar os seus estudos no Seminario Maior obtén unha bolsa para estudar na Universidade Gregoriana de Roma, onde durante cinco anos realiza a súa Tese de Doutoramento. A súa experiencia en Roma sérvelle para moito máis que afianzar o seu currículo. Non é só que sexa precisamente en Roma onde establece un contacto máis fluído co Cardeal Quiroga Palacios —un home moi relevante no contexto político deste momento— senón que o arcebispo de Compostela terá unha importante relación con Francisco Franco, ata o punto de ter sempre unha habitación dispoñible no Pazo de Meirás... É que, ademais dos contactos persoais, Roma é a Roma de principios dos anos 60, onde ve outro modelo de sociedade. Con maior liberdade, con respecto civil, con democracia representativa. Non só é a visión daquel novo mundo, tan afastado naqueles primeiros anos sesenta da realidade da España que comezaba a saír da autarquía. Mesmo dentro da propia Igrexa son os momentos previos á convocatoria do Concilio Vaticano II, nesa gran vontade de cambio, motivado precisamente pola necesidade de adaptarse aos novos tempos, os aires de modernidade dos sesenta que xa estaban a chegar. Barreiro Fernández participa, dende o seu observatorio particular, deste espírito, como veremos nas páxinas seguintes. De feito, marcarán o seu camiño posterior, tamén cando deixe os hábitos. Os seus anos en Roma funcionaron como se dunha esponxa se tratase na absorción de determinadas conviccións persoais. Na *cidade eterna* é tamén onde inicia a súa paixón bibliófila polos libros antigos, de feito comeza a mercalos axudado polo seu tío crego.

Finalmente é Licenciado en Dereito Canónico pola Universidade Gregoriana, e as súas publicacións, a súa comunicación á sociedade, dá os seus primeiros pasos paralelamente á presentación da súa Tese de Doutoramento en Dereito Canónico por esta mesma Universidade, publicada no ano 1965: «La perpetuidad subjetiva del beneficio eclesiástico» (Barreiro, 1965). Cualificada con «summa cum laude» e galardoada coa medalla de ouro da Universidade, semella un tema que amosa vontade de autocrítica, a pesar de estar nunha institución como a relixiosa tan xerárquica. Non semella que se agache das responsabilidades de defender unha tese con esta temática. O noso protagonista sempre tivo ese toque de rebeldía fronte ao mundo que lle rodeaba, non sei se precisamente porque o coñecía moito...

Nunca abandonou a súa relación con Santiago, e mesmo co Xelmírez. Unha constante da súa traxectoria vital é que por alí por onde pasa vai recollendo amizades para toda a vida. Un tal R. del Camino —quen segundo a compañeira de Barreiro, Beatriz López Morán, pode ser Casimiro Torres, un dos profesores do Instituto máis queridos por Pepe—, publicaba tras coñecer os avances do seu antigo alumno un dos seus comentarios no xornal compostelán *La Noche*. A cita é longa mais merece coñecer de primeira man como é este mozo Barreiro a volta de Roma:

«Gran alegría, pero también un poquito de pena, me causa recibir las “primicias de la investigación jurídica” de un antiguo discípulo mío, el Presbítero don José R. Barreiro Fernández, ayer mismo, como quien dice, alumno del pobre Instituto “Gelmirez”, y hoy ya sacerdote e investigador jurídico con residencia eventual en Roma.

La pena es por no poder meterme a juzgar una materia, seguramente correcta y, desde luego muy bien expuesta, de la que no entiendo ni papa. La alegría, bien legítima, es por ver cómo una de las mejores cabezas que han pasado por mi ruinosa aula, se apresura a lucir con fulgor propio en un campo científico.

Barreiro Fernández, presbítero, vocación tardía —relativamente—, antiguo bachiller laico o civil, me dice: “es esta —la jurídica— una ciencia que he aprendido tarde; pero la sinceridad en la búsqueda de la verdad, y el deseo de fidelidad a la misma los he aprendido, primeramente, en las aulas de nuestro viejo Instituto, en los viejos y nuevos pupitres del aula que está más cerca del cielo”².

Sinceridade, procura da verdade, desexo de fidelidade...

Precisamente polo novo rumbo que estaba a tomar a Igrexa católica no seu achegamento á sociedade tras o Concilio, tras retornar de Roma, envíanos ao seu primeiro destino eclesiástico a cubrir a praza de sacerdote na construción do embalse do Salto, en Portodemouros (Arzúa), construción que levaba adiante a empresa Moncabril. Dentro dos plans de explotación hidráulica, a construción de novos encoros supoñía o desprazamento de miles de traballadores procedentes de toda España. Para iso instalábanse en recintos de xeito provisional durante varios anos, desprazando a toda a familia con eles en moitos casos. Era evidente que os servizos que ofertaba a relixión católica eran unha parte máis da ditadura franquista que se tiña que cubrir como servizo «público». O contraste entre a vida en Roma e no Salto foi solventado de xeito positivo polo crego Pepe Barreiro, disposto a poñer en práctica esa vontade de contacto directo coa sociedade. Como correspondía a súa posición como crego tiña certa autoridade na colectividade, xa que dispoñía dunha casa para el só, e mesmo con xente o seu servizo. Barreiro xa amosaba o seu don de xentes neste primeiro traballo. O que máis recordaba daqueles anos era o seu trato cos rapaces, algún dos cales, mesmo pasados os anos, lembrábo con certa nostalxia. Pasar da investigación e do estudo, tarefa maioritariamente individual, á responsabilidade do traballo e de servizo cara unha comunidade foi importante, e non só porque estivera nel varios anos, senón porque comezaba a perfilarse na práctica ese papel de comunicador dende a base, de ler ben á comunidade, o auditorio ao que se dirixía.

² «Sobre un detalle de la doctrina canónica de Amor Ruibal», *La Noche*, 01-05-1965, 12.

Como en toda vida, hai varias fases na traxectoria académica dunha persoa. Unha primeira etapa neste senso podería ser ata principios dos anos setenta, encadrada entre o seu Doutoramento e o abandono dos hábitos. Esta é unha etapa —a do retorno de Roma— que se ve sacudida por notables oscilacións. Barreiro ten entre 30 e 35 anos, apuntado como unha das elites a reformar a Igrexa española tras o Concilio Vaticano II. E de feito, en canto chega de Roma xa se lle nomea vicedirector da Revista *Compostellanum*³. Novas xeracións que pretendían conectar coa sociedade dos derradeiros anos do franquismo —aínda que daquela non se sabía evidentemente cando remataría e para moitos semellaba «eterno»— que percibían unha comunidade que internamente mudara na súa percepción do mundo, pero que o réxime político non fora quen de axustarse nesa medida. Barreiro convértese en profesor do Seminario Maior aproximadamente durante tres anos. A materia que imparte, loxicamente é na que se acaba de doutorar en Roma: Dereito Canónico. Precisamente a difusión da nova revista *Compostellanum* forma parte destes cambios que se pretenden realizar, tentando facer unha revista moito máis aberta, pendente en maior medida respecto dos cambios sociais que se están a producir non só en España, senón no mundo. Barreiro era espectador privilexiado do que estaba a acontecer no exterior, tanto pola súa presenza fóra de España como pola súa actividade como crego no Salto en contacto directo cos traballadores da presa de Portodemouros. Coñecemento e conciencia social, un camiño de boa parte dos xoves da Igrexa católica daqueles anos. O director de *Compostellanum* Rey Martínez nomea a Barreiro como vicedirector xunto a Rafael Silva. A actividade de Barreiro na mesma será tomada con moita vontade e interese, e de feito, será moi importante para o seu futuro posterior coa aterraxe no ámbito académico compostelán e galego.

Outra cuestión que convén destacar deste novo crego Barreiro é que dende o principio participa nas actividades da Igrexa con compoñente nacionalista. Por exemplo, é o encargado de oficiar a misa en galego do 25 de xullo de 1968 organizado polo Padroado Rosalía de Castro⁴. Como proba da súa preocupación polo pasado de Galicia estas liñas súas nunha reseña dun libro da editorial Galaxia publicado xa en 1967 e que tentaba recuperar e dar a coñecer ao gran público a documentación da época medieval en galego:

«El que quiere conocer el alma de España, fraguada en la Edad Media, tiene que estudiar sus instituciones sociales, políticas, económicas y religiosas. El investigador de las instituciones gallegas tiene que recorrer un verdadero vía crucis para encontrar los documentos, si han sido publicados, porque se hallan en las revistas más diversas. De lo contrario, tiene que ir una vez más a los archivos. Si, de una vez y para siempre, se editasen los documentos en ediciones, lo más críticas posibles y asequibles a todo el

³ *El Pueblo Gallego*, 30-09-1969, 11.

⁴ *El Pueblo Gallego*, 24-07-1968, 1.

mundo, habría ganado la investigación una de las más elementales batallas. Otros países y regiones ya lo han logrado[...]

Por este motivo la iniciativa de la Fundación Penzol nos parece digna del mayor elogio [...]

Es una labor gigantesca, pero imprescindible. Sería el mejor servicio que se podría prestar a la causa científica gallega⁵.

Esa identificación estreita e íntima entre Galicia e o seu pobo. Posiblemente nestes anos de cambio da Igrexa no franquismo non existían moitas persoas formadas como Xosé Ramón Barreiro para recoñecer estas identidades. Un crego ben instruído intelectualmente pero procedente de ámbito rural, favorecido polas designacións da xerarquía, con notable don de xentes e moita, moita inquietude social. Véxase o extracto dunhas liñas que fai para o exemplar das «Vodas de Ouro da Coral Cantigas e Agarimos» en 1971, asinado como «Director do *Compostellanum*»:

«Deiquí que agora teñamos que refacer o verdadeiro rostro do noso pobo, eliminando todo aquilo que non pode ser asumido na nosa cultura e que foi imposto por un secular colonialismo. Pra esto temos que facer o camiño ó revés, río arriba, deica topar as fontes, as augas puras e incontamiñadas. Nesta laboura os galegos non podemos conceder monopolios nin escrusivas a ningún grupo intelectual, relixioso ou ideolóxico. Todos temos que arrimar o lombo: os filólogos, os antropólogos, os historiadores, os poetas que son quezáis os que mellor coñecen as esencias da alma popular, os filósofos, os músicos, os cregos, o pobo que traballa, canta e fala en galego»⁶.

Precisamente esta experiencia tan gratificante para el de comezar unha liña de expansión editorial, con marcada independencia, viuse interrompida en parte porque Rey Martínez sofre unha especie de apoplexía que o incapacita para levar a súa actividade normal na mesma, tendo que ser Barreiro quen saque adiante a revista. Rey Martínez será sempre o seu mestre máis admirado, nun entorno do Seminario compostelán enormemente propicio cara a súa figura⁷. De feito, boa parte dos seus compañeiros de promoción recordaron ao Profesor Barreiro sempre con especial agarimo, mantendo a relación con moitos deles de por vida.

⁵ Reseña de «Xesús Ferro Couselo, *A vida e a fala dos devanceiros (Escolma de documentos en galego dos séculos XIII ao XV)*, Vol. I e II, Vigo, 1967», *Compostellanum*, 01-06-1968, 181.

⁶ «Agradecemento a Cantigas e Agarimos», *Vodas de Ouro Cantigas e Agarimos*, 16.

⁷ Segundo a súa muller, Beatriz López Morán, Barreiro pensaba que os seus dous mellores profesores que tivera no Seminario foran precisamente Rey Martínez e Guerra Campos, este último antes de virar cara ao integrista nos anos setenta.

Un segundo apartado da súa vida, da súa traxectoria académica, é sen dúbida cando sae do sacerdocio. Un proceso ben complicado e difícil. Esquecemos o que significaba saír do sacerdocio durante o franquismo, nunha ditadura que facía do catolicismo esencia do seu réxime. Resulta un enorme corte na súa vida. Un punto e aparte. A súa saída é produto dunha longa reflexión persoal ben constatado cando menos entre os anos 1969 e 1971. Un absoluto convencemento persoal de que ese proceso de cambio que se pretende facer dentro da Igrexa non funcionou. De que o considera imposible e percibe que non sabe moi ben que fai aí.

Porque a súa actividade neste sentido foi moi intensa. Aínda que algúns artigos desta homenaxe incidirán máis de cheo neste perfil, Barreiro participa de xeito notable na «Asamblea de Obispos y Sacerdotes» de xullo de 1971 en Compostela. Asume un papel de liderado e de protagonismo neste camiño aprendido en Roma e no Salto. A súa actitude contraria ao que se está a facer na práctica desta pretendida «renovación» entre as xerarquías superiores da Igrexa é notoria: vai ser o defensor da primeira das ponencias coa temática das relacións entre o bispo e os cregos: o «Profesor del Seminario» *don José Barreiro Fernández llega a la conclusión de que existe un cierto divorcio entre el obispo y el clero, que responde no a un repudio de la autoridad, sino a ciertos modos de ejercerla. A nova rexistrada na prensa indicaba tamén que esta ponencia ha sido muy debatida[...] se acordó ir a su reelaboración*⁸.

A súa ponencia foi illada de xeito intencionado con certo tempo para o seu debate. De feito aprazouse nun día a votación da Asemblea sobre a mesma para ver se se aceptaba ou non como base do traballo. A intención de Barreiro era a seguinte:

«En esta ponencia del profesor Barreiro presenta dieciséis propuestas sobre la necesidad de un contacto más directo del clero con el obispo y que éste asuma la defensa de su clero cuando sea ofendido injustamente, así como prestar atención a las necesidades del pueblo gallego, en relación con su situación socioeconómica»⁹.

35 anos ten xa o noso protagonista, momento no que se replantexa o seu futuro e, con proveito para aqueles que amamos a Historia, decide adaptar de novo a súa vocación de comunicador, docente, ensinante dos papeis do pasado. A súa motivación para deixar un camiño tan prometedor dentro da carreira eclesiástica é a falta de convicción non tanto no proxecto da Igrexa, senón na súa práctica. O que vía non se correspondía co seu proxecto de futuro, e mesmo para o que fora formado. Atoparse ao lado dos mellores da igrexa compostelá de Quiroga Palacios daqueles anos era algo relevante a nivel do Estado. Observar nel a unha das figuras de futuro para acometer esa modernización tamén. De feito, Rouco Varela, nado no mesmo ano de Barreiro e que desenvolve

⁸ *El Pueblo Gallego*, 08-07-1971, 1.

⁹ *El Pueblo Gallego*, 06-07-1971, 1.

a súa carreira de xeito paralelo, aínda que o de Vilalba fai a súa tese de doutoramento en Múnic, vén a Santiago para estar baixo a súa dirección. Este é o nivel no que Barreiro se atopa nestes anos. Só un convencemento moi forte, unha crenza notable nas súas capacidades, pode permitirlle saírse desa carreira tras un convencemento tan forte e unha proxección tan notable.

Algunhas referencias escritas por el neses anos fálanos de que se convirte nunha persoa moi crítica coa Igrexa polo seu afastamento das demandas sociais. Por exemplo, na reseña do libro de José Alvilares *¿Proceso a la iglesia gallega?* que escribe na Revista *Grial* en 1969 visualiza esa disociación entre os seus dous maiores obxectivos: a Igrexa e Galicia:

«Na recomposición da vivencia relixiosa de Rosalía, que Alvilares fai con agarimo e delicadeza, apenas topamos ca presenza de Igrexa-Institución. Por eso dí con acerto Alvilares (p. 90) que a Igrexa non se manifesta na obra de Rosalía cunha determinada presenza, sinón como unha ausencia, como un vacío. Compre preguntarse si unha Igrexa, que non é capaz de achegarse a un dos espíritos máis sensibres do momento, é unha Igrexa que sabe estar no mundo como Sacramento de Salvación. Este vacío é xa unha acusación que ten que pesar moito no xuício que o lector emita neste proceso aberto, que é o libro de Alvilares».

E mesmo remata as súas conclusións expoñendo de xeito ben rotundo o seu rexeitamento a institución que formara parte da súa anterior vida:

«O libro é un proceso aberto. Pode parecer que sobran fiscales e faltan defensores. Non poucos dirán que non debemos xulgar ós mortos. Por o atento lector comprenderá que non se trata de condenar ós mortos sinón ós vivos. Trátase de condenar o espírito autoritario e fachendoso que acouba aínda en certas estruturas da Igrexa e que o Vaticano II non foi capaz de eliminar. Non é un proceso despiadado e coileitivo ó pasado, é un proceso a un presente —fillo daquel pasado— que sobrevive en privilexios, pactos e alianzas, que nos amosan unha Igrexa pouco atraente ós homes do século XX, que son ós que esta Igrexa se ten que ofrecer e servir»¹⁰.

En certa maneira, vindo dunha familia tan respectuosa co entorno católico semella case como un acto de «matar o pai». Escoller de xeito decidido o seu camiño na vida, cara o que realmente quere percorrer: Galicia e o seu pasado.

¹⁰ Reseña de Alvilares, J. (1969). *¿Proceso a la Iglesia Gallega?*, Ed. Marova, Madrid, 1969; en *Grial*, N° 27, xaneiro-marzo de 1970, do 1 de xuño de 1968, Ed. Galaxia, Vigo, 116-117.

Dar este salto equivale a deixar fóra boa parte da túa vida, e dunha pegada fonda. Queda ademais sen nada máis que as súas relacións e a súa formación. De profesor do Seminario Maior e líder desa renovación eclesiástica da Compostela de finais do sesenta, pasa a dar unhas primeiras clases na Escola Social para Graduados Sociais do Padre Gómez no mesmo Santiago, e matrículase tanto en Historia como en Dereito.

Observamos na perspectiva académica de formación en Barreiro unha pegada evidente das súas referencias familiares do seu avó materno eran importantes neste senso, xa que a súa primeira intención de buscar o Dereito como un elemento de supervivencia xogou moito neste recordo. Aquela primeira biblioteca do seu avó debía ser un elemento influente nas súas decisións. Pero é que tamén a súa elección de matricularse en Historia lle vén pola parte do seu pai, grande afeccionado á Historia, ata o punto de que foi o primeiro que sacou a luz o Castro de Baroña en 1929 e foi mesmo autor dunha obra sobre Porto do Son¹¹. E por riba de todo a capacidade de comunicación e a liña de docencia dunha avoa materna que non coñeceu. Toda esta formación inicial que lle vén do berce irá sendo acompañada polas relacións acadadas cos sectores intelectuais eclesiásticos cos que en boa parte seguiu mantendo. Será nomeado director do *Centro de Estudios Jacobeos* en 1970 —estivo nese cargo, como na dirección da Revista *Compostellanum* ata 1978—, e mesmo ao ano seguinte (1971) é nomeado tamén membro correspondente da Real Academia Galega.

Estas primeiras obras dun Barreiro, xa afastado dos hábitos entre a súa tese de licenciatura en Historia no ano 1974¹² (Barreiro, 1974), e o ano 1982 son os momentos nos que se observa o maior período de inquietude intelectual do Profesor Barreiro. Todo lle interesa. E dende distintos enfoques. Resulta importante reter os temas que Barreiro Fernández fai seus dende as súas primeiras obras no seu camiño de saída da entidade eclesiástica. Voltarán unha e outra vez no seu longo e fecundo percorrido de traballo académico. Agora se atopaba na mellor idade para entender o mundo con certa experiencia e ser capaz de comunicar sen présa. Foi nestes primeiros anos cando publica obras referenciais aínda hoxe, case medio século despois, entre outras cousas porque pouca xente máis se atreveu a abordar estes temas. As temáticas elixidas non é só unha cuestión de ciclos, senón tamén da procura de fontes máis ou menos dispersas. Na medida en

¹¹ Barreiro Barral, J. (1989). *Historia de Porto do Son y su distrito*, Deputación Provincial da Coruña. O seu pai ademais restaurou numerosas igrexas en Galicia e fora dela: Ares, Lubre, San Martín do Porto...

¹² Esta tese de licenciatura converterase xa de saída nun auténtico referente entre os seus contemporáneos. Segundo as testemuñas de colegas seus posteriormente na mesma carreira académica, se atopaba todo un Paraninfo da Universidade a rebentar para escoitar a lectura dunha tese de licenciatura, que finalmente acadaría o Premio Extraordinario dese ano co título de «La Ilustración en la Universidad de Santiago». Cando as teses de licenciatura eran teses de licenciatura: como mudan os tempos...

que estas sexan accesibles, a investigación centrase máis nelas. Nunca houbo un problema para o noso protagonista neste senso. Sempre hai un referente en Barreiro que o atopa nas orixes do Estado Liberal que lle daba boa parte da explicación do seu presente:

«En realidade é o espello. As traxedias, as miserias e os éxitos que hoxe temos veñen de atrás. É dicir, as clases sociais galegas fóronse formando no taller do XIX. E no seu comportamento, despois dese período tan longo de excepción que vivimos co franquismo, recupéranse as vellas teimas, os vellos caciquismos, as vellas presións, as mentes lúcidas e independentes, heterodoxas. Todo o mesmo. Noutro ambiente, noutra cápsula, naturalmente»¹³.

É ben certo que nas correntes da época esta búsqueda sobre o «fracaso» da burguesía española na consolidación do Estado Liberal é frecuente, e sirva citar os traballos de Nadal ou Carr. Mais Barreiro segue a preguntar nos arquivos o que lle interesa. O que considera que é máis importante. Dotar dunha identidade ao noso pasado. Obras como *El Carlismo Gallego* (Barreiro, 1976) ou *El levantamiento de 1846 y el nacimiento del galleguismo* (Barreiro, 1977) sentaban novas preguntas. Nesta nova xeración prodúcese un cambio na historiografía galega sobre o estudo da contemporaneidade que enfocaba cara a unha historia máis comprometida con seu medio. Outro exemplo: dende aquela onde estiveron os estudos sobre a dereita galega? Será por que non é relevante no noso decorrer como sociedade... Barreiro o único que facía era tentar respostar ás súas preguntas. Sacudía aquela rutina historiográfica dun xeito amable e tranquilo, sen moitas estridencias, manexando os tempos e equilibrando os relatos. Loxicamente era fillo da súa propia sociedade cando se preguntaba e escribía isto. Combinaba a súa actividade intelectual e social, consciente de que para conseguir algo debía moverse por camiños e rumbos distintos, co traballo tamén de editor, e foi impulsor da efémera editorial Pico Sacro. Editorial de corto percorrido, pero que dende logo posibilitou unha autonomía e independencia editorial que facilitou a chegada ao gran público de obras que marcaron novos camiños, converténdose en «best sellers» galegos disto tan pouco dado a converterse niso como as monografías de investigación histórica.

Tras aquel exitoso debut no Paraninfo compostelán en 1974 o Licenciado Barreiro —pero tamén como xa coñecemos Doutor pola Gregoriana de Roma— comeza a colocarse na docencia laica cunhas clases de Historia en Económicas no Colexio Universitario de Vigo. Pronto converteríase en Profesor Axudante de Clases Prácticas de Historia na Facultade de Xeografía e Historia da USC. Entra nun Departamento dirixido por Eiras Roel, que o elixe xunto a outros da súa promoción para continuar na Facultade. Simultanea estas clases —esta, a docencia, unha das actividades que máis o satisfacían persoalmente—, co mantemento da súa dirección de *Compostellanum* vencellada ao CSIC, na que promociona a varios dos seus futuros colegas, como por exemplo a primeira publicación do profesor Pose Antelo.

¹³ *Galegos* 12, Tomo IV/2010, 10.

E non quedaba aí. A inquietude e rebeldía persoal do noso protagonista co seu entorno non lle facilitaba aposentarse nun determinado «status». Barreiro xa reclamaba con vontade o seu rol na conformación do futuro de Galicia. Nunha mesa redonda sobre «Historia de Galicia hoxe» realizada nunha aula da Facultade de Ciencias Económicas ategada de xente, xunto a Alonso del Real, Xosé Manuel Beiras e Méndez Ferrín entre outros, manifestaba que a conformación dunha Cátedra de Historia de Galicia sen máis non resolvía nada, e insistía en que o panorama do futuro era descorazonador en relación co ensino: *O alumno non ten unha formación de historia de Galicia*¹⁴. Son anos en que tamén ten notables contactos cos sectores nacionalistas, especialmente no ámbito do ensino. De feito, manterse neses ámbitos o colocaría en posicións onde cerca estivo de sufrir algún tipo de proceso xudicial por esta postura de defensa da galeguización do ensino.

En 1977 consegue unha interinidade como adxunto nas materias de Historia Contemporánea Universal e de España na Facultade de Xeografía e Historia. Intégrase tamén como membro fundador do Seminario de Estudos Galegos na reconversión desta institución tras o franquismo.

E finalmente, en 1979, logra o seu segundo doutoramento, esta vez en Xeografía e Historia (Sección de Historia) na USC coa tese *El campesinado gallego en la Historia Contemporánea* coa avaliación final de «Summa cum Laude» (Barreiro, 1979). Ese mesmo ano é nomeado agregado contratado de Historia Contemporánea. Segue a realizar unha notable actividade de divulgación da Historia de Galicia, dentro e fóra da ASPG. A principios de 1979, xa como profesor da Universidade compostelán, Barreiro realiza cursos, especialmente programados para docentes de EXB e BUP, encargándose do apartado da Historia Contemporánea¹⁵. De feito, nunha primeira tentativa de xeración dunha obra referencial sobre a Historia de Galicia que será realizada dende o ámbito da ANPG, Barreiro encargaríase precisamente desta etapa contemporánea (Barreiro, 1979b). Nunha entrevista que lle fan en Lugo tras poñer punto final a un ciclo de «Historia de Galicia» organizado polo Colexio Universitario no Circulo das Artes, insistía na construción desta identidade:

«El objetivo de mi exposición... es intentar dar respuesta histórica a la razón evidente del atraso de Galicia en relación con otros países españoles y europeos [...]

[El galleguismo no cuajó] porque no fue capaz de atraerse un consenso popular suficiente, de llegar a ser un partido de masas. Su respuesta fue una respuesta débil. Careció de agilidad en sus planteamientos y fueron mediocres los programas de los partidos galleguistas».

¹⁴ «En Santiago. Más de mil personas en la mesa redonda sobre “Historia de Galicia Hoxe”, en la Facultad de Económicas. Se subrayó la necesidad de galeguizar la Universidad», *La Voz de Galicia*, 27-01-1976.

¹⁵ Os cursos eran de 25 horas e se realizaban en todas as cidades galegas. A súa matrícula facíase nunha librería de cada cidade. «Convocatoria de Cursos de Formación de Profesorado», *El Pueblo Gallego*, 02-05-1979.

Barreiro interpreta pero reparte culpabilidades:

«El campesinado [...] porque tuvo su objetivo en la emigración; la aristocracia y la hidalguía, porque no llevaron a cabo la necesaria reforma agraria; la burguesía, porque incapaz de realizar la revolución industrial; y el proletariado, por su falta de incidencia en ese período. Y hay una quinta cuestión: en lo que significó el Estado en intento autoridad superior en la política económica y social respecto a Galicia».

Porque:

«El historiador sólo puede testificar, no puede ser fiscal»¹⁶.

Participa tamén como membro fundador dese renacido *Seminario de Estudos Galegos*, tentando conectar a vella experiencia de entreguerras. Nesta refundación se atopaban presentes Filgueira Valverde ou Luis Tobío cos «relativamente» novos como Isaac Díaz Pardo, Fernández-Albalat, Fernández del Riego, Gil Merino, Ramón Piñeiro...¹⁷. A pesar de estar xa comezando o seu desenvolvemento nun ámbito máis académico, entrando nestes espazos institucionais da nova Galicia autonómica dun xeito ben decidido, non se esquece da esencia, do fundamento polo que está aí: a conexión coa sociedade galega. Nunha entrevista que lle realiza na Coruña Jesús Naya, pouco tempo despois do fracasado golpe militar do 23 de febreiro de 1981 —no que, por certo, a publicación das listas negras anos máis tarde evidenciou o seu sinalamento persoal como un elemento «perigoso» para determinados círculos ultras— indica o seguinte, máis sorprendente se cabe naquel contexto onde a distancia entre as institucións culturais e a sociedade era notable:

«Comenzó hablando de lo que para él es la cultura: no una acumulación de saberes, sino la capacidad de respuesta coherente y lógica de los problemas que se le plantean al hombre. “Se puede ser analfabeto —dijo— y sin embargo ser culto” [...]

Yo creo que la cultura no debe ser frenada por las instituciones, y sí debe ser incluida en ellas, porque los hombres pasan y las instituciones perduran»¹⁸.

¹⁶ «Xosé Ramón Barreiro, historiador: La responsabilidad del atraso de Galicia corresponde a todas las clases sociales y también al Estado», *La Voz de Galicia*, 05-02-1980.

¹⁷ «El renacido Seminario de Estudos Galegos se presenta hoy en Santiago», *La Voz de Galicia*, 24-10-1980.

¹⁸ «Profesor Barreiro Fernández: La fundación de la Real Academia en La Coruña no fue casualidad, pues era la ciudad más liberal de Galicia», *La Voz de Galicia*, 21-03-1981.

Barreiro abre dende eiquí unha nova etapa na que, xa consolidado como o historiador da Galicia contemporánea, tenta ofrecer, tras as súas respostas ás preguntas que lle fai ao pasado, as claves para consolidar o proceso democrático neste país. Tras a experiencia colectiva da ASPG, asumirá a realización persoal de manuais que conformaran unha moi relevante parte do relato identitario do noso país ata os nosos días. Como primeiro e máis relevante exemplo, a publicación do Tomo IV da *Historia de Galicia. Edade Contemporánea de Galicia* —por certo, que nunca tivo Tomos I, II e III, a pesar da estrutura inicial exposta na contralapa do texto— (Barreiro, 1982). Na presentación deste seu tomo na Feira do Libro da Coruña en agosto de 1981 manifestaba ese sempre presente obxectivo de divulgación e comunicación:

«Polo que a Édade Contemporánea respecta [...] o libro quere ser, sobre todo, clarificador. Tento facer unha Historia de Galicia e non unha Historia de España en Galicia [...]

Pretendo integrar o fenómeno histórico en toda a súa complexidade. Coido que, por vez primeira, aspectos como a cultura, entendendo por ela ensino, prensa e presión social da Igrexa, entre outras manifestacións, son integradas neste proceso que non é soio político nin tampouco exclusivamente económico¹⁹. Outro dos obxectivos a demostrar que en Galicia xa se pode facer unha historia suficientemente completa que supere os meros proxectos que até agora se viñeron facendo, incluídos os meus [...]

Procurei fotos do pobo anónimo nas que se reflexan traballos e ocupación diversas»²⁰.

A visualización da súa interpretación facilita sen dúbida a comunicación cos seus lectores. Ante a demanda sobre as orixes da nosa identidade, os lectores atopan o que lles presenta de xeito tan aberto. Nunha crítica que Xosé Luis Barreiro lle fai á obra en marzo de 1982 insiste nesta «interiorización» de Barreiro do seu obxecto de estudo:

«Froito desta vinculación é o seu compromiso histórico con Galicia, a cal ten que recupera-la súa conciencia histórica como pobo totalmente diferenciado doutros pobos. Froito tamén deste vínculo é a “ferventía” e paixón con que escribe esta historia, porque

¹⁹ Esta alusión ás presións sociais da Igrexa sobre a sociedade galega converterase tamén nunha constante nos seus temas de estudo, daqueles que recomendaba aos seus doutorandos ou alumnos. Nun artigo publicado sobre o percorrido histórico das eleccións en Galicia, insería esta apreciación respecto da modernización do discurso político: *En realidade o mitin como instrumento electoral é introducido en Galicia polos republicanos, si exceptuamos os sermóns dominicais*, «As campañas electorais na historia galega», *La Voz de Galicia*, 19-11-1985.

²⁰ «Barreiro Fernández: Galicia ten un ritmo histórico que non sempre coincide co de España», *La Voz de Galicia*, 05-08-1981.

a sente como cousa propia, porque vai pegada a el “como a pel ó ser da persoa”. Por iso, quere facer non unha Historia de España en Galicia, senón unha Historia de Galicia, e dende Galicia[...] Por iso, amósase á vez como autor e coautor dos destinos do pobo historiado, xa que vive a historia que escribe dende dentro. Todo esto supón, certamente, unha dose de subxetividade e, cecais, de parcialidade. Pero tamén hai que dicir que a neutralidade é un mito; que a obxetividade histórica redúcese (en términos kantianos) a un “ideal regulativo”»²¹.

Pero non só o cuarto tomo da editorial Galaxia, senón que tamén hai que citar neste período os tomos da *Historia Política. Siglos XIX-XX* da Editorial Gamma (Barreiro, 1982-1984). Tanto unha obra como outra marcan a aprendizaxe de numerosas xeracións neste país, por suposto a través das aulas composteláns, pero tamén coa súa presenza en numerosos actos e conferencias por toda Galicia. Este é o relato tradicional da identidade de Galicia. A Historia de Galicia de Barreiro é certo que está explicada máis en clave política que en clave económica ou social, como outras que se fixeron de xeito paralelo e posterior. Pero foron as primeiras e marcaban sen dúbida o rumbo, sempre cos matices e variacións que dota o paso do tempo, pero o seu compromiso valente por apostar por unha vía foi determinante para unha das súas principais teimas: consolidar os estudos de Historia de Galicia na Universidade galega.

Tamén desta época, xusto na súa etapa de maior madurez historiográfica, antes de cumprir os 50 anos, é a publicación, por Edicións Xerais, de *Liberales y absolutistas en Galicia* (Barreiro, 1982b), obra que continuaba a liña innovadora da fase anterior, e referencia sempre do século XIX, que marcaría camiños de novas investigacións.

Comeza a recibir numerosos galardóns e premios. Acada precisamente neste ano 1982 desas tres obras de referencia indicadas anteriormente o Premio da Crítica de Galicia na área de investigación, especialmente polo Tomo IV da publicación de Galaxia. Esa mestura de divulgación e erudición, de rigor ben comunicado, era algo novidoso no entorno daquela sociedade que saía do franquismo e demandaba de xeito rápido un coñecemento pausado e reflexivo que apuntara cara a construción dun futuro sen medo e con esperanza. Sen perder a autocrítica como comunidade. Dende unha independencia de criterio que tiña os seus costes. No seu discurso na cea do entrega deste Premio da Crítica, o día 16 de maio de 1982, o deixaba claro de xeito ben rotundo:

«Considero el premio como un reconocimiento “á miña fidelidade a escribir únicamente a historia da miña terra, a historia da nosa terra”, y públicamente se comprometió “a non escribir máis que sobre a nosa terra, para que algún día seña nosa”»²².

²¹ «Un home, unha historia, un pobo», *Ágora*, nº 2, 16-02-1983, 193-194.

²² «Normalización lingüística y cultura popular, protagonistas de los Premios de la Crítica», *La Voz de Galicia*, 18-05-1982.

Barreiro é Barreiro. Non elude ningún debate, procurando sempre unha resposta aos por que, as innumerables preguntas que lle fai o pasado de Galicia. Aínda os máis complexos e complicados. En anos onde o perigo de golpismo militar era unha auténtica realidade e unha ameaza ás novas institución democráticas, e onde a unidade da sociedade respecto do mantemento de democracia foi o principal elemento cohesionador que permitía unha vacina ante estas tentativas, Barreiro decantábase cara a construción destes referentes colectivos cohesionadores. Sen medo a abordar todos os tempos do noso pasado, mesmo os máis recentes, os que perduraban con maior trauma na memoria colectiva, entre outras cuestións motivado pola extraordinaria e anacrónica duración da ditadura española ata os anos setenta. Como exemplo, a súa interpretación nestes anos sobre a Segunda República, unha peza clave da análise sobre os presente e o futuro político nos primeiros anos oitenta:

«Se ha culpado a los partidos políticos de la caída de la República por el hecho de ser numerosos y no ponerse de acuerdo en puntos básicos, pero esto es injusto ya que en realidad estos son la representación de los intereses económicos y sociales del país. La pluralidad de partidos no significa más que la fragmentación de la sociedad española del momento».

Ante a pregunta sobre se foi un fracaso a Segunda República:

«Para muchas personas sí, desde el momento en que no fue capaz de defenderse a sí misma, pues todo régimen político que no se defiende no cumple los objetivos fundamentales del mismo[...] Yo, personalmente, creo que existían amplios sectores de la población que no estaban de acuerdo con el sistema político bien porque les parecía conservador, bien porque lo consideraban excesivamente radical y avanzado»²³.

E mesmo interrogábase sobre o tema dos temas, o da guerra civil e a sublevación militar do 36. *La Voz de Galicia* ofrécelle cancha ampla para comentar a obra de Carlos Fernández publicada por Edicións do Castro en 1983, *El alzamiento de 1936 en Galicia. Datos para una historia de la Guerra Civil*. Esta era a primeira obra que se achegaba en Galicia a esta temática dende as preguntas do historiador. Con esta obra de gran traballo previo ante o panorama que existía sobre este obxecto de estudo —case medio século despois—, comezaba a sacudirse o trauma. É ben certo que isto último producíase de xeito moi feble comparado co que se estaba a realizar xa noutras comunidades, pero Barreiro, neste comentario, ademais de salientar na obra tres grandes aspectos —«Su

²³ «Profesor Barreiro: La población no apoyaba la política republicana», *La Voz de Galicia*, 08-07-1982.

verosimilitud, su pretensión de objetividad histórica y su mesura»— fai mesmo un exercicio de autorreflexión sobre a elección dos temas dos historiadores. Para el representa un auténtico reto «desnudar ao historiador», descubrirse ante o publico dun xeito franco da nosa intencionalidade ou pasividade sobre a elección de determinados temas, e o perigo que supón non ser quen de asumir algúns períodos ou enfoques porque sexan máis complicados. Coloco unha cita longa sobre isto porque no fondo é unha das expresións máis directas do plantexamento persoal ante a súa profesión de Xosé Ramón Barreiro:

«Cuantos nos dedicamos al estudio de la historia contemporánea de Galicia, conocemos los escollos bibliográficos que teníamos que sortear para ofrecer, en los últimos manuales que hicimos, una síntesis mínimamente correcta de la última guerra civil en Galicia. Inevitablemente teníamos que pasar de las monografías hechas a nivel de Estado (casi siempre desinformadas en todo lo referente a Galicia) a las obras de Joaquín Arrarás, Luis Moure Mariño o Manuel Silva Ferreiro para encontrar, tras su nauseabunda prosa política, alguna sustancia histórica que nos permitiera recomponer aquel período [...]

Hemos tenido que ilustrarnos en otros autores para explicar de alguna forma lo que fue la Guerra Civil, acontecimiento que nuestro pueblo, por una especie de subconsciente colectivo, quiere borrar de su memoria, pero que había sucedido y había generado una dinámica histórica sobre la que el investigador no puede pasar la esponja [...]

Hemos procurado no incluir este tema de la guerra civil para evitar interferencias, ya que conocíamos por Ramón Piñeiro que Carlos Fernández estaba haciendo una investigación rigurosa. Esta y no otra fue la razón de que las personas (siempre jóvenes investigadores) que procuraron mi consejo, opinión o ayuda sobre la selección de temas de investigación procuraran eludir el tema [...]

A partir de aquí se impone la tarea de profundizar con criterios históricos, los únicos ya válidos, en aquel proceso vertiginoso. El historiador no cree en las locuras colectivas, por esto tiene que buscar las causas profundas que generaron un conflicto tan cruento. Es decir, hay que racionalizar el proceso histórico, que es algo así como racionalizar la barbarie. Para esto se impone trascender del dato singular hasta llegar al grupo o clase social en donde se detectarán las actitudes, consignas, planteamientos. Es preciso correlacionar los datos con el contexto económico, pero también con la atmósfera densa creada por ideologías sombrías²⁴.

Falabamos nas páxinas anteriores que estes anos son os da súa consolidación como referente do pasado de Galicia. Ten agora entre corenta e cincuenta anos de idade, a fase de maior creatividade

²⁴ «Un libro y una investigación. El alzamiento de 1936 en Galicia», *La Voz de Galicia*, 16-02-1983.

e impulso para un historiador. Unha vida académica por diante, como tamén a estabilidade persoal que lle supón casar con Beatriz López Morán en 1984, que se realiza na Colexiata do Sar e celebrando a cerimonia Andrés Torres Queiruga. Nese mesmo ano de 1984 acada a condición de Profesor Titular de Historia Contemporánea, o ano seguinte é elixido Decano, e en 1987 Catedrático de Historia Contemporánea de Galicia, á vez que Director do Departamento de Historia II (que daquela comprendía as áreas de Medieval, Moderna e Contemporánea). Tamén en 1987 recibe o galardón do Premio de Televisión Nacional de Galicia polas súas investigacións sobre a Historia de Galicia.

Son anos de grande intervención institucional dende o ámbito académico, pero ben relevante será polo seu significado dentro deste círculo a súa elección como Decano da Facultade de Xeografía e Historia en 1985. O primeiro Decano elixido de xeito democrático. Barreiro toma posesión do seu cargo o 27 de febreiro de 1985. No seu discurso de toma de posesión, está o Barreiro máis activo, máis rotundo, máis implicado coa defensa do rol que debe xogar a Historia no presente e no futuro:

«Sinto sobre min a responsabilidade desta acumulación de centos de anos, porque estou convencido que se poden improvisar moitas cousas, pero a tradición e a historia non se poden improvisar...

Porque sabemos que hai grupos privilegiados, que dificilmente van a renunciar aos seus privilexios... e porque temos un estudantado que afortunadamente exige a súa cota de responsabilidade no control da Universidade. Esto non se pode facer sen dificultades. Permitíndeme unha expresión: non se pode facer unha tortilla sen romper os ovos...

Pensamos que hai que abrir as ventanas para que a liberdade entre na nosa Facultade... E se a Universidade non pode repartir mais que a pobreza, nós non queremos cometer a inxusticia de monopolizar esa pobreza»²⁵.

Proba deste papel comprometido que Barreiro xoga como cabeza visible dunha Facultade de seu ben combativa, sirva de mostra a súa participación do programa de TVE «La Clave» do 18 de outubro de 1985. O programa de José Luis Balbín emitido en «prime time» dos venres pola noite, xeraba sempre unha ampla expectación diante dunha televisión de só dous canais. A protesta dos sectores nacionalistas ante a ausencia dun convite para Xosé Manuel Beiras ao debate provocou mesmo o cambio de local e o retraso do seu inicio. As expectativas sobre o que se ía dicir no programa foi maior se cabe ante este conflito, con millóns de persoas de audiencia española en directo. Tras unha primeira crítica de Balbín á actitude dos manifestantes que impediron coa súa presenza o normal funcionamento do programa, Barreiro quixo tamén aquí deixar a súa

²⁵ «Xosé Ramón Barreiro denunció, en su toma de posesión como decano de Geografía e Historia, la marginación del centro», *La Voz de Galicia*, 27-02-1985.

posición naquel conflito, con exquisita diplomacia e sen enfrontarse directamente co director do programa:

«Galicia responde violentamente cuando se siente acosada. Estos incidentes de hoy no me cogen de sorpresa. El BNG, que tiene tres parlamentarios, ha sido marginado cuando debería estar aquí. Yo habría cedido gustoso mi sitio, porque entiendo que su opinión sería cualitativamente importante en este programa»²⁶.

Neste espazo, todos os representantes políticos estiveron de acordo na tarefa de «modernizar Galicia». Ante esta alusión Barreiro matizou que «si esa voluntad de consenso demostrada ante las cámaras de televisión no quedase solo en palabras, Galicia podría cambiar». A denuncia, fronte á utilización dos recursos públicos pola Xunta de Galicia gobernada por Fernández Albor, non puido ser máis rotunda:

«El sistema caciquil perfectamente montado en el siglo XIX subsiste aún y ahora mismo en Galicia hay dos posturas, la de los partidos que tienen programa y la de un partido que sigue funcionando en base a esquemas clientelistas»²⁷.

De feito, nestes anos, Barreiro comeza a querer xogar un papel político relevante. Cada vez máis decantado cara ao ámbito do nacionalismo moderado, participa en todas aquelas sociedades que pretendan levar adiante unha reconstrución do moderantismo dende o galeguismo, sobre todo vendo o declive paulatino das opcións de dereita propiciadas dende Madrid, e o proceso de caída do liderado de Fernández Albor no Goberno da Xunta. Barreiro procura eses relevos dende opcións conservadoras pero netamente galeguistas. De feito participa dende ese compromiso persoal en numerosas asociacións neste senso, tendo un papel central na creación do grupo «Alén Nós». Este grupo de pensamento e opinión nace precisamente o 20 de novembro de 1986 cunha conferencia súa, na que expón as súas dúbidas sobre a vixencia do nacionalismo para o cambio de milenio²⁸.

Tras deixar o Decanato, en 1987 é elixido Director do Departamento de Historia II. Este, o Departamento, o consideraba tamén gran parte da súa obra. Un esforzo colectivo que se pode definir a través das súas propias verbas ditas tempo despois:

«Teño a fortuna de pertencer a un Departamento no que, desde sempre, fomos capaces de conciliar as lexitimas expectativas de cada un cunha convivencia afectuosa [...]

²⁶ *La Voz de Galicia*, 19-10-1985.

²⁷ Ídem.

²⁸ «Alén Nós quiere tomar el relevo», *La Vanguardia*, 22-11-1987.

Non me lembro, e son testemuño privilexiado porque formo parte del desde a súa fundación, que houbera un conflito que non puidera ser resolto no ámbito da nosa propia convivencia»²⁹.

Tras o seu paso breve polo Decanato, foi nas listas do equipo de Ramón Villares para o Reitorado no verán de 1990. Tras gañar as eleccións, será designado Vicerreitor de Política Cultural, onde estará no cargo do 17 de xullo de 1990 ao 30 de xullo de 1991.

Curiosamente, tanto nun cargo como noutro, a pesar de ser unha persoa totalmente referencial e conseguidora dos maiores consensos no beneficio das institucións, non dura moito tempo nestes cargos. Neste caso concreto do Vicerreitorado foi pactado de xeito previo a súa estada na equipa só durante un ano no suposto de saír elixido. Tanto na súa posición reitora da Facultade de Xeografía e Historia como no tempo que estivo no equipo «nacionalista» da USC só estivo meses, sen chegar nunca a un ano no posto. Se ben no segundo foi unha condición requirida para estar na candidatura, no primeiro saíu do cargo aproveitando a reforma da regulamentación da USC que obrigaba a dimisión de todos os postos directivos da USC. A verdade é que a súa xustificación de abandonar o seu posto non foi moi clara no seu momento, pero tampouco insistiu moito nel posteriormente. Resulta ben curioso constatar como boa parte da pegada en alumnos e colegas de Xosé Ramón Barreiro nesa Facultade á que tanto tempo dedicou, reside nesa etapa durante a titularidade do Decanato. Sempre é un referente. Pero sorprende tal eco posterior dunha etapa reducida no tempo. A verdade é que aquela foi unha etapa chea de incertezas na que se producían cambios que tiñan que ser asumidos, cunha notable presión estudiantil. A Universidade reformouse, e Barreiro conectaba de xeito excelente entre eses dous mundos.

En paralelo é moi importante na súa traxectoria biográfica, pero tamén na académica, o seu traslado de residencia á cidade da Coruña, tras casar naquel 1984. O nacemento do seu fillo en 1990 e a consolidación da súa residencia nun lugar fixo, sen os camiños percorridos na primeira metade da súa vida, interpreto que lle dan compoñentes distintas á súa produción historiográfica. A súa vontade de escribir unha historia local, a *Historia de la ciudad de La Coruña* (Barreiro, 1986) —dedicada dende logo non xeito casual aos seus sogros— é algo que lle permite marcar outra vez un antes e un despois nesa súa vida.

Esta biografía, tan chea de retos persoais, plena de relación internas entre o seu traballo e o seu propio pasado, estaban ben vencelladas a Compostela e a súa Universidade. E agora vaíse a outra cidade. Pero tamén comezan os grandes encargos da Editorial Hércules sobre a *Historia Contemporánea de Galicia* (Barreiro, 1991), ou os proxectos e realidades da *Historia da Imprenta*

²⁹ Barreiro Fernández, X.R.; (2001), «Laudatio in memoriam Xosé Manuel Pose Antelo», *Entre Nós. Estudios de Arte, Xeografía e Historia en Homenaxe ó Profesor Xosé Manuel Pose Antelo*, Publicacións da Universidade de Santiago de Compostela, 21.

en Galicia (Barreiro, 1992). É unha etapa marcada pola madurez, onde consolida a súa posición como referente dende unha perspectiva máis institucional, apoiando tamén os primeiros pasos na Escola Galega da Administración Pública (Barreiro, 1993/1994/1997). Son os anos onde un primeiro desenvolvemento dos cadros técnicos que fornecen a Xunta de Galicia demandan as orixes da comunidade, precisamente para dotar de especificidade e consolidar o propio camiño. Barreiro colabora de xeito notable na formación interna do funcionariado galego, integrando perfectamente calidades ben apreciadas hoxe en día como é a capacidade de transferencia, de retorno cara á sociedade do seu coñecemento e erudición.

Precisamente unha das obras que maior transcendencia tivo no seu momento e que consideraba máis propias foi esa *Historia da Universidade de Santiago de Compostela* (Barreiro, 1998 e 2002). Unha Historia iniciada nos tempos do Reitorado de Ramón Villares, e que só chegou ata o século XIX debido á falta de vontade institucional nos anos seguintes por rematala. Converterase nunha das súas obras quizás máis descoñecidas pero máis apreciadas no seo do ámbito académico. O mesmo Barreiro nunha entrevista deixou mostra da súa insatisfacción co final do proceso:

«Un proxecto que quedou por concluír e non por culpa miña. A Universidade de Santiago a veces é como unha madrasta. A min encargoume Villares este traballo cando deixei o vicerreitorado e púxome dous auxiliares. A min non se me pagou un peso e, aínda despois, vinme negro para reclamar os dereitos de autor. O equipo reitoral que sucedeu ao de Villares retiroume os bolsellos. E con dous tomos que abranguen dende os inicios ata o século XX din por finalizado o encargo. Logo o reitor Senén Barro faloume de concluír a obra e eu díxenlle que non continuaba porque xa perdera a ilusión»³⁰.

Ademais esta etapa continua plagada de galardóns: Medalla Castelao en 1991, nomeado Académico correspondente da Real Academia de la Historia en 1993, Insigna de Ouro da Universidade de Santiago de Compostela...

E chega o inicio do século XXI. Así o ve. Non como o remate do XX, senón como o inicio dun novo futuro. De novos retos. Barreiro dedicouse a recoller o traballo de décadas enfocándoo cara a equipos de traballo formados e que focalizaban a súa produción en obras de claro contido de retorno á sociedade: unha primeira visión de *Manuel Murguía. Vida e obra* coa colaboración de Xosé Luís Axeitos (Barreiro, 2000), o *Catálogo da colección histórica de xornais do Museo de La Voz*

³⁰ De feito, nalgunha entrevista indicou que a súa saúde se resentiu con este esforzo: «Hai anos, despois de traballar sete horas no arquivo da Universidade, as cervicais provocábanme mareos. Para que non se me fose, apoiaba a cabeza no cóbado coa tranquilidade que me daba pensar que se me pasaba algo, que me pillaría facendo o que me gustara facer, traballando». As dúas citas en *Galegos* 12, Tomo IV/2010, 10.

de Galicia (Barreiro, 2001b), a enorme recompilación de biografías de deputados e senadores dos *Parlamentarios de Galicia* (Barreiro, 2001).

Pero sobre todo debe salientarse a magna obra dos cinco volumes do Tomo XI da *Gran Historia de Galicia* de *La Voz de Galicia* (Barreiro, 2007). Unha obra que representa a conexión cos seus inicios, da súa vontade de explicar un país y unhas xentes dende a Historia Política. Esa tentativa de conectar co seu entorno social impregnándoo dunha explicación fonda e moi comunicativa na necesidade de ter estes referentes. Explicar como «somos o que somos», e que vimos de onde vimos. Esa necesidade do pasado para explicar o presente. Sempre para melloralo.

Non é casual tampouco que nesta etapa Barreiro estivera nun dos postos máis altos de recoñecemento de toda a cultura galega. Continuaba a súa presenza como correspondente dende 1971, coa elección en 1997 como membro, desta vez xa numerario, da Real Academia Galega cun discurso sobre *O liberalismo coruñés: a segunda xeración (1823-1846)* (Barreiro, 1997b). Tras o mandato de catro anos de Fernández del Riego —quen integrou a Barreiro na súa directiva con Tesoureiro en 1997—, en 2001 foi elixido Presidente da Real Academia Galega. O xeito de actuar de Barreiro está ben claro: aparece unha clara vontade de intervir nela, actividade que mantivo durante os seus oito anos como Presidente. Tamén eiquí xogou ese triplo papel de referencia intelectual, home de consensos e acordos, e procura de obxectivos de cambio e adaptación á realidade presente. A RAG vivía, antes da Presidencia de Fernández del Riego, unha etapa de enorme languidez e falta de empuxe. Dende a chegada de Barreiro Fernández á directiva non faltaron folgos e vontade nese sentido. A verdade é que en todas as facetas da longa e frutífera produción do noso protagonista non se pode dicir que non soubese onde ir: tiña moi claro o que tiña que facer, tiña nítidas as referencias e mesmo é moi clara a súa vontade de arriscar ata onde fose en prexuízo mesmo da súa propia imaxe persoal. Semellaba unha persoa soa fronte ás inercias de anos de pasividade da institución, mais nunca estivo solo, porque tiña, e diso creo que era consciente, un enorme caudal de apoio acadado das máis diversas procedencias. Non visible, pero real. Ademais da súa capacidade de negociación, iso lle permitía xerar grandes acordos e consensos, activando esas pancas no momento estritamente necesario. Todo iso apoiado nun equipo ben comprometido e unido nos seus propósitos. Tamén era lóxico que a actividade plena e honesta dun historiador levaba de seu tamén as posibilidades de non agradar a todo o mundo³¹.

³¹ Por exemplo, a súa interpretación do cóengo López Ferreiro levantou certas opinións dispares: «É un personaxe curioso, interesante. Era un traballador nato. O eclesiástico máis grande que como historiador houbo en Galicia. Pero o que pasa é que construe unha historia ideolóxica. É dicir, a súa historia non é saber o dato, senón que o dato corrobora unha imaxe preconcebida que el ten. Iso ocorrúseme escribilo e recibín moitas cartas de cregos insultándome [...]. As súas páxinas sobre o trienio liberal de 1820-23 están cheas de veneno, de ataques persoais. Un gran historiador con esas limitacións», *Galegos* 12, Tomo IV/2010, 12.

Hai un antes y un despois na Real Academia Galega. A RAG foi outra totalmente distinta tras a chegada de Barreiro. Modernizouna, abriuna á sociedade, saneouna internamente, fomentou e afondou en novas liñas de investigación espremendo todas as posibilidades de irradiación da Academia mesmo no desenvolvemento da Casa Museo e das actividades ao redor de Emilia Pardo Bazán... Adecentou o presente da RAG cunha perspectiva a medio e longo prazo, tendo en conta a absoluta necesidade de que esa sociedade á que se dirixía precisaba dun acondicionamento dos seus elementos reitores no plano cultural. Para Barreiro Galicia era a súa cultura. O seu pensamento. O seu xeito de estar no mundo. A súa percepción de onde se atopaban. Dende aí era preciso construír camiños a longo prazo, obxectivos de proxección que permitían unificar as disparidades e enfocar cara a un único punto de fuga onde houbera a maior cantidade de acordo. Como o bo adestrador que afasta a súa equipa do foco de atención para que non se distraian do que teñan que estar... Barreiro fixo iso neste e noutras actividades de equipa porque sabía como dirixilos, sabedor de que o líder debe recibir gabanzas, pero tamén asumir os ataques en beneficio do colectivo.

Estes anos virán acompañados de notables recoñecementos da súa actividade persoal e científica: membro da Comisión de Bibliotecas de Galicia en 1997, membro da Comisión para a futura Cidade da Cultura en 1999, membro do Consello de «Hércules de Ediciones» no 2000, membro numerario do Instituto José Cornide de Estudios Coruñeses en 2003... De feito, houbo mesmo postos máis altos que lle foron ofrecidos pero foron rexeitados por cuestións claramente persoais, por non converxencia con determinados proxectos institucionais. Non entendía como participar en algo no que non cría. Ante a pregunta feita polo emprendedor cultural Fandiño sobre a segregación do mapa universitario galego, resposta cunha aclaración máis:

«Eu defendía unha soa universidade ben dotada. Daquela tiña eu máis libros cá Universidade da Coruña. E ese foi un dos motivos polos que non aceptei ser Conselleiro de Educación. Esas tres universidades hoxe é impensable que non existan, pero a segregación foi prematura e foi levada a cabo por razóns estritamente políticas e económicas»³².

Unha última fase é a do seu retiro. Confeso que non sei se coñecía esa palabra xa que seguiu producindo ata os seus últimos días. Seguía indo a dar charlas, porque a comunicación era a súa vida. Seguía a interesarse polos seus libros³³. Pola produción de monografías e artigos. Por reseñas

³² *Galegos* 12, Tomo IV/2010, 10.

³³ Semella que para Barreiro o contacto cos libros, coas bibliotecas, coas librerías, era en grande parte a súa vida. O tacto sobre o papel impreso ou sobre un lomo dun incunable: «Os libros antigos están condenados a musealización, que é a forma de separalos da vida. Eu aposto pola modernidade, os libros teñen que ter unha función social... pero que non me neguen o pracer que sinto ao pasar as mans polas follas rugosas dun incunable de 1482 que acabo de comprar. Morrerei con ese pracer, sabendo que o destino quere que as cousas vaian por outro lado. Hai que morrer sen nostalgia, eu xa disfrutei», *Galegos* 12, Tomo IV/2010, 16.

das novidades. Non deixou de asistir, máis que por forza maior, a reunións de todos os grupos nas institucións nas que estaba. Foi ata o final da súa vida, unha persoa de enorme erudición pero tamén con gran forza, especialmente nas súas conviccións³⁴.

Nos seus derradeiros anos quixo retomar aquilo que lle podía quedar pendente: adaptación á realidade dos seus primeiros amores de historiador —reedición do *El Carlismo Gallego* (Barreiro, 2008) ou unha *Historia Social da Guerra da Independencia en Galicia* (Barreiro, 2009)—, xunto a traballos sobre o debate da Segunda República nun ámbito local como A Coruña (Barreiro, 2013), a súa especial predilección polos heterodoxos ao longo da historia (Barreiro, 2019)³⁵. Na maioría son traballos comúns coa súa compañeira de vida Beatriz —*Los maragatos en A Coruña (1870-1940)* (Barreiro, 2018) ou *Maruja Mallo. Una memoria en construcción* (Barreiro, 2016)—. Pero sobre todo hai que salientar a magna biografía sobre Manuel Murguía (Barreiro, 2012). Esta obra, de longa construción, de demorada reflexión, sobre unha das figuras, quizás para el, a persoa que modelou en maior medida a construción cultural de Galicia e que marcou as liñas identitarias da percepción de ser galego. Historiador de referencia como el. Non semella casual que unha das súas derradeiras obras versara sobre esta figura. Algo así como o peche dunha traxectoria académica, pero tamén un peche no camiño da vida. Nación e Historia xúntanse nesta figura tan querida e estudada por el:

«El pensaba que un poeta podía levantar un pobo, como pasou en Hungría e en Polonia. Por iso quería que en Galicia a clase dirixente fose culta e que fose consciente da forza que ten un pobo. Ao falar galego, o pobo está marcando unha liña que os intelectuais teñen que encher de contados político e culturais. Murguía, mais tarde, liderou o Partido Regionalista ata que se deu de conta de que o modelo das minorías intelectuais non valía, que o pobo non pode ser levantado polos intelectuais. Na última etapa da súa vida, que para min é a etapa mais importante de Murguía, xa aposta

³⁴ Por exemplo: «Castelao é o exemplo vivo da identidade [...]. E alégrome moito de que Castelao siga vivo. O que pasa é que de Castelao se incautaron os que non debían. A Castelao cítano os do PP e os outros tamén e iso é unha malversación tremenda. E os propios nacionalistas porque, que terá que ver Castelao cunha concepción marxista do nacionalismo? Que terá que ver o proxecto político de Castelao co decálogo fundacional da UPG? Castelao é unha especie de “res nullius” e todos se apropian del», *Galegos* 12, Tomo IV/2010, 12-13.

³⁵ «E logo os que teñen algo que a min tanto me seduce, que son os heterodoxos, que os que están fóra do tempo, que son incómodos sociais. Apostan por non se sabe moi ben que, pero saben que o presente os molesta, os oprime e por iso apostan polo futuro. Unha utopía. Eses para min teñen un valor especial», *Galegos* 12, Tomo IV/2010, 13.

claramente pola revolución popular. Ten que ser o pobo, o campesiñado e o home domar, que é o mais espoliado, quen faga a revolución»³⁶.

Moi crítico coa realidade do presente, sempre inquieto, sempre incómodo ante o poder:

«Eu distinguiría entre unhas institucións e outras. Eu creo que hai que deixar as institucións consolidadas e preguntarse se esta loucura de fundacións ten sentido porque están proliferando fundacións por todas partes. O que hai que facer é a casa das fundacións, todas dentro dun gran contedor[...] Queiramos ou non, para moitas cousas vivimos aínda con mentalidade castrexa e mentres non sexamos capaces de abandonar o castro e o minifundio, así nos irá»³⁷.

Esa Galicia sempre buscada, ese ideal que está por riba da persoa. O deber:

«Se valorase o que perdín por servir ao meu país, posiblemente a balanza estivese equilibrada, pero iso é o de menos. Eu cumprín, sigo cumprindo e cumprirei ata o último alento. Se iso significou renunciar a outras cousas, non me importa, ao contrario. Vivín e vivo para Galicia e cando me vaia deste mundo, no meu fardel non levarei máis que o pouco ou moito que traballei por Galicia e a satisfacción persoal de telo feito»³⁸.

Por último, creo que non debo rematar este artigo sen aportar algo máis, precisamente polo cometido especial desta obra. Todas as páxinas anteriores perfilan o enorme traballo dunha vida dedicada á investigación, a unha paixón polo pasado deste país como xeito de intervir no presente. Pero Xosé Ramón Barreiro non era só iso. Precisamente o que o facía singular, o que o facía sobresaír entre todos era a súa humanidade. Era un home fundamentalmente humano. No ámbito profesional onde nos movemos non é frecuente, pero menos o é aínda que estas dúas caras converxeran en grao superlativo. Non debía resultar nada doado compatibilizar eses dous temperamentos tan seus dunha rotunda racionalidade coa grande humanidade que lle caracterizaba. Nel confluían esas dúas almas que herdou xeneticamente: o racional Barreiro e a humanidade dos Cambeiro. Conxugar as dúas dun xeito tan desbordante non debeu ser doado internamente. Debía haber moitas contradicións que había que solventar operativamente do mellor xeito posible.

No meu contacto persoal con el lembro que a súa firmeza nos seus plantexamentos levábanos a numerosos debates sobre as distintas perspectivas e interpretacións que tiñamos. Debates ben

frutíferos. Non coincidíamos, pero sempre chegabamos a un acordo, que se atopaba pola súa parte cheo de dotarte dunha elevada carga de liberdade persoal, e de defensa das túas interpretacións de xeito responsable. No fondo tiñamos distintas formas de achegarnos a aquilo que nos unía: a inquietude por coñecer, pero tamén por comunicar. Nos meus encontros, nas miñas visitas a todos os despachos polos que estivo, sempre había un afecto persoal. Pero non era nada excepcional: Barreiro facíanos sentir así a todos e todas. Voltando a vista atrás poderíamos atoparnos inicialmente a sorpresa de que un home da súa talla intelectual e persoal non fose quen, en principio, de deixar unha escola. Porén, o que observo ao cabo do tempo é que todos e todas os que estivemos detrás do seu maxisterio, aparentemente tan diversos e distintos tanto en idade como en temáticas, tiñamos en común unha cousa: o noso amor pola investigación, a nosa obsesión por entender o estudo do pasado como unha arma para o noso presente. Unha ferramenta reflexiva, demorada no tempo, que fai mudar conciencias. O obxectivo de Barreiro, ese maxisterio impartido de saber estar na vida nesta profesión que nos ensinou a navegar por ela, foi entendela dende a humanidade, dende a vontade de querer facer algo mellor a vida dos que nos sucedan. Porque non é nada máis que iso o que facemos: relatar do xeito o máis real posible, en base á metodoloxía científica, o paso dos homes e das mulleres polo mundo. Poderá haber algo igual, pero non creo que haxa hai nada máis humano que iso.

Si. A pegada de Xosé Ramón Barreiro non foi explicitada suficientemente. Non quixo facelo tampouco. Pensaba que as accións, e non as palabras, eran as que perfilaban o legado dunha persoa polo seu paso por este mundo. E se o vemos deste xeito, cantos hai que viron a Barreiro como unha referencia indispensable. En Galicia claro, pero tamén na Coruña, cidade que acolle o Instituto Cornide de Estudos Coruñeses, institución que anima estas aportacións a xeito dunha homenaxe ben debida. Nesta cidade, que tanto quixo, el que tan dentro tiña Santiago, pero tamén Ribeira, O Pindo, Roma... Na Coruña atopou tamén o seu espazo persoal, pero provocou só coa súa presenza e actividade de varias camadas de historiadores, de xente preocupada polo seu pasado, que ata a súa morte o consideraron unha referencia única, inescusable. Posiblemente non houbo outra cidade en Galicia dende os anos oitenta do pasado século que recollera un interese tan grande polo seu pasado, nas súas diversas temáticas. Iso era Barreiro. Curiosidade, inquietude pero tamén acción reflexiva para tomar resolucións no presente. A Historia era algo vivo, que tiña a súa práctica, e o seu marco para mellorar o colectivo a través diso que se dá en chamar agora—que seica descubrimos tras os fondos europeos— de «retorno social».

Si. Creo que tiven a honra de desfrutar, de crecer, de aprender... dunha das persoas máis relevantes da Galicia do século XX. Algo máis que o meu mestre.

³⁶ *Galegos* 12, Tomo IV/2010, 11.

³⁷ *Galegos* 12, Tomo IV/2010, 17.

³⁸ *Galegos* 12, Tomo IV/2010, 17.

BIBLIOGRAFÍA DE XOSÉ RAMÓN BARREIRO CITADA NESTE ARTIGO

- (1965). *La perpetuidad subjetiva del beneficio eclesiástico*. Roma, Facultate Iuris Canonici, Pontificia Universitas Gregoriana. Tese de Doutoramento inédita, «Summa cum laude» e medalla de ouro da Pontificia Università Gregoriana de Roma.
- (1971). «Agradecemento a Cantigas e Agarimos», en *Agrupación folklórica Cantigas e Agarimos. Bodas de Ouro 1921-1971*. Santiago, Imprenta do Seminario, 16.
- (1974). *La Ilustración en la Universidad de Santiago: reformas en la Universidad de Santiago en el siglo XVIII* (ML inédita). Santiago, USC/Facultad de Filosofía y Letras.
- (1976). *El carlismo gallego*. Santiago, Pico Sacro.
- (1977). *El levantamiento de 1846 y el nacimiento del galleguismo*. Santiago, Pico Sacro. 2ª ed. 1979.
- (1979). *El campesinado gallego en el siglo XIX* (Tese de Doutoramento inédita). Santiago, USC.
- (1979 b). «A Edade Contemporánea ate 1936», en *Historia de Galicia*. SC, Frente Cultural da ANPG/Pontedeume, Vda. de Miguel López Torre, 141-197. 2ª ed. 1980.
- (1982). *Historia de Galicia. IV. Edade contemporánea*. Vigo, Galaxia. Premio da Crítica en 1982.
- (1982 b). *Liberales y absolutistas en Galicia*. Vigo, Xerais.
- (1982-1984). *Historia política. Siglos XIX-XX*, 4 t. A Coruña, Gamma. Tomo I: *Los acontecimientos políticos*. Tomo II: *La representación política*. Tomo III: *Cultura e ideología*. Tomo IV: *Economía y sociedad*.
- (1986). *Historia de la ciudad de La Coruña*. A Coruña, Biblioteca Gallega de *La Voz de Galicia*. En 1996, 2ª ed. ampliada. A Coruña, La Voz de Galicia.
- (1991). *A Galicia do Antigo Réxime: ensino, Ilustración e política*. A Coruña, Hércules de Ediciones (vol. IV de *Galicia. Historia*).
- (1991). *A sociedade galega contemporánea: tradición e modernidade*. A Coruña, Hércules de Ediciones (vol. V de *Galicia. Historia*).
- (1991). *Historia contemporánea: ensino e cultura*. A Coruña, Hércules de Ediciones (vol. VI de *Galicia. Historia*).
- (1991). *Historia contemporánea, política (século XIX)*. A Coruña, Hércules de Ediciones (vol. VII de *Galicia. Historia*).
- (1992). *Historia de la imprenta en Galicia*, con Antonio Odriozola. A Coruña, Biblioteca Gallega de La Voz de Galicia.
- (1993). *Historia da Administración Pública. Relatorios e comunicacións presentados no I Simposio da Historia da Administración Pública*, Xosé Ramón Barreiro Fernández e Pablo González Mariñas (coords.). Santiago, Escola Galega de Administración Pública.
- (1994). *II Simposio de Historia da Administración*, Xosé Ramón Barreiro Fernández e Pablo González Mariñas (coords.), Alfredo Gallego Anabitarte (dir.). Santiago, Escola Galega de Administración Pública.
- (1996). *Catálogo de la colección histórica de prensa de La Voz de Galicia*. A Coruña, La Voz de Galicia.
- (1997). *III Simposio de Historia da Administración Pública*, Xosé Ramón Barreiro Fernández e Pablo González Mariñas (dirs.). Santiago, Escola Galega de Administración Pública.

- (1997 b). *O Liberalismo coruñés, a segunda xeración (1823-1846)*, discurso lido na recepción pública do 14 de febreiro de 1997 e resposta de Xesús Alonso Montero. A Coruña, Real Academia Galega.
- (1998). *Historia da Universidade de Santiago de Compostela*, Xosé Ramón Barreiro (coord.). Vol. I. *Das orixes ó século XIX*. Santiago, USC/Parlamento de Galicia.
- (2000). *Manuel Murguía. Vida e obra*, con Xosé Luís Axeitos. Vigo, Xerais.
- (2001). *Parlamentarios de Galicia: biografías de deputados e senadores (1810-2001)*, Xosé R. Barreiro Fernández (coord.), con Beatriz López Morán e Xosé Luís Mínguez Goyanes. Investigadores: María Jesús Souto Blanco e Xosé M. Amado López. Santiago, Parlamento de Galicia/Real Academia Galega. 2 volumes. En 2003, 2ª ed. corrixida e aumentada co título *Parlamentarios de Galicia: biografías de deputados e senadores (1810-2003)*.
- (2001 b). *Colección histórica de periódicos del Museo de La Voz de Galicia*. Arteixo, LVG.
- (2002). *Historia da Universidade de Santiago de Compostela*, Xosé Ramón Barreiro (coord.). Vol. II. *O século XIX*. Tradución de Xosé Ramón Fandiño Veiga. Coa colaboración de María Aurora Cendón Amaro e María Jesús Souto Blanco. Contén o apéndice «O Arquivo Histórico Universitario» de María José Justo Martín. Santiago, USC/Parlamento de Galicia.
- (2007). *Historia política da Galicia contemporánea* (T. XI de *A gran historia de Galicia*). A Coruña, Arrecife/La Voz de Galicia.
- (2007). *Historia política da Galicia contemporánea: a transición política (1789-1833)*. vol. 1 do T. XI. A Coruña, Arrecife/La Voz de Galicia.
- (2007). *Historia política da Galicia contemporánea: de Isabel II á Restauración (1833-1874)*. vol. 2 do T. XI. A Coruña, Arrecife/La Voz de Galicia.
- (2007). *Historia política da Galicia contemporánea: a Restauración no século XX*. vol. 3 do T. XI. A Coruña, Arrecife/La Voz de Galicia.
- (2007). *Historia política da Galicia contemporánea: o devalar da Restauración, a ditadura e o tránsito á República*. vol. 4 do T. XI. A Coruña, Arrecife/La Voz de Galicia.
- (2007). *Historia política da Galicia contemporánea: República, guerra civil e franquismo*. vol. 5 do T. XI. A Coruña, La Voz de Galicia
- (2008). *O carlismo galego*. 2ª ed. con tradución de Alberto Allegue Leira. Bertamiráns, Laivento.
- (2009). *Historia social da Guerra da Independencia en Galicia*. Vigo, Xerais.
- (2012). *Manuel Murguía*. Vigo, Galaxia.
- (2013). *La Asociación General Patronal de A Coruña y la conflictividad obrera en la Segunda República (1931-1936)*, con Beatriz López Morán. A Coruña, Librería Arenas.
- (2016). *Maruja Mallo. Una memoria en construcción, series y obras desconocidas de la etapa americana*, con Beatriz López Morán. Vigo, Galaxia/Mar Maior.
- (2018). *Los maragatos en A Coruña (1870-1940)*, con Beatriz López Morán. Revista *Tierras de León*, nº 137-138. León, Diputación/Instituto Leonés de Cultura.
- (2019). *Os incómodos sociais. A transgresión intelectual en Galicia. Séculos XVII-XIX. Francisco María del Valle Inclán, Manuel Freire Castrillón, Domingo Antonio Fandiño, Juan Manuel Pereira*. A Coruña, Trifolium.

PARA UNHA BIBLIOGRAFÍA
DE XOSÉ RAMÓN
BARREIRO FERNÁNDEZ

| **Henrique Rabuñal**



X. R. Barreiro no estudio da súa vivenda,
A Coruña, 2008.
Foto Xurxo Lobato

XUSTIFICACIÓN E AGRADECEMENTOS

É para nós unha honra colaborar nesta obra de homenaxe ao profesor Barreiro Fernández. Ao non existir del unha bibliografía completa e rigorosa, procuramos coa nosa achega visibilizar o enorme esforzo que encerran os seus traballos bibliográficos entre 1964 e 2021.

Desde os anos 60 e até o final da súa vida, a produción escrita de Barreiro é impresionante a comezar polos libros e capítulos de libros. Moi ligada ás institucións das que formou parte como a USC, a RAG, o CCG, o Instituto José Cornide ou a Casa Museo Emilia Pardo Bazán, colaborou en moitas obras da Xunta de Galiza e as súas consellarías, do Parlamento Galego, da Escola Galega de Administración Pública, das deputacións galegas, do concello da Coruña, de Turgalicia, da Fundación Caixa Galicia, da Fundación Otero Pedrayo, do Museo do Pobo Galego, da UVIGO, da UDC ou das Cortes do Estado.

A súa palabra está presente en moitas obras de homenaxe a persoeiros así como en actas de xornadas, congresos e simposios sobre temas do seu coñecemento que eran practicamente todos. Presente nos catálogos de Galaxia, Xerais, Edicións do Castro, Laiovento, Trifolium ou Baía, é autor de varias entradas para a *Gran Enciclopedia Gallega*, e fixo achegas moi valiosas aos proxectos editoriais de Hércules de Ediciones e La Voz de Galicia.

Nas páxinas de *La Voz de Galicia* publicou dúcias de artigos sobre bibliofilia e hemerografía; tamén está presente en *El Progreso* e o *Faro de Vigo* e nun feixe de revistas desde *Compostellanum* a *La Tribuna*, das que foi director, pasando por *Grial*, *Encrucillada*, *Cuadernos de Estudios Gallegos*, *Outeiro* ou o *Boletín* da RAG. Sempre xeneroso coas moitas colaboracións que se lle solicitaban, moitas desde humildes asociacións culturais ao longo do país, participa en moitos catálogos de exposicións.

Organizamos a obra de Barreiro en cinco grandes apartados: os libros, os capítulos de libros, os artigos en revistas e xornais, os prólogos e a edición de textos. A estes apartados sumamos a referencia das Memorias de Licenciatura e Teses de Doutoramento que dirixiu entre 1984 e 2006 na Universidade de Santiago agás unha na UDC. Somos conscientes que pode faltar algún texto pero puxemos toda a nosa enerxía e moitas horas de traballo para ofrecer a presente bibliografía.

Utilizamos a información contida no Catálogo da Biblioteca Universitaria da USC (430 referencias), no Catálogo da Rede de Bibliotecas Públicas de Galicia, no Catálogo das Bibliotecas Públicas Municipais ou no da Biblioteca Nacional de España. Alén da consulta dos rexistros bibliográficos en liña, tivemos que resolver moitas dúbidas consultando fisicamente os libros ou pedindo que algún profesional das bibliotecas o fixese por nós. Tamén tivemos en conta as

referencias bibliográficas contidas nas obras *A patria enteira: homenaxe a Xosé Ramón Barreiro Fernández* (2008), da RAG, a USC e o CCG, e *Xosé Ramón Barreiro Fernández: saber de nós* (2010) da Fundación Otero Pedrayo.

Queremos agradecer as atencións e facilidades ofrecidas, coma sempre, polo persoal da Biblioteca de Estudos Locais da Coruña e da Biblioteca da Deputación da Coruña. Tamén a axuda brindada por Julia Cantalapiedra Álvarez, da Biblioteca Intercentros da USC no seu campus de Lugo, Lorenzo Romero Castro, da Biblioteca de Galicia, Noelia Rodríguez Maniega, da Biblioteca Nacional de España, Cecilia Doperto, do Museo Ramón Aller de Lalín, Teresa González Fernández, da Biblioteca do Carballiño, Almudena Quintáns López, da Biblioteca da USC, Carmen Prieto, directora do Arquivo do Reino de Galicia, Alicia Torijano, da Federación de Gremios de Editores de España, Ubaldo Zaera, da Biblioteca do Museo de Belas Artes da Coruña e Rosa Michelena Seivane, da Biblioteca Miguel González Garcés. Tamén colaboraron connosco as Fundacións Neira Vilas e Rosalía de Castro, a A. C. Xermolos de Guitiriz, o Arquivo Municipal da Coruña e as bibliotecas de Bergondo, Boiro, Lalín, Nigrán, Noia, Sada e Viveiro.

Estamos especialmente agradecidos á profesora e amiga Beatriz López Morán, viúva do profesor Barreiro, cuxa axuda foi decisiva revisando o conxunto bibliográfico e achegándonos moitísima información, en particular a referida ás colaboracións de Barreiro en *La Voz de Galicia* nos anos 1991-1996, nas seccións «Periódicos», asinada co seu nome, e «Bibliofilia», asinada co pseudónimo B. Fernández Lucas.

Finalmente estendemos o agradecemento a Xosé Luís Axeitos, Jesús Manuel Blanco Echauri, Xosé Ramón Fandiño, Francisco Freire Mandaio, Pilar García Negro, Joel Gómez, Emilio Grandío, Carlos Nuevo Cal, Miguel Sande, Afonso Vázquez-Monxardín, Mikel Urkijo e a Ana Romero Masiá. A esta última por axudarnos con moitas fichas bibliográficas, por acoller con entusiasmo o presente traballo e por revisalo e melloralo.

Reiteramos o que escribimos no artigo «O profesor Barreiro Fernández» (*La Opinión*, 17-04-2021). El ensarillaba os nomes: María Pita, o Padre Feijóo, Sarmiento, Fandiño, Pastor Díaz, Pintos, Solís, Concepción Arenal, Soto Freire, López Ferreiro, Rosalía, Martínez Salazar, Fernández Latorre, Curros, Pardo Bazán, LUGRÍS Freire, Valle-Inclán, Brañas, Cotarelo, Villar Ponte, Risco, Otero, Fernández Mato, Bouza, Maruja Mallo, Fraguas, Filgueira, Xaquín Lorenzo, García-Sabell, Luís Seoane, Del Riego, Álvarez Blázquez, Borobó, Garcés, Meijide Pardo, Henrique Alvarellos, Arenas ou Beiras. E nun lugar sobranceiro, Murguía, de quen editou con Axeitos o seu epistolario e a quen consagrou unha monumental biografía.

Nos seus traballos, que teñen a Galiza como elo de unión, están presentes o dereito canónico, a parroquia, a ilustración, a biografía, América, as cidades de Compostela e A Coruña, a historiografía, a conciencia histórica, a prensa e a imprenta, a historia da USC ou o galeguismo. Ao século XIX someteuno a unha análise moi profunda: federalismo, rexionalismo, carlismo, emigración, os pazos, as bibliotecas e arquivos, galeguismo, igrexa, represión, absolutismo, liberalismo, afran-

cesados, burguesía, obreirismo, guerra de independencia, caciquismo, exército, administración, celtismo ou problemática foral.

Coa súa esposa, a profesora Beatriz López Morán, publicou diversas obras desde *Parlamentarios de Galicia* (2001) a *Los maragatos en A Coruña* (2018) pasando por *La Asociación General Patronal de A Coruña* (2013) ou *Maruja Mallo* (2016). Proba do seu saber e angueira enciclopédicos, léanse os seus cinco volumes dedicados á historia galega no Proxecto da editorial Hércules.

Tivemos a oportunidade de estar na súa biblioteca, grandiosa e ordenada, de sermos vítimas da súa impagábel xenerosidade, de escoitalo engaiolar múltiples auditorios, de compartir con el algunhas publicacións. Co profesor Barreiro, desaparece unha figura única pero queda unha obra canónica espallada en todas as bibliotecas e un ser humano que prestou ao país moi altos servizos que han ser recoñecidos e lembrados como se merece. O noso país e a nosa cultura teñen unha débeda perenne cun dos maiores intelectuais do seu tempo. Esta publicación é unha fermosa maneira de pagala.

A. LIBROS

- (1965). *El Pórtico de la Gloria. Autor e interpretación*, con Rafael Silva. SC, Moret.
- (1965). *La perpetuidad subjetiva del beneficio eclesiástico*. Roma, Facultate Iuris Canonici, Pontificia Universitas Gregoriana. TD inédita, «Summa cum laude» e medalla de ouro da Pontificia Università Gregoriana de Roma.
- (1968). *El trabajo manual del clero*, con Rafael Silva e Juan José Cebrián Franco. SC, Porto y Cía.
- (1969). *Le clergé et le travail manuel*, con Rafael Silva e Juan José Cebrián Franco, tradution de Thérèse Poyas. París, Desclée et Cie.
- (1974). *La Ilustración en la Universidad de Santiago: reformas en la Universidad de Santiago en el siglo XVIII* (ML inédita). SC, USC/Facultad de Filosofía y Letras.
- (1976). *El carlismo gallego*. SC, Pico Sacro.
- (1977). *El levantamiento de 1846 y el nacimiento del galleguismo*. SC, Pico Sacro. 2ª ed. 1979.
- (1979). *El campesinado gallego en el siglo XIX* (TD inédita). SC, USC.
- (1980). *El campesinado gallego en el siglo XIX. Economía y sociedad*. Extracto da TD. SC, USC.
- (1982). *Historia de Galicia. IV. Edade contemporánea*. Vigo, Galaxia. Premio da Crítica en 1982.
- (1982). *Liberales y absolutistas en Galicia*. Vigo, Xerais.
- (1982-1984). *Historia política. Siglos XIX-XX*, 4 t. A Coruña, Gamma. Tomo I: *Los acontecimientos políticos*. Tomo II: *La representación política*. Tomo III: *Cultura e ideología*. Tomo IV: *Economía y sociedad*. Esta obra como *Historia contemporánea de Galicia (ss. XIX-XX)* foi reproducida co título de *Historia de Galicia* nos volumes XV, XVI, XVII e XVIII. Bilbao, La Gran Enciclopedia Vasca.
- (1986). *Historia de la ciudad de La Coruña*. A Coruña, Biblioteca Gallega de LVG. En 1996, 2ª ed. ampliada. A Coruña, LVG.
- (1991). *A Galicia do Antigo Réxime: ensino, Ilustración e política*. A Coruña, Hércules de Ediciones (vol. IV de *Galicia. Historia*).
- (1991). *A sociedade galega contemporánea: tradición e modernidade*. A Coruña, Hércules de Ediciones (vol. V de *Galicia. Historia*).

- (1991). *Galicia: rías gallegas*, con Augusto Pérez Alberti. Pontevedra, Turgalicia. Desta obra fixéronse moitas edicións entre 2004 e 2018 e traducións ao galego, inglés, francés, portugués e alemán.
- (1991). *Historia contemporánea, política (século XIX)*. A Coruña, Hércules de Ediciones (vol. VII de *Galicia. Historia*).
- (1991). *Historia contemporánea: ensino e cultura*. A Coruña, Hércules de Ediciones (vol. VI de *Galicia. Historia*).
- (1992). *Historia de la imprenta en Galicia*, con Antonio Odriozola. A Coruña, Biblioteca Gallega de LVG.
- (1993). *Historia contemporánea, política (século XX)*. A Coruña, Hércules de Ediciones (vol. VIII de *Galicia. Historia*).
- (1995). *La Memoria perdida de los afrancesados (Aproximación al afrancesamiento coruñés)*, discurso lido na recepción pública do 13 de marzo de 1995 e contestación de Manuel Sánchez Salorio. A Coruña, Instituto «José Cornide» de Estudios Coruñeses.
- (1996). *Catálogo de la colección histórica de prensa de La Voz de Galicia*. A Coruña, LVG.
- (1996). *Galicia, pórtico de la gloria: las rías y sus puertos*, con Augusto Pérez Alberti e Jaime Arriandiaga Guerricaechevarría. SC, Turgalicia. Traducido ao inglés e ao alemán.
- (1997). *O Liberalismo coruñés, a segunda xeración (1823-1846)*, discurso lido na recepción pública do 14 de febreiro de 1997 e resposta de Xesús Alonso Montero. A Coruña, RAG.
- (2000). *Manuel Murguía*, con Xosé Luís Axeitos. A Coruña, LVG.
- (2000). *Manuel Murguía. Vida e obra*, con Xosé Luís Axeitos. Vigo, Xerais.
- (2000). *Manuel Murguía (1833-1923): unha fotobiografía*, con Xosé Luís Axeitos. Vigo, Xerais.
- (2000). *Manuel Murguía*, con Xosé Luís Axeitos. Vigo, Xerais. [Ed. especial para *Faro de Vigo*].
- (2001). *Colección histórica de periódicos del Museo de La Voz de Galicia*. Arteixo, LVG.
Universidad Pontificia en Galicia, que acabó durmiendo el sueño de los justos. Los arietes de la renovación serían apartados de cualquier posición relevante en el seno de la Iglesia gallega que contaría ahora con una ascendencia emergente de los sectores conservadores más afines al Opus Dei o a la Hermandad Sacerdotal. Algunos se someterían al ostracismo impuesto por las autoridades eclesiásticas; otros optarían por iniciar su proceso de secularización y se incorporarían progresivamente en la sociedad civil. Sintiendo huérfanos de una Iglesia jerárquica que parecía haber traicionado al Pueblo de Dios, muchos de ellos desarrollarían su misión profética al margen de la Iglesia oficial.

En los años siguientes, con el patrocinio de SEPT (Pérez Vilarriño, 1973; Rodríguez Pampín, 1976) y la dirección del teólogo Andrés Torres Queiruga³⁸, la revista *Encrucillada* reflejaría la posición de aquellos católicos que siguieron conjugando su fe con el galleguismo y las corrientes políticas de izquierda. El segundo número de la revista abriría sus páginas con un artículo de Barreiro denunciando la tradicional hostilidad de la jerarquía eclesiástica respecto a la lengua y la cultura gallega:

«A Igrexa galega (por suposto que nos referimos á Igrexa clerical) non asumiu en ningún momento o ideal galeguista na súa teoloxía nin na súa praxe pastoral... Adiantamos dúas posibles razóns desta política: 1) A ausencia dunha teoloxía da galeguidade que os nosos teólogos non souberon, non puideron ou non quixeron facer... 1) A dependencia política da xerarquía e do clero galego dos partidos centralistas (os partidos no poder), que eran quen conseguían presentar os bispos para as dióceses galegas, pasando axiña a factura en forma de dependencia e a veces servidume aos poderes centrais»³⁹.

Nuestro protagonista comenzaba así una nueva etapa vital contribuyendo con brillantez a la construcción de la democracia, la revitalización de la lengua y la cultura gallega y el progreso de nuestra historiografía (Rodríguez Lago, 2017). Podría parecer, en fin, que esa es ya otra historia, pero no podríamos entender esta última sin el complejo legado de conocimientos y experiencias de aquellos años entre la sotana y el cléríman.

³⁸ Andrés Torres Queiruga: «Presentación. Unha nova revista galega», *Encrucillada*, 1, enero-febrero de 1977, 3-6.

³⁹ Barreiro Fernández, Xosé Ramón: «Igrexa e galleguismo na historia (1846-1923)», *Encrucillada*, 2, marzo-abril de 1977, 3-16.

ARCHIVOS CITADOS

- ABF-LM: Archivo Barreiro Fernández-López Morán. A Coruña.
- AGA: Archivo General de la Administración. Alcalá de Henares.
- ACE: Archivo de la Acción Católica Española. Universidad Pontificia de Salamanca.
- NARA: National Archives Record Administration. Washington D.C.

BIBLIOGRAFÍA CITADA

- ALVILARES MOURE, Xosé (1965). *O clero e o uso do idioma galego*, Lugo, Anteo.
- (1969). **¿Proceso a la Iglesia gallega?**, Madrid.
- ARAÚXO IGLESIAS, Miguel Anxo (1975). *A fe Cristián ante a cuestión da lingua galega*. Vigo, SEPT
- (1993). *Memoria de vida*. Vigo, Ir Indo.
- (1996). *Os bispos de Galicia e o Vaticano II*. A Coruña.
- BARREIRO FERNÁNDEZ, Xosé Ramón (1965). «Origen litúrgico del Derecho Canónico», *Compostellanum*, Vol. 13, nº 10, 177-192; nº 11, 389-403.
- (2005). «A microhistoria de Compostellanum. Primera fase (1956-1973)», *Compostellanum*, 50, 129-142.
- BARREIRO FERNÁNDEZ, X. R. *et al* (1970). *A parroquia hoxe*. Vigo, SEPT.
- BARREIRO FERNÁNDEZ, X. R. y SILVA COSTOYAS, Rafael (1965). *El pórtico de la Gloria*. A Coruña, Moret.
- BARREIRO FERNÁNDEZ, X. R.; SILVA COSTOYAS, Rafael; y CEBRIÁN FRANCO, Juan José (1968). *El trabajo manual del clero*. Santiago, Porto y Cía.
- BARRERA, Carlos (2001). «Revistas católicas y conflictos con el poder político en el tardofranquismo», *Anuario de Historia de la Iglesia*, 10, 101-142.
- BERZAL DE LA ROSA, E. (2011). «Sotanas, martillos y alpargatas. Las contradicciones de un movimiento obrero impulsado por el clero», *De la cruzada al desencanche: la Iglesia española entre el franquismo y la transición*, ORTIZ HERAS, M. y GONZÁLEZ, D. Madrid, Sílex.
- BOTEY, J. (2011). *Curas Obreros. Compromiso de la Iglesia con el mundo obrero*. Barcelona, Cristianisme i Justícia.
- CAAMAÑO SUÁREZ, Manuel y RODRÍGUEZ PAMPÍN, Xosé Manuel (1980). *Pro e contra da liturxia en galego. Historia dunha polémica*. Vigo, SEPT.
- CABANA, Ana y LANERO, Daniel (2009). «Movilización social en la Galicia rural del Tardofranquismo (1960-1977)», *Historia Agraria*, 48, 111-132.
- CASTRO, Brais do (2003). *Moncho Valcarce. O cura das Encrobas*. A Coruña, Novos vieiros.
- CENTENO GARCÍA, J.; DIEZ MAESTRO, L.; PÉREZ PINILLOS, J. (2009). *Curas obreros*. Barcelona, Herder.
- CHAO REGO, Xosé (1965). «Nécessité d'une ouverture missionnaire de la paroisse en Espagne », en *Paroisse et Mission. Colloque Européen des Paroisses*, 24, 88-93.
- (1972). *As relacións Eirexa-Mundo en Galicia*. Vigo, SEPT.
- DÍAZ GEADA, Alba (2019). «De memoria, revuelta y conciencia. El sindicalismo democrático campesino en la Galiza de la dictadura y el proceso de cambio de régimen político», en J. Prada Rodríguez, *Galicia en transición*. Madrid, Sílex, 193-223.

- DOMÍNGUEZ CASTRO, Luis (1998). «Tiempo de Pentecostés, tiempo de asilo: Iglesia, idioma y oposición política en Galicia durante el tardofranquismo y los albores de la democracia», en E. Baena Duque y F. J. Fernández Roca, *3ª Encuentro de investigador@s sobre el franquismo y la transición*. Sevilla, Muñoz Moya, 515-522.
- FRANCO GRANDE, Xosé Luis (1985). *Os anos escuros I. A resistencia cultural da xeración da noite (1954-1960)*. Vigo, Xerais.
- GÓMEZ ALÉN, J. (1995). *As CC.OO. de Galicia e a conflictividade laboral durante o franquismo*. Vigo, Xerais.
- GÓMEZ ALÉN, J.; SANTIDRIÁN ARIAS, V. (1996). *Historia de Comisión Obreiras de Galicia nos seus documentos*. A Coruña, Edicións do Castro.
- GUERRA CAMPOS, José (1989). *Crisis y conflicto en la Acción Católica Española y otros órganos del apostolado seglar desde 1964*. Madrid, ADUE.
- GURRIARÁN, Ricardo (2010). *Inmunda escoria. A Universidade franquista e as mobilizacións estudiantís en Compostela, 1939-1968*. Vigo, Xerais.
- (2019). «El movimiento estudiantil en la Universidad gallega. De la calma a la subversión», en J. Prada Rodríguez, *Galicia en transición*. Madrid, Sílex, 225-261.
- HORN, Gerd-Rainer (2019). *The Spirit of Vatican II: Western Europe Progressive Catholicism in the Long Sixties*. Oxford, Oxford University Press.
- LEMOS MONTANET, José Leonardo (2005). «Memoria de una vida: Manuel Rey Martínez (1909-1974)», *Compostellanum*, 50, 13-82.
- MARTÍNEZ GARCÍA, Xosé Antonio (1995). *A Igrexa antifranquista en Galicia (1965-1975)*. Sada, Edicións do Castro.
- MCLEOD, Hugh (2007). *The Religious Crisis of the 1960s*. Oxford University Press.
- MÍNGUEZ GOYANES, Xosé Luis (1996). *Don Fernando Quiroga Palacios y su proyección en la iglesia gallega (1946-1971)*. Tesis Doctoral, Universidade de Santiago de Compostela.
- (2005). «En torno al nacimiento de Compostellanum», *Compostellanum*, 50, 83-128.
- MONTERO GARCÍA, Feliciano (2000). *La Acción Católica en el franquismo. Auge y crisis de la Acción Católica Especializada*. Madrid, UNED.
- (2009). *La Iglesia de la colaboración a la disidencia (1956-1975)*. Madrid, Encuentro.
- (2011). «La Iglesia dividida. Tensiones intraeclesiales en el segundo franquismo. La crisis postconciliar en el contexto del tardofranquismo», en *De la cruzada al desencanche: la Iglesia española entre el franquismo y la transición*. Madrid, Sílex.
- MONTERO GARCÍA, Feliciano y LOUZAO VILLAR, Joseba (2016). *Catolicismo y franquismo en la España de los años cincuenta. Autocríticas y convergencias*. Granada, Comares.
- PASTORIZA ROZAS, Xosé Luis (2020). «Servicio de Ediciones, Publicacións e Traducións (SEPT): o antecedente de Editorial Galaxia», *Grial: revista galega de cultura*, Vol. 58, 28, 77-89.
- PÉREZ PRIETO, Vitorino (2010). *Moncho Valcarve. Un símbolo para Galiza*. Oleiros, Trifolium.
- PÉREZ VILARIÑO, Xosé (1973). *Relixión e Libertade*. Vigo, SEPT.
- RODRÍGUEZ LAGO, José Ramón (2004). *La Iglesia en la Galicia del franquismo: (1936-1965): Clero Secular, Acción Católica y Nacional-Catolicismo*. Sada, Edicións do Castro.
- (2011). «De la larga noche de piedra al despertar. La Iglesia y los católicos de Galicia entre la cruzada y la transición a la democracia», en *De la cruzada al desencanche: la Iglesia española entre el franquismo y la transición*. Madrid, Sílex, 187-206.
- (2014). «Fernando Quiroga Palacios, o galego do Concilio», en Jesús de Juana López; Julio Prada Rodríguez y Domingo Rodríguez Teijeiro (eds.), *Galegos de Ourense II*. Deputación Provincial de Ourense, 199-218.
- (2015). «Entre la Cruzada y el Concordato: la Iglesia católica en la Galicia de Franco (1936-1953)», en Julio Prada Rodríguez (dir.), *No solo represión. La construcción del franquismo en Galicia*. Madrid, Marcial Pons, 127-144.
- (2016). «El Vaticano II y su impacto entre el clero en España (1959-1979)», *Gerónimo de Uztariz*, 32, 63-87.
- (2017). «La historiografía sobre el factor religioso y la Iglesia Católica en la Galicia contemporánea» en Feliciano Montero García, Julio De la Cueva Merino y Joseba Louzao Villar (eds.). *La historia religiosa de la España contemporánea: balance y perspectivas*. Alcalá, Universidad de Alcalá, 365-375.
- (2018). «Las asambleas del clero diocesano en la Galicia de 1971», en Feliciano Montero, Francisco Carmona y Joseba Louzao (eds.), *La Asamblea Conjunta de Obispos y Sacerdotes. Estudios diocesanos*. Alcalá, Universidad de Alcalá, 221-246.
- (2019). «¿Atado y bien atado? El clero gallego del posconcilio a la transición (1965-1982)», en Julio Prada Rodríguez, *Galicia en transición*. Madrid, Sílex, 83-116.
- (2022). «Venceremos Nós! La militancia católica y la izquierda en la Galicia de los largos años 60», en Julio de la Cueva y Joseba, *Otro 68. Catolicismo e izquierdas en los largos años 60*. Madrid, Marcial Pons.
- RODRÍGUEZ PAMPÍN, Xosé Manuel (1976). *Nova conciencia na Igrexa galega*. Vigo, SEPT.
- RUIZ CARNICER, Miguel Ángel (dir. 2021). *Una juventud en tiempo de dictadura. El Servicio Universitario del Trabajo (SUT), 1950-1969*. Madrid, Catarata.
- SÁNCHEZ, A.; MAR ARAUS, M. (2015). «Editorial ZYX, S.A.: Editorial Obrera contra el Franquismo», *Revista Social and Education History* (HSE), vol. 4, nº 3.
- SANTIDRIÁN ARIAS, V.; Gómez Alén, J. (1997). *Vigo Obreiro. O periódico das CCOO de Vigo*. Santiago de Compostela, Fundación 10 de Marzo.
- TABARES, E. (2005). *Los curas obreros: su comportamiento y su espíritu*. Madrid, Nueva utopía.
- TORRES QUEIRUGA, Andrés (1972). *A crise da conciencia relixiosa no mundo*. Vigo, SEPT.

A HISTORIA POLÍTICA DA
GALIZA DO SÉCULO XIX.
UN DIÁLOGO CON
XOSÉ RAMÓN BARREIRO

| Xosé Ramón Veiga Alonso



— Xosé Ramón Barreiro na Real Academia Galega, A Coruña 2013.

Foto Xurxo Lobato

INTRODUCCIÓN

Se sempre o pánico diante da folla en branco converte en difícil a tarefa de comezar a escrita, cando un sabe que o protagonista absoluto da reflexión vai ser o profesor Xosé Ramón Barreiro Fernández, a situación torna dobremente difícil. Por dicilo sen rodeos, e para deixar clara desde o inicio a posición de partida de quen isto escribe, o diálogo vaise establecer co que considero o iniciador da moderna historiografía política sobre o século XIX galego. Antes ca Pepe Barreiro, madría leva, houbo produción e investigacións, mais só con el podemos asegurar que comeza o estudo sistemático da evolución política do país nas décadas, transcendentais, que alumean a entrada de Galiza na contemporaneidade. Neste caso, a tan socorrida afirmación de que seu traballo marca un antes e un despois é rigorosamente certa. Por iso Ramón Villares e Emilio Grandío, compañeiro e discípulo respectivamente, destácanos como un dos creadores e construtores do relato que estrutura a historia contemporánea de Galiza¹. É un pioneiro, na liña dos precursores que no seu día fixara o seu benquerido e estudado Manuel Murguía.

Reflexionar sobre o traballo de Barreiro referido a ilustrados, afrancesados, carlistas e liberais é, dunha banda, doado porque trátase de lecturas xa feitas e xa empregadas no meu propio decorrer como historiador. Ler seus libros e seus artigos foi (é) unha obriga para calquera interesado no tema e non supón unha tarefa que deba facer de cero. Mais, por outra banda, e como acontece sempre que un se achega de novo a publicacións xa coñecidas, o recunque implica unha ollada renovada que leva anexa todo un feixe de experiencias que non existían nas lecturas primixenias e que provocan sensacións e reflexións diferentes ás de entón. Agora, ademais, non se trata de consultas máis ou menos puntuais sobre temas concretos, non se trata de solicitar auxilio ao saber do mestre para enfocar con xeito un determinado tema, senón dunha reflexión sobre o conxunto da súa produción, e iso supón un enorme reto, unha grande responsabilidade e a necesidade dun enfoque diferente. Facelo, ademais, con alguén que para min é un referente como historiador, engade unha obvia dificultade ao traballo, obrigado a manter un equilibrio entre as querenzas persoais e a imprescindible obxectividade.

Respectar a cronoloxía e os tempos dos traballos é a premisa básica que organiza esta achega, máxime cando estamos a falar de investigacións que, no que aquí interesan, comezan en 1975 (Barreiro, 1975) e rematan en 2021 (Barreiro, 2021). Son 46 anos de traxectoria que, de xeito tan lóxico como inevitábel, inclúen cambios de perspectivas, opinións e hipóteses que mudan,

¹ <https://www.youtube.com/watch?v=SCDLns8ksUc>.

certezas que toman a tonalidade da grisalla e perden os primeiros brillos, algunhas dúbidas que se esvaece, respostas e razóns que se confirman, novas preguntas, lecturas e olladas anovadas sobre vellos temas ..., o lóxico en calquera proceso de longa traxectoria e aprendizaxe continua. O tempo, matriz e parteira da Historia, xoga o seu papel e impón as súas condicións. Mais tamén hai continuidades, armazóns aos que o paso dos anos non roe na súa solidez, principios firmes que outorgan sentido e coherencia ao traballo, alicerces que non tremen diante da proba de Chronos. O Barreiro de 2021, por exemplo, non cualificaría de «ridículo» ao xornal *El Iris del Bello Sexo* (Barreiro, 1975:415), mais si ratificaría seu principio de que de nada serven as divagacións ou as intuicións para construír o relato histórico se non se acompañan do traballo nos arquivos (Barreiro, 1975:414). O respecto polos contextos de produción, como en calquera outra pescuda histórica, é fundamental para seguir e valorar sen vantaxes de historiador trampulleiro unha traxectoria. Partir do que hoxe sabemos e aplicar esta ollada a traballos feitos hai medio cento de anos sería unha fraude, e asemade nada achegaría á comprensión, sempre provisional e en construción, dos acontecementos do pasado, xa esteamos a falar, poño por caso, do Trienio Liberal de 1820-1823 como obxecto de investigación ou da visión historiográfica que sobre del puido ter entón un historiador. O investigador é, sempre, fillo do seu tempo, e vese influído polas tendencias (e ata as modas) académicas que predominan en cada circunstancia, ao igual que resulta debedor da educación formal e informal recibida, das lecturas feitas, das aprendizaxes tidas, das opcións ideolóxicas de que participa, dos proxectos de vida que imaxina e que desexa desenvolver, das influencias persoais que o rodean. Son condicións obxectivas que ninguén pode transcender nin ignorar por completo e que condicionan o quefacer como historiador, mais non é menos certo que, con teren moita importancia, non son determinantes, porque do contrario anularíase o que fai dos homes e das mulleres seres humanos: súa capacidade de discernir, de escoller entre alternativas (máis ou menos numerosas e con maior ou menor liberdade), de desenvolver un traballo persoal e intransferíbel cun selo propio e identificábel.

OS ALICERCES

No caso de Barreiro Fernández, hai cando menos catro aspectos que definen de xeito intemporal a súa traxectoria, que se manteñen de principio a fin na súa faceta de historiador da política e que, xa que logo, outórganlle unha sinatura e un trazo característicos ao seu traballo, e isto con independencia de situarse, como profesional da historia, máis preto dunha perspectiva debedora do materialismo histórico e do peso das estruturas (en 1997, no seu discurso de entrada na Academia Galega, confesa que partía dunha «concepción dialéctica» do proceso histórico), ou dunha máis achegada ao individualismo metodolóxico e á valoración das su-

bxectividades, visíbel nos seus derradeiros traballos. O respecto polas fontes é o primeiro destes principios innegociábeis. A Historia, é certo, non se constrúe só con documentación porque as fontes unicamente ofrecen seus arcanos aos que lles fan as preguntas correctas, mais sen documentos, do tipo que sexan, non habería sequera a posibilidade dun achegamento racional e minimamente verificábel ao pasado. Calquera interpretación que se fixese sería igual de válida, resultaría imposíbel separar o gran da palla e a historia, como ciencia social, quedaría esluída nun relato de ficción dependente das intencións do escritor e das apetencias e gustos do consumidor. Disto hai, e non pouco, a día de hoxe, un froito madurecido da fin dos grandes paradigmas que daban sentido ao pasado e das certezas nos que apousentaban. Pensamento débil, modernidade líquida e, o que resulta moito máis perigoso, revisionismo teledirixido por esquemas ideolóxicos que a cara descuberta cuestionan consensos construídos a base dun traballo historiográfico tan paciente como rigoroso nas fontes manexadas e nas hipóteses sometidas a validación, a carón de *fake news* construídas a conciencia e con toda a (mala) intención, debuxan un panorama actual desacougante e incerto. Non é en absoluto unha casualidade que moitas das críticas (por veces duras) que o historiador de Ribeira fixo a traballos de colegas, apousenten na falla dun traballo de arquivo, na preguiza documental que padecen, no escaso respecto polas fontes, pola súa busca, localización e interpretación, por contentarse con facer un discurso (un «relato») estereotipado sen apoio documental ou por limitarse a repetir, de xeito acrítico, afirmacións de terceiros. Neste senso, resoan hoxe nos nosos ouvidos cunha actualidade que espanta (Barreiro, 1975:414, 424-427; 1982:16, 39, 67, 70, 79, 86; 1985:59; 1984:139-140; 1977:60; 2019:51, 248). Alguén que, como historiador, confesa que súa busca de documentación foi por veces «apaixonada» (Barreiro, 2008:11), dificilmente pode dar por bos traballos que non renden tributo ao traballo de arquivo e de prospección documental.

Galiza e a súa recreación histórica, o obxectivo e o esforzo por situar o país no marco do proceso temporal no que se insiren os «distintos países españoles» (Barreiro, 1981:426), é outra constante que se repite. A defensa dunha historia galega de seu, propia, tamén política, é explícita. Á altura de 1976, a data da primeira edición de *Los Gallegos* (Barreiro *et al.*, 1976, 1984), case todo está aínda por facer a partir da constatación de que en Galiza existe unha conciencia do «nosotros» que precisa dun esforzo historiográfico para dotar de contido ese sentimento e situar seus alicerces no tempo. E 30 anos após (Barreiro, 2008:17-18), na edición corrixida e aumentada do seu libro clásico sobre o carlismo galego, recunca na idea: facer unha historia do carlismo desde Galiza, que tome en conta as características propias do país, das súas estruturas económicas e sociais (o foro, en especial), o peso e a influencia da clerecía, da fidalguía vilega e aldeá espallada por todos os recunchos e cada vez máis integrada na administración liberal en construción, ou a importancia económica das áreas costeiras fronteirizas con Europa e América, receptoras ademais de novas ideas, mar por medio. Por isto recibe mal as críticas á «rexionalización» dos estudos carlistas (ou da chamada Guerra da Independencia: Barreiro, 2009:177-179,

183-184), erróneas no seu concepto por obviar os contextos específicos de desenvolvemento dos procesos analizados².

Só o compromiso persoal coa construción historiográfica de Galiza e súa paixón pola terra explica frases que, lidas na súa literalidade e fóra de tempo e de contexto, soan extemporáneas nun historiador tan rigoroso como Xosé Ramón Barreiro. Por exemplo, ao sinalar que logo de 1846 o galeguismo mantense nos poetas, nos escritores e, por suposto, no «pobo», sen maiores precisións (Barreiro, 1986:370), ao afirmar que tanto os xornalistas liberais como os absolutistas de 1808-1814 buscaban con nobre intención «facen unha Galicia máis forte para o futuro» (Barreiro, 2009:220), ou cando conclúe que en abril de 1846 o «pueblo [...] quiso, y no le dejaron, dirigir sus propios destinos» (Barreiro, 1977:174) e que desde entón «o espírito rexionalista galego [...] comenzou a ser unha esperanza inmorrente» (Barreiro, 1975:427). Galiza e o «pobo galego» son as únicas instancias que lle fan saír da neutralidade e a obxectividade do historiador profesional e achegarse a un perfil que beira a propaganda e, case, a ideoloxización mal practicada que el mesmo denunciou en Menéndez Pelayo, en López Ferreiro, en Portela Pazos, en Rodríguez Eiras ou en Josep Carles Clemente (Barreiro, 2019:21; 1981:437; 1982:67, 70, 86; 2008:15)³.

A querenza galeguista está aí, non se agocha e axuda a comprender estas expansións. No discurso de entrada na Real Academia Galega fai explícito o que xa denotaban seus traballos: súa fidelidade intelectual a un país, unha cultura e «a unha patria» (Barreiro, 1997 a:9-10). «Nada investiguei, nada escribín, ningunha conferencia pronunciei que non se referise a Galicia...». Galiza no pensamento e no corazón, alfa e omega, comezo e remate, un afecto e unha responsabilidade intelectual co seu estudo que o leva por veces a afirmacións máis achegadas ao emotivo que ao racional. *Rāzao e sensibilidade* que dirían nosos veciños portugueses. Mais non é só iso, non é só unha *emotion* que turra pola investigación e lle outorga sentido e obxectivo. É unha certeza estrutural sobre Galiza como suxeito histórico:

«A Galicia que se foi formando a finais do XVIII e a que protagoniza o paso á Revolución non foi a Galicia das cidades, nin das vilas nin das parroquias, foi toda

² A derradeira defensa dunha historiografía galega de seu, en Barreiro (2021:49-50): «[...] un sistema económico propio, una burguesía solo parcialmente dependiente, un espacio propio y una lengua que puede comunicarse con todos los estratos sociales, configuran un espacio geográfico, una región con capacidad para ser un sujeto histórico y sociológico».

³ O mesmo lle acontece coa súa adorada A Coruña a respecto, por exemplo, da súa presentación burguesa e liberal: non hai máis que comparar a visión que ofrece en *O liberalismo coruñés: a segunda xeración (1823-1846)*, de 1997, e a que fai en «Galicia y el Trienio Constitucional», de 2021 («esta afirmación de ser [A Coruña] proa del liberalismo necesita cierta corrección...»: p. 51).

Galicia a que se pon en pe a mirar con arrogancia o futuro. Por iso as miñas obras sobre este período refrense a un único suxeito histórico: Galicia»⁴.

Hai aquí unha obvia reificación, unha *cosificación* do pobo galego e de Galiza que de idea pasa a actor unitario dotado de vontade, igual que tantas veces acontece con conceptos como «España», «campesinado» ou «burguesía», pero que non vai máis aló porque esa Galiza e ese pobo guían mais nunca determinan nin a investigación nin as conclusións. Ao revés: son o obxecto histórico a definir e a analizar, o enigma historiográfico que resolver, que destripar nos seus compoñentes, nos seus protagonistas máis sobranceiros, nas súas interrelacións cambiantes no tempo, nos seus alicerces económicos, na súa configuración social, nas súas manifestacións culturais e, claro, nas redes de poder formais e informais que o percorren, coa política e o político en primeiro plano. O amor polo país non cega ao historiador obxectivo, mais lévao a confesións de parte nas que, apenas por uns intres, a poesía e o emocional impóñense á prosa seca e precisa.

Didactismo e divulgación é outra pata imprescindíbel da súa definición e do seu traballo como historiador, perfectamente recoñecíbel nos libros dados ao prelo que achegan ao gran público a historia, non só política, do país (Barreiro, 1979, 1981 a, 1982-4, 1991, 2007, 2007 a). Os que asistimos ás súas aulas, e os moitos máis que o fixeron aos centos de conferencias impartidas, lembrarán ao orador poderoso de voz fonda, de verbo acendido e ata apaixonado, que bambea entre o didactismo máis formal, a arenga que busca convencer (tamén coa xesticulación dunhas mans rotundas) e o estilo do crego (formación obriga) que sabe que se está a referir a cousas sagradas. E, sempre, o respecto polos ouvintes, ese «señores» que tantas veces saía dos seus beizos, xunto da teima por explicar, por facerse entender, por chegar ao auditorio, nun traballo de apostolado que busca convencer, con razóns e argumentos, mais tamén pola vía da emoción, da existencia dunha traxectoria política en Galiza que, como non pode ser doutro xeito, partilla dos acontecementos que se dan desde finais do XVIII no conxunto da monarquía hispánica e, logo, da construción do estado liberal, mais sempre desde pautas propias e singulares, enmarcadas nun territorio que cómpre coñecer e analizar a partires dunha perspectiva local e rexional (nunca localista) para evitar as xeneralidades abusivas e reduccionistas, ademais de cómodas, dunha historiografía que gustaba de xibarizar a dimensión política ata reducirla simplemente a disposicións lexislativas e ordenanzas executivas, que ignoraba (ou finxía ignorar) os marcos provinciais e locais nos que igualmente se desenvolvía, que desbotaba as dimensións económicas,

⁴ Carta de Xosé Ramón Barreiro a Xosé Ramón Veiga, A Coruña, 13-12-2017. Emprégoo coa certeza de que ao profesor Barreiro non lle importará (na posdata indica, coa esa súa xenerosidade intelectual que coñecemos os que o tratamos, «Podes facer desta carta o uso que queiras»). Gárdoa, con enorme agardamento, entre as páxinas de *Los perdedores. La represión política en Galicia en el siglo XIX* (agasallo seu).

sociais e culturais do xogo político que o cargan de complexidade e impiden falsas olladas totalizadoras que só xeran caricaturas grotescas⁵, que imaxinaba unha administración xerarquizada de funcionamento automatizado no que as decisións ían de arriba abaixo sen interferencias, co que debuxaba un camiño apenas presente na teoría e que fechaba os ollos diante das influencias e as esixencias que facían o traxecto de volta de cada espazo local ao correspondente ministerio, nun xogo que tiña máis de tirapuxa desigual que de simple imposición e que só pode definirse cun mínimo de precisión tomando en conta os equilibrios de poder que se dan tanto no *sancta sanctorum* madrileño como no máis humilde dos distritos electorais que envía seus deputados á capital: é a complexa realidade do poder político, nas súas diferentes escalas, nas súas interrelacións, nas súas sinerxias, nos seus variados protagonistas e nas súas derivadas clientelares e de padroádego, todas firmemente territorializadas e dependentes, na súa formulación concreta, das particularidades de cada espazo que a investigación tome en consideración, Galiza no caso de Barreiro.

O cuarto piar a considerar entre as constantes da obra do noso historiador, pasa polo sutil equilibrio que se establece entre o estrutural, o compoñente de clase, e o individual, a irredutíbel singularidade de todos e cada un dos suxeitos considerados no magma histórico. Do Barreiro que fai un esforzo inxente por definir os trazos económicos e sociais que definen aos voluntarios e os mercenarios da carlistada en Galiza, ao Barreiro que concede que na historia do carlismo foise deixando atrás o «predominio das infraestructuras e superestructuras» a prol dunha maior atención aos parámetros culturais, simbólicos e relixiosos, hai un camiño (Barreiro, 2008:18-19), o mesmo que o percorrido entre asumir a presenza da burguesía como clase social con intereses de seu en canto grupo obxectivable (Barreiro, 1982:13-14; 2001), e unha investigación como a dedicada aos incómodos sociais (Barreiro, 2019), con persoeiros únicos e singulares no seu decorrer biográfico imposíbeis de fechar dentro de marcos estruturais xeneralistas. Ollada en perspectiva, a

⁵ En especial nun marco estrutural tan variado como o español decimonónico, no que se mesturan áreas costeiras con outras interiores a 600 quilómetros do mar, zonas de pequena explotación con outras de latifundio, espazos de regadío con outros de secaño, xeografía con agriculturas de exportación e outras de autoconsumo, rexións en proceso de industrialización fronte doutras dominadas polo sector primario, agrocidades separadas por centos de quilómetros con espazos habitados de continuo por aldeas e poboacións de apenas uns centos de habitantes, dinámicas culturais condicionadas pola existencia de linguas propias e, logo, de arelas de autorrepresentación política, marcos de saída da chamada crise do Antigo Réxime diferentes porque distintas son súas situacións de entrada aos tempos revolucionarios de finais do século XVIII, áreas conectadas co mundo mar por medio receptoras e emisoras de novas ideas e novas esperanzas con espazos peor comunicados e máis fechados arredor de si, configuracións sociais definidas por enormes separacións de clase con outras de menor polarización...

traxectoria é moito máis lóxica do que nun principio podería supoñerse e, coido, semellante á que se dá, por exemplo, no Josep Fontana que entre 1971 e 1973 escribe *La quiebra de la monarquía absoluta (1814-1820)* e *Cambio económico y actitudes políticas en la España del siglo XIX*, e o que en 2006 saca *De en medio del tiempo. La segunda restauración española, 1823-1834*⁶. En ambos os dous casos do económico e do social (do máis obxectivo e medíbel, se se quer) tránsitase ao político (ao máis subxectivo e menos cuantificábel), porque os modelos de referencia son os que son en cada intre e as necesidades historiográficas variaron: da obrigatoriedade de fixar os parámetros básicos do escenario polo que fai aos seus límites estruturais para dispor de algo sólido sobre do que traballar, á necesidade de achegarse aos actores, individuais e colectivos, que se moven neles, a veces para reafirmalos e confirmalos na súa feitura e configuración (sempre relativa), e noutras para reaxustalos, para removelos grazas á acción da *agency* que se move nos intersticios, nas xunturas e nas fendas que deixan os modelos normativos e deste xeito alumear novos contextos tamén, como todos, sometidos á dinámica histórica de continuidade e cambio, permanencia e mutación.

Con todo, e permítaseme a expresión, a Barreiro tórralle o singular, o traballo de escrutar nas razóns e nos sentimentos que explican as traxectorias individuais (xa se sabe que o corazón ten razóns que a razón non entende), e de aí súa querenza pola historia política. En ningún sitio mellor que no monumental *Parlamentarios de Galicia. Biografías de deputados e senadores (1810-2001)* queda recollida esta tensión entre o particular e o xeral, que a prosopografía (a biografía dun grupo, neste caso de representantes en Cortes) permite resolver dunha maneira bastante axustada. Tardou, con todo, en traducir o interese polo individual e súa comprensión nunha biografía, que cando apareceu pagou con creces a débeda por facerse de agardar. Calquera que lea o seu *Murguía* dado ao prelo en 2012, coido que compartirá esta miña impresión. Desde a súa tese, inédita, sobre o «campesinado» defendida en 1979 (*El campesinado gallego en el siglo XIX. Economía y sociedad*) ata este traballo biográfico, van máis de tres décadas de investigación que permiten ollar ás claras a evolución e a maduración que houbo no noso historiador. Das estruturas de herdanza marxista e *annalista*, á sempre actual (aínda que non sempre no poleiro historiográfico) historia individual de aires *whigs* e *british*, nun camiño no que nada sobra, no que nada se despreza nin se desperdicia e no que, simplemente, téntase dar fe da complexidade dese país estraño que é sempre o pasado e, con sorte, tirar algunha explicación verosímil de partes acoutadas del, sexa dunha clase (campesinado) central na configuración da Galiza decimonónica, sexa dun individuo clave na construción historiográfica da «nación» galega e da súa poetisa de referencia, a Rosalía muller e compañeira de Murguía.

⁶ Ou, tirando dun referente máis achegado, da que partilla outro mestre de historiadores como é Ramón Villares entre *La propiedad de la tierra en Galicia (1500-1936)*, de 1982, e o recente *Cultura e política na Galicia do século XX*.

UN DIÁLOGO, DESEQUILIBRADO, E ALGUNHAS INTERPRETACIÓN POSÍBEIS

Tentar dar conta das achegas de Barreiro ao coñecemento e a comprensión da Galiza política contemporánea no longo século XIX, equivale case a percorrer os alicerces nos que, aínda a día de hoxe, se apoia o que sabemos dese tempo e dese espazo. Foi un pioneiro e hoxe é xa un clásico, a referencia por excelencia da que todos botamos man. Abriu camiños, balizounos, marcou as direccións, asfaltounos e por eles camiñan (camiñamos) todos os que seguimos ocupados e preocupados por esta centuria do XIX cada chisco un pouco máis esquecida, cando menos en Galiza, polas axendas historiográficas actuais centradas con evidente preferencia nas décadas posteriores a 1931. Nada ten de estraña nin de novidosa esta evolución que, pola contra, aparece lóxica e imprescindible no inacabado proceso de estudo e análise de pasados cada vez cronoloxicamente máis achegados á xeración actual, mais cómpre ir con tento para evitar saltos no baleiro, para progresar no coñecemento sen que iso implique esquecer as orixes e, sobre todo, para abordar procesos e situacións que, sen a referencia ao século XIX, teñen difícil comprensión. Para que nos entendamos: o Sexenio Democrático de 1868-1874 é un deses ocos que chaman a berros polo seu historiador (ou, por falar dos comezos do século XX, a Ditadura de Primo de Rivera); a ollada á II República debería facerse emprestando maior atención ao desenvolvemento do republicanismo nas cidades e vilas galegas desde moito antes de 1931, e o mesmo pode argumentarse a respecto da análise do que supuxo a guerra civil de 1931-1936 que, entendo, debería partir da perspectiva imprescindible dos enfrontamentos fratricidas desenvolvidos de 1808 en diante. E se do que falamos non é de xeiras concretas senón de temáticas que pola súa mesma xénese e evolución son de amplo percorrido e espectro dilatado (democratización, culturas políticas, relacións de xénero, asociacionismo, servizos públicos e comunitarios...), tentar comprendelas sen ter minimamente fixadas súas orixes na centuria do 1800 suporía estarmonos a facer trampas ao solitario.

A imaxe que os estudos de Barreiro proxectan a respecto da Ilustración galega (1989, 1996, 1997), partillan da visión amplamente dominante para o conxunto do Estado dun movemento limitado nas súas posibilidades, nos seus obxectivos e nas súas ambicións. O modelo da Ilustración francesa para sobre esta reflexión, porque igual que ningunha revolución burguesa merecía esta consideración se non seguía o modelo galo, ningunha Ilustración podía presentarse como tal de non replicar o formato canónico desenvolvido en Francia. Por dicilo dun xeito breve, confundíase o que logo demostrouse que era unha excepción (Francia) coa norma a seguir, cos resultados que calquera pode maxinar: todas as «ilustracións» palidecían e perdían cor na comparación, tamén, por suposto, a galega. En Francia, logo dos estudos de investigadores como Roger Chartier, a hipótese dunha revolución xestada a partires das ideas ilustradas e dun liberalismo fillo delas, estaba á orde do día. Eran as orixes culturais do proceso aberto en 1789, o marco de referencia case obrigado para calquera investigación que tentase fixar as ilustracións domésticas. Ao partir deste presuposto, a conclusión non era sorprendente: en Galiza o movemento ilustrado

fora moi limitado nos seus cultivadores, por completo dependente dos poderes dominantes (igrexa e monarquía absoluta) e politicamente castrado, de tal xeito que non fora quen de servir como alicerce para o posterior desenvolvemento das ideas liberais. Ningunha conexión, xa que logo, entre Ilustración e Liberalismo, ningún contacto que por evolución xenealóxica levase dunha situación á outra. A parte ilustrada do despotismo apenas dera para formular algunhas propostas de carácter económico e cultural, mais sen cuestionar a orde vixente, a organización estamental e a obediencia absoluta ao soberano. A Ilustración en Galiza fracasara igual que o fixera logo o liberalismo, un fracaso que para Barreiro era a cuestión historiográfica a tratar e a resolver (Barreiro, 1989:180; 2007:20-22).

Nesta valoración queda un pouso, coido que evidente, referido ás supostas misións históricas de determinadas clases e ás supostas traizóns en que incorreron por non liderar unha revolución burguesa ineludíbel na visión marxista da historia. Mais se partimos dunha consideración non teleolóxica dos procesos históricos, se entendemos que as experiencias de clase varían segundo os contextos considerados e que, xa que logo, non existen camiños obrigados nin forzosos que percorrer na marcha das sociedades, o esqueleto de base muda de aspecto e permite olladas máis centradas na valoración *experiencial* dos actores (individuais e colectivos) e nos condicionantes dos contextos concretos, que non no maior ou menor axuste da dinámica histórica particular ao acontecido noutras latitudes ou á súa sintonía con modelos teóricos e ahistóricos. Claro que todo isto é un froito madurecido da crise dos macromodelos historiográficos (marxismo, escola dos *Annales*, teoría da modernización...) que se desenvolve desde as derradeiras décadas do século XX, de tal xeito que súas ondas expansivas nin sequera chegaran á historiografía galega cando Barreiro desenvolve súas teses sobre a Ilustración galega como «ocasión perdida» nos finais da década de 1980.

Nin o dominio da razón nin a aposta polo principio da soberanía nacional son columnas basais dos nosos ilustrados, afirma Barreiro con razón. De igual xeito, argumenta, é visíbel que os ilustrados que seguen vivos após 1808 non comungan, en xeral, coas doutrinas liberais, de tal xeito que todo asemella axustarse á súa tese da nula relación en Galiza entre ilustración e liberalismo. Pero, e nunha contradición máis aparente ca real, non pode tampouco, erudición mediante, deixar de recoñecer as achegas individuais dos ilustrados ao avance nos eidos da cultura, da valoración do traballo manual, da economía e da ciencia, e sobre todo seu papel na descuberta dun novo obxecto de estudo con entidade de seu: Galiza, e iso un estudoso co perfil galeguista de Pepe Barreiro non podía deixar de recoñecelo como valioso (Barreiro, 1997:140), sobre todo porque permitíalle conectar a xeración dos ilustrados coa dos xoves universitarios da década de 1840, eses provincialistas que poñen ao país no centro do seu pensar. Claro que o noso historiador tería preferido un «vento de fronda» que levase por diante o Antigo Réxime e no seu canto atopou unha «suave e benéfica brisa» ilustrada, mais isto é o que ten pescudar no pasado sen anteolleiras e con honradez intelectual.

Mais con todas estas limitacións, que en realidade sono máis de ollalas nun marco comparativo que privilexia o escenario francés que se o facemos nun campo de xogo estatal ou con outros *partenaires* como os estados alemáns ou os italianos da altura (Blom, 2012), Barreiro percibe un contraste que cómpre explicar entre o que define como morno vendaval ilustrado e o furacán que chegará a Galiza após 1808, cunha presenza moi salientábel do ideario reformista e liberal, como deseguido repasaremos. E por iso pescuda nas «disidencias», todo o individualizadas e puntuais que se queira, mais disidencias ao cabo, que tampouco fallan nesa Galiza de dominio fidalgo e clerical (Barreiro, 1996). Após 1789 as autoridades borbónicas erguen un cordón sanitario para evitar a chegada de ideas subversivas da orde e revolucionarias, mais a condición costeira e de fronteira, mar por medio, de Galiza, descúbree con demasiados buratos como para conter unha onda que avanza imparábel. Nos barcos que atracan, nos seus capitáns e pilotos, nos xornais que transportan, nas xentes que desembarcan, nos libros e folletos que arriban mesturados coas mercadorías comercializadas («literatura clandestina»), viaxan argumentos novos, proxectos de sociedades diferentes, futuros imaxinados distintos, que por máis que quizais só calen nunha minoría (aínda que habería que estudar que acontece coa poboación que pulula ao redor de portos como Ribadeo, Viveiro, Ferrol, A Coruña, Corcubión, Carril ou Vigo), unha vez postos en circulación toman vida propia e, por modesta que sexa, inician un traxecto de seu imposíbel de predicir na súa derrota e son quen de chegar a públicos, de certo máis por vía oral ca escrita, nun principio insospeitados⁷:

«Descoñecemos a influencia que puido ter esta literatura entre o pobo, pero determinadas convulsións populares que se documentan a partir de 1808 e o larvado anticlericalismo galego quizais recibiran un impulso desta anónima literatura, escrita para e en favor do pobo». (Barreiro, 2007:31).

Convén, con todo, e por falla de pescudas, non levar demasiado lonxe esta posibilidade, moi condicionada pola enorme forza social que a tradición e os poderes alicerzados nela manteñen no país, mais tampouco desbotala como explicación posíbel da presenza, na alborada da contemporaneidade galega aló por 1808, de individualidades (intermediarios culturais) que partillan de proxectos reformistas no eido cultural, socioeconómico e mesmo político, na liña dun liberalismo primixenio e en xestación con máis ou menos empréstitos ilustrados, que serán quen de pór en marcha xornais, de editar publicacións, de facer proselitismo e de actuar nos novos espazos de poder político a partir de coordenadas que poñen en cuestión os alicerces do

⁷ «[No espazo transatlántico] les circulations d'idées, de personnes, de pratiques, de savoirs, sont absolument indispensables pour écrire une histoire de politique» (Dupont e Renault, 2022).

Antigo Réxime⁸. Aquí comeza a tirapuxa entre absolutismo-liberalismo que ocupará grande parte dos esforzos investigadores de Barreiro, con achegas imprescindíbeis para situar a cuestión e para seguila no decurso do século.

A fixación e a comprensión desta liorta, reproducida a nivel estatal e europeo, ten en Galiza un escenario privilexiado e particularizado. Privilexiado porque súa condición de terra de fronteira, terrestre e marítima, facilita os intercambios de persoas, de ideas e de saberes nun tempo no que as ondas, e non tanto os camiños, eran a vía de comunicación preferente, e particularizado porque a presenza da cesión foral como fórmula maioritaria de xestión da terra, outorga unha estabilidade na posesión («dominio do útil») ao maioritario campesiñado que, de feito, Barreiro situará como a clave de bóveda na tese da «neutralidade» política que lle apón. *Liberales y absolutistas en Galicia (1808-1833)*, de 1982, é aquí a referencia tan obrigada como ineludíbel. Entendo, de feito, que é con este libro cando comeza o estudo sistemático, rigoroso e continuado da Galiza política contemporánea, nun ronsel daquela apenas definido por Ramón Otero Pedrayo e, desde a distancia, por Emilio González López, por sinalar dous exemplos sobranceiros. Case todos os temas que logo desenvolverá máis polo miúdo teñen aquí presenza e un primeiro tratamento. A hipótese, rotunda e repetida, é a dun campesiñado que, a diferenza do que puido acontecer noutras zonas do Estado, en ningún intre amosou seu apoio ao absolutismo, mais tampouco se aliñou co liberalismo en xestación: «se mantuvo en una obstinada neutralidad» (Barreiro, 1982:15). A razón é estrutural: nin uns nin outros tiñan nada que ofrecer polo que facía á propiedade da terra, asegurada para o campesiñado no seu dominio do útil vía fórmula foral.

En realidade, a publicación é menos iniciática do que poida semellar a primeira vista, porque Barreiro xa dera á luz, en 1976, *El carlismo gallego* e, entre 1978 e 1981, «La reacción absolutista en Galicia en el Trienio, 1820-1823», «Los orígenes del pensamiento reaccionario y liberal en Galicia (1808-1833)» (os dous en *Cuadernos de Estudios Gallegos*) e «Os primeiros liberais galegos», de 1981, en *Grial*. E ao seu carón, o imprescindible *El levantamiento de 1846 y el nacimiento del galleguismo*, de 1977 (do que ofrecera un adianto xa en 1975: «Pronunciamento de 1846 e rexionalismo galego», tamén en *Grial*), de tal xeito que se sumamos todas as achegas resulta que *Liberales y absolutistas* asemella máis un froito xa madurecido que non unha novidade. Se aínda así pode presentarse como un traballo auroral, é porque xunta en síntese feliz posibilidades de pescuda que ata entón aparecieran espalladas e porque define a súa tese dunhas liñas de fractura sociopolíticas derivadas da respectiva posición dos actores diante dos factores de produción, de tal xeito que o proceso revolucionario estaría condicionado polos intereses das «clases sociales»

⁸ Quero salientar, moi en especial, a análise que Barreiro fai das pastorais de bispos galegos de finais do XVIII-comezos do XIX con referencias, non unicamente puntuais, á presenza nas súas dioceses de literatura prohibida e de individuos que se esforzan por facela comprensíbel aos seus veciños, que algúns temos procurado aproveitar nas nosas propias investigacións.

en pugna, polos seus «intereses económicos de base»: burguesía dunha banda e clero e fidalguía da outra («eran una sola clase»; «frente clerical-fidalgo»: Barreiro, 1982:86; 1981:430), cun pobo maiormente campestre que teima nunha postura de neutralidade entre ambos os dous contendentes. Ecos de Tuñón de Lara ou de Josep Fontana resoan aquí con forza, mais a particularidade é que Barreiro establece a súa hipótese tomando como referentes explícitos non tanto a estes autores, senón a aqueles outros que teimaban na presentación do liberalismo como unha innovación allea a unha clases populares valoradas case unanimemente como realistas. De aí, precisamente, as críticas rotundas que fai aos traballos de Rodríguez Eiras («errores de bulto», «cronología disparatada»: Barreiro, 1982:67, 70, 86) sobre o realismo na Galiza do Trienio, publicados en 1966 e 1967 en *Cuadernos de Estudios Gallegos*.

Para o historiador de Ribeira as ideas liberais entran con forza en Galiza, case sempre *per loca maritima*, e aposentan con preferencia no colectivo dos comerciantes, negociantes e navieiros, nesa burguesía de negocios (nunha elevada porcentaxe de orixes foráneas) que ten seus espazos naturais nos portos do país e, en menor medida e máis modestamente, nas oficinas capitais das sete provincias do vello reino. E tamén nos oficios de pluma que integran a cohorte de avogados, escribáns, procuradores, impresores e algúns empregados estatais xunto cos contados representantes das artes médicas e farmacéuticas. A estes apenas se poden engadir algúns docentes da universidade compostelá, a carón de mandos militares (Barreiro, 1996 a) que igualmente adhíren ás novas ideas que falan de reformas e de inéditos dereitos políticos, dunha economía libre de gremios e de limitacións comerciais, dunha terra desamortizada e convertida en mercadería e dunha sociedade aberta ao talento e ao esforzo sen privilexios estamentais. Pola contra, «hacendados» e eclesiásticos, cando menos dunha maneira xeral, serían refractarios aos novos ventos chegados alén dos cumios pirenaicos e tamén, aínda que con menos intensidade, de alén mar, desa Gran Bretaña que cortara a cabeza real xa en 1649, e mesmo da nova república norteamericana da que arriba, para aposentar por anos n'A Coruña, en 1809 un liberal neto como Valentín de Foronda, excónsul de España en Filadelfia. Nesta primixenia presentación de liberais e realistas, domina unha ollada alicerzada en bloques que hoxe sabemos eran menos compactos do que se supuña, mais que na altura dos anos 80 aparecían claros para seus estudosos, e por iso o noso historiador falaba dunha burguesía, de negocios e intelectual, dotada dunha «inicial conciencia de clase» que confronta cun «frente clerical-fidalgo», cunha igrexa nada disposta a ceder nos seus privilexios mundanos e no seu dominio das mentes e cunha fidalguía temerosa de calquera cambio que cuestione súa posición de privilexio no país, ata o punto de afirmar que os fidalgos «no podían ser outra cosa que realistas» (Barreiro, 1982:86).

A disputa liberalismo-realismo, reformismo-continuismo, queda deste xeito definida socioloxicamente, cunha división que, *mutatis mutandis* (como diría o mestre Justo Beramendi), serve tamén para a liorta que, sen solución de continuidade, segue entre liberalismo e carlismo. É a historia como loita de clases, dos que aposentan seu poder sobre «bases agrarias» fronte dos

que o fan sobre «bases industriais e comerciais», a historia como «loita de intereses». Mais o noso historiador, por moito que sitúe seus alicerces como profesional nunha versión persoal do materialismo dialéctico (como fan, ou facemos, varios), é demasiado esixente e respectuoso coas fontes como para forzalas a encaixar nun esquema previo altamente intelectualizado e, xa que logo, xeral de máis para dar resposta cumprida a procesos históricos non só territorializados (é, xa que logo, con características propias a ter en conta) senón tamén, madría leva, protagonizados por individuos de carne, oso e conciencia que non se limitan a seren simples monicreques teledirixidos nun xogo definido por «leis» resultado da revisión que Marx fai da dialéctica de Hegel. O culto á historicidade, á que tantas veces ten apelado por exemplo Jesús Millán, evita o sempre perigoso abuso da teoría, desa «miseria da teoría» de que falou E.P. Thompson. En canto guía da investigación é necesaria e ata imprescindíbel, mais son as preguntas dirixidas á documentación (idealmente unhas e outra sempre en aumento) e as respostas, necesariamente provisórias, tiradas do traballo de análise, o saber cada vez un chisco máis, as que fixan noso coñecer sobre do pasado. Por iso, por exemplo, Barreiro esfórzase por situar aos partidarios do carlismo «no seu verdadeiro contexto humano» e ata na súa «atmósfera sentimental», é dicir, alén do que se supón determina a impersoal dialéctica clasista (Barreiro, 2008:11), e de aquí que non dubide en dar a razón a Jordi Canal e a abeirar un tanto o estudo «das infraestruturas e superestruturas» para termar na importancia dos elementos culturais, simbólicos e relixiosos que, porén, apenas se chegará a esbozar no seu traballo.

Expresado doutro xeito: só o estudo de novas fontes, só a ampliación do saber grazas ao traballo delongado en arquivos, só as preguntas correctas e ambiciosas feitas á documentación poden validar a teoría e as explicacións de ambición ontolóxica. É un empirismo ben entendido que Barreiro defendeu de palabra e con feitos, que sempre tentou transmitir aos seus discípulos, cunha busca incansábel de vestixios que achegasen algo de luz aos interrogantes vellos e novos feitos desde o presente. O emprego exhaustivo que fai do fondo Castroviejo-Blanco Cicerón, do de Baltar depositado na Deputación de Pontevedra, do *Diario* de Martínez Villaverde; as descubertas de inéditos de prensa, de libros e folletos, o exame das causas xudiciais depositadas no Arquivo do Reino ou o excelente coñecemento dos traballos de Murguía, Portela Pazos ou Otero Pedrayo, por sinalar tres clásicos, acreditan este seu degoiro. Ao remate, o respecto pola historicidade obríga a diminuír o peso dos condicionantes estruturais na acción da *agency* singular e colectiva, nun adelgazamento inversamente proporcional ao engorde que ten a continxencia, por mais que non sempre isto se reflecta no discurso ou na presentación teórica dos seus traballos. E de aquí que nos realistas e carlistas tamén atope algúns representantes da burguesía letrada (o pai de Antolín Faraldo, sen ir máis lonxe), varios comerciantes santiagueses, lugueses, mindonienses, tudenses, ourensáns... ou militares de carreira, mais en correspondencia tamén que entre reformadores «doceañistas» e liberais de segunda xeración indique a presenza de eclesiásticos (Manuel Pardo de Andrade, Juan García Benito ou Manuel Cid Feijoo) e, por suposto, de moitos «hacendados»

e fidalgos, que neste caso lonxe de actuar de acordo cun marcador de clase o que fan é repartirse entre diferentes culturas políticas nunha distribución que, para súa comprensión cabal, esixiría un traballo de reconstrución contextualizada das traxectorias individuais (Barreiro, 2007 a:24, 50). Coido, asemade, que non pode falarse de simples excepcións que confirman unha suposta regra (e tampouco creo que este sexa o debate correcto), senón da complexidade dos aliñamentos que escapan ás cómodas definicións «socioloxistas» porque, se ben estas poden ter un fondo de veracidade (haberá que comprobalo para o obxecto de estudo considerado en cada caso), nunca cabe dalo por suposto nin empregalo a xeito de comodín, ademais da obriga irrenunciábel de partir sempre do carácter temporal, cambiante e contextual de calquera marcador sociolóxico.

E outro tanto cabe falar dese «pobo» tantas veces interpelado por Barreiro, nunha presentación que ten máis de definición en negativo (intégro os que non forman parte da fidalguía, a burguesía e a clerecía) que de apelación propositiva. Pobo son os campesiños (enténdese que en todas as súas variantes internas, dende o foreiro abastado que subfora terras ata a «camareira» que malvive cun traballo a xornal), os mariñeiros, os «menstrales» e artesáns, os tendeiros e comerciantes máis modestos; vaiteos, os que aparecen amalgamados no sintagma clases populares, outra redución por simplificación de situacións moi variábeis e moi distintas entre si. E isto porque dentro dese pobo representado tamén hai clases, non no sentido marxista senón no da distinción derivada do oficio e do traballo, do acceso a certos rudimentos educativos, da propia autopresentación en sociedade, do dereito ao voto, da integración entre os voluntarios da Milicia Nacional ou da posición que se ocupa, poñemos por caso, na procesión do Corpus⁹.

Na interpretación de Barreiro Fernández salienta, por riba de todo, unha consideración dos grupos populares como basicamente alleos ás liortas ideolóxicas, en especial o maioritario campesiñado («obstinada neutralidad»: Barreiro, 1982:15, 57; 1997 a:14). Nin constitucionalistas e realistas primeiro, nin liberais e carlistas despois, terían nada que ofertarlles abeirados como estaban na posesión do útil por obra e graza da cesión foral. Nada, tampouco, tiñan que temer dunhas propostas sobre da propiedade e a xestión da terra que pasaban sen apenas rozala sobre desa particular forma de enfeiteuse que supuña o foro. Que na liorta civil vencesen uns ou outros, semellaba pouco relevante para a sorte inmediata dun campesiñado de vida sempre no arame, cun ollo pendente do ceo e temeroso de que unha mala colleita supuxese fame nos meses de soldadura, mais tamén certo de que, mentres pagase a renda, ninguén o despojaría das terras traballadas. O estudo, polo miúdo, dos integrantes das partidas realistas e carlistas capturados e/ou presentados a indulto, ratificaba a escasa presenza porcentual de campesiños nas súas ringleiras, e isto sumado a que tampouco ese grupo labrego manifestaba unha adhesión entusiasta e maioritaria ás novas institucións liberais, fechaba un círculo explicativo case perfecto. Por isto, e a dife-

⁹ Unha reflexión recente sobre a historicidade do concepto «pobo» en relación coa representación política, en Sánchez León (2022).

renza do País Vasco ou de Catalunya, en Galiza non houbera exércitos carlistas senón só partidas illadas e pouco conectadas entre si, dabondo para manter un estado de tensión e de inqueda no país, e mesmo para obrigar á declaración de estados de guerra, mais non para erguer unha forza militar que desafiase ao nacente estado liberal. E, como resposta á mesma lóxica da neutralidade, ese pobo, cando puido votar nas eleccións a Cortes de 1810 e 1814 e entre 1820-1823, fíxoo «sen ilusión ningunha» porque era «absolutamente indiferente ao que acontecía en Cádiz ou en Madrid» (Barreiro, 2008:28, 33). Na maior parte dos casos, en resumo, foi «un atordoado espectador que moi poucas veces opta por algún dos bandos en contenda» (Barreiro, 2008:35).

Aquí resoan ecos da entón (anos 80 do século XX) moi en boga teoría dunha alianza informal entre aristocracia e burguesía para superar o Antigo Réxime sen a necesidade de pasar por un proceso revolucionario ao estilo francés, cunhas clases populares apenas valoradas como carne de canón e incapaces de entender o que estaba en xogo. Barreiro, de maneira explícita, asume esta variable explicativa, e mesmo fala de «estafa» ao pobo para cualificar ao proceso desamortizador aberto en 1836, agora na liña clásica que comezara, xa na década de 1840, o asturiano Álvaro Flórez Estrada (Barreiro, 1997 a:59-60; 1984 a:51; 2008:171). O exemplo revolucionario francés era a vara de medir aplicábel a calquera revolución que aspirase a selo en maiúsculas, e iso impuña límites estritos á valoración de procesos de transformación que non replicasen a experiencia gala. A alcumada «vía prusiana» dominaba o panorama historiográfico: unha Ilustración morna xerara unha revolución frustrada, un camiño no que, como no *Gattopardo* de Lampedusa, todo mudaba para que todo continuase igual. Porén, estudos rexionais, sobre todo para a zona valenciana e catalá, introduciron logo maior complexidade nese período do primeiro terzo do XIX, de tal xeito que serían as distintas situacións de chegada do *ancien régime* (un tempo en si mesmo máis plural e menos absolutista do que se supuña) en cada territorio as que explicarían as diferentes configuracións políticas e socioeconómicas que se dan logo de 1808 (e mesmo antes). En consecuencia, non en todos os casos a tese da *rivoluzione mancata* era aplicábel e, sobre todo, cumpría deixar de considerar o caso francés como exemplar, como o espello no que mirarse, para valoralo máis ben como unha excepción o, se se quer, como unha máis das entradas posíbeis nunha contemporaneidade orfa de camiños marcados e que presentaba múltiples vieiros de desenvolvemento. E algo semellante ten acontecido coa ollada sobre o proceso desamortizador e a suposta traizón por convertelo non nun reparto de terras senón nunha venda ao mellor postulador que, por suposto, non podía ser o campesiñado. Na mente de Mendizábal non semella que estivese un proxecto de repartición, senón liberar a propiedade dos ferros que a apreixaban e deixar que as forzas do mercado a levasen ás mans teoricamente mellor dispostas para aumentar súa produtividade. Nalgúns casos (apenas en Galiza), houbo sectores acomodados do campesiñado que participaron das mercas e estratos da nobreza perceptores de rendas por vía xurisdiccional e non territorial que se viron prexudicados pola nova situación, mais sobre todo cómpre salientar que se na fin da amortización a popularización e a democratización da propiedade non foi o obxectivo (ou, en todo

caso, non o fundamental), dificilmente se pode falar de traizón. É unha cuestión de obxectivos e de expectativas, non de asignar aos actores libretos que nunca quixeron representar.

Pero máis unha vez, Barreiro acadará superar as estreiteces e as limitacións do modelo de partida grazas ás preguntas que fai ás fontes e ao traballo perenne por atopar nova documentación coa que contrastar o enfoque teórico. Faino ao sinalar, por exemplo, os casos de «paisanos» que avisan ás autoridades da presenza de partidas carlistas; das numerosas agrupacións de milicianos urbanos que as perseguen; do «elenco grandísimo de casos» nos que campesiños mobilízanse contra as guerrillas do Pretendente (Barreiro, 2008:91, 97, 100, 159, 257; 1982:88-89; 1997 a:13), ou dos escasos esforzos feitos por ese pobo na defensa do Antigo Réxime, sinal de que se dunha banda as ideas reformistas e liberais presentaban obvias dificultades de transmisión e arraigo, da outra o ideario absolutista non tiña atractivo dabondo como para xerar unha reacción popular ao seu prol (Barreiro, 1982:47-48). Expresado noutras palabras: ese «pobo» non era tan neutral, tan aséptico e tan afastado da dinámica política como sinalaban os enfoques teóricos dominantes, porque sectores significativos, aínda que en termos porcentuais resulten escasos, si apostan pola defensa activa dun ideario reformista e liberal, mesmo coas armas na man e con perigo certo de perder a vida nas correrías contra realistas e carlistas. É ese primeiro liberalismo expansivo que ergue ilusións e expectativas dentro de sectores sociais moi plurais, como ten argumentado María Cruz Romeo. Isto acontece en áreas urbanizadas (na medida en que poida falarse delas para a Galiza da primeira metade do s. XIX), mais tamén en vilas cabeceiras comarcais que actúan como espazo de intersección coa contorna rural. Neste caso, e para estas datas, quizais sería moi convincente e máis operativo e clarificador non movérmolos con dicotomías que lle cadran mal (rural/urbano), e si con nocións nas que a continuidade e non a creba é o paradigma (convén lembrar a Otero Pedrayo e a súa afirmación do agro que penetra ata o corazón de Compostela). Deste xeito, as relacións socioeconómicas tan fluídas que sabemos existían entre as áreas que contaban xa con servizos urbanos e seus *hinterlands* rurais conviría trasladalas tamén ao eido da política, e superar dunha vez o estigma dos campos como espazo refractario ás formas da política moderna e máis ideoloxizada. De igual xeito que hai xa que abrir as orelleiras e deixar de repetir o mantra do analfabetismo como pedra insuperábel no camiño da politización, porque para acceder ás novas ideas non se precisaba ler senón poder escoitar, e intermediarios culturais que lían xornais e folletos e propiciaban discusións non faltaban naquela Galiza. Como ben sabían os milleiros de cregos espallados polo país, para tentar convencer e adoutrinar a unha masa maiormente analfabeta non había que botar man de tinta senón de bos pulmóns e dunha *performance* convincente.

Nesta liña, non son simple anécdota as advertencias que, nos anos entre 1823 e 1830, realizan os prelados galegos respecto dos libros e folletos que atoparon ata nos recunchos máis afastados das súas dioceses e que sementan divisións no seo do seu rabaño, espaxados e verbalizados por homes «malvados» que ousan falar contra da autoridade divina e humana (Barreiro, 2016:162-194; Veiga, 2017:283-297). Como tampouco as pugnas que se producen con ocasión das elec-

cións municipais nas épocas de dominio constitucional en que poden desenvolverse, que lonxe de manifestárense asulagadas pola indiferenza, fano mediadas por enfrontamentos entre partidarios e opostos ás reformas, sobre todo polo que fai á definición do sufraxio pasivo, é dicir, de aqueles que teñen dereito a exercer o seu voto para pór nomes e apelidos ao poder local institucional. Aquí poucas dúbidas hai de que a política avanza de a cabalo dos intereses locais, e que por aquí penetran ideas e abstraccións que adquiren corporeidade nas novas facianas que apousentan seus reais nas cadeiras consistoriais, a proba máis palpábel de que algo estaba a cambiar, tamén na vida política (Veiga, 2017). Os graves problemas que as autoridades constitucionais teñen para definir o mapa de concellos galegos polos múltiples intereses en loita, apuntan na mesma dirección dunha vida política activa á que as clases populares en absoluto resultaban alleas.

Masas carlistas non houbo en Galiza, cando menos non mobilizadas. Esta é unha tese forte de Barreiro que continúa a ter toda súa vixencia, igual que o lastre que supuxeron para a causa as diferenzas e egos persoais dos distintos xefes militares incapaces de consensuar unha dirección única e compartida, outro factor que explica súa febleza combatente e ao que quizais conviría outorgar máis peso na comprensión das súas limitacións. Porén, disto non cabe deducir que o carlismo carecese de apoios no país, tamén entre as clases populares, e non só por motivacións mercenarias. Vendéas hai poucas, e mais unha vez hai que tomar distancia do caso francés e non empregalo como esixente espello de réplica. É certo que outras áreas da monarquía (País Vasco, Catalunya, zonas de Aragón e València, en especial) si se achegan a replicar o fenómeno *vendeano*, con recruta masiva de homes e apoios abertos e explícitos de poboacións á causa antirevolucionaria en amplas zonas do seu territorio, algo que non acontece nos pagos do noroeste. A presenza do foro, como xa se indicou, explica de maneira razoábel esta diverxencia, mais como o noso historiador soubo ver hai máis factores a considerar. O respecto pola dinámica histórica actúa tamén agora contra xeneralizacións abusivas, porque ao tempo que demostra a consideración asalariada dos «voluntarios» carlistas que serven como soldados (no que, por outra banda, é unha realidade compartida cos homónimos do leste do país e que non invalida a presenza de outro xénero de motivacións), Barreiro non pode menos ca constatar a presenza dun sustento ao carlismo moi potente nas vilas de carácter episcopal, auténticos alicerces financeiros das partidas do Pretendente, e do que resulta difícil argumentar que non se estendese tamén a grupos das clases populares que igualmente participarían dunha cultura política carlista. Só así atopa explicación, por exemplo, o recibimento en apoteose que as tropas de Gómez teñen ao entraren en Santiago de Compostela, cunha poboación entusiasmada pola súa presenza, as moitas simpatías que o ideal carlista esperta en poboacións como Tui, Ourense, Mondoñedo, Lugo, Arzúa, Melide ou A Fonsagrada, ou que diante da multiplicación de accións carlistas ás autoridades militares non lles quede outra que impor o estado de guerra en xeografía amplas do país. A guerra faise con homes, certo é, mais tamén cos diñeiros, auxilios e apoios dos non combatentes: como di Barreiro, en Galiza houbo máis dos segundos ca dos primeiros, mais por isto mesmo subliña a necesidade de analizar e com-

prender a estes «carlistas de salón». Unha vez sinaladas as razóns da debilidade bélica do carlismo, o que cumpría sería analizar o realmente existente alén das partidas mobilizadas.

O certo é, porén, que apenas se chegou a afondar nesta segunda liña de análise porque as urxencias investigadoras encarreiráronse cara outras direccións. Na revisión que fai en 2008 do seu clásico sobre do carlismo de 1976, indica esta súa intención con mención incluída aos estudos de Jordi Canal, menos interesados na compoñente sociolóxica e armada do carlismo e máis non seus aspectos de cultura política (Barreiro, 2008:18-19). Aquí o mestre do Barbanza alude aos apartados culturais, simbólicos e relixiosos da cultura política carlista, ao peso da herdanza familiar para explicar a continuidade do movemento, á fidelidade a un ideario e case a un xeito de entender a vida e a existencia (mais que a unha fría ideoloxía) como factores a valorar; en definitiva, ao que podemos conceptuar como unha «relixión política». Mesmo deixa clara súa admiración polos que, enchidos do «romanticismo máis puro», souberon loitar e morrer por un ideal. A lóxica investigadora podería telo levado a afondar nesta quinta columna carlista agochada en vilas e poboacións, cun traballo demorado de identificación mais tamén de estudo dos marcadores da súa cultura política, mais a cousa restou en proxecto. Recolle varias cantigas carlistas, algúns bandos de militares de Don Carlos, salienta individualidades que destacaron polo seu proselitismo, mais sen que estas incursións derivasen nunha abordaxe ampla e sistemática desta liña posíbel de traballo. Coñecer máis e mellor as «key words» da cultura política carlista, os conceptos máis reiterados nos seus folletos, proclamas e discursos, as imaxes e símbolos empregados, os referentes presentados como inimigos (en especial os milicianos da Nacional), as institucións defendidas e as que se queren derrubar, as promesas feitas para captar adeptos, a especial relación coa violencia e coa posesión de armas, os aliñamentos de clase argumentados cos liberais presentados como os «ricos», os que visten librea, os socialmente distantes, os que crean novos impostos e os que gustan da letra impresa, as críticas ás novidades entendidas como asaltos a unha tradición en último extremo validada por Deus, as acusacións rotundas de ateísmo e obediencia masónica confirmadas polos destellos de prelados..., en fin, o conxunto de marcadores reais e imaxinados propios do que alcumou como a «gran cadea da familia carlista», tería sido moi útil para comprender dun xeito máis cabal e completo o fenómeno no conxunto dos seus ángulos e valorar mellor seu arraigo en sectores da poboación alén da fidalguía e dos eclesiásticos. Aquí e acolá, de maneira non sistemática e con menos precisión e fondura analítica da que nos gustaría, Barreiro albisca estes e outros aspectos, mais sen que seu escalpelo analítico penetre neles de tal xeito que deixa unha certa sensación de traballo comezado mais non rematado. A mesma que producen as tan contadas como valiosas referencias á experiencia carlista posterior a 1868, que relaciona coa aparición dunha vizosa prensa propia, coa erección de círculos carlistas en cidades e vilas, coas periódicas citas electorais e coa presenza literaria tanto de autores afíns como de temas vencellados á loita. Outros foron seus degoiros e outras as vías de pescuda desenvolvidas, mais regalounos camiños de tránsito posíbel e un título que ben

podería servir para continuar onde el o deixou ao falar dun «carlismo civilizado, un pouco de salón» (Barreiro, 2008:241).

Unha penúltima referencia ao Barreiro historiador da política ten que pasar, si ou si, pola mención do seu monumental *Parlamentarios de Galicia, 1810-2001*. Aparecido no 2001, é o froito madurecido dunha intuición que se viu favorecida polo vento de popa dunha renovación da historia política que nos inicios do novo milenio reviraba cara o estudo dos axentes máis directamente implicados na construción do estado liberal. As explicacións estruturais e totalizadoras, sociolóxicas e economicistas, deixaban demasiados ocos, demasiadas excepcións, contiñan demasiados baleiros como para resultar plenamente satisfactorias, de xeito que a historiografía aproaba cara unha ollada menos determinista e máis continxente cunha atención centrada na *agency*, na actividade (por suposto condicionada polo contexto) dos suxeitos individuais e colectivos. Os camiños marcados e predefinidos daban paso a corredoiras incertas cheas de reviravoltas, de cruzamentos, de estreiteces e ampliacións, de tramos ben acondicionados e outros apenas rozados, un horizonte no que mesmo o azar e o imprevisto xogaban seu papel. E aquí a prosopografía, a biografía dun grupo percorrido por trazos comúns e compartidos, atopa un acomodo natural. Xosé Ramón Barreiro, nas súa busca constante de nova documentación, levaba xa anos cun traballo paciente de amarear coñecemento sobre dos representantes galegos en Cortes, de tal maneira que á altura do curso olímpico de 1992-3 dispuña dunha base de datos moi notábel en ampliación constante, como puidemos comprobar os entón moi noviños aprendices de historiador que recibiamos seu curso de doutoramento.

Definir, pór nomes e apelidos a esa representación, nun tempo no que dispor deles nunha plataforma accesíbel era aínda unha quimera, foi unha primeira e traballosa labor, á que seguiu o estudo paciente das orixes familiares, das conexións de parentesco, dos perfís educativos e profesionais, dos alicerces económicos, das redes de relacións (formais e informais), das apostas políticas, dos marcos clientelares e de padroádego... que explicaban a presenza e, sobre todo, a continuidade de determinados apelidos nas cadeiras do Congreso e do Senado. Por entón era un traballo pioneiro, na liña máis vangardista do que estaba a acontecer no País Vasco ou en Castilla-León, aquí baixo a batuta e o maxisterio de Pedro Carasa, cuxa dirección do coñecido *Elites castellanas de la Restauración*, de 1997, marcaba o ton da pescuda máis actualizada sobre a historia político-parlamentaria. Neste traballo atopa Barreiro o prebe perfecto para desenvolver súas mellores cualidades como historiador: unha erudición sen límites, un coñecemento sen parangón das traxectorias vitais e profesionais dos «amigos políticos» que conforman a representación galega en Cortes, a capacidade para situar súas orixes familiares, para recrear seus comezos e valorar a importancia dos primeiros apoios que explican seu salto á vida política, súa comprensión das redes sociais informais forxadas na universidade, no seminario e, en xeral, naqueles espazos de socialización caracteristicamente decimonónicos (academias literarias, agrupacións da Milicia Nacional, faladoiros en vivendas particulares, ateneos, casinos, sociedades de recreo, etc.). Todo

ben articulado a partir dunha visión da política e do político onde, alén dos marcos ideolóxicos en construción, o realmente relevante é a cuestión do poder, a capacidade para manexar recursos que permiten condicionar as eleccións políticas de terceiros, sexa pola vía dos favores administrativos de xestión capitalina, ou pola do clientelismo que apousenta nos distritos electorais e nas redes de relacións forxadas na convivencia cotiá, nuns espazos locais en que a actividade política mestúrase sen solución de continuidade co social e co económico, a xeito dunha malla na que o número dos seus nódulos e as conexións fixadas entre eles, a súa «densidade», explica o maior ou menor éxito dos que podendo, querendo e sabendo (como diría Carmelo Romero) deciden dedicarse á vida pública (Barreiro, 1985).

Asemade, a prosopografía permítalle combinar dun xeito moi acaído súas nunca desmentidas querenzas dialécticas coa paixón con que se dedicaba a recrear os camiños persoais e intransferíbeis dos seus queridos parlamentarios, nun traballo que tiña moito de apostolado, de misión, para discernir como e de que xeito construíra Galiza a súa representación, sempre coa interrogante en mente de por que un país que nutrira de ministros a todos cantos gabinetes ministeriais foron, non acadou traducir esa presenza nun apoio decidido ao desenvolvemento dos intereses materiais da terra que os vira nacer. En «Debates ideolóxicos e políticos en Galicia no período 1846-1868», e se descontamos o que de obrigada peaxe contén a un discurso aínda entón (1986) excesivamente apegado a supostas oportunidades perdidas e a misións históricas non cumpridas (o Congreso Agrícola Galego de 1864 como ocasión desaproveitada para efectuar unha «profunda reforma agraria»), o noso historiador repasa, ao abeiro dun coñecemento sen competencia da prensa e a produción literaria da altura, os principais degoiros dunha sociedade galega que para Barreiro vivía a ficción de atoparse no inicio dunha fase de opulencia. Por iso fala de «atmósfera artificial», nunha sentença que ten un aquel de inxusta porque Galiza limitábase a reflectir o que era visíbel nuns tempos postrevolucionarios en que, dun xeito que logo demostrouse equivocado, creuse ter superada a fase de liquidación do Antigo Réxime e construído un consenso político ao redor da monarquía de Isabel II que permitiría concentrar as enerxías no desenvolvemento material. 1854, primeiro, e 1868 despois, demostraron que a partida política aínda estaba en xogo, mais entremedias a sociedade galega permitiuse participar das arelas de desenvolvemento e das esperanzas de progreso que entón lideraban Gran Bretaña e Francia.

Barreiro constatou e dou fe desta situación co repaso, cheo de coñecemento, das temáticas máis candentes destes anos (ferrocarril, emigración, reforma agraria, avances tecnolóxicos, papel da muller, educación, desenvolvemento bancario, provincialismo, primeiros gromos de loita obreira, actividade pesqueira, hixiene pública, beneficencia, asociacionismo, industrialización...). Certo que se referiu a esta prensa como «domesticada» en contraste coa anterior a 1846, e por aquí latexa o fondo galeguista do historiador que analizou unhas cabeceiras que entón levaban no seu nome a verba Galicia e que desexaría ver vizosas, con continuidade e cun traballo no proveito do país, mais iso non debería levar a conclusións extemporáneas sobre do que puido ter sido e

non foi, e si pola contra a situar esta produción nun contexto que, no político, está marcado polo dominio moderado e súa aposta de máis administración e menos política (que, na versión máis extrema, levaría ao experimento autoritario e reaccionario de Bravo Murillo) e, logo, pola experiencia da Unión Liberal. En todo, o país galego segue tendencias ben visíbeis a nivel estatal, tamén polo que fai a unha prensa que ten case vedados os temas políticos polas elevadas fianzas esixidas aos editores para poderen abordar estes contidos, e porque no ambiente había un cheiro de esperanza no progreso, co ferrocarril como abandeirado, que ningún observador neutral debería esquecer nin valorar como unha falsa expectativa. Era o signo dos tempos.

Para rematar, unha última referencia ao libro que, no que aquí importa, supuxo a derradeira achega de Barreiro á historia política. Refírome a *Os incómodos sociais. A transgresión intelectual en Galicia, séculos XVIII-XIX*, de 2019, un traballo que ata onde coñecín a Pepe Barreiro estou certo que lle encantou facer, e isto por varias razóns: porque lle permitiu abordar máis unha vez o xénero biográfico en combinación coa prosopografía (con achegas a Francisco María del Valle Inclán, Manuel Freire Castrillón, Domingo Antonio Fandiño e Juan Manuel Pereira)¹⁰, porque aborda catro traxectorias relativamente descoñecidas para o público xeral mais que tiveran presenza reiterada nos seus estudos, porque permitiulle demostrar outra volta súa capacidade para procurar sinerxias explicativas a partir dos seus coñecementos non só de historia senón tamén de literatura e mesmo de psicoloxía, porque dáse o gusto de tentar ofrecer explicacións a traxectorias heterodoxas, complexas, contraditorias e nada lineais e, en fin, porque son exemplos de loita sen descanso e sen medida por un ideal superior, sobre todo no caso de Fandiño e Pereira, e iso para o noso historiador sempre resultaba gozoso de historiar. Estou certo, asemade, que lle serviu para saldar algunha conta consigo mesmo e con algunhas opinións deitadas en traballos anteriores, por exemplo cando se referira duramente ao liberalismo de 1823 como «revanchista, sectario e incapaz de xerar un proxecto de convivencia entre tódolos cidadáns», cando reflexionara sobre o tempo aberto en 1833 con palabras fortes contra as conspiracións de signo progresista dirixidas polos «eternos incómodos sociais que non cabían nunha sociedade, dona de si, e disposta a non deposita-lo seu futuro, xa máis, nas mans duns poucos», ou cando equiparara aos «radicais do

¹⁰ Confeso, e descúlpome por esta mención en primeira persoa, que cando vin o libro botei en falla unha quinta biografía que repasase a traxectoria de Pablo Morillo, outro deses personaxes fascinantes, froito arquetípico da súa época, amado e odiado polos seus contemporáneos segundo tempos e visións políticas, sempre mencionado por Barreiro nos seus traballos, e que exemplifica como poucos a figura do «isabelino» ou do «cristino», que de liberal tiña o xustiño (demostrouno en 1823), mais que na disxuntiva de ofrecer súa espada á filla de Fernando VII ou ao seu irmán Carlos María Isidro, optou por decantala a prol da raíña-nena para converterse nun protagonista imprescindíbel da política galega nos anos transcendentais que se abren a partir de 1833, como Barreiro demostrou cumpridamente.

absolutismo» cos «radicais da liberdade», os dous na súa opinión voluntariamente expatriados do proxecto de construción política que arrinca en 1844, nunha afirmación que ao tempo que esaxeraba (coido) os compoñentes consensuais do período, non era correcta na equiparación que facía, nin para o tempo concreto de mediados do XIX nin vista en perspectiva histórica (Barreiro, 1997 a). Agora, ao referirse a xentes como Fandiño ou Pereira, representantes senlleiros deses radicais da liberdade antes criticados, en termos extremadamente positivos (Fandiño foi a voz dos sen voz, o defensor dos perseguidos e os desfavorecidos, o que se enfronta á administración de xustiza aínda sabendo que lle custará moi caro, e Pereira o revolucionario impenitente, o romántico que reaxe contra do centralismo e a restrición das liberdades e que loita pola democracia) salda unha débeda coa comprensión do pasado e, quen sabe, quizais con opinións expresadas no seu día que logo dun tempo resultan parcialmente corrixidas. Non é o menor dos seus méritos e, en calquera caso, o que estea libre de responsabilidade que tire a primeira pedra.

BIBLIOGRAFÍA

- BARREIRO FERNÁNDEZ, X.R. (1975). «Pronunciamento do 1846 e rexionalismo galego», *Grial*, nº 50, 413-428.
- (1976). *El carlismo gallego*. Santiago de Compostela, Pico Sacro.
- (1977). *El levantamiento de 1846 y el nacimiento del galleguismo*. Santiago de Compostela, Pico Sacro.
- *et al.* (1979). *Historia de Galicia*. Santiago de Compostela, Fronte cultural da ANPG.
- (1981). «Os primeiros liberais galegos», *Grial*, nº 74, 425-440.
- (1981 a). *Historia de Galicia*. Vigo, Galaxia.
- (1982). *Liberales y absolutistas en Galicia*. Vigo, Xerais.
- (1982-4). *Historia contemporánea de Galicia (siglos XIX-XX)*. A Coruña, Gamma.
- (1984). «Historia política», en X.R. Barreiro, F. Díaz-Fierros, G. Fabra *et al.*, *Los Gallegos*. Madrid, Istmo.
- (1984 a). «Xosé Arias Uría, un ministro progresista de Betanzos», *Anuario brigantino*, nº 7, 51-62.
- (1985). «Las elecciones de la Unión Liberal (1858) en la provincia de Orense y el tema del caciquismo», en J. de Juana y X. Castro (eds.), *Primeiras xornadas de Historia de Galicia*. Ourense, Deputación, 49-92.
- (1986). «Debates ideolóxicos e políticos en Galicia no período 1846-1868», en *Congreso Internacional de Estudos sobre Rosalía de Castro*. Santiago de Compostela, Consello da Cultura Galega, 355-370.
- (1989). «A Ilustración Galega: bases para unha interpretación histórica», *Grial*, nº. 102, 167-180.
- (1991). «Historia contemporánea. Política (siglo XIX)», en *Galicia. Historia*. A Coruña, Hércules.
- (1996). «Literatura clandestina: a crítica social na Galicia de finais do século XVIII», en P. Sánchez Ferro (dir.), *Entre liñas. Unha ollada á historia da cultura escrita en Galicia. Da Idade Antiga ao século XVIII*. Vigo, Universidade, 123-144.
- (1996 a). «Liberalismo y ejército en Galicia en el siglo XIX», en R. Fernández Ballesteros (dir.), *Cátedra «Jorge Juan». Conferencias*. A Coruña, UDC, 159-180.
- (1997). «O control ideolóxico na Galicia da Ilustración», en X.L. Barreiro *et al.* (coords.), *Censura e Ilustración*. Santiago de Compostela, Universidade, 139-153.
- (1997 a). *O liberalismo coruñés: a segunda xeración (1823-1846)*. A Coruña, RAG.
- (2001). «A burguesía compostelá (1760-1808), unha base de datos», *Semata*, nº 12, 35-66.
- (2001 a). *Parlamentarios de Galicia. Biografías de deputados e senadores (1810-2001)*. Santiago de Compostela, Parlamento de Galicia-Real Academia Galega.
- (2007). «Historia política da Galicia contemporánea. A transición política (1789-1833)», en X.R. Barreiro e R. Villares (coords.), *A gran historia de Galicia*. A Coruña, La Voz de Galicia, v. I.
- (2007 a). «Historia política da Galicia contemporánea. De Isabel II á Restauración (1833-1874)», en X.R. Barreiro e R. Villares (coords.), *A gran historia de Galicia*. A Coruña, La Voz de Galicia, v. II.
- (2008). *O carlismo galego* (2ª edición corrixida e aumentada). Ames, Laivento.
- (2009). *Historia social da Guerra da Independencia en Galicia*. Vigo, Xerais.
- (2012). *Murguía*. Vigo, Galaxia.
- (2016). *Los perdedores. La represión política en Galicia en el siglo XIX*. Ourense, Deputación.
- (2019). *Os incómodos sociais. A transgresión intelectual en Galicia. Séculos XVIII-XIX*. Francisco María del Valle Inclán, Manuel Freire Castrillón, Domingo Antonio Fandiño, Juan Manuel Pereira. A Coruña, Trifolium.
- (2021). «Galicia y el trienio constitucional», en A. Romero e X. Alfeirán (eds.), *A Coruña, baluarte da liberdade, 1820-1823*. A Coruña, Instituto José Cornide de Estudos Coruñeses, 49-66.
- BARREIRO FERNÁNDEZ, X.R. e VILLARES, R. (2007) (coords.). *A gran historia de Galicia*. A Coruña, La Voz de Galicia.
- BLOM, Ph. (2012). *Gente peligrosa. El radicalismo olvidado de la Ilustración europea*. Barcelona, Anagrama.
- DUPONT, A. e RENAULT, R. (2022). «Introduction», *Mélanges de la Casa de Velázquez*, nº 52-1 (<https://journals.openedition.org/mcv/16258#text>; consultado o 24-10-2022).
- SÁNCHEZ LEÓN, P. (2022). *De plebe a pueblo. La participación política popular y el imaginario de la democracia en España, 1766-1868*. Barcelona, Bellaterra.
- VEIGA, X.R. (2017). *Poder e política na Galiza vilega, 1790-1833*. Santiago de Compostela, Bolanda.

XOSÉ RAMÓN BARREIRO
FERNÁNDEZ Y LA PRENSA
GALLEGA

| Enrique Santos Gayoso



→ Xosé Ramón Barreiro na súa vivenda,
A Coruña, 2008
Foto Xurxo Lobato

Agradezco que el Instituto José Cornide de Estudios Coruñeses haya pensado en mi persona para rendir homenaje a Xosé Ramón Barreiro Fernández. Fueron siempre palabras de ánimo las que recibí de Barreiro hacia mi trabajo de investigación sobre el estudio de la prensa gallega, tema en el que nuestro recordado profesor era una autoridad. Tanto como docente de la Universidad compostelana como presidente de la Real Academia Galega el profesor Barreiro nunca dejó de investigar sobre el mundo periodístico en Galicia y en especial sobre la prensa carlista, materia sobre la que me centraré en el presente trabajo.

Sería impensable hablar del profesor Barreiro sin citar la obra que publicó en la editorial Pico Sacro en 1976, *El Carlismo Gallego*, obra que no deja ningún cabo sin tratar. Comienza analizando la trayectoria militar del carlismo y a continuación trata los tres períodos bélicos que mantuvo a lo largo de su historia, descubre su trasfondo económico, político, los preparativos de la guerra, las primeras guerrillas y las numerosas facciones carlistas (área de Chantada, Sarria, Samos, Friol, La Estrada, Lalín y un largo etc.). El estudio de Barreiro es tan meticuloso que hasta analiza las armas y municiones utilizadas, el vestuario de los contendientes y los premios y castigos, ningún detalle pasa inadvertido para el investigador. La posición geográfica y sociológica del carlismo gallego está presente con el examen que hace sobre el campesinado, el clero, la aristocracia, la hidalguía rural, los militares, los comerciantes y artesanos y los estudiantes. Dedicó Barreiro un capítulo muy interesante a la tercera guerra carlista en Galicia (1869-1875) y hace referencia a las numerosas facciones con las que esta opción política contó en Galicia (la de Suárez, Fuentes, Núñez Saavedra, Martínez Díaz, Osorio y otros), analizando así mismo la represión que hubo en nuestra tierra contra el carlismo gallego (sentencias, canje de prisioneros, destierros y embargos). Establece también la relación que tuvo el carlismo con el regionalismo gallego mencionando los principales personajes civiles y militares que estuvieron detrás de esta opción política en Galicia, que fueron al fin y al cabo protagonistas de una buena parte de la historia de nuestra comunidad. Al final de su trabajo se agradece, como no, el índice de fuentes, el bibliográfico y el toponímico. Sería difícil superar este trabajo de investigación.

Tema apasionante es el del carlismo, por eso entiendo que el profesor Barreiro se haya interesado en su momento por esta opción política. Hay que tener en cuenta que ese carlismo aprovecha la libertad de prensa que existe en España a partir de 1868 para sacar a la calle un gran número de publicaciones periódicas. Es, en términos globales, una prensa muy bien editada, casi toda redactada por individuos pertenecientes al clero, siendo muchos de ellos catedráticos. Contó,

en este sentido, con grandes colaboradores. La duración de estos medios de comunicación es envidiable, pues muchos de los periódicos carlistas sobrepasaron los dos años de duración y dos de ellos vivieron cerca de 40 y 20 años respectivamente. Nos referimos a *La Integridad* (Tui, Pontevedra, 1888) y *El Restaurador* (Vigo, 1899), consideraciones todas ellas que nos las recordó este investigador.

El período de apogeo del carlismo hay que situarlo entre los años 1870 y 1890. Como nos aseguraba Barreiro, el apoyo económico que el carlismo recibió de la Iglesia fue, evidentemente, un factor determinante. Son destacables así mismo las tiradas que en muchos casos rozan la media de 1.200 ejemplares; sin embargo, como intuye el profesor Barreiro, dado que este tipo de prensa tiene escasos suscriptores, hace pensar que es el clero el que amortizaba las posibles pérdidas económicas que sufría. Es una prensa mayoritariamente escrita en castellano; en gallego lo más destacable es lo escrito por López Ferreiro que publicó alguna de sus novelas en forma de *folletín* periodístico. Al ser una prensa redactada por religiosos y hombres de letras suele ir documentada, aunque muchos de sus colaboradores, cuando meten por medio la política y atacan a los liberales, pierden toda objetividad histórica. Todos estos conceptos los dejó claros Barreiro. Nota indispensable para entender la prensa carlista es la defensa a ultranza que siempre hizo del catolicismo.

Citaremos en una breve relación los periódicos carlistas que aparecieron mencionados en la citada obra *El Carlismo Gallego*:

- *La Voz del País* (Ourense, 1869)
- *La Patria* (Santiago, 1870)
- *El Propagandista* (Santiago, 1870)
- *La Voz del País* (Ourense, 1870)
- *La Boina* (Santiago, 1871). Los artículos iban sin firmar, por miedo a represalias
- *La Emancipación* (Santiago, 1872)
- *La Cruz de Santiago* (Santiago, 1881). Tomó partido por el carlismo. Barreiro comenta que el periódico estaba pensado para ser leído en las sacristías.
- *Galicia Católica* (Santiago, 1883)
- *El Pensamiento de Galicia* (Santiago, 1885), cesó por falta de acogida.
- *La Fidelidad Gallega* (Santiago, 1887)
- *El Intransigente* (A Coruña, 1891)
- *El Valle de Brea* (Mondoñedo, Lugo, 1892)
- *La Voz Mindoniense* (Mondoñedo, Lugo, 1892)
- *El Eco Popular* (Noia, A Coruña, 1896). Ocultaron su militancia carlista.
- *El Alcance* (Santiago, 1897). Católico, abierto al regionalismo. Próximo al carlismo.
- *La Defensa* (Mondoñedo, Lugo, 1906)
- *Semanario Católico* (Vigo, 1912). Es un cambio de cabecera de *El Restaurador*.

La Patria (Pontevedra, 1914). Órgano oficial de la Comunión Legitimista de la provincia.

Son 118 los colaboradores en prensa carlista. Personajes tan destacados como Manuel Amor Meilán, Juan Barcia Caballero (fundador y director), Alfredo Brañas Menéndez (director y redactor), Salvador Cabeza de León, Manuel Soto y Freire (fundador, redactor e impresor), Enrique Labarta Pose, José Villaamil y Castro y un largo etcétera forman un plantel de lujo.

Por otra parte, dentro de la misma opción ideológica del carlismo hay que distinguir la prensa integrista y la prensa jaimista, aparecida en los siglos XIX y XX. De la prensa integrista Barreiro cita las siguientes cabeceras: *La Integridad* (Tui, Pontevedra, 1888), del Obispado (el propio obispo Lago González contribuyó a fundarlo); *El Pensamiento Gallego* (Santiago, 1897) y *El Cruzado* (Mondoñedo, Lugo, 1912) que, aunque iba subtítulo como tradicionalista, su línea lleva un puro estilo de integrismo radical. De la prensa de carácter integrista se contabilizan 19 colaboradores, destacando en esta faceta a Darío Álvarez Limeses, Enrique Costas Márquez (fundador, director y propietario), Manuel Lago González (fundador) y Antonio López Ferreiro. En cuanto a la prensa jaimista, decir que también tuvo sus portavoces, aunque Barreiro sólo menciona *El Requeté* (A Coruña, 1911), que se declaraba Órgano de la Juventud Jaimista de La Coruña.

En esta segunda parte del presente trabajo citaremos los periódicos que Xosé Ramón Barreiro llegó a comentar en el Suplemento Galicia del diario coruñés *La Voz de Galicia* durante el período 1991 a 1996, y que vienen a ser un análisis sobre prensa de muy variada ideología. Los periódicos en cuestión son los siguientes:

- *Gaceta de La Coruña* (A Coruña, 1809). Es su 2ª época. Único periódico afrancesado publicado en Galicia. Barreiro nos dice que se persiguió y se intentó quemar todos los ejemplares.
- *El Sensato* (Santiago, 1811). Absolutista. Uno de los periódicos más hostiles a las ideas liberales.
- *Revista Médica* (Santiago, 1848). La revista dio a conocer los avances de la medicina en Galicia cuando la profesión estaba infravalorada en nuestra tierra.
- *El Correo de Pontevedra* (Pontevedra, 1855). Se editaba junto con prensa madrileña, hecho imitado posteriormente.
- *La Estrella Compostelana* (Santiago, 1860). Periódico manuscrito editado por universitarios.
- *El Buscapié* (Pontevedra, 1866). Uno de los periódicos más cultos del momento. En ocasiones dejaba espacios en blanco como réplica.
- *El Trueno* (Santiago, 1868). De corte conservador, aunque iba subtítulo como «Periódico liberal».
- *El Eco de Pontevedra* (Pontevedra, 1869). Presumía de galleguista, pero era claramente monárquico.
- *El Zorongo* (Pontevedra, 1879). Periódico satírico.
- *El Voto Popular* (Pontevedra, 1881). Progresista.
- *La Escoba* (Soutomaior, Pontevedra, 1887). Periódico satírico que ataca la política de Cánovas.
- *La Verdad* (Pontevedra, 1891). Sale para defender la imagen de un preso ante la opinión pública.

- *Pontevedra en broma* (Pontevedra, 1892). Realmente era una revista literaria.
- *El Porvenir* (Noia, A Coruña, 1893). Denuncia a caciques y autoridades.
- *El Pueblo* (Redondela, Pontevedra, 1895). De carácter político.
- *La Propaganda científica* (Santiago, 1897).
- *El Combate* (Pontevedra, 1899). Republicano.
- *Brisas y Tormentas* (A Coruña, 1900). Revista masónica. Sufrió las iras del cardenal Martín de Herrera.
- *La Revista Popular* (Vigo, 1904). Conservador.
- *El Centenario* (Santiago, 1908). Sale para conmemorar el centenario de la Guerra de la Independencia.
- *El Eco de Bergantiños* (Carballo, A Coruña, 1909). Importante publicación local con abundancia de seudónimos.
- *El Explorador de Puente-Caldelas* (Pontecaldelas, Pontevedra, 1915). Aunque rehúye el compromiso político, mantiene óptimas relaciones con el riestrismo.
- *Suevia* (Santiago, 1917). Aunque dio cabida a la lengua gallega, en ningún caso es una revista galleguista.
- *Ultreya* (Santiago, 1919). A favor de la cultura galaica, pero dejando al margen la lengua gallega.
- *El obrero de Nazaret* (Ferrol, 1928). Del Círculo Católico de Obreros de Ferrol. Ultraconservadora.

No podemos citar todos los trabajos sobre prensa publicados por Barreiro porque eso supondría llenar muchas páginas. Sin embargo, antes de terminar quiero hacer mención de otras obras del profesor Barreiro que a mí me aportaron datos y conocimientos. Me refiero a *El levantamiento de 1846 y el nacimiento del galleguismo*, publicado en la ya mencionada editorial Pico Sacro, *Liberales y absolutistas en Galicia (1808-1833)*, en Ediciós Xerais y *La historia de la ciudad de La Coruña*, obra publicada por el diario coruñés *La Voz de Galicia*, trabajo en el que pude descubrir lugares, acontecimientos históricos e infinidad de detalles sobre mi ciudad natal. Tampoco quisiera olvidarme de esos trabajos que Barreiro llegó a publicar en aquella primera *Gran Enciclopedia Gallega*, obra que salió a la luz a finales del pasado siglo y que fue un referente en la historia de nuestra autonomía. Para rematar recordar los trabajos colectivos que el profesor Barreiro llevó a cabo con Felipe Senén, Enrique Rabuñal, Ramón Villares, Emilio Grandío y Xosé Luis Axeitos. Seguro que la obra del investigador Barreiro nos seguirá aportando conocimientos cada vez que tengamos dudas sobre la historia de Galicia.

BIBLIOGRAFÍA

- BARREIRO FERNÁNDEZ, Xosé Ramón (1976). *El Carlismo Gallego*. Editorial Pico Sacro. Santiago de Compostela.
- (1981). *Historia de Galicia IV. Edade Contemporánea*. Editorial Galaxia. Vigo.
- (1991-1996). «Periódicos» no suplemento semanal «Galicia» de *La Voz de Galicia* entre o 18-05-1991 e o 23-03-1996.



BARREIRO E A HISTORIA LOCAL

| **Ana Romero Masiá**



— Xosé Ramón Barreiro no estudio da súa vivenda,
A Coruña, 2008
Foto Xurxo Lobato

Para moitas coruñesas e coruñeses, relacionar a Xosé Ramón Barreiro coa cidade é pensar nunha das súas obras máis coñecidas e divulgadas: *Historia de la ciudad de La Coruña*, obra absolutamente básica na historiografía da historia local de Galicia. A análise e comentario desta publicación será o obxectivo central desta colaboración nesta merecida homenaxe a quen nos deixou o traballo máis completo sobre a historia desta cidade, pero a relación de Barreiro coa historia local vai moito máis aló, pois foi un tema sobre o que reflexionou e achegou a súa teoría persoal en máis dunha ocasión.

O CONCEPTO DE *HISTORIA LOCAL*

A delimitación deste concepto continúa sendo un tema de debate entre historiadores e obxecto de comunicacións en congresos sen que, polo momento, se acepte unha única definición. Cal debe ser o seu ámbito de estudo, os aspectos a tratar, o espazo xeográfico abarcado, o lugar que ocupa fronte á *historia nacional* ou *estatal*? Para ser considerada *local* debe limitarse a un territorio reducido que non supere, por exemplo, no caso de Galicia, a extensión dunha provincia? Ou debe vincularse a unha unidade política con independencia da súa extensión espacial? Ou o que definiría o ámbito local sería basicamente a unidade cultural dunha comunidade con trazos propios e diferenciadores? Tampouco hai unanimidade á hora de establecer os contidos a tratar ou os aspectos que deberían dominar: os políticos, os culturais, os sociais, os económicos...? Pode considerarse como local o estudo dun único aspecto vinculado a un territorio?

Sobre todas estas cuestións deixounos Barreiro as súas reflexións, ben a través do estudo e valoración da historiografía galega, ben identificando os aspectos que consideraba específicos da nosa rexión, ou argumentando a súa propia definición do *local*, especialmente no caso da historia dunha cidade. Era plenamente consciente de que as súas teses non eran compartidas por todos, de aí que cando expón as súas propias opinións o faga «no con la pretensión de homologar conceptos, sino de ofrecer otra realidad historiográfica al debate abierto sobre lo que es la historia local» (Barreiro, 1996 b:51).

Considera Barreiro que Galicia é unha rexión privilexiada, pola súa configuración, para o estudo do local en toda a súa variedade sociolóxica ou histórica. O predominio da ruralidade e a ausencia de grandes cidades explican a supervivencia dunhas unidades espaciais integradas que

articulan a vida socioeconómica —a parroquia e a comarca— e nas que a intensidade e funcionalidade das relacións sociais están garantidas. A reforma liberal introduciu dúas novas entidades administrativas —o concello e a provincia—, pero as anteriores continuaron funcionando a pesar de carecer de función administrativa. Por iso, para Barreiro, o *local* non se define por ser un espazo acoutado administrativamente senón por «una estrutura social, por una comunidade que se adscribe vitalmente a un espazo, es decir, que tiene conciencia de esta integración. Lo local, consecuentemente, es un *elemento orgánico de sociabilidad*. Y esto es lo que debe definir lo que es históricamente local o no en Galicia» (Barreiro, 1996 b:53). Esta situación explica a existencia de numerosas monografías sobre parroquias e comarcas, pero son moi escasas as referidas a concellos e provincias. Xa que logo, conclúe Barreiro, se o espazo administrativo non coincide cun espazo socioloxicamente integrado, non xera unha historia propia, unha historia local, de modo que as unidades locais con capacidade histórica son tres: a parroquia, a comarca e as cidades.

A achega máis persoal de Barreiro sobre a historia local refírese a cal debe ser o obxectivo do historiador á hora de facer unha boa historia dunha cidade: captar o seu *espírito* propio, aquel que a define e diferencia das demais, porque considera a cidade, como ser colectivo, un suxeito histórico con identidade e estilo propio que evoluciona a través do tempo. Como veremos máis adiante, ese foi o maior obxectivo —e tamén o reto— de Barreiro ao enfrontarse coa Historia da Coruña, consciente de que esta opinión non era compartida nin aceptada por outros historiadores¹ e que a súa defensa podía ocasionarlle críticas e incompreensións. Pero non renunciou á súa idea aínda que recoñecía que «lamentablemente, éste no es el camino que se sigue en la construcción de las historias locales, que nos ofrecen datos, nos describen restos arqueológicos y fachadas de iglesias, prosiguen casi hasta Adán la genética nobiliar, se demoran en la Guerra de Independencia o en la Segunda República, pero el lector sigue sin conocer lo que hace que su ciudad o su pueblo tenga derecho a un lugar en la historia» (Barreiro, 1996 b:67).

¹ A reflexión de Barreiro «rompe un tanto con las opiniones de la historia local como un espacio en el que se estudia un problema, es su concepción de la historia local y especialmente sobre la historia de una ciudad. La búsqueda del *espíritu* de la ciudad. Se trataría de definir cuáles son los caracteres que identifican a la ciudad frente a otras considerándola como un sujeto histórico. La tesis, aunque no compartida, probablemente, por muchos colegas, no deja de ser provocadora y atractiva, especialmente si pretendemos sacar la historia de los círculos académicos para compartirla con nuestros conciudadanos» (Agirreazkuenaga, Urquijo, 1996 b:8).

A HISTORIA LOCAL NA HISTORIOGRAFÍA GALEGA

En varios traballos² analizou Barreiro a historia da historiografía galega pero é o dedicado á historiografía das historias locais galegas o que máis interesa para o tema que tratamos. Tal como el mesmo indicaba, para poder ofrecer ao lector unha panorámica xeral e, ao mesmo tempo, aplicar os seus propios criterios para cualificar de *local* unha determinada historia, tivo que facer un enorme esforzo no labor previo de información e recompilación antes de pasar á análise e crítica concreta das obras seleccionadas. Así, organiza en diferentes períodos cronolóxicos a historiografía local de Galicia en función dos seus trazos comúns máis salientables.

Nesta secuenciación, diferencia un primeiro período, que comezaría no século XVI, no que se redactaron historias de carácter apoloxético que respondían á necesidade de reclamar a dignidade de Galicia —ameazada pola perda de identidade ao converterse nun reino simbólico ao servizo dos intereses de Castela, etapa que considera iniciada en 1486 coa visita a Galicia dos Reis Católicos— e que foron escritas por clérigos sobre cidades episcopais. Así, destaca Barreiro a Crónica de Iria, posta en galego por Rui Vázquez no século XV; a historia da igrexa de Tui, redactada por Prudencio de Sandoval, bispo da diocese, impresa en 1610; a historia da cidade de Lugo e do seu bispado, redactada polo cóengo Juan Pallares Gayoso e impresa en 1700; pouco máis tarde, en 1726, o bispo de Ourense Juan Muñoz de la Cueva publicaba a historia desta diocese na que se aprecia o intento de depurar o relato de noticias imposibles e irracionais que circulaban na época. Do conxunto destas obras destaca Barreiro o seu afán propagandístico, por tratar de mostrar a antigüidade da fundación das igrexas e as dioceses, aceptando sen crítica as noticias dos falsos cronicóns se favorecían os seus intereses, de modo que teñen todas valor bibliográfico pero carecen de interese histórico. Precisamente, tratando de superar estas deficiencias, os ilustrados do século XVIII centraron a súa atención en estudos máis concretos, en monografías puntuais, caso de Cornide, obras que Barreiro non analiza por non responder ao seu criterio de historia local.

Chamou a atención de Barreiro que, a diferenza das cidades episcopais, as institucións monásticas e as congregacións relixiosas non mostrasen o mesmo interese por contar cunha historia completa propia, conservándose unicamente manuscritos incompletos de varias delas (Celanova, Xubia, Monfero, Samos, Sobrado ou San Martiño Pinarío).

O segundo período correspondería co século XIX, unha nova etapa na que os historiadores logran liberarse das dependencias eclesiásticas e aristocráticas e, en lugar de centrarse en destacar o pasado *glorioso*, as novas historias locais fixan o interese en temas económicos e políticos, estes últimos estreitamente vinculados á causa liberal. Destaca Barreiro neste período as historias de cidades galegas que tratan de ensalzar os lugares estudados para apoiar as reivindicacións políticas

² Destacan os de 1988 b, 1993 a, e 1996 b sobre historiografía da historia galega e da historia local.

da nova división administrativa de España no contexto da aberta competencia por converterse en capitais de provincia ou de partidos xudiciais. Este afán por engrandecer a localidade estudada e a súa antigüidade leva aos seus autores a non renunciar ás fabulacións dos cronicóns, datos que acompañan a outros de carácter verdadeiramente históricos, económicos ou artísticos. Así, analiza obras como as de José Alonso López sobre Ferrol (1820), de Claudio González Zúñiga sobre Pontevedra (1834) e de Nicolás Taboada Leal sobre Vigo (1840).

No estudo das obras deste período detense Barreiro na análise da obra de Enrique Vedía Goo-sens sobre a historia da Coruña (1845), valorándoa como a mellor das historias locais publicadas na época e destacando o criterio empregado á hora de seleccionar a información, cinguíndose aos datos proporcionados polos documentos e prescindindo das referencias fabulosas e míticas. Valora igualmente Barreiro desta obra a inclusión de varios apéndices documentais que se publicaban por primeira vez, así como os datos de carácter económico, social, urbanístico ou artístico que se expoñen na obra, lamentando que ese rigor no tratamento histórico que demostra Vedía non fose continuado por outros autores de historias locais da época.

Aínda que sen alcanzar a plena categoría de historia local da cidade de Santiago, Barreiro cita a obra de Antonio Neira de Mosquera sobre aspectos históricos da cidade, entre a Idade Media e o século XVIII, publicada en 1850, da que valora especialmente a correcta utilización de numerosa documentación procedente, maioritariamente, dos arquivos composteláns.

Co obxectivo de destacar o papel que cría ía desempeñar Ferrol na historia de Galicia, José Montero Aróstegui publicou a historia da cidade e do seu departamento marítimo en 1859, obra que Barreiro valora pola medida con que trata os temas históricos, aínda que con excesivo entusiasmo polo futuro que esperaba para a capital departamental.

Remata este período coa referencia a unha obra sobre a historia da cidade de Santiago publicada en 1863 e escrita polo clérigo e periodista Félix Moreno Astray coa que se inicia, en opinión de Barreiro, un tipo de literatura vitimista que terá numerosos seguidores. O ton da obra estaba en consonancia coa perda de protagonismo que estaba a vivir a cidade compostelá, tras a perda da capitalidade da rexión e da provincia, e quedar reducida unicamente ao papel de encabezar un partido xudicial.

O terceiro período da historia das historias locais en Galicia estaría delimitado, segundo a opinión de Barreiro, entre os últimos anos do século XIX e as primeiras décadas do XX, máis concretamente ata 1923, ano de fundación do Seminario de Estudos Galegos e co que se inicia unha nova metodoloxía para abordar a historia local. Foron as décadas nas que xurdiron os primeiros verdadeiros historiadores de Galicia, bos coñecedores das ciencias auxiliares da Historia e que traballaron con rigor a documentación arquivística. En case todas as cidades destacou un historiador que exerceu a súa influencia a modo de mestre e ao seu carón formáronse novas xeracións, aínda que non sempre conseguiron manter o seu nivel e calidade. Así, A Coruña contaba con Murguía —figura emblemática e indiscutible—, Martínez Salazar e Oviedo Arce e, con menor valía pero

con moi bo oficio, Tettamancy Gastón e César Vaamonde Lores; en Santiago estaba López Ferreiro; en Pontevedra Sampedro Folgar; en Ourense Marcelo Macías, e en Lugo Villaamil Castro.

Paralelamente, publícanse boletíns, revistas e coleccións especializadas en temas de historia —*Galicia Diplomática, Galicia Regional, Galicia Histórica, Boletín de la Real Academia Gallega, Colección de documentos para la historia de Pontevedra, Boletín de la Comisión de Monumentos de Orense*— que contribuíron poderosamente á ampliación do coñecemento de variados aspectos susceptibles de ser incorporados ás historias locais (transcrición de documentos, estudos de arqueoloxía, folclore, música, arte...).

Detense Barreiro a valorar a extensa obra de Antonio López Ferreiro sobre a historia da igrexa e da cidade de Santiago (1898-1911) porque a considera o prototipo de historia local da época e porque, ademais, destaca sobre todas as demais do seu tempo, cando non abundaban as obras que se poidan cualificar como historias locais. De todos os xeitos, Barreiro cita algunhas obras das que destaca as súas máis apreciables cualidades e máis destacados defectos: a *Historia de Vigo e a súa comarca* (1896) de J. Santiago Gómez, autor ao que lle reconece o esforzo polo emprego de documentación ben seleccionada e por manterse a equilibrada distancia co respecto ao celtismo dominante na época. A *Historia de Ribadavia y sus alrededores* (1920) de Eiján, pola abundante documentación procedente de arquivos parroquiais, pero que desmerece polo pensamento reaccionario en política e relixión do seu autor. Moita menor consideración lle merecen a *Ciudad y antigua diócesis de Tuy* (1879) de R. Rodríguez Blanco, a *Historia de la ciudad de Betanzos* (1892) de M. Martínez Santiso, a *Historia de la provincia de Lugo* (1918-1927) de M. Amor Meilán ou a *Historia de Muros* (1922) de R. de Artaza Malvárez.

Barreiro establece o inicio do cuarto período da historiografía da historia local galega en 1923, ano da fundación do Seminario de Estudos Galegos, polas novas características que introduciu no estudio da historia: compromiso coa galegitude, realización de traballos coas técnicas científicas máis avanzadas e interdisciplinidade, de modo que as investigacións eran programadas entre varias seccións nas que se organizaba o Seminario achegando cada unha o seu contido específico (Historia, Prehistoria e Arqueoloxía, Xeografía, Etnografía, Folclore, Música, Literatura...). O primeiro ensaio desta nova metodoloxía foi o estudo da parroquia de Calvos de Randín (1930) e a investigación que mellor representa a aplicación do método interdisciplinar de traballo é *Terra de Melide* (1933). No inicio da guerra civil o Seminario foi disolto, algúns dos seus membros perseguidos e varios tiveron que exiliarse rematando así unha das máis importantes experiencias que se deron en Galicia no ámbito da historia local. Pasados os anos publicáronse algunhas obras que poden ser consideradas como póstumas porque había xa moito tempo que o Seminario non existía. Sería o caso de Monterrey (1960) de Taboada ou Santa Marta de Moreiras (1968) de Fernández Oxea.

Con ocasión do simposio sobre Antonio Couceiro Freijomil celebrado en 2005, Barreiro presentou unha comunicación na que analizaba a *Historia de Puentevedume y su comarca* como modelo de historia local (Barreiro, 2005 a). Contextualizaba o autor o momento da publicación desta

historia (1945, pero xa redactada en 1927), destacando como Couceiro, a pesar de formar parte do Seminario de Estudos Galegos, non quixo someterse á metodoloxía histórica do Seminario, construíndo unha historia local moi afastada dos estilos de traballo do mesmo, diferenzas que Barreiro analiza e comenta para cualificar a obra como unha historia local moi erudita, que se encadra dentro do modelo positivista, e critica especialmente a súa estrutura en períodos históricos determinados polos diferentes dominios da Casa de Andrade ou Lemos, criterios en desuso xa no seu tempo.

A renovación que para os estudos de historia supuxo a introdución en Galicia dos métodos propiciados pola escola francesa de Annales nos anos sesenta non produciu obras de historia local na categoría que defende Barreiro porque ou teñen un carácter cronoloxicamente fragmentario ou non estudan as comarcas como organizacións históricas preexistentes. De aí que non analice posibles traballos que poderían estar encadrados como historias locais se se aplicasen outros criterios.

Con ocasión da exposición celebrada no Kiosco Alfonso da Coruña en 2003 sobre Miguel González Garcés, analizou Barreiro os seus traballos sobre historia da Coruña valorándoos como un *referente historiográfico de primeira calidade na historia local galega* (Barreiro, 2003 c:19). Aínda que non se consideraba a si mesmo un historiador nin publicou unha nova Historia da Coruña, as contribucións de González Garcés en temas puntuais, especialmente sobre a Idade Media, constitúe o corpus documental máis completo sobre unha cidade galega, unicamente superado por López Ferreiro sobre Santiago. Garcés formou parte dunha xeración de autores que, sen ser historiadores, contribuíron a divulgar aspectos concretos da historia da Coruña, ben revisando publicacións anteriores ben achegando novas investigacións persoais. Destaca Barreiro nesta *xeración de posguerra* o mérito de quen se dedicaba a investigar nun contexto tan hostil, de modo que dedicarse á historia era case un *exercicio heroico* que só algúns vocacionais asumiron. Así, xunto a Garcés, destaca e valora Barreiro os traballos de Ángel del Castillo e Juan Naya sobre aspectos concretos que contribuíron a coñecer mellor o conxunto da historia coruñesa.

Na breve referencia a Antonio Meijide Pardo que publica na sección necrolóxica do Boletín da RAG, Barreiro destaca as numerosas novidades achegadas por este historiador á historia local da Coruña, valorando especialmente o seu labor de investigador en arquivos ata entón non explorados polos historiadores coruñeses, así como a exhaustividade á hora de abordar un determinado tema pero lamentando que, seguramente por influencias do neopositivismo utilitario que recomenda prescindir en historia da ideoloxía sustentadora do discurso e chegar alí a onde chega a literalidade do documento, os seus traballos carecen da ancoraxe no tempo histórico no que se produciron pero, en troques, garanten o feito histórico (Barreiro, 2005 b).

Como caracteriza Barreiro as tendencias actuais sobre a historia local? Lamenta a ausencia de obras que realmente cumpran as *condicións* que el atribúe a unha auténtica historia local e analiza as dúas tendencias actuais: historias que se especializan en determinados séculos ou historias que son o resultado da colaboración de diversos especialistas, encargándose cada un deles dun período

histórico ou dunha temática concreta. O resultado desta última opción é, para Barreiro, «una obra de diversas historias cosidas entre sí. Una especie de construción de chalets adosados y sin comunicación interior. El lector exigente se entera de muchas cosas, pero es incapaz de captar el espíritu de la ciudad o del pueblo» (Barreiro, 1996 b:65). Neste tipo de obras faltaría xustamente o que define a esencia da historia local: captar o seu *espírito* diferenciador, propio e único de cada cidade, parroquia ou comarca. Pero iso só o pode facer un historiador como Barreiro, tal como o demostrou na súa Historia da Coruña.

HISTORIA LOCAL DUNHA CIDADE: A HISTORIA DA CORUÑA

En 1986 Barreiro publicou a súa obra fundamental dentro do ámbito da historia local: a *Historia de la ciudad de La Coruña*, que foi ampliada na segunda edición de 1996. Encargada e editada por *La Voz de Galicia* dentro da súa colección *Biblioteca Gallega*, coincidindo co seu primeiro centenario, foi un éxito editorial sen precedentes na cidade, case esgotada a edición no primeiro ano de aparición. De aí a conveniencia da segunda edición dez anos despois. Ademais de que segue sendo a obra de consulta imprescindible para coñecer a historia desta cidade, para o seu autor significou a aplicación da súa persoal posición sobre a historia local en xeral e sobre a historia dunha cidade en particular, unha cidade que considerou como propia a pesar de non ter nacido nela, pero na que viviu e amou durante moitas décadas.

A Coruña contaba coa Historia de Vedía e numerosos traballos sectoriais realizados por estudosos locais (Martínez Salazar, Carré, Vaamonde Lores, Tettamancy, García Barros, del Castillo, Martínez Barbeito...), pero se temos en conta que non se publicaba unha Historia da Coruña completa desde a de Vedía en 1845, o reto soamente estaba a altura dun historiador como Barreiro. Implicaba controlar toda a bibliografía existente neses 141 anos que median entre as dúas Histórias e coñecer, analizar e valorar todo o publicado anterior e posterior a Vedía (González Garcés, González López, Giadás, Reiriz, Díaz Pardeiro, Monterroso, Naveiro, Saavedra, Daviña, Grandío...). Un traballo que dá vértigo só de pensar en abordalo.

A obra está estruturada segundo os seguintes obxectivos e criterios:

- Partir da hipótese de que a cidade é un ser colectivo, un suxeito histórico con identidade propia, cun estilo propio que é o seu sinal de identidade.
- Captar ese espírito propio, explicar a súa orixe, evolución e inflexións a longo do tempo.
- Integrar toda a información nun proceso, dividido e organizado en períodos que deben responder, fundamentalmente, á súa propia dinámica interna.
- Incorporar toda a información posible (política, social, cultural...) relacionándoa cos diferentes grupos sociais que son os que articulan o proceso histórico urbano.

No prólogo á segunda edición recalca Barreiro a súa tese sobre o que el consideraba a auténtica historia dunha cidade: «En la historia de una ciudad, tal y como la planteamos, hay que distinguir dos planos. El primero, el más fácil, consiste en acumular información sobre cada uno de los períodos en que se divide la historia. El segundo, el más difícil, y que requiere pulso de historiador, consiste en vertebrar toda esta información hasta captar el espíritu de la ciudad, aquello que la hace única e irreplicable. Quien se aproxime a una historia local y no advierta el elemento tipificador de la misma podrá adquirir variada información sobre aspectos de esta ciudad, pero no la conocerá». (Barreiro, 1996 a:11).

En aplicación destes criterios e obxectivos, Barreiro ve na orixe da cidade os elementos fundamentais que configuran o seu estilo propio: o estilo dunha cidade que nace dun pacto entre o monarca e un reducido grupo de cidadáns libres, que forman un concello para a defensa dos seus dereitos e privilexios, e que non van tolerar que dentro das súas murallas se instalen nin a aristocracia nin o clero poderoso. Aceptan ao monarca como seu señor, comprometen con el a súa fidelidade e aceptan a obriga do pagos de impostos e servizos a cambio de liberdade e autonomía para gobernarse. «La Coruña no nace de un sepulcro, ni crece a la sombra de una catedral o un castillo roquero. [...] Los ciudadanos constituyen un Concejo [...] y se resisten a caer bajo la voracidad de los señores laicos o los señores de la mitra. [...] La comunidad jamás permitió que poderes foráneos la dominaran ni que en su interior se formase una casta de sangre» (Barreiro, 1986:11). Na singularidade desta orixe —como cidade reguenga e fóra do control episcopal— está, en opinión de Barreiro, a esencia da cidade e determinará as actuacións colectivas nas futuras etapas da súa evolución.

A Coruña é a única das cidades medievais destacadas de Galicia que carece de clero poderoso e non posúe nin bispo, nin clero catedralicio. Tampouco se instalou nela ningunha familia aristocrática destacada. A ausencia dos grupos poderosos tradicionais deixou paso a que a cidade fose controlada por unha mesocracia comercial e mariñeira desde a súa fundación ata finais do século XV, cando se converte en capital administrativa e militar. A instalación da Real Audiencia e da Capitanía Xeral significou a chegada á cidade de novos grupos sociais que ocasionaron a perda dalgúns sinais de identidade ao longo dos séculos XVI e XVII. Un segundo momento de inflexión na evolución dos sinais de identidade da cidade rexístrase desde mediados do século XVIII, cando chega á Coruña un importante continxente de burguesía foránea que apostou decididamente polo liberalismo. No século XIX, a burguesía coruñesa representaba, mellor que ningunha outra cidade en Galicia, a defensa do pensamento liberal e tamén republicano e laico, mentres que a poboación traballadora asumía maioritariamente o anarquismo para a defensa dos seus intereses. No século XX, agás o tempo da Segunda República nos que o republicanismo volveu a facer da Coruña o núcleo central de Galicia, a cidadanía coruñesa sucumbiu ás ditaduras e durante o franquismo a cidade foi perdendo progresivamente algúns dos seus sinais de identidade máis significativos. Coa recuperación das liberdades, A Coruña reencontra as súas raíces democráticas e reorienta o seu futuro.

Estas ideas centrais serán defendidas e desenvolvidas por Barreiro sempre que se lle solicitou a presentación ou prólogo para publicacións sobre A Coruña e que citaremos máis adiante, así como nas propias introducións a traballos sobre o liberalismo, republicanismo ou sínteses da historia da cidade. É un mérito indubidable o esforzo de Barreiro por tratar de definir e caracterizar ese *espírito* da cidade, identificar eses trazos que a identifican e diferencian entre outras cidades, especialmente entre as galegas. Como el mesmo indicaba, «podrá discutirse la tesis central de la obra, pero, al menos, se ha intentado recuperar en su integridad lo que especifica a este ser colectivo» (Barreiro, 1996 b:66). E hoxe, a tese de Barreiro está plenamente asumida; o seu intento foi un acerto pleno.

As dúas edicións manteñen unha organización de contidos secuenciada por grandes etapas históricas nas que, en función dos coñecementos e investigacións existentes, Barreiro analiza a poboación e o poboamento, os grupos sociais, as institucións de goberno, a economía e os seus axentes, a cultura, a educación, o ocio, os acontecementos políticos... destacando en cada momento o que el considera que foi contribuíndo a ese *espírito* propio e diferenciador da cidade nas diferentes etapas da súa evolución. A extensión e temas tratados varía en función tanto dos datos que Barreiro emprega a partir de fontes impresas publicadas anteriormente, como das súas propias preferencias e investigacións persoais, caso, por exemplo, dos variados aspectos do século XIX, pero mantendo un equilibrio que contribúe a que o lector poida comprender e valorar as características das diferentes épocas e a súa evolución.

Tal como xa indicamos, aos dez anos da primeira edición de *Historia de la ciudad de La Coruña*, publicouse unha segunda edición na que o autor corrixiu erros, completou cuestións que consideraba insuficientemente tratadas na primeira e ampliou outros aspectos en función das novas investigacións publicadas por especialistas nos distintos ámbitos. Isto significa un considerable aumento de contidos —que o autor estima nun 25%— pero que non afectan á esencia da súa médula interpretativa. Así, por exemplo, as investigacións de Velo Pensado e Saavedra Sánchez permítenlle engadir un novo apartado sobre a xurisdición da cidade nos seus inicios, valorando a actividade do Concello para aumentar o seu dominio a costa de terras de reguengo, máis doadas de incorporar que as de dominio nobiliar ou eclesiástico e presentando as súas dúbidas sobre algunhas das interpretacións dos citados autores. Novas investigacións de Louzao Martínez, Velo Pensado e do propio Barreiro (Barreiro, 1995 c) permítenlle engadir un interesante apartado sobre o artesanado artístico na cidade, un tema sobre o que se tiñan moi poucas noticias. Igualmente, novos traballos relacionados co porto coruñés e América no século XVIII facilitan a Barreiro poder incorporar novos datos sobre o papel xogado na independencia norteamericana ou as expedicións de familias a América do Sur. Un dos novos capítulos de maior extensión da nova edición é o dedicado aos centros secundarios da cidade no século XIX e os estudos universitarios no XX, un tema que completou coa información obtida dos traballos de Díaz Pardeiro e Xoan M. Carreira e que lle permitiron incorporar novos datos sobre o teatro na cidade, así como un novo

e amplo capítulo dedicado ás asociacións —parladoiros, liceos, cafés, sociedades de recreo, sociedades culturais...— ás que considera elementos reveladores da modernidade e progreso da cidade e unha clara mostra das súas capacidade asociativa. Do período da Segunda República amplía datos sobre as forzas da dereita, as socialistas e as anarquistas tomando datos das investigacións de historiadores como Grandío, González Probados ou Dionisio Pereira e, finalmente, engade novas páxinas referidas á vida da cidade —talvez demasiado breves— entre os anos transcorridos entre as dúas edicións. Todo o anterior indica o control e coñecemento que Barreiro tiña de canto se publicaba relacionado coa Coruña e como era capaz de incorporalo á súa inabarcable bagaxe científica xa ben demostrada na primeira edición de 1986³.

Comparando as dúas edicións, nas ilustracións hai algúns cambios, ben substituíndo a anterior por outra moi similar porque ten máis calidade á hora da súa reprodución, ben eliminando algún debuxo para poñer, no seu lugar, unha fotografía. Nas páxinas finais engadidas da segunda edición tamén se inclúen novas ilustracións. O índice bibliográfico e onomástico, actualizados na segunda edición, son exhaustivos e reflicten un esforzo recompilador extraordinario.

No seu afán de tratar de buscar modelos explicativos para historias locais de cidades, buscando as coincidencias, especialmente nas súas orixes (Barreiro, 1996 d), analizou e comparou dúas cidades —A Coruña e Bilbao— detectando paralelismos iniciais que poderían ser tamén aplicables a outras cidades do arco atlántico (Xixón, Santander, Burdeos, Nantes). Defendo a idea de que as cidades constrúense historicamente sobre uns principios de identidade que as singulariza e que son froito da situación xeográfica, da vida económica, do poder municipal, dos privilexios conseguidos e defendidos polos primeiros habitantes, así como do proceso de expansión e urbanización, e tras a análise da bibliografía sobre a cidade vasca, establece destacados paralelismos que, ampliados a outras cidades, poderían indicar a existencia de modelos urbanos orixinarios. Así, aplicando o modelo seguido para o estudo da Coruña, detecta que Bilbao tamén naceu por unha decisión —do monarca Afonso IX no caso da Coruña e do señor de Biscaia, Diego López de Haro, no de Bilbao— e un pacto entre os veciños e o fundador nos termos e condicións recollidos nun foro, de modo que inician a súa vida como comunidades libres que terán que sobrevivir nun contexto sociolóxico e xurídico hostil (no intrincado entramado xurisdiccional en Bilbao e fronte ás apetencias de eclesiásticos e aristócratas na Coruña). Nos dous casos foi o Concello o núcleo central do poder e tamén o garante dos privilexios forais; ademais, nas dúas cidades as actividades relacionadas co mar foron as fundamentais nos seus inicios, así como o

³ Na bibliografía da segunda edición pode comprobarse a incorporación dos numerosos traballos de investigación relacionados coa Coruña e publicados entre 1986 e 1996. Entre eles, ademais dos citados, destacar os de Pereira Menaut e Bello Diéguez para a época romana; Barros para a Idade Media; Velo para o XVI; Meijide para o século XVIII; López Morán para o XIX, ademais dos publicados polo propio Barreiro sobre a imprenta ou os afrancesados coruñeses.

crecemento demográfico paralelo ao desenvolvemento económico que, no século XVIII, permitiulles ampliar a súa área urbanizada. As dúas foron tamén, no seu momento, líderes rexionais do liberalismo e progresismo nun contexto hostil. As diferenzas xurdiron a raíz da intensa industrialización bilbaína, a masiva inmigración e o forte crecemento da cidade, razóns que ocasionaron, en gran medida, a perda da súa identidade, mentres que se manteñen os trazos básicos na Coruña, moito menos alterados debido ao seu crecemento máis lento e con menores alteracións socioeconómicas.

TEMAS CORUÑESES NA OBRA DE BARREIRO

A investigación e publicación de temas relacionados coa Coruña non se limitou á citada Historia da cidade senón que, ao longo da inmensa obra de Barreiro, hai un elevado número de traballos relacionados directamente coa historia coruñesa. Ás veces son traballos monográficos sobre temas concretos da historia e da vida da cidade, noutros casos son datos que se inclúen en obras sobre Galicia e que poden incluír capítulos completos dedicados á Coruña. Tampouco temos que esquecer aqueles prólogos e introducións a obras doutros autores, espazos nos que Barreiro tamén deixou as súas achegas relacionadas coa cidade herculina. En varios casos, estas obras foron dirixidas e/ou animadas a seren realizadas polo propio Barreiro considerando de interese afondar a investigación en determinados aspectos da historia da cidade que non foran tratados ou sobre os que conviña facer unha revisión.

Tendo en conta que outros autores desta homenaxe van dedicar os seus traballos á análise e valoración da obra de Barreiro en ámbitos nos que el tanto facilitou o avance das investigacións, caso, por exemplo, do liberalismo e das súas figuras máis relevantes, o absolutismo, o carlismo, os afrancesados, todo o relacionado co mundo da imprenta e da prensa, coa vida e obra de Murguía ou as varias historias de Galicia, citarei agora unicamente algúns dos artigos nos que tratou temas especificamente coruñeses e non incluídos nos ámbitos citados.

Referireime en primeiro lugar a traballos nos que Barreiro completou ou matizou a súa idea sobre os trazos que definen o espírito coruñés, ben a modo de breves síntese en prólogos e introducións en obras doutros autores, ben ampliando, tanto nas características como no período cronolóxico analizado, a segunda edición de 1996. Algún lector destes traballos detectará a repetición literal de fragmentos en varias obras, razón fácil de comprender se temos en conta as constantes peticións que Barreiro recibía para que a súa valía —e merecida sona do historiador por antonomasia da cidade— abrise coa súa pluma e palabra unha publicación relacionada —máis ou menos directamente— coa historia da Coruña e que sempre que a súa actividade llo permitía, aceptaba. Eu mesma beneficieime do seu altruísmo e xenerosidade nos prólogos que redactou para dúas publicacións (Barreiro, 2003 e 2005 c).

En varias síntesis insistiu Barreiro en difundir os criterios cos que el definía o que consideraba estilo propio da Coruña⁴, xunto ao logotipo simplificado na Torre de Hércules ou as galerías da Mariña, concretáboas en aspectos xeográficos, históricos e sociolóxicos tales como: a ubicación, intimamente relacionada co mar, o porto ou o comercio ao longo da súa historia; o papel desenvolvido pola mesocracia coruñesa na Idade Media; o progresismo ideolóxico e político, manifestado nas diferentes variantes adoptadas ao longo dos séculos; o vitalismo da cidade, o gusto por vivir intensamente..., ideas sintetizadas en dúas páxinas (Barreiro, 1993 b) ou ampliadas en artigos máis extensos formando parte de obras colectivas (Barreiro, 2017).

O valor que Barreiro daba a fotografía e a postal como documento histórico e artístico explica que, polo menos en seis ocasións, redactara presentacións para catálogos ou álbums nos que se recollen imaxes da cidade, agradecendo a quen llelo propuña porque lle daba a ocasión *de escribir sobre esta ciudad que ya es la mía desde hace casi veinte años* (Barreiro, 1999 b:11). Interesa a Barreiro o punto de vista da cámara dun fotógrafo diferenciando ao artista —que interpreta a cidade desde a súa cámara— de quen simplemente dispara e fai fotos (Barreiro, 1994), porque *cando un fotógrafo non cede ás tentacións de personalismo estético e ten como obxectivo deixar constancia do paso do tempo pola súa cidade, dun antes e dun despois, a súa obra convértese nunha acta notarial* (Barreiro, 2011 b:5). As imaxes dunha cidade permiten comentar o seu contido e comparar situacións ao longo do tempo, de aí o seu valor como fonte documental, destacando tamén o papel dos coleccionistas e dos arquivos como depositarios desa riqueza visual. Dependendo do tipo de publicación, o historiador valora e comenta imaxes dun determinado período ou destaca aspectos da evolución da cidade ao longo do período histórico seleccionado (Barreiro, 1997 e 2006). Noutro caso, Barreiro participa nunha obra colectiva desenvolvendo un aspecto concreto, caso do mundo do traballo na Coruña e a súa evolución, fixándose tanto en aspectos laborais como de ocio, sindicación e solidariedade (Barreiro, 1995 a).

En 1998 e 2004 prologou Barreiro dúas obras sobre a historia da Coruña: a colectiva na que varios autores abordaban temas da súa especialidade, e a individual de Reiriz Rey. Con respecto á primeira valora a súa publicación ao tempo que agradece ao editor a invitación, coñecedor da

⁴ A pesar de ter dedicado tantas horas ao estudo da Coruña, a honradez científica coa que traballaba leváboas ás veces a dubidar das súas propias conclusións debido á dificultades que entraña definir ese estilo propio dunha cidade: «En otra ocasión he escrito que el historiador de esta ciudad tiene que vivir la aventura apasionante de saber descifrar, bajo los sedimentos depositados por cientos de años de historia, los elementos animadores de su ser colectivo, tiene que encontrar la médula constructora de su vitalidad secular, de ayer y de hoy. Tarea a la que he dedicado varios años de investigación, que me han permitido tener una idea personal de esta ciudad, pero que dudo me garanticen el acierto en el enigma que se esconde en cada ser histórico, individual o colectivo». Barreiro, 1993 b.

súa idea do que debe ser unha obra de historia local e que non coincide precisamente coa que está prologando porque *al tratarse de una obra de varios autores es difícil superar la tentación acumulativa de las distintas épocas y aconteceres y hasta es posible que el lector no capte el espíritu uniformizador que toda ciudad tiene y que conserva a lo largo de su historia. Es decir, se le obliga al lector a realizar un esfuerzo de síntesis, lo que, por otra parte, no deja de ser un esfuerzo estimulante* (Barreiro, 1998). Na segunda, valora as achegas do autor no que considera unha especie de guía histórica que sitúa cada tema no seu contexto histórico (Barreiro, 2004 a).

En 2008, con motivo da celebración dos 800 anos da concesión do foro á cidade, Barreiro participou activamente nos actos conmemorativos, así como na grande exposición que se organizou na cidade e na publicación do seu catálogo cun extenso artigo sobre aspectos evolutivos da Coruña (Barreiro, 2008 b). Nese mesmo ano, e dentro dos actos do centenario, publicou dous novos traballos nos que sintetizaba as ideas expostas no texto do catálogo (Barreiro, 2008 a; 2008 c).

E podería continuar a listaxe con obras nas que as referencias á Coruña non son unicamente breves citas nominais, senón que Barreiro engade novos datos aos achegados por el mesmo con anterioridade. Así, por exemplo, sobre a cuestión da cultura urbana no contexto xeral de Galicia, destaca Barreiro, como un valor propio coruñés: a capacidade modernizadora demostrada pola sociedade coruñesa cando, a diferenza do sucedido no resto das cidades galegas (que foron incapaces de reconverter a propia cultura nun modelo urbano), a intelectualidade galega coruñesa, consciente da resistencia que había para o idioma galego, soubo ser bilingüe, combinando estratexicamente os dous idiomas coa finalidade de penetrar nas distintas capas sociais, actitude manifestada en múltiples actividades desde as puramente culturais ás políticas ou económicas (Barreiro, 1989 a:19).

En aspectos máis concretos, como por exemplo, **institucións e asociacións**, deixounos Barreiro traballos novidosos como o da Sociedade Patriótica coruñesa de 1820, na que destaca a súa temperá constitución, a organización e a intensa actividade, clave para o triunfo liberal na cidade (Barreiro, 1997 a), ou o completo estudo sobre a Asociación Patronal coruñesa e a conflitividade obreira durante a Segunda República, obra realizada conxuntamente con Beatriz López Morán (Barreiro, 2013). Neste apartado poden incluírse dous prólogos a dúas obras que, en boa medida, foron estimuladas a ser creadas polo propio Barreiro. Refírome á obra de Díaz Pardeiro sobre o teatro (Barreiro, 1992), na que destaca as diferentes lecturas que ofrece a obra e o papel que o teatro, como ocio organizado, interesa de forma diferente segundo os colectivos e grupos sociais, de modo que o teatro ben pode servir de escusa para o estudo da socioloxía urbana. O segundo caso é o prólogo á obra de Giadás Álvarez sobre a vida municipal coruñesa no primeiro terzo do século XX, un período moi interesante pola *acumulación de factores atípicos que convierten la política municipal en un modelo irrepitible a nivel estatal* (Barreiro, 1997 d:7), un período de consolidación do control republicano na cidade no que xurdiron figuras que alcanzaron proxección nacional, caso de Abad Conde ou Santiago Casares Quiroga, pero

tamén no que alcanzaron poder novas forzas políticas como os nacionalistas e os socialistas, razóns polas que o propio Barreiro recomendara no seu día esta investigación como tese de licenciatura pero que tardou máis de 10 anos en publicarse, cando seu director xa pensaba que se perdería en el silencio.

Un aspecto sobre o que Barreiro tratou, como específico, en poucas ocasións, foi o do republicanismo coruñés pero do que nos deixou unha magnífica síntese sobre o século XIX, destacando a significación desta ideoloxía e práctica política na vida e características desta cidade, porque *la historia ha demostrado que desde 1868 hasta 1936 el republicanismo coruñés ha sido una de sus señales de identidad sociopolítica. No sólo los republicanos han controlado el municipio durante todo el Sexenio y la Restauración, han sido capaces, además, de crear una cultura republicana que ha impregnado los valores de la ciudad, una cultura que por ser republicana fue siempre democrática, moderna, vanguardista y laica* (Barreiro, 2001:55). Sobre o período citado analiza o autor as orixes da implantación do republicanismo na cidade, os principais protagonistas e as súas actuacións, o papel de institucións e dos grupos sociais favorables e tamén dos contrarios ás ideas republicanas, os feitos máis destacados da época analizada ou as dificultades e trabas que tiveron que superar ata alcanzar a plenitude na Segunda República, momento no que o republicanismo coruñés sobrepasa o marco local presentándose, baixo o liderado de Santiago Casares Quiroga, como unha opción republicana e galega.

Tamén foron do interese de Barreiro algúns **acontecementos** puntuais da historia da cidade como a Batalla de Elviña, que analiza desde a súa perspectiva histórica (Barreiro, 2002 a); a celebración da Festa do Corpus na Coruña durante o século XIX, da que describe a súa organización e os cambios introducidos polas decisións municipais (Barreiro, 2003 a), ou complicada historia da loita dos liberais para facer da Coruña a capital de Galicia fronte aos intereses absolutistas de establecela en Santiago (Barreiro, 2003 b).

Sobre o cerco da Coruña de 1589 realizou Barreiro dúas introducións. A primeira á edición facsímil editada por *La Voz de Galicia* con motivo do centenario que sobre ese tema realizara Andrés Martínez Salazar en 1888, que organiza en dous apartados: o primeiro para destacar os trazos biográficos do autor, así como para eloxiar o seu método de traballo e o papel que desempeñou como destacado editor ao servizo de Galicia, e o segundo para comentar a propia obra sobre os acontecementos de 1589 e da que Barreiro destaca o papel que M. Salazar soubo dar aos documentos, así como a busca de información en arquivos ata entón non consultados e a interpretación do propio suceso e as súas posibles causas (Barreiro, 1988 a). O segundo é o prólogo á obra de Daviña Sáinz na que se estuda nova documentación relacionada co cerco inglés e que completa e matiza algúns aspectos do traballo de M. Salazar, pero sobre a que Barreiro presenta algunhas dúbidas sobre as afirmacións de Daviña (Barreiro, 1997 c).

Para conmemorar o centenario da chegada da luz eléctrica a Galicia, Barreiro publicou unha breve biografía do empresario Francisco Saunier e do que significou para a cidade a ampliación

que este realizou en 1880 da primeira fábrica de gas para o alumado da cidade que se instalara en 1854, e que permitiu a instalación da luz eléctrica na Coruña en 1890 (Barreiro, 1990).

Outro bloque de temas directamente relacionado coa historia da Coruña sobre os que traballou Barreiro é o de **personaxes**, tratados tanto de forma individual como colectiva. En xeral son breves biografías vinculadas a acontecementos da vida de cidade⁵. Así, por exemplo, o xa citado estudo sobre Martínez Salazar ou o traballo sobre a iconoloxía de María Pita, relacionadas cos acontecementos de 1589 (Barreiro, 1989 b). Ou os estudos para contextualizar a Coruña da época na que Pablo Picasso viviu e traballou na Coruña na súa infancia, dous traballos moi distanciados no tempo realizados con motivo de aniversarios relacionados coa vida do pintor malagueño, moito máis amplo o segundo e cun enfoque e datos diferentes, non simple copia un do outro (Barreiro, 1991; 2015). Tamén sobre os Casares hai dúas publicacións que, como no caso anterior, combinan a traxectoria vital dos personaxes da familia coa vida da cidade na que desenvolveron a súa actividade (Barreiro, 2001 b; 2002 b).

Na revista coruñesa *La Coruña. Paraíso del turismo* e a súa continuidade en *La Coruña, historia y turismo*, que publicaba un número anual, poden lerse moitos traballos de Barreiro, como estes catro que agora reseñamos relacionados con biografías de ilustrados e afrancesados que tiveron destacado lugar na vida da cidade: o ilustrado Somoza de Monsorriu, o rico fidalgo que decidiu exercer a avogacía e redactar varias obras de grande interese polas recomendacións que conteñen para mellorar a condición socioeconómica dos galegos, e de quen destaca Barreiro o que considera unha radical galegitude manifestada en actos como a consideración de Galicia como patria e nación (Barreiro, 1995 b). Sobre José Bernardo Erbella de Puga Miranda escribiu Barreiro unha biografía (en dúas entregas) na que puntualiza erros anteriormente publicados debido á confusión que algúns autores cometen por identificalo co seu pai, o afamado xurisconsulto, e comenta algunhas das súas extravagantes ideas relacionadas coa educación, a didáctica e a pedagogía que expuxo e tratou de levar á práctica, con mínimo éxito, na Coruña tanto a través do Concello como do Consulado (Barreiro, 2010; 2011 a). A terceira destas biografías está referida a quen foi designado delegado rexio para Galicia polo rei Xosé I en maio de 1809, Xosé Mazarredo, e que viña coa intención de reorganizar a administración galega segundo o modelo francés, seguramente con boa intención —como indica Barreiro—, pero os desexos dos galegos non estaban nesa órbita e tivo que saír de Galicia acompañando ao exército francés en retirada (Barreiro, 2004 b).

Un acontecemento de gran relevancia na Coruña foi a morte e o enterro do primeiro alcalde republicano da cidade, Federico Tapia, en setembro de 1891, e sobre o que escribe Barreiro pasados

⁵ Non inclúo algunhas breves publicacións de carácter biográfico redactadas por Barreiro para ocasións moi concretas e a petición dos editores ou dos autores do libro (Barreiro, 2000 a; 2003 d; 2003 e) nin as necrolóxicas de académicos publicadas no Boletíns da RAG e referenciadas no artigo de H. Rabuñal.

algo máis de cen anos e lle permite caracterizar a sociedade coruñesa do momento, republicana e democrática, nunha Galicia caciquil. Esta situación excepcional era unha provocación tanto para o Goberno como para o poder eclesiástico e o choque produciuse con ocasión do enterro laico do ex-rexedor municipal a causa da prohibición do gobernador a que a comitiva fose, como era o costume no caso de personalidades destacadas, percorrendo o camiño máis longo ata o cemiterio. As protestas foron moi fortes, 13 concelleiros dimitiron, varios foron condenados por desobediencia á autoridade e ata o bispo de Santiago condenou a quen lese o relato publicado sobre os acontecementos. O sucedido na Coruña tivo eco en moitos periódicos de fóra de Galicia e o tema chegou incluso ao Congreso de Deputados. Todo elo indicaba, para Barreiro, o papel e protagonismo que na Coruña alcanzaba no seu momento o sector republicano e laico que conseguira atraerse á gran parte da poboación coruñesa de todos os niveis sociais (Barreiro, 1996 c).

Un «pretexto» de Barreiro para abordar temas relacionados coa Coruña é o artigo no que describe a cidade nos últimos anos do século XVIII, cando parte do porto coruñés o viaxeiro e científico Humboldt para iniciar a expedición americana tras a súa estadía de varios días na cidade. O autor fixa a súa atención nas características dos diferentes núcleos urbanos que configuran a urbe e os proxectos a realizar, a composición dos diferentes grupos sociais, a escaseza de clero e aristocracia fronte aos grupos de comerciantes, armadores, industriais, artesáns e profesións liberais. E opina Barreiro que un observador como Humboldt tivo que percibir a abundancia de consulados, o elevado nivel cultural da cidade e a actividade das institucións que mantiñan os ilustrados (Barreiro, 1999 a).

Outro trazo que caracterizaba á Coruña do século XVIII era o escaso número de ourives instalados na cidade, razóns que busca e explica Barreiro pola composición social, controlaba por unha burguesía que non gustaba de rodearse de luxos, sen moito aprecio polas artes e que tiñan asistentes máis para os negocios que para as súas casas. E como tampouco había nin clero poderoso nin aristocracia, a ourivería e os ourives ocupaban un lugar moi secundario nese século, pero o panorama cambiaría no XIX, cando esa burguesía comezou a aproximarse á fidalguía tratando de emparentar con ela e cos seus gustos (Barreiro, 1995 c).

A preocupación por tratar de caracterizar os diferentes **grupos sociais** que configuraban a cidade e a súa evolución, a ideoloxía dominante ou o papel político desempeñado nas distintas etapas históricas, levou a Barreiro a tratar estes aspectos tanto en capítulos específicos na *Historia de la Coruña* como en numerosas referencias noutros traballos, pero interesa agora destacar unha reflexión sobre un concepto polémico: *o pobo*, que se entende por *pobo*? Que papel desempeñou ese *pobo* na historia da cidade? Desde a máis absoluta honradez científica, reconece que el mesmo ten empregado este termo e concepto *con tan escaso rigor que máis que aludir a unha categoría histórica parece que o facemos a unha ficción, ou a un ente de razón* (Barreiro, 2005 c:11). E referíndose concretamente á etapa liberal da historia coruñesa, indica Barreiro que, cando escolas históricas enfrontadas interpretan o papel do pobo tanto favorable como contrario ao liberalismo, cómpre

aceptar que os diferentes sentimentos dun colectivo de variada composición non teñen por que coincidir, e iso explica como, con escasa diferenza de anos, unha parte dese pobo exclamaba Viva a Constitución! en 1812, apoiaba o pronunciamento de 1815 ou foi decisivo no triunfo liberal do 21 de febreiro de 1820 e na resistencia de 1823, pero tamén explica a resistencia dunha parte dese pobo aos cambios. De aí que, sen especificar demasiado, a historia atribúa ao *pobo* os valores que triunfan en cada momento histórico e aos que unha parte dese pobo se suma, pero non necesariamente de forma unánime. De aí derivase a tendencia (pero tamén inconveniencia) de amalgamar e homoxeneizar os diferentes grupos e subgrupos que constitúen ese colectivo e que poden ter poucos trazos comúns (e mesmo intereses contrapostos), agás os de non pertencer a outros ben identificados (clero, aristocracia, burguesía).

Os últimos traballos extensos sobre personaxes relacionados coa Coruña —tanto colectivos como individuais— foron realizados en colaboración con Beatriz López Morán. O primeiro destaca o papel que os numerosos maragatos tiveron no desenvolvemento económico da cidade entre as últimas décadas do século XIX e ata a metade do XX (Barreiro, 2018); o segundo é un pormenorizado estudo da actividade do construtor Julio Rodríguez Blanco e das fortes tensións sociais que viviu a cidade durante a Segunda República (Barreiro, 2021).

BARREIRO E A HISTORIA DOUTRAS CIDADES GALEGAS

O éxito da segunda edición da *Historia da Coruña* animou a que outras cidades galegas tratasen de ter tamén a súa propia publicación e, en varios casos, solicitaron de Barreiro un prólogo ou a coordinación do traballo dos varios autores que interviñan, neste caso na liña da *Historia da Coruña* xa citada de 1998 publicada por Vía Láctea, editorial que publicou a historia das sete cidades máis destacadas de Galicia.

Para a *Guía de Padrón*, Barreiro redactou unhas amplas *Notas históricas* e varias biografías de ilustres padroneses (Barreiro, 1997 b).

Maior contribución fixo na *Historia de Lugo* do século XX, pois ademais de ser o autor da panorámica xeral na introdución —*Cien años de historia*—, actuou como coordinador dos 3 volumes nos que se organizan os 101 fascículos coleccionables realizados por diferentes autores especialistas nos distintos ámbitos da poboación, historia, xeografía, sociedade, biografías de lucenses destacados... tanto da capital como da provincia (Barreiro, 1999 c).

No *Limiar* á obra de F. J. Crugeiras Sampedro valora Barreiro o traballo do seu autor, que sen ser historiador é quen de ofrecer unha completa historia dunha parroquia, obtendo datos de variadas fontes documentais localizadas en numerosos arquivos, así como da historia oral, de modo que saúda con ledicia este primeiro libro sobre San Paio de Carreira agradecendo ao autor o seu labor *silencioso e patriótico* (Barreiro, 2007:4).

Igualmente agradecido e disposto a participar en obras que rescatan valores históricos de cidades e vilas galegas maniféstase Barreiro no caso do prólogo á terceira edición da *Historia de Mugardos*, de J. A. Carneiro Rey e M. A. Rodríguez Vázquez, porque a obra *parecía responder á solicitude que eu fixera no ano 1994 no V Seminario Internacional de Historia Local, celebrado na Universidade do País Vasco, cando defendín a necesidade de afondar no estudo das historias locais, se queremos contar cunha historia total dos pobos con identidade propia porque é nesa historia, máis pegada ao chan, onde se enraízan as sementes e os estímulos da súa cultura* (Barreiro, 2009:11). Aproveita tamén a ocasión para insistir sobre algunhas das súas teses sobre a historia local e as súas características e como Galicia, pola súa configuración sociolóxica, segue sendo un lugar privilegiado para este tipo de estudos pola pervivencia das parroquias, comarcas, vilas e cidades como unidades espaciais básicas integradas que durante séculos articularon a vida económica e social do pobo galego, e que unicamente o paso do tempo poderá acabar dando similar categoría aos cambios introducidos polo réxime liberal coa creación do novos concellos e provincias.

O convencemento de Barreiro da exacta formulación das súas ideas sobre a historia local fai que, unha vez máis, insista nelas á hora de prologar a obra de A. Rey Pérez sobre a *Segunda República en Oleiros*, oportunidade que tamén lle permitiu reflexionar sobre a escasa fortuna que tiveron as historias locais, tratando de buscar as razóns desa situación. Así, escribía Barreiro: «Temos que recoñecer que tradicionalmente as historias locais non gozaron de gran prestixio na historiografía galega. E isto por varias razóns: porque en lugar de afondar documentalmente na historia local extraendo dela nova información e tratándoa metodoloxicamente de acordo cos modelos máis esixentes, gran parte dos autores o que fixeron foi extraer das historias xerais a información que se refire ou alude ao seu concello ou parroquia, repetindo o xa sabido. Operación, pois, máis de transplante que de investigación. Moitos autores, ademais, son incapaces de separar a realidade comprobada documentalmente asumindo como históricas unha serie de lendas coa pretensión de dignificar supostamente o seu pobo, esquecendo que unha historia cando perde a súa racionalidade xa non é historia. É dicir, que o estudo da historia local require o mesmo esforzo investigador, a mesma metodoloxía e racionalidade que lexitimamente lle reclamamos á grande historia. O único que os diferencia é o espazo no que se proxecta a investigación». (Barreiro, 2011 c:6) E eses trazos son os que destaca Barreiro nesta obra na que a súa autora é capaz de construír esta historia dun momento concreto das nove parroquias que constitúen o concello de Oleiros, razóns polas que tamén está agradecido por permitírselle prologar o libro.

CONCLUSIONES

A través da obra de Barreiro relacionada coa historia local en xeral e da cidade da Coruña en particular, ben se detecta o amor que o historiador sentiu por unha cidade na que, sen ter nacido nela, quixo como propia e ao seu estudo dedicou miles de horas de traballo e dedicación. Aí quedan seus libros, pero tamén as súas conferencias, coloquios, parladoiros ou reunións de traballo nas diferentes entidades culturais da cidade das que formou parte como membro activo.

Os numerosos traballos sobre a historia da cidade herculina teñen o rigor e a calidade dos grandes profesionais, pero tamén están escritos para seren entendidos por públicos moi diferentes, de modo que poden ser lidos en varios niveis en función do interese de quen se achega como simple curioso ou como especialista buscando ese dato concreto que espera localizar na extensa e profunda obra de Barreiro. Ese é un mérito unanimemente recoñecido e que é extensible tamén á súa actividade como docente e como divulgador da ciencia histórica.

Outro trazo da personalidade e actividade de Barreiro que se deduce desta colaboración na homenaxe que lle rende o Instituto José Cornide de Estudos Coruñeses é a xenerosidade que mostrou aceptando participar en tantas obras doutros autores e nas que, ademais, daba as grazas por ser invitado e permitírselle colaborar, situación que tivo que sorprender ao autor da obra prologada ao ler o envío do texto de Barreiro pola inesperada confesión de quen non precisaba ningún tipo de novos traballos para manter o seu prestixio. Porque facer un prólogo ou unha introdución, por breve que sexa, require ler o texto da obra e analízala e iso leva seu tempo, tempo que para Barreiro implicaba máis horas nese traballo diario e constante co que organizaba a súa xornada laboral e investigadora.

Nunca Barreiro pretendeu sentar cátedra na defensa das súas teses —neste caso concreto coas relacionadas coa historia local— nin ter a última palabra na interpretación dos feitos históricos, pero no caso da historia da cidade da Coruña, a súa palabra segue a ter plena vixencia e a súa obra non foi superada. Poderán discutirse algúns dos trazos cos que caracterizou e esencia do coruñés como ser colectivo ao longo da súa historia pero, en esencia, son cos que se identifica A Coruña desde fóra dela.

O conxunto da obra de Barreiro neste ámbito da historia local —tanto na súa obra *Historia de Coruña* como nos numerosos traballos directamente relacionados con ela— constitúen o referente básico para historiadores e afeccionados e os seus criterios sobre os obxectivos que deben alcanzar este tipo de historia seguen plenamente vixentes. Moitas grazas, Pepe Barreiro, por facilitarnos o coñecemento da historia dunha cidade que, como no teu caso, non é a nosa cidade natal, pero pola que traballamos para coñecela e comprendela mellor e tamén aprendemos a amala.

OBRAS DE XOSÉ RAMÓN BARREIRO FERNÁNDEZ RELACIONADAS COA HISTORIA LOCAL

(Organizadas por orde cronolóxica e alfabética de publicación)

(1986). *Historia de la ciudad de La Coruña*. A Coruña, La Voz de Galicia.

(1988 a). Introducción á ed. facs. de *El Cerco de La Coruña en 1589 y Mayor Fernández Pita: (apuntes y documentos)*, de A. Martínez Salazar. A Coruña, La Voz de Galicia.

(1988 b). «La historia de la historiografía gallega (siglos XVI-XIX)», en Xavier Castro e Jesús de Juana (coords.), *Historiografía gallega. IV Xornadas de Historia de Galicia*. Ourense, Deputación, 15-80.

(1988-89). «Historia regional y fuentes archivísticas», separata de *Studia historica*, vol. VI-VII, 55-65.

(1989 a). «El contexto cultural gallego (1880-1884) (La cultura urbana)», en *Isidoro Brocos. 1841-1914* [catálogo da exposición]. A Coruña, Fundación Caixa Galicia, 17-27.

(1989 b). «La iconología de María Pita, entre la realidad y la ficción», en *Expofil 89. IV Centenario María Pita*. A Coruña, Concello, 13-18.

(1990). «Saunier y la fábrica de gas», en Ramón García Fontenla, *Cien años de luz eléctrica en Galicia*. Madrid, Unión Fenosa, 37-40.

(1991). «La Coruña que conoció Picasso», en *Picasso en Coruña (1891-1895)*, XXX Aniversario de la Sociedade Filatélica de A Coruña (1961-1991). A Coruña, Sociedade Filatélica, 17-24.

(1992). Prólogo a *La vida cultural en La Coruña: el teatro, 1882-1915*, de José Ricardo Díaz Pardeiro. A Coruña, La Voz de Galicia, 9-14.

(1993 a). «A Historia da historia: aproximación a unha historiografía galega: de Murguía a Risco», en Justo G. Beramendi (coord.), *Galicia e a historiografía (Sémata 5)*. A Coruña, Tórculo, 183-209.

(1993 b). «La Coruña: sus señales de identidad», *La Coruña. Paraíso del turismo*, sen paxinar.

(1994). Prólogo a *La Coruña en 35 postales*, fotografías de Vari Caramés. A Coruña, Librería Orillamar.

(1995 a). A Coruña do pobo traballador, en Carlos Díaz Martínez (coord.), *A memoria da Coruña. Álbum de postais*. (En galego, español e inglés). Vigo, Xerais, 57-63.

(1995 b). «El ilustrado coruñés Somoza de Monsoriu y su radical galleguidad», *La Coruña. Paraíso del turismo*, sen paxinar.

(1995 c). «Los Orfebres coruñeses del siglo XVIII», en Rafael Taboada Vázquez (dir.), *Oro, plata y piedra para la escena sagrada en Galicia*. A Coruña, Asociación de Amigos de la Colegiata y del Museo de Arte Sacro de La Coruña, 137-146.

(1996 a). *Historia de la ciudad de La Coruña*. A Coruña, La Voz de Galicia. 2ª edición corrixida e ampliada.

(1996 b). «Historiografía de la historia local gallega», en Joseba Agirreazkuenaga e Mikel Urquijo (eds.), *Perspectivas de historia local: Galicia y Portugal*. Bilbao, Universidad del País Vasco, 49-71.

(1996 c). «La muerte del ex alcalde Federico Tapia (1891)», *La Coruña. Paraíso del turismo*, sen paxinar.

(1996 d). «Las ciudades del Arco Atlántico: historia comparada de A Coruña-Bilbao», *Bidebarrieta Kulturgunea I*, 17-20.

(1997 a). «La Sociedad Patriótica de La Coruña (1820)», *La Coruña. Paraíso del turismo*, sen paxinar.

(1997 b). «Notas históricas», en *Guía de Padrón*. A Coruña, Hércules de Ediciones, 10-41.

(1997 c). Prólogo a *La Coruña, nuevos relatos sobre el cerco de 1589*, de Santiago Daviña Sáinz. A Coruña, Librería Arenas, 5-9.

(1997 d). Prólogo a *La vida política municipal en La Coruña entre 1900 y 1931*, de Luis Antonio Galdás Alvarez. Sada, Edición do Castro, 7-9.

(1997 e). «Una ciudad para el hombre», en *A saudade do progreso. A Coruña. 1890-1936*, [catálogo da exposición do Arquivo do Reino de Galicia]. Santiago, Xunta de Galicia, 15-24.

(1998). Prólogo a *Historia da Coruña*. A Coruña, Vía Láctea.

(1999 a). «A Coruña que viu Humboldt», en Francisco Díaz-Fierros Viqueira e Daniel Rozados Grela (coords.), *Un novo mundo para un home universal. Partida de Humboldt desde A Coruña cara á súa viaxe americana*. SC, CCG, 27-48.

(1999 b). «A Coruña retrospectiva», en *II Catálogo de la colección de postales Arquivo Municipal. La Coruña: una diversidad de imágenes* [catálogo da exposición]. A Coruña, Concello, 11-21.

(1999 c). «Cien años de historia» en Xosé Ramón Barreiro Fernández (coord.), *Lugo XX. Historia de un siglo*, 3 vol. Lugo, El Progreso, 9-16.

(2000 a). «Añoranzas y cartas a Fernando Arenas», en Manuel Santiago Arenas Roca (ed.), *Fernando Arenas en el recuerdo: semblanza apasionante de un gran librero coruñés. Añoranzas y cartas*. A Coruña, Librería Arenas, 92-94.

(2000 b). Prólogo a *La insurrección de Ferrol de 1872*, de Alfonso Gomis Rodríguez. A Coruña, Deputación.

(2001 a). «El Republicanismo coruñés del siglo XIX. Mito y realidad histórica», en Xosé Alfeirán, Emilio Grandío e Ana Romero (comisarios), *El republicanismo coruñés en la historia*. A Coruña, Concello, 55-79.

(2001 b). «Os Casares e A Coruña», *Casahamlet*, nº 3, 2-9.

(2002 a). «A Batalla de Elviña na súa perspectiva histórica», en *A Batalla de Elviña. Colección Puertas-Mosquera* [catálogo da exposición]. Vigo, Caixanova, 11-18.

(2002 b). «Os Casares e a Coruña», en José Luis Castro de Paz e Jaime J. Pena Pérez (coords.), *Entre o exilio e o reino. María Casares, unha actriz fronte á cámara*. A Coruña, Servicio Galego de Igualdade, 19-27.

(2003 a). «Anacos da historia coruñesa. A festa do Corpus na Coruña do século XIX», *A Coruña: mirador del Atlántico*, 11-12.

(2003 b). «Como a cidade da Coruña alcanzou a capitalidade da provincia», *La Coruña, historia y turismo*, sen paxinar.

(2003 c). «González Garcés, historiador», en *Miguel González Garcés. O home. O libro. A palabra. A imaxe* [catálogo da exposición na Coruña]. A Coruña, Concello, 19-26.

(2003 d). «Juan Fernández Latorre», en *Cuarenta y cinco años de Premios Fernández Latorre*. A Coruña, Fundación Santiago Rey Fernández-Latorre, 11-15.

(2003 e) Prólogo a *Severino Chacón. Líder sindical do mundo do tabaco*, de Ana Romero Masiá. Santiago, Fundación Luis Tilve, sen paxinar.

(2004 a). Prólogo a *Toda Coruña. Temas y cronologías*, de Jesús María Reiriz Rey. A Coruña, Briga Edicións.

(2004 b). «Noticias da afrancesada: o ministro Mazarredo na Coruña», *La Coruña, historia y turismo*, sen paxinar.

(2005 a). «A Historia de Puenteume de Couceiro Freijomil, un modelo de historia local», en Charo Ferreiro e Inma Pena (coords.), *Simposio sobre Antonio Couceiro Freijomil*. Santiago, Consellería de Cultura, 9-20.

(2005 b). «Antonio Meijide Pardo», *Boletín da RAG*, nº 366, 419-420.

(2005 c). Prólogo. O Liberalismo coruñés a Ana Romero Masiá, A Coruña liberal (1808-1874). A Coruña, Baía Edicións, 9-12.

- (2006). «Tiene mucho que ver el estilo de una ciudad ...», en *Coruña a luz de luna (vista por sus habitantes y forasteros)*, fotos de Óscar Fernández Méndez e Pablo Jacobo Rodríguez Cortés. A Coruña, Librería Arenas, 90-91.
- (2007). Limiar a *Historia de Carreira*, de Francisco Javier Crugeiras Sampedro. Vigo, Ediciones Cardeñoso, 4.
- (2008 a). «800 anos de historia que marcan o destino dunha cidade», *Criterios*, nº 10, 129-134.
- (2008 b). «O crecemento da cidade», en *A Coruña 1208-2008: a construción dunha cidade* [catálogo da exposición comisariada por Barreiro, José Manuel Sánchez Chouza e Alfredo Vigo Trasancos]. A Coruña: Concello. Madrid, Sociedad Estatal de Conmemoraciones Culturales, 345-374.
- (2008 c). «Unha cidade na historia», *Porteo. 800 aniversario de la concesión de la Carta Foral a la ciudad de A Coruña*, 11-12.
- (2009). Prólogo á 3ª ed. de *Historia de Mugardos*, de Juan A. Carneiro Rey e Miguel A. Rodríguez Vázquez. Mugardos, Concello, 11-13.
- (2010). «José Bernardo Erbella de Puga y Miranda, un extravagante intelectual coruñés», *La Coruña, historia y turismo*, sen paxinar.
- (2011 a). José Bernardo Erbella de Puga y Miranda, un extravagante intelectual coruñés (segunda parte)», *La Coruña, historia y turismo*, sen paxinar.
- (2011 b). Limiar a *A Coruña: nostalgia e ilusión*, de Xóse Castro. A Coruña, Hércules de Ediciones, 5.
- (2011 c) Prólogo a *La II República en Oleiros*, de Ana Rey Pérez. Santiago, Auga Editora, 5-7.
- (2013). *La Asociación General Patronal de A Coruña y la conflictividad obrera en la Segunda República (1931-1936)*, con Beatriz López Morán. A Coruña, Librería Arenas.
- (2015). «Contexto histórico», en *El primer Picasso. A Coruña 2015*. Catálogo da exposición no Museo de Belas Artes da Coruña, coord. por Malén Gual e Rubén Ventureira]. A Coruña, Concello/Xunta de Galicia/Gobierno de España, 45-65.
- (2017). «A Coruña, pasado y presente», en Francisco Rodríguez Iglesias (dir.) e Antonio Vázquez Portomeñe (coord.), *Camino Inglés*, vol XVI de *La gran obra de los caminos de Santiago*. A Coruña, Hércules de Ediciones, 96-119.
- (2018). *Los maragatos en A Coruña (1870-1940)*, con Beatriz López Morán. Revista *Tierras de León*, nº 137-138. León, Diputación/Instituto Leonés de Cultura.
- (2021). «El constructor Julio Rodríguez Blanco víctima de las tensiones sociales en A Coruña de la Segunda República», con Beatriz López Morán, *Cornide*, nº 2 (segunda época), 129-158.

O COMPROMISO. XOSÉ RAMÓN BARREIRO E EMILIA PARDO BAZÁN NA REAL ACADEMIA GALEGA

| **Xulia Santiso Rolán**



→ X. R. Barreiro na Real Academia Galega, A Coruña, 2008
Foto Xurxo Lobato

O compromiso. Así titúlase o prólogo co que Xosé Ramón Barreiro, xa como presidente da Real Academia Galega, iniciaba o catálogo comentado da Casa-Museo Emilia Pardo Bazán¹. Pouco despois, o 16 de maio de 2003, tiña lugar a reinauguración dun espazo que, desta vez si, respectaba todos os requisitos museográficos e tamén os museolóxicos. Quedaba cumprido o compromiso; a responsabilidade contraída pola Real Academia Galega ao aceptar a vivenda da familia Pardo Bazán como a súa sede. O vínculo que unía e une á escritora coa institución fora asumido con dignidade e con el lográbase un obxectivo máis, de entre os moitos que Barreiro incorporou ás súas responsabilidades, no seu paso polas executivas da Real Academia Galega².

ANTECEDENTES DA CASA-MUSEO

A situación na que se atopaba a Casa-Museo —e o edificio en xeral— no momento en que Barreiro era admitido como académico de número, o 14 de febreiro de 1997, e incluso anos despois, viña determinada pola seguinte deriva histórica.

En orixe, a doazón da residencia da familia Pardo Bazán á Real Academia Galega tivera lugar en 1956 en Madrid. Firmárona a filla e a nora da escritora, últimas descendentes da saga, tras os asasinatos na Guerra Civil do vinculeiro e o neto de Emilia Pardo Bazán. Ademais da cesión dos arquivos e biblioteca da autora, cedían a vivenda nun documento que comprometía a ambas partes³; Blanca Quiroga e Manuela Esteban-Collantes reservábanse en usufruto a primeira planta

¹ Santiso Rolán, Xulia; Carballal Miñán, Patricia (coords). *Casa-Museo Emilia Pardo Bazán* [Catálogo] A Coruña, RAG/ Casa-Museo Emilia Pardo Bazán, 2002.

² Xosé Ramón Barreiro exerceu como tesoureiro da RAG na executiva de Francisco Fernández del Riego desde o 29 de novembro de 1997 ata o mesmo día do ano 2001 e foi presidente desde o 20 de decembro de 2001 ata o 23 de xaneiro de 2010.

³ «Que llevadas ambas Excmas. Señoras comparecientes de su deseo de dar cuerpo de realidad a algo que contribuya a más honrar la memoria de la eximia escritora [...]. Concretando tal deseo en la creación de un Museo Emilia Pardo Bazán y la cesión de la casa descrita a dicha Real Academia, a cambio de ésta asistir y proveer al cuidado y conservación del Museo». *Escritura de donación por las Excmas. Sras. D^a Manuela Esteban-Collantes y Sandoval y D^a María de las Nieves Quiroga Pardo-Bazán a favor de la Real Academia Gallega.* Na Notaría de D. José Roán Martínez, Madrid, 1956, nº 1.160.

mentres vivisen, e a Real Academia Galega convocaba por primeira vez, en setembro de 1959, o padroado designado en tal documento para velar pola marcha do museo⁴.

O 2 de decembro de 1970 falece a derradeira descendente directa, Blanca Quiroga Pardo Bazán, e ten lugar a execución do seu testamento e daquel documento de doazón.

O 25 de novembro de 1972 data a Orde, publicada no BOE, pola que se crea na Coruña o Museo Monográfico Emilia Pardo Bazán e na mesma publicación déixase pendente a redacción dun Regulamento polo que habería de se rexer o organismo, que debía ser elaborado e presentado polo Padroado no prazo de tres meses.

Como lexítima dona do edificio completo e cos planos de Andrés Fernández-Albalat Lois —futuro académico numerario—, a RAG leva a cabo a remodelación da vivenda para adaptala aos novos usos. Durante a década que duran as obras da sede do museo e da RAG, as pezas trasládanse ao Pazo Municipal. O 21 de marzo de 1979, os reis de España inauguran o edificio ao completo.

No tocante á primeira planta ou planta nobre, desde sempre designada como sede exclusiva para o Museo⁵, o arquitecto respecta a distribución orixinal nunha boa porcentaxe, polo que non se perde aquel espírito ao que se refire no seu discurso de ingreso na RAG⁶.

O 25 de outubro de 2006 Xosé Ramón Barreiro solicita —e obtén— a incorporación do museo ao Consello Galego de Museos. Cámbialle o nome adaptándoo á lóxica funcional, como Casa-Museo Emilia Pardo Bazán, xa que era como viña operando desde a súa inauguración; non só está instalado no mesmo espazo que habitou a escritora senón que a colección patrimonial que posúe está composta na súa meirande parte polo mobiliario orixinal das vivendas de dona Emilia.

Teño a certeza de que se alguén non coñeceu a Xosé Ramón Barreiro, a lectura desta publicación deixará claro un aspecto do seu carácter: o presidente tiña predilección por tentar compren-

der, comentar e completar baleiros. Teóricos e prácticos, históricos e actuais. Sumáronse á súa capacidade e tenacidade, por lóxica, posicións executivas que lle permitiron actuar deste xeito en moitos contextos. Onte mesmo dicíame un antigo alumno seu que nas súas clases de Historia de Galicia, na especialidade de Historia Contemporánea da USC, analizábase exactamente iso; situacións contemporáneas, en tempo real, que este catedrático ocupábase de analizar. [A ver que necesidade tiña]

Escribía dona Emilia:

«No basta, para llamarse intelectual, concurrir a círculos de carácter máis o menos docto, ni hojear revistas, ni tragar libros, ni derramar penosa o descuidadamente, en artículos de periódico, los frutos de lo que no me atrevo a llamar ingenio; el intelectual necesita, sobre todo, inteligencia, una inteligencia fecundizada por el estudio, y no recargada de lo que en ella no cabe; una inteligencia que domine a la sensibilidad pero no la suprima: una inteligencia que perciba lo bello y lo sepa expresar cumplidamente»⁷.

Así, se nalgún momento se me solicita un parágrafo que resuma o que contén este artigo, coido que só será necesaria unha frase: Barreiro foi quen de modernizar a Real Academia Galega ao completo. Foi a bisagra que conectou o pasado co presente, dando resposta aos cambios que a sociedade demandaba e deixando á institución preparada para continuar camiñando por esa vía.

BARREIRO E A RAG

Non é o cometido deste texto deixar constancia da magnitude da actuación de Barreiro na RAG, polo que quedarán aquí só algunhas pinceladas. Xestos especialmente salientables para quen asína, seleccionados de entre moitos outros e unicamente enunciados.

Xa como tesoureiro na executiva de Fernández del Riego, e con empeño desde a súa presidencia, leváronse a cabo actualizacións imprescindibles para que a marcha da institución tomara forza. Dese tempo procede a sinatura do cambio dos Estatutos, coa conformidade de toda a institución e aceptados por Real Decreto 271/2000 de 25 de febreiro, que renovaban os primitivos aínda vixentes —os de 1906—, promovidos pola Asociación Iniciadora y Protectora de la Academia en La Habana. Un dos puntos a remover sería o cargo vitalicio da presidencia, que pasaría a ter dúas lexislaturas como máximo. Tamén a nivel de funcionamento quedaba deseñado o organigrama de seminarios e núcleos de actuación da RAG.

⁷ Emilia Pardo Bazán en *La Ilustración Artística*, 31-06-1916.

⁴ «Para lograr las mayores garantías de acierto en la instalación y funcionamiento del Museo Emilia Pardo Bazán, se nombra un patronato».

⁵ Segundo o documento de doazón «todo el primer piso o sea, la planta principal, donde aquel habrá de ser instalado y no podrá ser destinado a otra diferente finalidad».

⁶ Andrés Fernández-Albalat. *Discurso* no acto de ingreso na RAG que tivo lugar o 28 de maio de 1999, no Salón de Actos da rúa Tabernas, 11.. «Dende o meu oficio de arquitecto tiven a honra de lles restaurar as casas a estas dúas galegas egrexias. [Rosálía e Emilia] Edificios para a súa lembranza. Pequenos museos “vivos”, onde o seu espírito —quen sabe se os seus espíritos— teña fogar, acaroados dos que veñan de lonxe, por veces “coa calor da moza fantasía”, a vivir uns instantes, fuxidíos pro intensos, naqueles lugares, nestes espazos onde elas viviron e soñaron, dándolles unha razón de ser —que non sei explicar, pro que se sente— a estas pequenas e entrañables arquitecturas. Sempre que se vai intervir nun edificio ou nunha paisaxe é imprescindible ter datos, coñecer a súa historia, o que alí hai e houbo. Nestes casos, a pescuda sería máis fonda, por vieiros outos. Había de se escoitar o entorno de cada lugar, por veces escoitar o silencio. Pro non soamente o medio físico, senón o aquel poético e literario».

Como presidente asume outra tarefa; a do gran cambio da normativa da lingua, baseado en reformas parciais xa aprobadas e, sobre todo, na revisión do ano 1995. En xullo de 2003 a Norma foi aprobada en plenario pola RAG e Barreiro, no limiar da publicación, apunta á «busca da concordia lingüística» nun xesto que di moito del mesmo e que tamén serve para designala como a «normativa da concordia».

Para desenvolver os obxectivos de protección e difusión da lingua galega, asináronse na súa presidencia —e por primeira vez na RAG— moitos e variados convenios de colaboración. Entre eles, a destacar, a Exposición do Centenario da Academia: «Galicia a forza da palabra» e o seu catálogo. Así se inaugurou a etapa na que a entidade se amosou á cidadanía. O éxito de visitas (300.000 persoas) nas sedes da Fundación Caixa Galicia, tivo que ver con este feito de apertura, e tamén con quen se soubo rodear dos mellores especialistas en deseño e documentación. Amosáranse pezas que espertaban a proximidade (os lentes de Risco ou os de Castelao) e tamén producións elevadas da nosa historia como o «Cancioneiro de Ajuda», cun vixiante apostado ao seu carón en todo momento. Por suposto a exposición tamén amosaba a Emilia Pardo Bazán e quizais este foi o momento a partir do que o personaxe foi aparecendo nesta tipoloxía de discursos.

En canto a esta conexión da RAG coa sociedade, debemos salientar que o presidente asistía, participaba e abría as portas a todo tipo de convocatorias, entre elas as propostas por centros escolares —entrevistas, gravacións, artigos— facendo moito pola Academia a ese nivel. O mesmo feito de superar reticencias e permitir as visitas didácticas á RAG, e non só á Casa-Museo EPB, foi o gran paso que aumentou o número de visitantes que entraban a coñecer a institución.

Por expreso desexo de Ánxela Bugallo, como conselleira de Cultura e Deporte, a primeira institución que pasou polo seu despacho foi a Real Academia Galega. Pouco despois, en novembro de 2008, asinou un convenio de colaboración polo que, entre outras actuacións, deuse comezo á dixitalización dos fondos documentais da Academia o que facilitaría o seu acceso a investigadores e público en xeral. Eran os inicios das dixitalizacións no Sistema de Arquivos da Xunta de Galicia cando aínda non existía *Galiciana* e unicamente aquel programa chamado *Albalá*. No acto da sinatura, a propia conselleira fixo unha bonita metáfora: ese momento constituía o salto desde as «maletas da RAG»⁸ á modernización da institución.

Barreiro abriu o camiño da RAG, e desde logo, fixo máis pola figura de Emilia Pardo Bazán que ningún outro presidente da institución.

⁸ Referímonos ás maletas de Pondal e de Murguía, doadas por eles mesmos á RAG, que tardaron bastante en ser baleiradas e estudadas, en profundidade, e por conseguinte, publicadas. Na de Pondal estaban as cuartillas do seu poemario *Os Eoas* que ao fin veu a luz no ano 2000. Na de Murguía, o arquivo do «petrucio».

BARREIRO E PARDO BAZÁN

Naquel documento de doazón do ano 1956, as dúas donantes adxudican o arquivo e a biblioteca de EPB a dito Museo⁹.

Así que, despois da inauguración da Casa-Museo, que será o seguinte apartado deste artigo, Barreiro encargou que se publicara a catalogación destas dúas coleccións. O arquivo e a biblioteca da familia de Emilia Pardo Bazán, catalogadas desde había case unha década, pero non publicadas, foron dadas a coñecer na executiva de quen nos ocupa hoxe¹⁰. Por outro lado, sabemos que o 70% dos libros relacionados coa figura da escritora chegaron á biblioteca da RAG na súa etapa de presidente. Deberíamos salientar que estes datos proceden dun rexistro dixital que tamén se orixinou nas mesmas datas?

Apuntamos antes á colaboración da Fundación Caixa Galicia no desenvolvemento das convocatorias da RAG; a proximidade de Xosé Ramón Barreiro á entidade posibilitou que esta patrocinara moitas das edicións sobre EPB que se citarán. Todas elas están accesibles na páxina web da Real Academia Galega, no apartado de publicacións. Destacamos aquí os catro simposios de especialistas que tiveron lugar, anualmente, desde 2004 ata 2007 ambos incluídos, dirixidos por José Manuel González Herrán (USC)¹¹.

Esta é unha parte do prólogo de Barreiro na primeira das publicacións destes Simposios:

«Tanto La Tribuna como a reunión científica que anualmente se celebra nesta cidade non teñen máis obxecto que ofrecer aos investigadores e estudosos de Pardo Bazán un espazo para debater, e unha revista para publicar as súas producións. A periodicidade anual do simposio garántenos que poderemos ir parcelando a inmensa obra de Pardo Bazán e proxectando sobre cada un destes espazos a mirada crítica e esixente, porque o que ninguén toleraría, nin mesmo dona Emilia, é que por estar na súa Casa e ser depositarios da súa memoria, realizáramos un permanente exercicio de autocomplacencia».

⁹ «Todo ello, reunido, ordenado y conservado, ha de constituir, agrandándose con las sucesivas aportaciones, el fondo del “Museo Emilia Pardo Bazán”».

¹⁰ Axeitos Valiño, Ricardo; Cosme Abollo, Nélica. *Os Manuscritos e as imaxes de Emilia Pardo Bazán: Catálogo do arquivo da familia Pardo Bazán*. Real Academia Galega. 2004. Fernández-Couto Tella, Mercedes. *Catálogo da Biblioteca de Emilia Pardo Bazán*. Real Academia Galega, 2005.

¹¹ González Herrán, José Manuel; Cristina Patiño Eirín, Cristina; Penas Varela, Ermitas (Edits). *I Simposio. Emilia Pardo Bazán: estado de la cuestión*. Real Academia Galega. 2005. Idem. *II Simposio. Emilia Pardo Bazán: los cuentos*. Real Academia Galega. 2006. Idem. *III Simposio. Emilia Pardo Bazán: el periodismo*. Real Academia Galega. 2007. Idem. *IV Simposio. Emilia Pardo Bazán y las artes del espectáculo*. Real Academia Galega. 2008.

Neste parágrafo estase a referir á outra gran convocatoria que tomou forma promovida polo seu interese. Trátase da *Revista La Tribuna, cadernos de estudo da Casa-Museo Emilia Pardo Bazán*. Esta publicación, adscrita polo seu mesmo título á Casa-Museo, tamén amosa o acceso aberto na mesma páxina da RAG.

Desde o comezo, a lectura dos seus artigos conseguiron o obxectivo que trazara para a Casa-Museo: presentan e actualizan a figura de Emilia Pardo Bazán e colócanla no lugar que lle corresponde.

Xosé Ramón Barreiro foi a «alma pater» da revista *La Tribuna*. A demanda súa redactara quen firma unha proposta de revista de «alta investigación» que recompilase artigos de especialistas sobre a produción literaria e biográfica de EPB, destacando a súa necesidade social dado o pouco coñecemento do personaxe, e polo tanto a súa rendibilidade cultural. Pedírame a proposta para elevala á Fundación Caixa Galicia, que foi a que se ocupou de editala en papel, durante 7 números, de 2003 a 2009.

Desde o primeiro momento, a revista distinguiuse cun Comité Científico de talla internacional, presidido por el mesmo como presidente da RAG e director da Casa-Museo, e con outro Comité de Redacción, dirixido por José María Paz Gago (UDC). *La Tribuna* foise convertendo no lugar onde todas as persoas especialistas en Pardo Bazán estaban interesadas en publicar, sobre todo cando os índices de impacto deron fe do seu prestixio. Estes índices aumentaron de xeito exponencial durante a presidencia de Xosé Ramón Barreiro e descendieron no momento que a deixou, xa que se penalizan os baleiros na periodicidade das publicacións, como sucedeu nesta época¹².

A revista dedicouse desde sempre á publicación de traballos de investigación, recensións e novas referidos á vida e á obra da escritora, así como a dar conta doutras noticias e actividades relacionadas con ela, como a memoria anual da Casa-Museo. A súa estrutura distribúese de acordo cos seguintes apartados: estudos, notas, documentación, recensións e noticias sobre Emilia Pardo Bazán. De máis de cincocentas páxinas polo regular, os seus arredor de 25 traballos son sempre de altísimo interese.

Dentro da mesma revista xurdiu, a partir do ano 2008, o Grupo de investigación «La Tribuna» formado por el mesmo, Ricardo Axeitos Valiño, Patricia Carballal Miñán e Jacobo Manuel Caridad Martínez, sen ningunha alusión xerárquica. Precisamente este foi o comentario desde o grupo; Barreiro, cunha implicación máxima, era quen lle daba cohesión. Traballaba ao mesmo nivel e incluso máis porque aportaba todo o seu coñecemento e o seu pracer por investigar. Desde logo, estaba convencido de que EPB transcendía da súa literatura e pasaba a ser un personaxe histórico, revisión que tamén pode ser atribuída á súa persoa.

¹² O número 8 da revista *La Tribuna* tardou dous anos en saír, abranguendo artigos de 2010 e 2011. Así mesmo o número 9 editouse en 2013, pero a partir de aí ata hoxe en día volveu ser de tirada anual.

O seguinte parágrafo provén directamente do primeiro artigo e pode funcionar como a presentación do novo equipo.

«El Grupo de investigación La Tribuna tiene como objetivo estudiar la vida y la obra de Emilia Pardo Bazán a partir de la información archivística y hemerográfica, procurando iluminar las zonas más oscuras de su biografía. Este colectivo, que se presenta con la intención de prestar un servicio a la familia pardobazanianana»...

O Grupo supón un paso importante no proceso de afondar sobre todo en aspectos biográficos da escritora, xa que as revisións viñan sendo sobre todo literarias. Nos seus traballos presentáronse documentos que permitiron ter un maior coñecemento sobre o personaxe evitando caer en tópicos non analizados como desmentir que o pai de Emilia, José Pardo Bazán, fora deputado en Madrid polo Carballiño; desvelou tamén o asasinato da avoa paterna por parte do seu segundo esposo; contabilizou definitivamente os réditos económicos froito do traballo como escritora de Pardo Bazán e publicou a documentación relativa á súa separación matrimonial¹³.

Así mesmo no ano 2008 e impulsado por Barreiro, a cidade da Coruña acolleu a celebración do *I Congreso Internacional. La literatura de Emilia Pardo Bazán*, de novo patrocinado pola Fundación Caixa Galicia, que tamén se fixo cargo da edición dos relatorios nun magnífico monográfico. No seu limiar, Barreiro alude ao compromiso da Real Academia Galega de preservar a memoria de Emilia Pardo Bazán, continúa relatando as demais actuacións relevantes xa destacadas e escribe:

«O volume que agora presentamos é todo un fito no compromiso de preservar a memoria da escritora, xa que a través das súas máis de 800 páxinas tanto a literatura de Pardo Bazán como outras facetas da súa complexa existencia son estudadas, compendizadas e analizadas por case 70 estudiosos procedentes de universidades e centros, tanto nacionais como suízos, franceses, italianos, ingleses e americanos. Por iso *La literatura de Emilia Pardo Bazán* convértese nun volume de referencia para todo aquel que desexe estudar a obra pardobazanianana»¹⁴.

¹³ Barreiro Fernández, Axeitos Valiño, Carballal Miñán, Manuel Caridad Martínez, 2008, 2009, 2010-2011, 2013, 2016, 2017, 2018.

¹⁴ González Herrán, Patiño Eirín, Penas Varela, 2009.

BARREIRO E A CASA-MUSEO

Pola miña parte, teño a honra de ter sido testemuña de toda esa época brillante, de xestión impareable, para potenciar a figura de Emilia Pardo Bazán e colocala no lugar ao que pertence. Agora boto en falta non ter estado máis atenta á xestión do presidente, aínda que teño unha xustificación; el mesmo puxérame enriba a miña propia xestión —sei que fun a primeira museóloga que deseñou e executou ao completo un museo en Galicia—. Sobre as dúbidas que se xeraban —que non eran poucas— e que lle transmitía, díxerame: «Consúltame os problemas, pero só os importantes». Esa foi a mellor indicación que me puido facer un superior. Converteume na mellor crítica de min mesma.

Detrás da reinauguración do 16 de maio de 2003 había tres anos de traballo exhaustivo para presentar de xeito sucinto a Emilia Pardo Bazán, un personaxe cuxas raíces expandíanse ata territorios moito máis afastados do esperado; para optimizar o espazo físico onde poñer en valor as correspondencias museolóxicas; para estudar e contextualizar as pezas da colección —recepcionando moitas delas xa que viñan dunha máis que precisa restauración encargada por el mesmo, coñecedor apaixonado do mundo das antigüidades—; para afondar na biblioteca e no arquivo da familia Pardo Bazán que conserva a Real Academia Galega e para manter abundantes conversas con quen hoxe nos convoca, e que tanto como tesoureiro e como presidente asumiu, de xeito resolutivo, ese compromiso ao que dá título este artigo.

Cheguei a Emilia como ela escribiu —como un elefante en una cacharrería—, tal foi a magnitude da información que tiven que assimilar para presentar as dúas fases de intervención que me solicitaran. A primeira delas, un sinxelo (máis ben compacto, tiña que ser breve) «proxecto expositivo» que serviu para recibir o encargo do segundo; o «proxecto museográfico» *per se* no que, a falta dunha, presenteí tres opcións, a escoller.

Unha vez contratada, a primeira peza que me deu a ler o profesor Barreiro foi un libríño cun capítulo titulado «Cuentas ajustadas, medio cobradas». Ao mesmo tempo estaba facendo unha catalogación de pezas moito menos rematada do que se pensaba e ás veces tamén invadía o arquivo e a biblioteca de dona Emilia para coñecer o maior número de aspectos posibles daquel personaxe infinito.

Enfronteime así a un desequilibrio entre as dúas recepcións do personaxe. Por un lado, aquel artigo amosaba un desprezo absoluto pola figura que habitara a casa que se ía musealizar á que eu precisaba coñecer e respectar, admirar incluso. Por outro íaseme mostrando un personaxe traballador, enormemente produtor, pouco clasificable en xéneros (nin sequera en temas) metido no medio de moitas polémicas e en absoluto covarde xa que moitas as provocaba ela mesma.

En conversas con Barreiro —o seu teléfono fixo é dos poucos que aínda sei de memoria—, coincidimos en que máis aló das pezas estaba o espazo, ese era o punto de partida porque había que primar aquel compromiso contraído, e así foi. As pezas, o mobiliario, a tipoloxía da montaxe,

apoiaba ao espazo. Dáballe sentido. Debo dicir que me guiou en liberdade, escoitaba as propostas e aceptaba a meirande parte delas, aínda que un «non o vexo» pola súa parte era inapelable.

Nesas conversas deuse forma ao panel que analiza a relación entre o patriarca e a condesa. A conclusión baséase en fontes directas, como todo na exposición da Casa, aínda que desta vez é Barreiro o que escribe: «Os artigos contra Pardo Bazán recollen todos os rancos murguianos. Neles aparece o Murguía máis visceral e resentido»¹⁵.

Na miña opinión, Barreiro orientou no seu xusto término a figura de Pardo Bazán na Real Academia Galega; coñecedor —realmente coñecedor, como poucos— da magnitude da escritora. A consigna museolóxica, a partir da inauguración, foi presentar a figura de EPB á sociedade actual, para o que foi imprescindible darlle á Casa-Museo a autonomía necesaria para o seu funcionamento. Erudito na materia e por suposto esquivando a escusa do presentismo co que Pardo Bazán é xulgada tantas veces, respectou a súa produción ideolóxica e literaria. E estou segura de que gozou entendéndoa e medíndose con ela.

PUBLICACIÓNS DE BARREIRO ARREDOR DE EMILIA PARDO BAZÁN

Do mesmo xeito que se coñece a alguén pola súa biblioteca —Emilia dixit— é evidente que tamén se coñece a un autor polos seus traballos publicados. Entre moitos outros, Barreiro era especialista en Historia Contemporánea de Galicia. Entendía á perfección esa maraña de feitos, revolucións, loitas, nacementos, levantamentos, constitucións, execucións, vitorias, derrotas e carreiras que deu en conformar esa complexísima etapa. Mulleres, homes e paisaxes. Quizais por iso coñecía a Emilia antes de coñecela.

Tamén escribiu a Historia da Coruña —monográfico insuperable— polo tanto coñecía a contorna. Así mesmo publicou sobre Curros, Valle-Inclán, Rosalía, o liberalismo, o carlismo, os afrancesados, a Real Academia Galega, Deputados, xornalismo, Exército, Universidade... Seguro que tropeizou coa figura de Pardo Bazán en cada desenvolvemento destes temas, pero non fixo ningún monográfico ata que ocupou a presidencia da RAG.

Barreiro entrou no personaxe polos seus ancestros. O pai de Emilia Pardo Bazán —do que xa sabía polo seu posicionamento agrarista xunto co conde de Palleares—, aparece tamén no libro das biografías de parlamentarios galegos¹⁶ e sobre o avó paterno, Miguel Pardo Bazán, xa coñecía a súa a súa actividade como colexial de Fonseca formando parte do Batallón Literario de Santiago na guerra de independencia española¹⁷, ou formando parte do grupo dos «máximos contribuíntes» do Concello da Coruña en 1833, dato aportado no seu discurso de ingreso na RAG.

¹⁵ Barreiro Fernández, 2000.

¹⁶ Barreiro Fernández, López Morán, Mínguez Goyanes, 2001: vol. I, 476-478.

¹⁷ Barreiro Fernández, 1998; 2011.

Citamos a continuación as publicacións nas que participou Barreiro en relación con Emilia Pardo Bazán:

- (1992). «Revista de Galicia. Un “divertimento” de doña Emilia Pardo Bazán», *La Voz de Galicia*, 14-11-1992.
- (1992). «Una obra poco conocida de Emilia Pardo Bazán», *La Voz de Galicia*, 21-11-1992.
- (1998). «A obra de Fonseca», en Xosé Ramón Barreiro Fernández (coord.), *Historia da Universidade de Santiago de Compostela*. SC, USC/Parlamento de Galicia, vol. 1, 55-77.
- (2001). *Parlamentarios de Galicia: biografías de deputados e senadores (1810-2001)*, con Beatriz López Morán e Xosé Luís Mínguez Goyanes. Santiago, Parlamento de Galicia/RAG. 2 volumes.
- (2002). «Casa-Museo Emilia Pardo Bazán: o compromiso», en Xulia Santiso Rolán e Patricia Carballal Miñán (coord.), *Casa-Museo Emilia Pardo Bazán (catálogo)*. A Coruña, RAG/ Casa Museo Emilia Pardo Bazán, 11.
- (2003). «Emilia Pardo Bazán en su tiempo histórico», en Ana María Freire López (ed.), *Estudios sobre la obra de Emilia Pardo Bazán*. A Coruña, Fundación Pedro Barrié de la Maza, 13-38.
- (2003). «O estudio crítico das obras do P. Feijóo, de Pardo Bazán, Concepción Arenal e Miguel Morayta. O certame de Ourense de 1876», *La Tribuna*, nº 1, 47-96.
- (2004). «El vino en la obra de Emilia Pardo Bazán», con Patricia Carballal Miñán, *La Tribuna*, nº 2, 77-102.
- (2005). «A ideoloxía política de Emilia Pardo Bazán: unha aproximación ao tema», *La Tribuna*, nº 3, 39-70.
- (2005). «Morrión y boina. El cuento que nos introduce en la militancia carlista de Emilia Pardo Bazán», en José Manuel González Herrán, Cristina Patiño Eirín, Ermitas Penas Varela (eds.), *Emilia Pardo Bazán, los cuentos*. A Coruña, RAG, 23-43.
- (2007). «Emilia Pardo Bazán y el debate entre La Fe y El Siglo Futuro», con Patricia Carballal Miñán, en José Manuel González Herrán, Cristina Patiño Eirín e Ermitas Penas Varela (eds.), *Emilia Pardo Bazán, el periodismo*. A Coruña, RAG, 131-159.
- (2008). «Casa-Museo Emilia Pardo Bazán: o compromiso», en Xulia Santiso Rolán (coord.), *Casa-Museo Emilia Pardo Bazán [catálogo]*. A Coruña, RAG/Casa-Museo Emilia Pardo Bazán/Deputación da Coruña, 9.
- (2008). «Aportaciones a la biografía de Emilia Pardo Bazán. La crisis matrimonial (1875-1884)», con Ricardo Axeitos Valiño, Patricia Carballal Miñán e Jacobo Manuel Caridad Martínez, *La Tribuna* nº 6, 71-128.
- (2009). «La riqueza de Emilia Pardo Bazán. Una aproximación a su estudio», con Ricardo Axeitos Valiño, Patricia Carballal Miñán e Jacobo Manuel Caridad Martínez, *La Tribuna*, nº 7, 37-79.
- (2009). «Limiar» a *Mondariz en los textos de Emilia Pardo Bazán: antología (1887-1919)*, de Patricia Carballal Miñán. Mondariz, Fundación Mondariz Balneario.
- (2009). «Limiar» a *La literatura de Emilia Pardo Bazán*, José Manuel González Herrán, Cristina Patiño Eirín e Ermitas Penas Varela (eds.). A Coruña, Fundación Caixa Galicia/Casa-Museo Emilia Pardo Bazán, 11-12.
- (2011). «A Primeira xeración de estudantes liberais da Universidade de Santiago de Compostela», en Javier Barcia González (coord.), *Fidelidade á terra. Estudos dedicados ó profesor Xosé Luís Barreiro Barreiro*. Santiago, Universidade, 163-188.
- (2011). «La trágica muerte de Joaquina Mosquera Ribera, abuela de Doña Emilia: un secreto familiar desvelado», con Ricardo Axeitos Valiño, Patricia Carballal Miñán e Jacobo Manuel Caridad Martínez, *La Tribuna*, nº 8, 15-56.
- (2013). «Don Miguel Pardo Bazán, abuelo paterno de Doña Emilia Pardo Bazán», con Ricardo Axeitos Valiño, Patricia Carballal Miñán e Jacobo Manuel Caridad Martínez, *La Tribuna*, nº 9, 15-74.
- (2016). «Nuevos documentos relativos al asesinato de la abuela materna de doña Emilia Pardo Bazán», con Ricardo Axeitos Valiño, Patricia Carballal Miñán e Jacobo Manuel Caridad Martínez, *La Tribuna*, nº 11, 127-136.
- (2016). «Emilia Pardo Bazán, *Apuntes de un viaje de España a Ginebra (1873)*, reproducción facsímil, estudio y notas de José Manuel González Herrán», *La Tribuna*, nº 11, 143-144.
- (2016). «Emilia Pardo Bazán, *Teoría del sistema absoluto*, edición y estudio introductorio de Jesús Millán», *La Tribuna*, nº 11, 151-152.
- (2017). «Las afinidades literarias: conversaciones literarias con Jesús Muruais», con Ricardo Axeitos Valiño, Patricia Carballal Miñán e Jacobo Manuel Caridad Martínez, *La Tribuna*, nº 12, 191-198.
- (2017). «José Manuel González Herrán, “Érase un muchacho...” y otros estudios peredianos (1976-2016)», *La Tribuna*, nº 12, 289-290.
- (2017) «Un afrancesado antepasado de Doña Emilia: don Pedro Bazán de Mendoza», con Ricardo Axeitos Valiño, Patricia Carballal Miñán e Jacobo Manuel Caridad Martínez, *La Tribuna*, nº 13, 76-96.

Espertou moitas anécdotas na memoria este texto; o manexo que Barreiro facía da súa presenza, o dominio da súa voz. Ese índice levantado para afianzar o que dicía. A aristocracia de quen non ten que demostrar nada. A sensibilidade e o rigor misturados. As súas virtudes iluminan as zonas escuras. Ao pouco de inaugurar a Casa-Museo sufrín un accidente de coche moi grave. Barreiro tardou moi pouco en achegarse ao hospital. Eses detalles non se esquecen.

Xa me gustaría chegarlle á base do tacón.

UNHA HISTORIA PARA
UN PAÍS DE SEU.
A IDEA DE GALICIA
NA HISTORIOGRAFÍA
DE XOSÉ RAMÓN
BARREIRO

| **Lourenzo Fernández Prieto**



— Xosé Ramón Barreiro no seu despacho particular, A Coruña, 2008
Foto Xurxo Lobato

Ao mestre Barreiro, aos seus bos discípulos, compañeiros de meu.

A idea de Galicia na historiografía de Barreiro pode albiscarse en dous libros ben diferentes, separados por trinta anos pero unidos pola súa personalidade. O primeiro é a *Historia de Galicia* publicada pola AN-PG en 1979 na que Barreiro foi o autor do capítulo que se ocupa do período contemporáneo e abre a súa parte cunha dedicatoria que en si mesma é unha declaración: «A meu pai, Xosé Barreiro Barral patriota galego». O segundo é o libro de Xosé Luís Axeitos, Emilio Grandío e Ramón Villares, editado en 2008 na súa homenaxe e titulado *A patria enteira. Homenaxe a Xosé Ramón Barreiro Fernández*.

O cidadán Xosé Ramón Barreiro foi e quixo ser un patriota pero o seu relato histórico da Galicia contemporánea, precisamente para poder ser patriótico, esmerouse en facelo dun xeito profesionalmente historiográfico, pegado ás mellores fontes e a súa máis rigorosa interpretación. Como historiador envolveu a súa obra na mesma fasquía académica que levou consigo dende a primeira tese que leu en Roma. A súa non foi unha historiografía patriótica senón unha historiografía do seu tempo que tivo o territorio e a sociedade galegas contemporáneas como protagonistas case exclusivos. Por iso foi patriótica.

Os seus amplos intereses historiográficos son coñecidos e foron ben sistematizados no citado libro homenaxe. Aquí centrareime de modo exclusivo nas súas historias xerais de Galicia para tentar de abordar, como me piden os editores, a súa idea de Galicia. En realidade vou tratar sobre a idea de nación que pode derivarse das súas historias de Galicia, case todas elas —agás algunha excepción— circunscritas á época contemporánea. Non demorarei en toda a súa produción, senón nos máis significativos dos seus títulos, naqueles que considero máis senlleiros porque marcaron tramos ben definidos na súa obra.

O primeiro aporte significativo aparece no capítulo dunha obra colectiva: *Los Gallegos* (1976), un traballo seminal e fundador. Un ensaio de historia para un pobo sen historia, pensado e elaborado cando se cheiraba a saída da Ditadura na agonía do Ditador. O segundo, dentro da *Historia de Galicia* editado pola Fronte Cultural da A.N.P.G. (1979), está dedicado xa en exclusiva á *Edade Contemporánea até 1936*. A editora é tan marcadamente política como os autores que o acompañan —Francisco Carballo; Anselmo López Careira e Felipe Senén López— e os contidos marcadamente académicos. Foi un fito aquela publicación, tratouse do primeiro libro monográfico

de Historia de Galicia con ese nome¹. Tardou tanto en chegar para quen estabamos agardando naqueles anos por unha Historia de Galicia, que constituíu un grande éxito popular e intelectual.

Moito máis ampliada en datos e períodos, porque incorpora xa o golpe militar de 1936 e a ditadura que non abordara no capítulo do libro anterior, será a súa *Historia de Galicia IV Edade Contemporánea*, publicado en Galaxia dous anos despois (1981), seguramente o seu manual máis completo. Seguen a este numerosos proxectos editoriais nos que Barreiro se ocupa de forma completa ou especializada da Historia da Galicia contemporánea nun auténtico festival de publicacións, unha xeira longa e fecunda que responde á demanda social e política primeiro e a unha necesidade institucional conforme a Galicia autónoma se vai conformando e construíndo: o episodio da Preautonomía, o ciclo que se abre ao abeiro do novo Estatuto de 1981, as primeiras eleccións, a constitución do Parlamento Galego e da Xunta de Galicia como goberno galego autónomo. Hai agora corenta anos. Catro grandes proxectos editoriais de Historia de Galicia nos que se viu involucrado como autor ou como director Xosé Ramón Barreiro desenvolvéronse ao longo desas catro décadas. O de *Galicia Eterna*, en 1981, o proxecto da Editorial Hércules e máis a *Historia de Galicia* do xornal Faro de Vigo, en 1991, a *Gran Historia de Galicia* editada en 32 volumes por *La Voz de Galicia*, en 2007.

O ECOSISTEMA DA HISTORIOGRAFÍA CONTEMPORANEISTA EN GALICIA NA DÉCADA DE 1970

Os detalles biográficos e a singradura profesional do doutorando, profesor, doutor e catedrático de Historia contemporánea que foi Xosé Ramón Barreiro Fernández non forman parte deste capítulo, pero non pode deixar de relacionarse a súa produción historiográfica co contexto no que se desenvolve.

O contexto é só unha das cinco condicións que require un bo traballo historiográfico; as outras catro son: concepto, contraste, cita e caracterización. Os conceptos que pode e debe manexar unha obra histórica teñen que ver co grao de madurez teórica no que se move a historiografía, a súa inserción nas grandes correntes internacionais historiográficas e as dominantes nas ciencias humanas e sociais do seu tempo. O contraste de fontes, o cotexo que require o traballo historiográfico para moverse no camiño dunha interpretación verosímil do pasado require, para poder facerse, do soporte dun bo fondo documental, duns arquivos nutridos e coidados, públicos ou privados pero abertos e accesibles. As citas que un autor pode manexar e das que pode botar man expresan o estado da arte do seu tema, relacionan ao autor cos precursores nos que pode (e debe inserirse) un traballo historiográfico para lograr avanzar sobre bases sólidas no coñecemento dun

¹ Un ano despois apareceu unha Historia de Galicia de Ramón Villares de ton máis didáctico editada por Santillana (Villares, 1980), parella da Xeografía de Galicia de Augusto Pérez Alberti (Pérez Alberti, 1979).

tempo ignoto e dun asunto pouco coñecido. Da caracterización ideolóxica do historiador, da posición ideolóxica persoal, coñecible e recoñecible, nunca poden fuxir os e as historiadores/as nunha sociedade democrática e pluripartidista, nin deben; nada hai máis honesto nas sociedades democráticas que a transparencia ideolóxica, nada máis preocupante que o disface do apoliticismo como suposta garantía de imparcialidade.

Todos os pasados son descoñecidos, dá igual que sexan recentes ou antigos porque o pasado sempre engana ao presente, aínda que en realidade é o presente o que procura enganar usando o pasado; algúns presentes impiden ou dificultan coñecer o pasado. As citadas, son cinco condicións que só moi fracamente podía reunir un traballo de historia contemporánea á altura de 1975 en Galicia. E nesas condicións arrincou o traballo de Barreiro.

Empezando pola última C é precisamente esa transparencia ideolóxica o que fortalece e garante a verosimilitude do traballo profesional do historiador, sempre sometido á (necesaria) esculca, polos colegas e os lectores, en relación cos posibles nesgos ideolóxicos do seu traballo, o seu partidismo, parcialidade e prexuízos. A pantasma da manipulación é a outra cara do gran poder que temos os historiadores e as historiadoras á hora de reconstruír os pasados para os presentes, e a mellor forma de conxurala é a transparencia. Un historiador como cidadán ten que ter ideas e valores definidos, un historiador como académico e profesional ten que ter deontoloxía.

A posición ideolóxica de Barreiro sempre foi honestamente explícita en relación coa súa práctica da Historia de Galicia, sempre se considerou un galego facendo a historia dun pobo que non tiña historia. A súa posición na Igrexa cando comezou a carreira historiográfica civil facilitoullo, pero iso non lle resta importancia, relevancia nin valor. En canto a citas, contraste e conceptos, o panorama era coherente co marco político dunha ditadura de catro décadas fundada no golpe e nas matanzas e a guerra de tres anos. O seu traballo sobre a Historia de Galicia arrincaba case en solitario porque agás os vellos petrucios resistentes da República e o galeguismo no exilio, que se movían inevitablemente en marcos practicamente conxelados en 1936, os practicantes non podían terse *aggiornado* moito máis nun obxecto que como tal estaba anulado. As fontes estaban nos arquivos pero catalogadas cun sentido diferente ao dunha Historia de Galicia contemporánea —aínda que o vello Reino salvaba en parte esa fraqueza— e a obsesiva procura bibliográfica e documental de Barreiro que tivo moito que ver con esa fame de fontes para facer Historia de Galicia. Os conceptos estaban para Barreiro nas únicas bases que podía atopar entón, as das historias nacionais, maiormente políticas, e cara alí foi en canto puido e como puido. Porque primeiro se ocupou na súa tese (1979) do campesiñado galego do século XIX, coa supervisión de J. J. Carreras, atendendo a unha trécola importante para el pero seguramente máis aínda para o entorno *annalista* no que se movía a máis anovadora investigación histórica por entón, e moi coherente coas mesmas preocupacións que centraban a antropoloxía e a economía naquela altura do século XX. A importancia do obxecto de estudo da súa tese estaba en coherencia coa arraigada idea do século pasado sobre o campesiñado como principal clase nacional en Galicia. Máis que

un obxecto procurou un suxeito, comezando como era propio entón pola análise das estruturas agrarias para comprender os comportamentos sociais e achegarse ao que realmente parecía importarlle que era o comportamento político.

O contexto no que o historiador desenvolve a súa obra vén dado e non pode escollerse pero debe identificarse e analizarse para explicar e comprender a súa obra. Por iso non está demais empezar explicando que cando arredor de 1975 comezou a traballar na Historia contemporánea de Galicia, Xosé Ramón Barreiro era case o único no mundo académico en abordala con esa comprensión —axiña en 1980 se incorporou Ramón Villares—. No obxecto de estudo —a Historia da Galicia contemporánea— Barreiro estaba só pero no interese polo seu estudo non. A época contemporánea comezaba no século XVIII en amigable disputa coa época moderna, porque se en Francia e no continente a data de 1789 era un patamar ben definido, e para Inglaterra a industrialización un *turning point* sen discusión, entre os académicos e intelectuais galegos debatíanse adoito as formas e as condicións de ingreso na contemporaneidade do bretemoso noroeste da Península Ibérica. Seguindo o camiño dun debate sobre a revolución burguesa e liberal que no conxunto da Península Ibérica facía furor daquela e enmarcado nun potente debate internacional sobre as transicións.

Nos anos 1960 a e a mediados dos 1970, as investigacións en economía e política debruzábanse case preferentemente en asuntos do pasado máis que do presente, ocupábanse da historia, de xeito que o traballo dos historiadores tiña unha aberta competición nas novas ciencias sociais en ascenso pero polo mesmo tamén un amplo abano disciplinar en competencia. Isto era así porque o pasado era mellor campo de análises que o presente, sobre todo máis seguro, naquela fin da Ditadura na que tratar da economía ou da política do presente era necesariamente un acto case subversivo de non arar polo camiño trazado polo *desarrollismo* tecnocrático e o falanxismo do *Movimiento*, respectivamente. Tamén porque na Economía académica dominaba o estruturalismo, mormente marxista. A maiores, unha historia económica ben engarzada nas Facultades de Economía ocupábase da historia aínda máis especificamente. Mentres, nas Facultades de Historia os novos historiadores estaban aínda intentando sacudirse o dominio da ditadura, dos falanxistas e das congregacións relixiosas que primeiro converteran os centros universitarios nun ermo e despois as dominaran no seu crecemento. Daquela, quen mellor e con máis autoridade que un crego e doutor en Teoloxía, ben asentado no galeguismo e en varias institucións académicas (IEG Padre Sarmiento; *Compostellanum*) para abrir camiño nas novas tendencias historiográficas. Con este panorama, o campo de investigación que quedaba e que se escollía na profesión era preferentemente a Historia política.

UNHA HISTORIA PARA UN POBO SEN HISTORIA, AS PRIMEIRAS OBRAS

Los Gallegos (1976)

A primeira aportación de Barreiro foi un longo capítulo desta obra colectiva, concibida como un compendio para explicar un país, titulado precisamente Historia Política. Algo moi habitual nos primeiros anos setenta cando novas editoriais e novos e vellos intelectuais estaban empeñados en abrir e descubrir ao público novos-vellos mundos como as nacionalidades hispanas.

A colaboración de autores en obras colectivas tamén estaba relacionada cunha práctica de agregación moi propia dos demócratas antifranquistas. Un hábito que lembra aquel dos abaixo asinantes empregado para as tímidas protestas —expresadas case como representacións de Antigo Réxime— pero en forma de libro en vez de en formato epistolar. Xuntábanse os autores para sumar, para facer forza e tamén para se protexer das furias censoras, controladoras e represoras da Ditadura. Pero aquelas agrupacións de autores tamén estaban en relación con algunhas novas lóxicas da universidade do franquismo final que unían facilmente aos intelectuais republicanos e demócratas situados no ostracismo pola academia da Vitoria do 1939 e pola Ditadura. O antifranquismo era un grande consorcio.

Esta publicación impulsada por un autor que non viviu para vela, o profesor Gustavo Fabra Barreiro, reuniu de forma singular e irrepitible a petrucios republicanos como Otero Pedrayo, Paz-Andrade, Iglesias Corral, Antonio Odriozola e Taboada Chivite con promesas consolidadas que aínda non chegaran aos corenta anos como o propio Barreiro Fernández, Basilio Losada, Díaz-Fierros, Carme Pena ou Francisco Rodríguez Sánchez. Eran tempos de concordia opositora e o contexto reflectíase nesta obra editada por Akal, unha casa comprometida coa resistencia antifranquista.

As cento cincuenta páxina que Barreiro dedicou á Historia política non foron superadas por ningún outro dos colaboradores da obra que superou as cincocentas. Aínda sendo un dos poucos traballos no que aborda todas as etapas históricas, pasa o autor veloz polos tempos que chama prerromanos e tamén pola romanización para, brincando polo reino dos suevos e as fontes, chegar á Galicia medieval que percorre en dez apertadas páxinas, para pasar da época moderna a unha idade contemporánea que ocupa o groso da súa aportación. Será nesta parte onde a historia que o autor denomina política acada unha materialización máis acaída a esta denominación, baseada nos traballos paralelos que sobre carlismo, absolutismo, liberalismo e rexionalismo está a facer. Amais das fontes clásicas para o pasado máis antigo e da prensa para o novo, os poucos investigadores de referencia que manexa na súa obra son López Cuevillas, Casimiro Torres, López Ferreiro, Portela Pazos, Rodríguez Eiras e Meijide Pardo. A aportación de Barreiro á historia política da Galicia contemporánea estaba empezando a percorrer un longo camiño.

No seu arrinque preocúpase polos motíns e as revoltas, polas ideas e a súa organización, seguin-

do a cronoloxía política habitual marcada polo absolutismo real e o liberalismo das elites liberais revolucionarias. O fito da revolución do 1846, collido de Tettamancy, e a pescuda nos arquivos e na prensa dos rexionalistas do XIX, culmina coa presentación de dous movementos políticos da Galicia do século XX: o agrarismo e o nacionalismo. Remata o capítulo coa aprobación do Estatuto en xuño de 1936 e a frase lapidaria final: *Luego vino la Guerra Civil*. Así e alí remataban todos os libros de historia nesa época. 1936 era o punto de chegada e de interrupción neste caso dunha historia que culminara no Estatuto.

***Historia de Galicia. Edade Contemporánea* (1979)**

Nesta obra, editada pola Fronte Cultural da A.N.P.G., o capítulo titulado *A Edade Contemporánea ate 1936*, constitúe a segunda aportación de Barreiro á Historia de Galicia. Tamén aquí todo remata coa aprobación do Estatuto de Autonomía de 1936, o final muda na escritura pero non no significado: *Logo veu o 18 de xullo*. Como no libro anterior é o autor que máis escribe, neste caso *ex aequo* con Felipe Senén que se ocupa da Prehistoria e a Idade Antiga. Anselmo López Carreira redacta o apartado dedicado á Idade Media e Francisco Carballo asina o da Idade Moderna.

Neste libro, como ben indica o título do seu capítulo, Barreiro só se ocupa da Galicia contemporánea, comprendida entre o século XVIII e 1936, pero un dos outros autores, Francisco Carballo, ocúpase tamén da historia máis recente, denominada para o caso: *Edade Contemporánea desde 1939 ate 1979*. Considerada practicamente presente aqueles corenta anos previos non eran aínda tratados adoito como tempo dun pasado histórico senón máis ben como os dun presente político. Por outra parte, Barreiro afincaba a súa investigación e o seu saber competente no século XIX e comezos do XX e a iso atense nesta obra. Un libro comprometido co nacionalismo político, por mor do marco editorial que o acolle, que constitúe unha declaración de intencións en si mesmo, empezando pola dedicatoria coa que abre a súa parte: *A meu pai, Xosé Ramón Barreiro Barral, patriota galego*. Se alguén procura a idea de Galicia de Barreiro aí pode atopala, mais para buscar a súa idea do pasado histórico contemporáneo debe debuzarse na lectura das páxinas dun capítulo que ben se pode chamar iniciático.

Cunha estrutura convencional, naquela época de dominio das estruturas nas ciencias sociais e de forte influencia historiográfica dos *Annales* como garantía de renovación, o libro debuxa un percorrido que vai da demografía ás ideoloxías e os partidos. A diferenza do capítulo de *Los Gallegos*, ao liberarse da atadura do criterio cronolóxico que impuña ocuparse de «toda» a historia de Galicia, pode construír un capítulo que, por dominar o período a través da investigación, responde a esa articulación coherente propia da época.

Comeza a súa descrición polas bases demográficas e produtivas, as estruturas agrarias que naquel entón se traducían como propiedade da terra na indagación sobre a posesión dos medios de produción, o traballo estaba por todas partes, pero o que se buscaba con gañas era o traballo asalariado, atopar o capital era o obxectivo de todos os historiadores que se ocupaban do século

XIX co obxectivo de poder definir as condicións do modo de produción, da formación social. A emigración aparece inevitablemente como nesgo distintivo galaico, ao analizar os números segue a Beiras e tamén o acompaña na autoridade da súa conclusión socio-demográfica: «a emigración galega supón a renuncia á revolta». Porén ao longo do texto, derivado da súa propia pescuda e non do que el mesmo chamaba «a frialdade dos números», sucédense as referencias ás remesas e os retornos daquela emigración que tamén foi drama no arrinque do século XIX como volvía selo, pola súa continuidade apenas ininterrompida, cando Beiras e Barreiro escribían, marcando a excepcionalidade galega no presente máis que no pasado contemporáneo.

Nese primeiro epígrafe do capítulo de Barreiro, significativamente denominado *Os factores determinantes da Historia Galega Contemporánea* xa tamén quere enlazar as bases produtivas coas sociais cando se ocupa do mundo urbano e dos seus habitantes, esa burguesía débil e raquítica que vive en pequenas cidades, rodeadas dun potente mundo rural aínda que estancado no século XIX pola permanencia do foro, pero que a finais do século XIX e especialmente nas primeiras décadas do XX «tanto da man do campesiño como o mariñeiro mostra unha particular capacidade de reacción indicadora de que algo está a cambiar». E isto considéranlo un «feito indisputable» derivado dos datos da investigación. Bases materiais, medios de produción e loita de clases estaban no proceso de procura pero a indagación devolvía estruturas e conflitos que aparentemente non se acomodaban ben na coíné convencional dos estudos de referencia doutras latitudes. Barreiro sempre buscaba a variante, a especificidade galaica e non lle resultaba difícil atopala, porque tiña ollos adestrados para vela.

Descubrir o capitalismo era unha obsesión daquela para todos os estudiosos do pasado contemporáneo (e ibérico en xeral). A transición do feudalismo ao capitalismo, a revolución burguesa, marcaban o eixo das investigacións para determinar a madurez das estruturas e, sobre todo, a conformación das clases que podían anunciar a revolta cara novos mundos. Mesmo nun autor como Barreiro, non arraigado no marxismo, o peso daqueles paradigmas renovadores era abrumador. A aparentemente fraca revolución industrial, antes dos estudos de Xan Carmona (Carmona e García-Lombardero, 1985:433-452; Carmona e Nadal, 2005) e con pouco máis que o apreciable apoio dos estudos de Meijide Pardo e os das factorías de salgadura de Alonso Álvarez, parecía un dato indubidable. No medio da brétema Barreiro quería tratar da singularidade do proceso galego nesa transición.

A estrutura de clases ocupa o segundo grande apartado do capítulo. O cadro aparece debuxado cos trazos das dúbidas sobre a existencia ou ausencia de burguesía, mentres parece confirmarse a desaparición dunha fidalguía que resiste máis que os desamortizados eclesíasticos dos que foran aliados como rendistas; se o labrego entrara ou non no capitalismo era outra incógnita do século XIX, acompañada do suposto dos mariñeiros proletarizados. Aquí, no mundo do mar, parecía querer resolverse a gran pregunta de se Galicia entrara ou non na modernidade. Unha pregunta daquel presente de transición dende a Ditadura, para resolver no pasado dos dous séculos con-

temporáneos. Parecía albiscar por veces unha modernidade pasada que aparentemente requiriría relacións salariais para homologarse. Os datos parecían dicirlle que si pero a superestrutura parecía fallar: a ausencia de burguesía, a súa falla de mentalidade empresarial, a súa fraca conciencia de país, mesmo o feito de que moita fora «burguesía foránea» constituíu para Barreiro unha das cernas da súa procura historiográfica. Estudou moito a burguesía foránea: cataláns, vascos, maragatos, casteláns (rioxanos) e extrapeninsulares, contouna toda —case familia por familia— e coñeceu como ninguén.

Tamén se ocupou a fondo dos demais grupos, empezando por esa fidalguía esmorecente pero arraigada na universidade e nos empregos derivados da súa formación académica, un grupo social que non dubida en nomear clase e que define enxergada coa clerecía, estendida no territorio e con capacidade para titular e casar. Pero atende Barreiro moi especialmente aos *labregos* que investigara para o seu doutoramento —e así os denomina, coa verba vernácula que naquela altura fai fortuna, non campesiños como na súa tese—; bo coñecedor das descrições decimonónicas dun mundo rural compartimentado que non se pode comprimir no xenérico e universal campesiño, facendo unha rápida descripción dos estratos que o compoñen: *caseteiro* —hoxe diríamos caseteiras consonte co seu xénero maioritario—, *caseiros*, *foreiros e arrendatarios*, *os que traballan terra propia*, *os propietarios ricos*. Igual que advirte con tino respecto dos que traballan terra propia que «estas figuras non se dan en pureza» porque son moitos os que teñen terra de seu pero non máis que da allea, tamén afirma rotundamente que «os campesiños que posúan e traballan as terras máis produtivas» son a «capa social que coidamos xoga o papel protagonista na sociedade galega do século XIX». Unha afirmación tan rotunda como precoz na historiografía galega, da que non tira as conclusións posibles pero consonte coas achegas que cita e coñece ben da tese xa presentada do seu compañeiro Ramón Villares (Villares, 1982), da tese que anuncia da súa compañeira e alumna Pilar López (López Rodríguez, 1985) e coherente coa súa propia investigación de doutoramento, así como coas achegas recentes da moi eloxiada publicación sobre o agrarismo de J.A. Durán (Durán, 1977).

O protagonismo que outorga aos labregos neste capítulo ten moito que ver co abollar do mundo labrego na transición democrática, case convertido naqueles mesmos anos da edición do libro na clase na que algúns sectores do nacionalismo estaban dispostos a depositar a esperanza da redención política. Este protagonismo tamén tiña que ver co pulo que experimentaron os estudos campesiños no mundo, en Galicia e tamén en España e Portugal naquela década e na anterior, e que cun carácter transdisciplinar se movían da antropoloxía e a socioloxía, abonda mencionar a E. Wolf (Wolf, 1982) e Th. Shanin (Shanin, 1979) como referentes externos, á economía que practicaban autores dun espectro que ía de X. M. Beiras (Beiras, 1972) a E. Pérez Touriño (Pérez Touriño, 1982:183-207). Tamén naqueles anos andaba por Compostela un Raúl Iturra preparando unha tese que superaba coa súa antropoloxía histórica o dominio daqueloutra simbólica e que nese mesmo ano foi presentada en Cambridge baixo supervisión

de Jack Goody². Aínda que non consta a influencia de Iturra no traballo de Barreiro, o máis anovador ambiente académico e intelectual compostelá, xunto coa socioloxía política galega alimentaban a súa interpretación como tamén a memoria persoal e familiar daquela nova xeración de historiadores, saídos de casas grandes feitas na resistencia labrega da crise finisecular polos seus avós. A memoria e o coñecemento directo das memorias locais está implícito en Barreiro e moitas veces explícito, como cando cita que «cando o catalán Teixidor morreu no século XIX no Pindo, non houbo un soio viciño que se prestase levalo ao camposanto...» E remata cunha sentenza típica das súas clases marxistas: «De vez en cando os pobos saben facer xustiza», transmitindo de feito unha historia familiar da aldea dos seus devanceiros.

Na interpretación de Barreiro, tan forte é a pegada rural, tan fraca a industrialización ligada á burguesía, que só os mariñeiros asalariados se representan mal que ben na súa pescuda como o proletariado galego do século XIX. Excluídos, os artesáns que na historiografía española e europea da altura eran considerados máis ben rémoras do antigo réxime gremial e continuidades da era pre-industrial, en coherencia cun tempo previo á recepción de E.P. Thompson, e aos traballos sobre a industrialización antes da industrialización de P. Kriedte, H. Medick e outros. Pero ese alivio de modernidade asalariada, como tampouco as lóxicas mercantís que recollía o autor no apartado de «producción pra o mercado» no que tamén trata das remesas emigrantes como mobilizadoras de riqueza, non modificaba a súa rotunda caracterización da galega como unha «sociedade primitiva» no século XIX.

A política é a sociedade son o terceiro apartado para o que todo o anterior semella preparación nesta obra como en todas as de Barreiro, porque é a historia política a que persegue sen vagar para coñecer os protagonistas individuais e colectivos, as súas correlacións de forzas e as súas posicións ideolóxicas. Especialmente en relación con Galicia, que lle serve de fiel da balanza ou secante para a súa análise dos partidos e as ideoloxías e os comportamentos políticos. O campo da loita política e o dos conflitos de clase entran tamén na súa análise, pero axiña deixa atrás as clases para ocuparse dos dirixentes e dos bandos e as súas vicisitudes. Coa mención á estrutura de clases cumpre cos canons da época na que escribe. Antes de entrar neste derradeiro apartado da súa historia contemporánea, Barreiro déixanos claro que no relativo á maioría social rural e labrega, «as formas xurídicas que adopta a sociedade campesiña [utiliza aquí si a denominación xenérica e antropolóxica] así como os comportamentos políticos, non nos desvían do marco de *sociedade primitiva* no que nos movemos». A caracterización non admite dúbidas aínda que esa rotundidade vese comesta pola couza dos datos que deixa aquí e acolá e por outras consideracións temporais e parciais como xa se indicou. Saír do marco definido e do paradigma dominante na

² Raúl Ángel Iturra Redondo, doutor en antropoloxía pola universidade de Cambridge coa tese *Strategies of production in a Galician Parish (NW Spain)*. O libro centrado nunha observación participante realizada na parroquia de Vila-tuxe será publicado en 1988 en Galicia (Iturra, 1988).

caracterización económica e política do país non era doado daquela no ambiente compostelán universitario e menos naquel libro e naquel ano. Aínda estaban por chegar os tempos de desbordar algúns dogmas criados no berce do final do franquismo.

Ese apartado de Política e sociedade, que está centrado no século XIX e apenas nalgúns aspectos do primeiro terzo do XX, é onde Barreiro nos descubre a súa orientación de historiador da política, dando conta sintética de todo o que por aqueles anos está indagando e publicando sobre a historia política do século XIX galego, nunha escolla sobre o carlismo (1976) e o nacemento do galeguismo (1979) que como na maioría dos autores da época é doado relacionar coas preocupacións dun presente en transición³. A vía da historia política é a que prioriza para explicar a historia contemporánea de Galicia como historia nacional. No ano da publicación do libro había fame de saber sobre a política do pasado e Barreiro sacia esa fame en clave galega coa súa investigación, para un público en demanda constante de historia.

So por situar o contexto no que se publica este capítulo, o libro no que se insire aparece ao ano seguinte da aprobación da Constitución, mil días despois da morte do ditador. Unha Constitución que recolle a opción das autonomías para dar saída á demanda antifranquista das que a Carta Magna denomina «nacionalidades e rexións», favorecendo constitucionalmente ás tres nacións históricas cunha vía directa para a súa constitución como nacionalidades autónomas no marco constitucional, ao privilexiar aquelas entidades que xa plebiscitaran o seu Estatuto durante a República. Condición que só reunían Galicia, o País Vasco e Cataluña. Nese ano 1979 celébranse ademais dúas eleccións moi importantes, primeiro o 1 de marzo vótase por segunda vez desde 1977 pero son as primeiras eleccións coa constitución aprobada e con garantías asociadas a unha Lei de leis democrática que non houbera en 1977, e o 3 de abril votouse para elixir os primeiros concellos democráticos en máis de corenta anos. Unhas eleccións significativamente e teimudamente retrasadas que evocaban para historiadores (e non historiadores) as leccións da derrota monárquica de 1931 e aínda máis atrás o clientelismo da Restauración. Dende 1975 a 1979 os concellos seguiron gobernados polos alcaldes do *Movimiento* elixidos polos gobernadores civís e concelleiros maioritariamente tamén do *Movimiento* coa excepción dalgúns elixidos en 1973 polo terzo familiar segundo as regras dun sistema de representación orgánico nin libre nin pluripartidista. Ese era o contexto das preocupacións que os historiadores da política levaban ao pasado. En Galicia ademais arrincaba un importante pero minoritario debate entre os nacionalistas organizados: por unha banda os que aceptaban como unha opción a vía estatutaria, uns máis decididamente como o POG e o renacido PG ou mais timidamente como o PSG, agrupados en UG e os nacionalistas agrupados no BN-PG, a coalición electoral da ANPG e a UPG que nega-

³ Do seu libro sobre o carlismo (1976) para explicar o Antigo réxime que se resiste a morrer ao semnal sobre a revolución do 1846 e as orixes do galeguismo (1977) no que indaga no liberalismo galeguista que pode alumear o presente de Transición democrática.

ban rotundamente esa vía baixo a consigna *Estatuto nunca máis. Bases constitucionais*. Negando de paso tamén a e Constitución como unha vía lexítima e practicable. Ningún destes grupos acadara deputados nas dúas eleccións citadas pero si algún alcalde, o máis importante, o da Coruña, foi logrado por UG. Aquela disputa do presente non foi levada ao pasado indagado por Barreiro, que porén tiña moito interese en desvendar o descoñecido daquel pasado de Estatuto e construción das opcións galeguistas republicanas. O noso autor non se despega da súa orientación profesional e do longo prazo histórico no que pescuda para coñecer, interpretar e atopar explicacións.

Barreiro ten claros os marcos, despois de abordar as estruturas e máis as clases que se poden inferir delas, comeza por indicar que vai tratar da expresión na superestrutura das contradicións sociais, e define aos protagonistas da conflito político no marco da queda do Antigo réxime e do abrente da revolución liberal: absolutistas (clero, aristocracia e fidalguía) e *liberás* (burguesía, clero progresista e inconformista e intelectualidade). Entre 1790 e 1840 sitúa Barreiro o conflito entre o novo e o vello en clave galega, entre os rendistas que queren manter o privilexio antigo e señorial e «os que aspiran a unha economía capitalista... a unha nova sociedade». O campesiñado protagonista da guerra contra o francés «na defensa do seu» non atende ás predicas duns nin doutros segundo Barreiro, nunha imaxe de non politización concordante coa que parecía advertirse neste grupo social naquel presente, acollíase na memoria recente das décadas da ditadura e xa que logo —entendo eu— inferíase tamén para o pasado. A tarefa era descubrir nas fontes escritas e sobre todo na prensa, que o historiador esculcou até o último e agochado número, aos protagonistas do conflito revolucionario co que arrinca o século liberal.

Esta idea da pasividade política dos labregos, do seu apoliticismo é un argumento principal en Barreiro para este período e quere demostralo cando estuda o carlismo, que en Galicia «careceu de apoio popular» pois «o campesiñado manifestouse neutral na guerra» aínda que pola contra ofrece moitos datos de colaboracións das aldeas na desfeita de partidas carlistas. O que argumenta con claridade é que para os labregos os señores carlistas que comandaban as partidas eran «tamén os seus tiranos» e nada podían ofrecerlles que lles interesase a base de Deus, Patria, Rei. Debuxa Barreiro uns labregos interesados polo seu e non polo dos seus rendistas, e polo tanto con capacidade de elixir. A mesma «teimosa neutralidade» dos labregos describe o autor a propósito do *Levantamento de 1846*, que fracasou na súa valoración entre outras cousas ao non ser apoiado polas «camadas populares», un diagnóstico de apoliticismo que pode matizarse cos datos que máis unha vez ofrece o propio Barreiro a respecto das ocupacións coñecidas dos participantes, nas que militares, estudantes e labregos roldan cada grupo o 19 por cen, nuns cálculos que dan conta do minucioso da súa pescuda⁴.

⁴ Militares: 20,6 (257) / Estudantes 19,6 (245) / Labregos 19 % (237) (Barreiro Fernández, 1977:184).

Hai outro retrato social en movemento no que Barreiro se demora devagar, o do clero, coa sabedoría fina de quen coñece toda as sutilezas reviravoltas e retrancas dun grupo que intenta desesperadamente manter o poder simbólico, económico e político e que é quen de retelo mentres a revolución liberal non acaba con el, e aínda despois canalízao por outras vías que o autor coñece e describe. Coa fidalguía e os labregos, o clero é para Barreiro o grande protagonista da formación social galega no período de crise do Antigo Réxime. A diferenza da fidalguía que «desaparece como grupo definido» os eclesiásticos manteñen un protagonismo político resiliente, moitos como carlistas pero algúns «progresistas e inconformistas» do lado das novas ideas de xustiza social asociadas ao liberalismo. Ese cadro do pasado que debuxa o historiador forma parte tamén do presente que viviu e vive o ex-crego antifranquista e galeguista, nun tempo presente no que os labregos teñen consideración de principal base social e electoral dun país que volve a votar nas urnas dende 1977 e non poucos cregos —a maioría a piques da secularización sabéndoo ou non— forman parte da axitación antifranquista, democrática, operaria e nacionalista. Os fidalgos universitarios e profesionais aínda seguen a estar por todas partes pero sen fachenda señorial.

Pese a describir a demorada e resistente desaparición da fidalguía como clase rendista, Barreiro acompaña aos liberais decimonónicos no seu lamento sobre a capacidade daquelas familias e persoeiros fidalgos para enxergarse no partido moderado e máis no estado liberal «capitalizando para si o triunfo liberal», cando despois da súa derrota militar o carlismo deixa de ser unha opción de futuro. E atribúelles a «estes intelixentes vencidos, camaleóns, paxaros de mil cores que tanto abundan en Galicia» facer imposible unha reforma liberal. Outra volta pode albiscarse o presente de transición democrática na saída do franquismo e máis as súas frustracións na visión dun pasado tan gatopardiano como o que xa describira o Giuseppe Tomasi di Lampedusa por boca do Príncipe Salina (Lampedusa, 2007 [1958]). Unha obra de 1958 (e unha película de 1963) moi evocada nos anos setenta en España. A equiparación subliminar entre a transición vivida nos anos setenta do século XX e a transición estudada para os corenta primeiros anos do século XIX que apreciamos na obra de Barreiro era case inevitable nos historiadores da súa xeración. Unha equiparación moito máis mecánica e moito menos subliminar, máis política e menos literaria, pode apreciarse por exemplo nalgunhas obras de Josep Fontana, moi especialmente no manual que no mesmo ano que este libro de Xosé Ramón Barreiro (1979) publica o colega catalán mestre de historiadores⁵.

⁵ Fontana, 1979. Publicando como primeiro volume dunha colección de Guías de Historia Contemporánea de España. Un libro que marcou xeracións de historiadores e historiadoras e no que a equiparación implícita entre unha e outra transición pode apreciarse moito mellor dende a alteridade que permite o presente que cando o lemos sendo estudantes da carreira de Historia, por indicación de R. Villares e, creo que lembrar, que do propio X. R. Barreiro.

A definición do caciquismo restauracionista como contractual na descrición da relación entre labregos e políticos, non deixa de ser unha novidade na que Barreiro define unha clientela relacionada coas lóxicas contractuais nas que se move o mundo rural. Sempre o seu empeño en definir a especificidade da formación social galega, por usar unha definición propia da época, a nación como el gustaba de dicir. Nesa singularización que non necesita rebuscar nin inventar ren, bota man da antropoloxía, da historiografía e da literatura galega, amais da prensa e a documentación de arquivo.

O que máis lle interesa e máis ocupa na parte final do seu capítulo será o que denomina «Factores políticos do cambio. Unha nova Galicia» no que indaga naquelas forzas e movementos «que empezaron paseniñamente a cambiar Galicia» o que significa que combatían o caciquismo, traballan por gañar as eleccións e procuraban definir a identidade política nacional. O galeguismo nas súas sucesivas xeracións dende 1846, incluíndo o aporte federal e o das Irmandades. O agrarismo como forza anticaciquil e artelladora do «furo labrego» que se deu no «período 1900-1925» e que ten moito que ver segundo advirte o autor «coas posibilidades económicas desta clases social».

O movemento operario como clase ideal (e *obxectiva*) da revolución social contemporánea ten un lugar querido pero condicionado porque «É xa un lugar común a afirmación de que o atraso industrial de Galicia non facilitou as necesarias condicións obxectivas para que poidese beneficiar dun movemento obreiro» unha consideración que Barreiro expresa de entrada ao modo da época. Porén, como noutros asuntos non se resigna Barreiro ao tópico e no seu interese por descubrir o que non se sabe do pasado «(nese enorme lago da Historia de Galicia está por facer case todo)» afirma tratando das mobilizacións operarias. Parece consciente de que está transitando camiños do pasado cheos de lama e de broza sen rozar e expresa a certeza de que os novos licenciados en Historia contemporánea están desexosos de os explorar. Con eles colaborará para contribuír a encher tamén este baleiro que queda lonxe do seu campesiñado da tese, da súa burguesía foránea, dos seus fidalgos e cregos carlistas e dos galeguistas universitarios (Barreiro Fernández, 1990). Barreiro aspira a unha historia de Galicia normalizada, sen campos vedados e iso explica a amplitude de campo da súa produción.

Este apartado último do capítulo da Idade contemporánea remata coa presentación dos partidos da Segunda República, seguindo outra das tendencias habituais na investigación contemporánea española dos anos setenta, non só da historiográfica senón tamén da propiamente politolóxica ou do dereito político —antes da aparición do dereito constitucional en 1978— que só poden tratar de democracias pasadas na espera dunha nova. O que máis lle interesa na súa indagación sobre dos partidos, alén da súa dimensión, implantación e caracterización, é a posición sobre a autonomía e a cuestión nacional. É por iso seguramente a súa rotunda afirmación de que «ORGA pasou pola Historia sen pena nin gloria para os intereses de Galicia» antes de ocuparse do minoritario Partido Galeguista e as peripecias que levan ata a consecución do Estatuto de Autonomía co que remata este apartado. O final do capítulo é unha longa cita de Castelao contestado a acusación Calvo Sotelo de fraude no plebiscito de 26 de xuño. E remata coa frase habitual nos seus libros: «Logo veu o 18 de xullo».

AS SUCEVAS HISTORIAS DA GALICIA CONTEMPORÁNEA

En 1981, dous anos despois da anterior, aparece a súa *Historia de Galicia IV. Edade Contemporánea*, publicada por Galaxia. Un libro moi ben editado que se supón parte dunha colección da que finalmente non saíu ningún outro volume. Moi ampliada en datos e períodos respecto do capítulo do libro anterior, incorpora unha parte dedicada a «O período franquista» que inclúe un apartado dedicado ao golpe militar de 1936, ao que non se resiste a nomear pronunciamento, outro «aos alicerces de apoio ao franquismo», outro no que se ocupa da oposición e un cuarto e último sobre «O nacionalismo durante o franquismo». Este foi seguramente o seu manual máis manexable, máis popular e máis completo. En 390 páxinas retoma por extenso todos os asuntos que de forma sintética xa o ocuparan naquel capítulo da *Historia de Galicia* da ANPG e incorpora outros novos como a división provincial de 1833 e os seus efectos políticos e institucionais. Incorpora tamén unha historia da prensa galega que el converte nun obxecto específico por dereito propio. Tamén o ensino e a cultura convértense en capítulos específicos desta obra. Neste libro unha nova dedicatoria a Beatriz, danos conta das mudanzas na súa vida, que xa mira menos ao pasado familiar e persoal do que ven, menos ao Pindo e a Ribeira e máis á Coruña liberal.

Case á vez aparecen os capítulos dedicados aos séculos XIX e XX no primeiro e segundo volume de *Galicia Eterna*, un proxecto editorial en seis volumes de Editorial Nauta publicado en 1980 como un intento de compendio de saber de Galicia. Lembra o proxecto de *Los Gallegos* pero en papel cuché, pasta dura e moitas fotos, mesturando tamén autores novos académicos e vellos petrucios do galeguismo.

Seguen a este outros proxectos editoriais nos que Barreiro se ocupa de forma completa ou especializada da Historia de Galicia nun auténtico festival de publicacións, unha xeira longa que responde á demanda social e política primeiro e a unha necesidade institucional conforme a Galicia autónoma se conforma co novo Estatuto de 1981, as eleccións e a constitución do Parlamento Galego, hai agora corenta anos. Participa cun fascículo sobre *La organización política y administrativa de Galicia en el régimen liberal* e outro sobre *De la guerra contra el francés a la carlistada* na Historia de Galicia que o Faro de Vigo publicou co xornal como coleccionable, baixo a supervisión de Ramón Villares e Alfonso Mato en 1991. Ese mesmo ano publica cinco volumes da Historia de Galicia de Edicións Hércules que dirixe Francisco Rodríguez Iglesias dous dedicados á Historia política dos séculos XIX e XX, outro á Historia da cultura e da educación contemporánea, un no que se ocupa do Antigo Réxime dende o punto de vista da cultura a Ilustración e a política e un quinto que leva por título *La sociedad gallega contemporánea. Tradición y modernidad*. Cada un dos volumes achégase ás cincocentas páxinas. O último gran proxecto de Historia de Galicia no que participou e que dirixiu xunto co seu compañeiro do Departamento de Historia Contemporánea da USC, Ramón Villares, foi a *Gran Historia de Galicia* editada

en 2007 por *La Voz de Galicia*. Barreiro realizou cinco dos 32 volumes, que compoñen o tomo XI titulado Historia Política da Galicia contemporánea. Aquí debuzou todo o seu saber máis actualizado e acabado despois de catro décadas de investigación infatigable. O obxecto da súa investigación historiográfica, a historia política contemporánea de Galicia viuse por fin completada de forma coherente polo autor.

CONCLUÍNDO CUNHA CODA

A idea de Galicia na historiografía de Barreiro pode buscarse nos seus libros de historia como veño de intentar explorar, a idea cívica e política de Galicia en Barreiro hai que procurala noutros trazos, máis persoais que profesionais, noutras accións e posicións (a súa vinculación co colectivo Realidade Galega) ou nos seus discursos como Presidente da Academia.

O seu obxectivo historiográfico non foi construír unha patria senón indagar unha patria en sentido estrito e etimolóxico. Para iso empeñouse en facer, como tentei por de manifesto, unha historiografía do seu tempo coas mellores chaves conceptuais e metodolóxicas, coas que tiña máis a man, cunha investigación centrada no territorio e a sociedade galegas contemporáneas como protagonistas exclusivos. Por iso foi patriótica. Se uns facían historia política de España daquela —e hoxe— estudando Madrid e facendo unha mención a Sevilla e Avilés ou ollando o Estado español sen saír da documentación do propio estado, entendido como os ministerios que o rexen, Barreiro ocupouse de estudar e explicar as clases sociais, os xornais, as imprentas, a universidade, os partidos, as ideoloxías, as institucións en Galicia e de Galicia. O nesgo interpretativo pono sempre, non na comparación internacional, senón en se todos eses suxeitos e obxectos de estudo significaron algo para Galicia como suxeito político contemporáneo, ou non.

Difícilmente poden atoparse na obra de Barreiro as comparacións ou insercións internacionais que agora abundan na historiografía galega —máis que na española—. Non foi criado historiograficamente o noso autor nun tempo en que iso fora posible. Toda a historiografía dos anos setenta no Estado español, e máis aínda a política, ollaba cara dentro e procuraba a reintegración da democracia, do pluripartidismo, das loitas polas liberdades e o benestar, indagándoas no pasado para evocalas no presente. Barreiro tamén respondeu a ese interese do seu presente pero centrado en Galicia e con todo o rigor heurístico do que foi capaz, que era moito, en extensión e en intensidade. Porque non só fixo historia senón que recuperou e valorizou —xunto cos colegas de Historia Moderna— fondos documentais como o do Arquivo Histórico da Universidade de Santiago (AHUS), o da Real Academia Galega e outros coruñeses (Consulado, Cornide). Amais de construír na súa biblioteca e arquivo persoais un auténtico corpus documental, a partir de textos de época, do que da cumprida conta nas súas publicacións. Con erudición. Unha característica moi loada do seu traballo que deixei para o final.

O carácter marcadamente académico da súa obra baséase nunha práctica adquirida na Igrexa de Roma cando só nalgúns recunchos podía adquirirse na Universidade española, e sen dúbida a súa potencia académica débelle moito a esa erudición, pero tamén foi debedora dun coñecemento e unha práctica que hoxe chamamos —algo pedantemente— transdisciplinar, en canto integradora de diferentes saberes e disciplinas que se aproveitan xuntos para mellor abordar un obxecto de estudo. O que agora sería integración de disciplinas para Barreiro era simplemente a ampla base do seu coñecemento e da súa formación en Letras en sentido clásico. Nada lle era alleo a quen manexaba o latín, o coñecemento filolóxico e xurídico dos canons e despois foi quen de adestrarse nas novas metodoloxías historiográficas.

O seu saber do país, baseado nun amplo coñecemento e moita querenza, despregábase adoito diante dos alumnos no primeiro día de clase. Os apelidos que ía lendo ao pasar lista ían sendo asignados por el a localidades ou bisbarras concretas co asombro e a confirmación adoita dos e das estudantes que ficábamos pasmados de que a mínima singularidade dun apelido lle permitira a aquel coñecido e recoñecido profesor afirmar a procedencia do mesmo. Hai que saber moita historia para ter esa destreza, pensabamos. Era como se coñecese a todos os nosos devanceiros. A patria e a matria.

BIBLIOGRAFÍA

- AXEITOS AGRELO, X.L.; GRADÍO SEOANE, E.; VILLAREZ PAZ, R. (Eds.) (2008). *A Patria enteira. Homenaxe a Xosé Ramón Barreiro*. Santiago de Compostela, Consello da Cultura Galega, Universidade de Santiago de Compostela e Real Academia Galega.
- BARNAT, J. (dir.) (1980). *Galicia eterna*, Barcelona, Nauta.
- BARREIRO FERNÁNDEZ, X.R. (1976). *El carlismo gallego*. Santiago de Compostela, Pico Sacro.
- (1977). *El levantamiento de 1846 y el nacimiento del galleguismo*. Santiago de Compostela, Pico Sacro.
- (1979). *El campesinado gallego en el siglo XIX. Comportamientos sociales y políticos*. Santiago de Compostela, Universidade de Santiago de Compostela. Tese de doutoramento.
- (1981). *Historia de Galicia IV Edade Contemporánea*. Vigo, Galaxia.
- (1982 a). *Historia política. Siglos XIX-XX*. Coruña, Gamma.
- (1982 b). *Liberales y absolutistas en Galicia (1808-1833)*. Vigo, Xerais.
- (1998–2002). *Historia da Universidade de Santiago de Compostela*. Santiago de Compostela, Universidade de Santiago de Compostela.
- (coord.) (2003). *Parlamentarios de Galicia: biografías de deputados e senadores (1810-2003)*. Santiago de Compostela, Parlamento de Galicia.

- (2009). *Historia social da Guerra da Independencia en Galicia*. Vigo, Xerais.
- BARREIRO FERNÁNDEZ, X. R.; DÍAZ-FIERROS, F. et. Al. (1976). *Los Gallegos*. Madrid, Itsmo.
- BARREIRO FERNÁNDEZ, X.R. et Al. (1979). *Historia de Galicia*. Santiago de Compostela, AN-PG.
- (1990). *O movemento obreiro en Galicia: catro ensaios*, Vigo, Xerais.
- (1991). *Historia de Galicia*. Vigo, Faro de Vigo.
- BARREIRO FERNÁNDEZ, X. R.; ODRIÓZOLA, A. (1992). *Historia de la imprenta en Galicia*. Coruña. La Voz e Galicia.
- BARREIRO FERNÁNDEZ, X. R.; VILLARES PAZ, R. (Coord.) (2007). *A gran historia de Galicia*. Coruña, La Voz de Galicia.
- BEIRAS TORRADO, X.M. (1972). *O atraso económico de Galicia*. Vigo, Galaxia.
- CARMONA BADÍA, X. e GARCÍA-LOMBARDERO, X. (1985): «De la crisis del Antiguo Régimen a la formación de los primeros sectores industriales dos puntos de inflexión en la historia contemporánea de Galicia», *Crisis, autonomías y desarrollo regional: IX Reunión de Estudios Regionales*, Santiago de Compostela, Asociación Galega de Ciencia Rexional, 433-452.
- CARMONA BADÍA, X.; NADAL, J. (2005). *El empeño industrial de Galicia. 250 años de historia (1750-2000)*, Coruña, Fundación Barrié de la Maza.
- DURÁN, J. A. (1977). *Agrarismo y movilización campesina en el país gallego (1875-1912)*. Madrid, S. XXI.
- FONTANA, J. (1979). *La crisis del Antiguo Régimen, 1808-1833*. Barcelona, Crítica.
- ITURRA, R. (1988). *Antropología económica de la Galicia rural*. Santiago de Compostela: Consellería da Presidencia e Administración Pública.
- LAMPEDUSA, G. (2007) (1958). *Il Gattopardo*, Barcelona, Edhasa.
- LÓPEZ RODRÍGUEZ, P. (1985). *Campesinos propietarios: La redención de foros en la provincia de Lugo durante la I República*. Lugo, Diputación Provincial de Lugo.
- PÉREZ ALBERTI, A. (1979): *Xeografía de Galiza*, Madrid, Santillana.
- PÉREZ TOURIÑO, E. (1979). «A Evolución da agricultura no capitalismo: a concepción dos clásicos do marxismo como paradigma dunha visión determinista do desenvolvemento histórico», *Revista galega de estudos agrarios*, nº 6, 183-207.
- SHANIN, T. (1979). *Campesinos y sociedades campesinas*. México D.F., FCE.
- TETTAMANCY, F. (1908). *La revolución gallega de 1846*. Coruña, Librería Regional de Carré.
- VILLARES, R. (1980). *Historia de Galiza*. Madrid, Santillana.
- VILLARES, R. (1982). *La propiedad de la tierra en Galicia: 1500-1936*, Madrid, S. XXI.
- WOLF, E. R. (1982). *Los campesinos*. Barcelona, Labor.

XOSÉ RAMÓN BARREIRO
NO *INSTITUTO JOSÉ
CORNIDE DE ESTUDIOS
CORUÑESES*. DATOS E
IMPRESIÓN

| Xosé A. Fraga Vázquez



→ Entrada de X. R. Barreiro no Salón de Plenos do Concello da Coruña para proceder á lectura do seu discurso como membro numerario do Instituto José Cornide de Estudos Coruñeses

Compostelán de familia e de vivencias, docente na Universidade de Santiago, Xosé Ramón Barreiro Fernández fixou durante décadas, coa súa compañeira Beatriz López Morán, a residencia na Coruña. O historiador sentiuse moi a gusto na cidade herculina, integrouse perfectamente na mesma e atopouse como un coruñés máis. Gozaba da vida social e cultural dunha urbe con tradición e das relacións cos amigos. Asemade, para A Coruña foi un privilexio contar coa súa presenza en múltiples iniciativas e dispoñer dos seus valiosos traballos sobre a historia da cidade.

INGRESO NO INSTITUTO JOSÉ CORNIDE DE ESTUDIOS CORUÑESES

O Instituto José Cornide de Estudos Coruñeses non ignorou esa feliz circunstancia de contar entre os veciños da cidade ao destacado historiador e ofreceulle a posibilidade de incorporarse á institución. Así, o 18 de xullo de 1988, o Padroado da entidade, a proposta do director da mesma (Antonio López Prado), acordou a súa inclusión como membro de número do Instituto herculino. Pasados sete anos, o de 8 de maio de 1995, tivo lugar a recepción do catedrático de Historia Contemporánea. Acto celebrado, como adoita acontecer con ese tipo de eventos, na Sala Capitular do pazo municipal coruñés. Presidiu a sesión o presidente do Padroado do Instituto, cargo que corresponde a quen ostenta a Alcaldía da cidade, neste caso Francisco Vázquez Vázquez. O magno local atopábase ategado por numerosas persoas que agardabamos con expectación e certa emoción as palabras do historiador de sólida reputación e traxectoria.

O título do discurso de ingreso do profesor Barreiro foi *La memoria perdida de los afrancesados (Aproximación al afrancesamiento coruñés)* (Barreiro, 1995). Un tema coherente con diversos



→ Barreiro pronunciando o seu discurso de ingreso no Instituto Cornide

traballos previos do autor, que o converteran no principal experto —entre outras materias— do liberalismo galego. De feito, cando dous anos despois (14 de febreiro de 1997) ingresou na Real Academia Galega, a cuestión sobre a que disertou foi *O liberalismo coruñés: a segunda xeración* (Barreiro, 1997).

Xa no comezo da súa intervención no pazo municipal explicou ao atento auditorio o seu interese polo tema e adiantou algunhas valoracións: «Desde hace muchos años me siento atraído, como historiador, por aquel grupo de españoles que amando a su patria, aunque dudando de su fortaleza y capacidad de reacción, optaron en el año 1808, como solución desesperada, por la dinastía bonapartista como la única fuerza capaz de regenerar a España» (Barreiro, 1995:5). Nesa liña, subliñou a súa atracción polo asunto tratado polo «ejercicio calculado de la desmemoria colectiva, la conjura del silencio en torno a ellos o la destrucción de su memoria política a través del vilipendio y de la injuria» (Barreiro, 1995:5).

O noso historiador sinalou como figuras moi importantes da elite intelectual da España do momento estiveron co réxime xosefino que gobernou España entre 1809 e 1814. Aludiu ao tratamento historiográfico recibido polo fenómeno do «afrancesamento» en Galicia da man Antonio López Ferreiro e numerosos autores, que insultaron aos que escolleron a opción xosefina. Outros, moitos, gardaron silencio. Barreiro situou como causas desas posicións, a insistencia do pensamento reaccionario español en identificar a decadencia patria co «afrancesamento». Así fixeron, segundo el, Marcelino Menéndez Pelayo coa pluma posta «al servicio del neocatolicismo reaccionario» (Barreiro, 1995:6) e o fascismo español. Tamén constatou certo silencio nas ringleiras liberais, malia partir da mesma matriz ideolóxica que os afrancesados, esforzándose en evitar a identificación con eles pola asociación destes co «antiespañolismo». Como consecuencia, o orador afirmou que o pensamento afrancesado ficou sen valedores durante moito tempo.

Na análise polo miúdo do tema o catedrático comezou cuestionando o mito do «afrancesamento» como causa da decadencia española. Nese punto subliñou que Francia xerou xunto ideas liberadoras e revolucionarias outras que serviron de base ao pensamento reaccionario europeo. Ideas que tiveron unha fonda influencia en España, pensemos no carlismo e nos movementos ultra-conservadores. Iso axudou ao mito de atribuír ao «afrancesamento» liberal a decadencia española (o mesmo que fixeron en Francia os reaccionarios co liberalismo local). Unha mistificación que colleu pulo e foi readaptada por autores como Suárez Verdaguer. Para Barreiro a conciencia de decadencia española é previa a esa influencia francesa e ten a súa orixe no século XVII.

En segundo lugar, o catedrático salientou a escasa influencia francesa na Ilustración hispana, «un movimiento radicalmente español, que no entra en conflicto con la fe ni con el poder absoluto del monarca» (Barreiro, 1995:18). Certamente, o proceso ilustrado en Galicia e en España foi ben moderado e distante da crítica radical que impregnou o movemento en diversos países europeos. Continuou o profesor coa análise da influencia francesa na cidade da Coruña, describindo con precisión aos afrancesados coruñeses, identificados co proxecto xosefino. E ofreceu

→ M. Sánchez Salorio respondendo ao discurso de ingreso de Barreiro



interesantes detalles da ocupación das tropas francesas e do comportamento de persoas como José Francisco Barrié, «hombre fuerte del mando francés» (Barreiro, 1995:51).

Responden á brillante disertación o numerario Manuel Sánchez Salorio nunha breve, como corresponde, intervención. Sinalou a Barreiro como «el gran testigo de la ciudad de La Coruña. El desvelador de nuestra identidad». Salorio non se limitou aos eloxios de rigor nese tipo de actos, tamén quixo —coherente co seu coñecido espírito crítico— sinalar resumidamente algunhas disidencias e/ou matices co expresado polo novo numerario. Nese sentido, indicou a dependencia das teses de Suárez Verdaguer con Donoso Cortés e Carl Schmitt e amosouse distante da visión que atribuíu ao novo numerario do Instituto, ao seu entender inxenua, canto o legado dos ilustrados.

TEMPOS DIFÍCILES PARA O INSTITUTO

Barreiro accedeu ao Instituto Cornide nun período complicado para a entidade. A intromisión do Concello xerará unha crise que provocou a marcha dalgúns dos integrantes iniciais do Instituto e un distanciamento do goberno municipal, o que se traduciu en menos recursos e apoios deste. Antonio López Prado, director desde 1981, e outros numerarios realizaron meritorios esforzos por conservar a entidade, coidar e catalogar os legados de Salvador de Madariaga e Vitor López Seoane e manter o acceso de investigadores. Nese contexto, no ano 2000, Barreiro —que ocupara a presidencia da Real Academia Galega en febreiro de 1997— foi nomeado polo pleno de numerarios do Instituto, comisario de publicacións. E pasou a formar parte da Xunta de Goberno,

co novo director, Andrés Fernández-Albalat Lois, Odón Abad Flores de tesoureiro, Felipe Senén López Gómez como secretario e José Antonio García Caridad de comisario de extensión cultural.

O novo comisario de publicacións intentou recuperar a revista do Instituto, sen editar desde o ano 1994 (números 27-28). Con moi escasos recursos acadou que os números 29 e 30 fosen publicados nun volume que deu a lume en 2005, con el mesmo como director. Unha recuperación efémera, pois a revista non volvería a aparecer ata bastantes anos despois (en 2017), nunhas circunstancias diferentes.

Por outra banda, na parte final do século XX e principios do XXI a presenza institucional, intelectual e social de Barreiro na cidade da Coruña foi ben relevante. Neses tempos tivo a oportunidade de tomar contacto e coñecer aos poderes locais, aos que se presentan as eleccións e aos que non o fan. Nun período inicial recibiu bo trato deles mais tamén levou golpes cando se amosou minimamente crítico.

RESPOSTA A DOUS DISCURSOS DE INGRESO

Nos anos 2007 e 2008 Xosé Ramón Barreiro foi o encargado de responder aos discursos de ingreso de dous novos numerarios, Xosé Antón Fraga e Fernando González Laxe. Darei conta con máis detalle do primeiro porque, obviamente, dispoño de superior información.

A principios dos anos noventa fun elixido numerario do Instituto José Cornide de Estudios Coruñeses. Por razóns que non veñen a conto agora atrasei a lectura do discurso de ingreso, que tivo lugar en 2007. O tema a tratar non admitía ningunha dúbida: o naturalista Vítor López Seoane. O seu legado, manuscritos, correspondencia e biblioteca científica, constitúe —xunto co de Salvador de Madariaga— un dos fondos máis importante que custodia o Instituto. Ademais, desde os anos oitenta do pasado século acudín en numerosas ocasións ás instalacións da entidade para consultar esa documentación e dediquei numerosas publicacións á obra do naturalista.

Polo 2006 rematei o texto da miña intervención, que chegou ás mans de Barreiro, pois el foi o numerario designado para responderme. Unha honra para min, pois o admiraba como historiador e o apreciaba persoalmente. Tivera as primeiras novas das súas publicacións iniciais, *El carlismo gallego* (1975) e *El levantamiento de 1846 y el nacimiento del galleguismo* (1977), cuxos exemplares adquiridos neses anos conservo no que forma o núcleo da miña biblioteca. A eses libros seguiron outros ben relevantes (*El campesinado gallego en el siglo XIX* e *Liberales y absolutistas en Galicia*) no comezo dos oitenta, período no que inicié as miñas investigacións sobre a recepción do darwinismo e a Historia das Ciencias. E nese labor foime moi útil un artigo seu —«El evolucionismo en Galicia en el siglo XIX»— publicado en 1971 na revista que chegou a dirixir, *Compostellanum*.

A notable irrupción escrita do profesor de Historia contemporánea estivera acompañada dunha sobranceira actividade como conferenciante e divulgador da materia. Asumiu que a responsa-

bilidade dun especialista non remata no labor investigador e docente, na lóxica presenza en escritos técnicos e en congresos especializados ou en intervencións seleccionadas. Comprende que era obrigado saír da burbulla académica, ir ao contacto co público xeral e difundir coñecemento entre a sociedade. Nese terreo de coidada divulgación ocupou Pepe Barreiro durante décadas unha posición moi principal no panorama galego. Puiden comprobalo en persoa en numerosos e diferentes escenarios e mesmo, na segunda parte dos anos setenta, cando o convidamos a falar no activo Ateneo Ferrolán, gocei da magnífica oportunidade para compartir con el un agradábel momento.

Canto a oradores salientables, de mozo escoitara en Santiago unha intervención de Ramón Otero Pedrayo, conferenciante singular porén cun estilo declamatorio que me dou a impresión de que era propio de tempos anteriores. Nese período chamoume a atención a facilidade comunicativa dun catedrático novo, Xosé Manuel Beiras. Porén, para min Barreiro foi o conferenciante máis destacado de Galicia na parte final do século XX e primeiros anos do XXI, un comunicador dotado dun talento especial. Desde o seu físico notable xurdía unha voz potente mais tamén harmónica que, coa linguaxe axeitada, debullaba o tema tratado nunha ordenada exposición. Todos os seus recursos retóricos estaban reforzados por un elemento emocional que os facía máis eficaces e que, sobre todo, dotaba de credibilidade á mensaxe, trasladando información e entusiasmo. Coido que non houbo outro coma el na difusión afervorada da Historia de Galicia.

Co paso dos anos fun coincidindo con Barreiro en diferentes eventos e situacións, nos que el salientaba coa súa singular personalidade e coñecemento. Á hora de expresar as súas opinións mesturaba unhas posicións temperadas cun estilo bastante directo, non moi frecuente nos medios académicos. Ademais, as súas intervencións tiñan unha certa dose de imprevisión, de espontaneidade. Canto ás relacións persoais, era afaible e accesible, non establecía notables diferencias coas persoas en función da súa posición institucional e/ou académica. Nel non observei o paternalismo e/ou condescendencia con que se adoitan comportar algúns docentes universitarios con quen, por circunstancias diversas, tivemos que desenvolver o noso labor investigador fóra da academia. En diferentes momentos acudín a el para realizar algunha consulta ou solicitar determinadas informacións. Coido que unha das últimas conversas xirou arredor de Manuel Murguía, ese relevante personaxe da Historia de Galicia sobre o que realizou unha magnífica biografía e do que tamén publicou, con Xosé Luís Axeitos, a súa interesante correspondencia.

Canto a Vítor López Seoane (1832-1900), cómpre dicir que falamos do naturalista galego máis destacado do século XIX, con contribucións salientables na Zooloxía e un relevante labor de décadas. Após diversos achegamentos previos á súa obra, pretendía —co discurso— facer unha síntese e actualización da mesma. Porén, a raíz da celebración do centenario da súa morte saíron á luz novos e inquietantes datos sobre o comportamento ético do científico. Xa nos anos anteriores observara algún episodio sorprendente e/ou difícil de entender pero o que agora xurdía de xeito contundente era que o noso naturalista cometera unha fraude repetida en varias



→ Barreiro con Fraga e o Alcalde Losada o día do ingreso de Xosé Antón Fraga no Instituto Cornide.
Foto Xurxo Lobato

das súas publicacións, cambiando a data da súa aparición para así asegurarse a prioridade dos descubrimentos.

Un tema delicado do que me facía eco no meu texto e que, loxicamente, xerou conversas con Barreiro. Compartiamos a preocupación polo espiñento asunto, expresoume as súas dúbidas sobre a cuestión e ao final chegamos a unha conclusión. Obviamente, informar das irregularidades. Tamén falamos do inxusto que resultaba botar luz sobre ese comportamento de Seoane cando outros contemporáneos seus, integrantes da elite, poderían ter actuado ou actuaron de xeitos similares, canto agachar episodios escuros das súas biografías. Polo que a min respecta nunca pretendín ocultar eses elementos, o que en diversas circunstancias me causou algunha incompreensión. Por outra banda, no caso de Seoane non me limitei a denunciar a fraude, intentei explicala canto a súa traxectoria persoal como no contexto do seu labor científico e a situación da ciencia no seu tempo.

Sobre esa cuestión sigo pensando o mesmo, na necesidade de comunicar as irregularidades cometidas por un ilustre personaxe cando estas teñen peso na obra ou inciden de xeito substancial na biografía. Un labor complicado porque o puritanismo intelectual e a acomodación cómplice aos relatos convencionais teñen bastante peso nunha parte do mundo académico galego. Resulta moi difícil celebrar os méritos e, asemade, asumir grises e sombras nas biografías de determinadas figuras; imponse branquealas, unha lectura única e case haxiográfica. Algo que puidemos comprobar en 2021 coa celebración do centenario de Emilia Pardo Bazán e que supoño acontecerá no próximo 2023 co ano Picasso. Non obstante, con matices, non somos unha excepción. O día 17 de marzo de 2021 publicaba en *The Guardian* a profesora Priyamvada Gopal (Universidade

de Cambridge) un interesante artigo («Why can't Britain handle the truth about Winston Churchill?») sobre o complicado que lles resulta aos británicos aceptar unha visión crítica de Churchill. No texto indicaba un elemento clave que a algúns/has custa moito aceptar: «Critical assessment is not “character assassination”» («A avaliación crítica non é “asasinato de personaxes”»).

Finalmente, tivo lugar a lectura do meu discurso (*Creación e orixinalidade na obra do naturalista Seoane*, Fraga Vázquez, 2007) o 16 de outubro de 2007. No pazo municipal coruñés presidiu o acto o Alcalde Javier Losada de Azpiazu. Na súa resposta, Barreiro tivo xenerosas palabras sobre a miña traxectoria no terreo da historia das ciencias. Canto as perversións sinaladas no comportamento de Seoane incorporou datos procedentes da correspondencia deste con Manuel Martínez Murguía. Acertadamente, subliñou a orfandade científica do naturalista en Galicia, as dificultades dos investigadores situados á marxe das grandes institucións.

Xosé Ramón Barreiro realizou ese día dúas consideracións finais. A primeira gardaba estreita relación coas nosas conversas previas, «Que co mesmo celo empregado coa obra de López Seoane, os investigadores deberían entrar polo miúdo nos escritos, apuntamentos, etc. dos seus contemporáneos e é posible que nalgúns casos atopemos tamén algunhas desviacións á norma ao código intelectual». A segunda consideración foi que «nin a obra de López Seoane queda contaminada nin se pode negar a súa cualitativa achega ás ciencias no século XIX», unha cuestión que, baixo o meu punto de vista, precisaría dalgunha matización.

De novo o Alcalde Javier Losada de Azpiazu presidiu o acto do discurso de ingreso como numerario no Instituto Cornide de Fernando González Laxe. A lectura tivo lugar o 9 de outubro de 2008 e levaba por título, *El papel de los territorios en la globalización: las ciudades y sus factores de atracción en la nueva re-definición espacial europea* (González Laxe, 2008). O acto constituíu un notable evento na cidade, pola destacada traxectoria de Laxe, medalla de ouro da mesma e ex-presidente da Xunta de Galicia. O tema que desenvolveu foi o do papel das cidades na construción europea. Laxe situou os elementos de referencia, expuxo os principais postulados da doutrina económica canto o espazo, analizou a globalización e integración das áreas territoriais, as xerarquías das cidades europeas e a intervención das urbes na economía mundial. Asemade, detívose na medición da competitividade das cidades e tamén na medición da «atractividad», así como na imaxe de marca dun territorio, a economía da identidade. Rematou a súa intervención analizando vantaxes e desvantaxes da concentración das urbes en áreas metropolitanas e os eixos da visión estratéxica que deben desenvolver as cidades e/ou rexións metropolitanas, circunstancias que esixen novas gobernanzas.

Na resposta de Barreiro, o historiador resumiu a biografía, traxectoria política e intelectual de Laxe. Recoñeceu a valía do novo numerario do Instituto, «un dos máis sólidos analistas e intérpretes da economía galega». Canto o tema tratado no discurso, salientou como positivo valorizar ao máximo as unidades espaciais e rematou falando sobre a marca de identidade de Galicia.

ARREDOR DO FONDO MADARIAGA

Un tema que sempre lle preocupou moito a Xosé Ramón Barreiro foi o do legado de Salvador de Madariaga, o tesouro máis prezado que custodia o Instituto Cornide. Consciente do seu valor e potencial, seguiu con atención a catalogación e difusión do mesmo. Coidaba, con razón, que ese valioso material precisaba de atención, de promoción, de accións que favorecesen o achegamento dos especialistas e a divulgación entre o público.

Esa preocupación trasladábaa aos responsables municipais sempre que podía, en conversas privadas e en actos públicos. Así fixo, por exemplo, na presentación do inventario dos fondos ou no cincuenta aniversario do Instituto. O 29 de setembro de 2008 interveu na presentación pública do *Inventario de los fondos de Salvador de Madariaga* (Varios, 2008), labor realizada grazas á axuda da Deputación provincial e a Fundación Caixa Galicia. Barreiro foi o autor da «Introducción», un breve texto, no que celebraba a publicación do inventario realizado por un equipo de técnicos, «para que sirva de guía a cuantos investigadores e intelectuales se preocuparon por la vida y obra de Salvador de Madariaga, un gallego y un español universal [...] que nunca desertó de su condición de republicano y demócrata» (Varios, 2008:9). En 2014, co gallo da conmemoración dos cincuenta anos do Instituto Cornide, no salón de plenos do Concello e co Alcalde Carlos Negreira Souto no acto, insistiu na necesidade de —alén de retóricas— coidar e promocionar o legado de Madariaga, co risco de que a negligencia municipal podería poñer en cuestión o seu futuro na cidade.

NA XUNTA DE GOBERNO

En 2014 entrei a formar parte da Xunta de Goberno do *Instituto José Cornide de Estudios Coruñeses* substituindo a Odón Abad Flores como tesoureiro. Acompañaba a Andrés Fernández-Albalat (director), José Antonio García Caridad, Xosé Ramón Barreiro e Felipe Senén López Gómez. Esa circunstancia permitíume estreitar a relación con Barreiro, ao que sempre observei disposto a botar unha man nas iniciativas do equipo, apoiando as xestións de Albalat cara a resolver a complicada situación do Instituto, incluíndo o seu confuso status xurídico.

A fins 2016 Albalat deixou o cargo e os compañeiros de Xunta de Goberno animáronme a substituílo na dirección do Instituto, responsabilidade que desenvolvín ata o remate de agosto do 2020. A experiencia permitíume compartir numerosas reunións e eventos con Barreiro, quen me prestou a súa xenerosa colaboración no que puido, asumindo con humildade os labores encomendados. O veterano historiador ocupou o posto de coordinador da sección de historia e, entre outras cousas, realizou o guiión inicial da proxectada exposición sobre o segundo centenario do Trienio liberal.

Un dos meus principais obxectivos foi recuperar a publicación da revista. Pepe Barreiro e Ana Romero Masiá asumiron a dirección da mesma e en 2017 saíu o primeiro número da nova etapa. Nel colaborou o noso historiador cun artigo: «La ruralidad gallega y su modernidad. Apuntes historiográficos».

Ademais, o 23 de febreiro de 2017 Barreiro presentou, en nome do Instituto, a conferencia de Olga Glondys, «Salvador de Madariaga como constructor do diálogo con Europa desde o liberalismo». Desta mesma autora xa presentara o 18 de xullo de 2013 o libro *La guerra fría cultural y el exilio republicano español. Cuadernos del Congreso por la libertad de la cultura (1953-1965)*, publicado o ano anterior en Madrid polo Consejo Superior de Investigaciones Científicas.



→ Presentación do nº1 da revista do Instituto Cornide, nova etapa (12 de xuño de 2018)



→ Intervención de Barreiro na presentación de Olga Glondys (23 de febreiro de 2017)

DERRADEIRA INTERVENCIÓN

O 31 de xaneiro de 2019 ingresou como numerario no Instituto Cornide Emilio Grandío Seoane, profesor titular de Historia Contemporánea na Universidade de Santiago. Sorprendeume que no momento da súa elección Barreiro non se amosara especialmente satisfeito. As súas reticencias non afectaban de xeito directo ao propio numerario electo; o xubilado catedrático estimaba persoal e profesionalmente a quen fora un salientable alumno seu. Tiñan que ver co malestar que sentira na derradeira etapa na cátedra compostelá, onde non se sentiu ben tratado polos seus colegas. Unha incomodidade que se agudizou coas divisións que viviu na Real Academia Galega. Levaba esas decepcións con discreción e elegancia pero o pesar estaba con el. Esas experiencias negativas incidiron nun home de natural alegre e con bo humor e favoreceron nel unha certa desconfianza; xustificada unhas veces e outras non.

Expliqueille que o Instituto precisaba contar entre os seus numerarios con alguén que puidera traballar sobre o elemento patrimonial máis valioso, o fondo Madariaga, e que Grandío estaba en óptimas condicións para facelo. Barreiro aceptou pero el non deixaba de estar preocupado porque nalgún momento desde a Universidade de Santiago se deran movementos de certa apropiación do legado. Co tempo fun limando as reticencias do veterano catedrático, quen, de feito, aceptou responder ao discurso do novo numerario.

Grandío leu o seu discurso no Concello coruñés, nun acto presidido polo Alcalde Xulio Ferreiro Baamonde. O título da súa intervención foi: *Frente al abismo. Salvador de Madariaga, Gran Bretaña y la llegada del fascismo, 1934-1936* (Grandío Seoane, 2019). O tema, obviamente, era relevante para o Instituto e a el xa dedicara o novo numerario unha publicación divulgativa promovida pola entidade en 2017: *Compromiso pola democracia. Relato vital de Salvador de Madariaga*.

Emilio Grandío comezou a súa intervención subliñando a importancia de Madariaga e do seu legado, mesmo do interese en difundilo. Destacou o perfil dese coruñés universal como unha figura asociada a «democracia y paz», «pacifismo y diálogo en la búsqueda de una solución política del gran tema del siglo XX: los conflictos europeos» (Grandío, 2019:9). Situou o contexto europeo e mundial dos anos 30 do século pasado e pasou a analizar a relación de Madariaga coa II República, desde a inicial esperanza ata momentos de dúbidas, cunha ollada cara certo autoritarismo que seduciú por eses anos a unha parte dos grupos conservadores europeos, unha tentación á que Madariaga non foi alleo. De feito, a revolta de 1934 favoreceu certa revisión de ideas no pensador, que «apuesta por el apoyo a recetas organicistas y corporativas para salvar algo de las libertades democráticas» (Grandío, 2019:17), e que reflexiona sobre o contrato social entre representantes e representados, que debería preservar a liberdade individual. Non estaba ausente nesas posicións do polígrafo o «medo ás masas» orteguiano que sacudiu a unha parte da intelectualidade do momento.



→ Xosé A. Fraga entra no Instituto Cornide, acto no Concello da Coruña.
Foto Xurxo Lobato

O orador fixo referencia a un país clave na vida de Madariaga, Gran Bretaña, que xogaba un papel esencial na política europea e tiña unha notable influencia na española. Asemade, Madariaga mantiña contactos con persoas que ocupaban destacadas responsabilidades nese país. Grandío aludiu a diversas xestións do diplomático, como o plan de paz de 1936 e varios intentos fracasados en interlocución cos políticos británicos, constatando o escepticismo destes pola, segundo eles, deriva esquerdista da II República e a febleza das forzas democráticas.

Barreiro comezou a súa resposta eloxiando, con orgullo, ao seu antigo alumno e discípulo e cualificou o discurso do novo numerario como «sólido e asemade didáctico». A continuación,

falou de Madariaga, realizou un breve retrato do ilustre coruñés e aludiu ao seu papel como constructor «dun muro ideolóxico». Salientou o enorme labor despregado polo intelectual ao longo da súa vida, do que son boa proba a correspondencia e documentación conservada no Instituto Cornide. E rematou comentando sobre o período da II República e a Madariaga como fiel a ela.

Xunto esas intervencións lembro ese día 31 de xaneiro de 2019 como unha xornada especial. En primeiro lugar porque, malia as iniciais reticencias de Barreiro ás que fixen referencia, o ambiente do evento resultou moi grato e a iso contribuíu a presenza de colegas de ambos os dous profesores, que viviron con eles un entrañable momento. Outra circunstancia fixo singular a data. A resposta de Xosé Ramón Barreiro Fernández ao discurso de Grandío constituíu a súa derradeira intervención pública. E estas foron as derradeiras palabras daquel campión da retórica: «Grazas a Emilio polo discurso e grazas a todos vós pola atención prestada». Grazas a ti, mestre, respondo eu a xeito de despedida, en nome propio e de moitos outros.

BIBLIOGRAFÍA

BARREIRO FERNÁNDEZ, X. R. (1995). *La memoria perdida de los afrancesados (Aproximación al afrancesamiento coruñés)*. Discurso leído por el Excmo. Sr. D. Xosé Ramón Barreiro Fernández al ser recibido como Miembro de Número de este Instituto durante la sesión pública celebrada solemnemente el día 8 de Mayo de 1995, en la Sala Capitular del Palacio Municipal de La Coruña y cuya contestación estuvo a cargo del Miembro de Número Excmo. Sr. Don Manuel Sánchez Salorio. La Coruña, 1995, Instituto José Cornide de Estudios Coruñeses, Imprenta Rivas.

BARREIRO FERNÁNDEZ, X. R. (1997). *O liberalismo coruñés: a segunda xeración*. Real Academia Galega.

<https://publicacions.academia.gal/index.php/rag/catalog/view/135/131/59>

FRAGA VÁZQUEZ, X. A. (2007). *Creación e orixinalidade na obra do naturalista Seoane*. Discurso lido polo Excmo. Sr. Don Xosé A. Fraga Vázquez ao ser recibido como membro de Número deste Instituto durante a sesión pública que se celebrou solemnemente o día 16 de outubro de 2007 na Sala Capitular do Palacio Municipal da Coruña e a contestación a cargo do Membro de Número Excmo. Sr. D. Xosé Ramón Barreiro Fernández. A Coruña, Instituto José Cornide de Estudios Coruñeses, Offset Valladares.

GONZÁLEZ LAXE, F. (2008). *El papel de los territorios en la globalización: las ciudades y sus factores de atracción en la nueva re-definición espacial europea*. Discurso leído por el Excmo. Sr. Don Fernando González Laxe al ser recibido como Miembro de Número de este Instituto durante la sesión pública celebrada solemnemente el día 9 de octubre de 2008, en la Sala Capitular del Palacio Municipal de La Coruña,

y la contestación a cargo del Miembro de Número Excmo. Sr. D. Xosé Ramón Barreiro Fernández. A Coruña, Instituto José Cornide de Estudios Coruñeses, La Resma, S. L.

GRANDÍO SEOANE, E. (2019). *Frente al abismo. Salvador de Madariaga, Gran Bretaña y la llegada del fascismo. España, 1934-1936*. Discurso leído por D. Emilio Grandío Seoane ao ser recibido como Membro de Número deste Instituto durante a sesión pública que se celebrou solemnemente o día 31 de xaneiro de 2019 na Sala Capitular do Pazo Municipal da Coruña e a contestación a cargo do Membro de Número Excmo. Sr. D. Xosé Ramón Barreiro Fernández. A Coruña, Instituto José Cornide de Estudios Coruñeses, Gráficas Cano.

VARIOS (2008). *Salvador de Madariaga. Inventario de los fondos documentales*. Instituto José Cornide de Estudios Coruñeses. A Coruña, Deputación da Coruña & Fundación Caixa Galicia.



→ Acto de ingreso de Emilio Grandío no Instituto José Cornide



→ Xosé Ramón Barreiro no seu despacho,
A Coruña, 2008
Foto Xurxo Lobato



— Xosé Ramón Barreiro e Domingo García Sabell.
A Coruña.
Foto Xurxo Lobato

XOSÉ RAMÓN, O VIGOR DA EMOCIÓN

Luis Antonio Giadás Álvarez

Imponente. Esta é a definición que me vén á mente cando evoco a personalidade de Xosé Ramón. Esa foi a miña primeira impresión cando o coñecín: alto, corpulento, voz tonitronante, acenos contundentes.

El foi o titor da miña tese de licenciatura. Contestou pacientemente todas as miñas dúbidas, alentoume nos períodos de desánimo, aconselloume sobre bibliografía, arquivos e personalidades a entrevistar. En fin, apoioume vehementemente na defensa da miña investigación. Hoxe en día, cando acudo a estes arquivos e hemerotecas onde afiei as armas pesquisadoras, as «topas» (indicacións) que me subministrara Xosé Ramón seguen séndome de utilidade.

Como docente, Xosé Ramón baseaba o seu discurso na emoción. Falaba con ardor de Galicia, describindo enerxicamente os feitos, sintetizando as causas e consecuencias dos mesmos con gráficos exemplos, tomando partido ante os diversos protagonistas da Historia, facéndonos preguntas retóricas, coa inflexión de ton axeitada a cada intre do discurso emotivo que despregaba ante nós... Porque iso era para el a Historia: un discurso no que prevalecía o vigor da emoción sobre a fría estatística dos datos e das datas. Corroborando a fermosa definición que dera Juan Ramón Jiménez dos evanxelizadores didácticos das Misións Pedagóxicas durante a II República, Xosé Ramón era «un mariñeiro do entusiasmo».

Porque ensínase coa paixón e apréndese coa emoción. Ou como o expresara Rabelais, hai case seiscentos anos, «os alumnos non son recipientes por encher senón lumes por acender».

Esa é a lección que tirei dos anos que fun alumno de Xosé Ramón. Esa é a lección que pretendo transmitir aos meus propios alumnos.

LEMBRANZAS DE BARREIRO

Adrián Rodríguez Rodríguez

A primeira vez que escoitei falar de Xosé Ramón Barreiro foi cando o meu profesor de instituto —o tamén finado Elixio Villaverde García— nos recomendou moi encarecidamente, que nos fixeramos cun exemplar da parte de Historia Contemporánea da *Historia de Galicia* da editorial Galaxia.

Ese libro, que por suposto merquei (de segunda man), proporcionoume grandes tardes de lectura, saboreando pasesiñamente, aqueles epígrafes que complementaban o estudo das materias de Historia de España e Historia Contemporánea de Galicia do segundo curso do bacharelato.

O mesmo libro, tamén aportou os seus graniños de area para que, uns meses máis tarde, eu pasase a ser hóspede da facultade de Xeografía e Historia para cursar a licenciatura de Historia.

Mirando cara atrás, a miña promoción, a 2001-2006, tivo bastante sorte. A sorte de pasar polas aulas de ilustres persoeiros, de grandes historiadores e tamén de grandes contadores de historias.

Un destes persoeiros singulares foi Xosé Ramón Barreiro Fernández. Con todo, houbo que esperar ata o terceiro curso da antiga licenciatura para que, por fin, de acordo co plan de estudos, tiveramos unha materia chamada Historia Contemporánea de Galicia, e desfrutar, en vivo e en directo, dese gran profesor.

Case sempre acudía con traxe de cor negra, as máis das veces tamén con garabata, impoñendo así certo respecto cara a súa persoa.

Encaramado nas tarimas da facultade, as súas clases maxistras eran, valga a redundancia, verdadeiramente maxistras. Un estilo que moitos queren empregar e que moi poucos dominan. Por suposto, el si o dominaba, tiña un don natural para elo.

Así, dende o primeiro momento quedou patente tamén que o profesor Barreiro Fernández era un gran comunicador, un erudito da palabra que con unha linguaxe común, coloquial, do home de a pé, ía debullando para deleite noso as reviravoltas da historia, pero sen perder por elo profundidade e rigor.

Aquela voz, única, potente, amena, conectaba enseguida con nós. Recordo que un compañeiro de clase e promoción diría: «Barreiro fala coma un cura». Moi pronto descubriríamos (os estudantes temos un don especial para indagar na vida do profesorado) que, efectivamente, antes fora cura e non un cura calquera, senón dos de certa xerarquía e con moi boa formación.

Volvendo ao importante, as clases das que puiden gozar e desfrutar, foron poucas. Pero na nosa memoria quedou, para sempre, o día que nos falou de algo moi galego e singular, o sistema foral. Aquela clase comezou como moitas outras con aquel mítico *miren vostedes* e a continuación debuxaría un cadrado na pizarra. Valéndose de tan simple recurso gráfico e, por suposto da súa

oratoria, daquel cadrado saíron os foros, os subforos, as diferentes rendas, o Patrocinium pro Patria, de Salgado de Somoza... e unhas cantas anécdotas, pois o profesor Barreiro sabía fundir, á perfección, o relato histórico coa vivencia persoal.

De igual xeito, relacionado tamén co tema dos foros, a semblanza que fixo do cura de Beiro, do gran Basilio Álvarez, foi inolvidable, ao igual que aquela frase *miren vostedes, adoitaba dicir Basilio Álvarez que a pólvora ben empregada ule mellor que o incenso*.

Aínda hoxe, cando coincido con algún compañeiro de promoción e recordamos aqueles tempos pasados na facultade, unido para sempre á figura de Xosé Ramón Barreiro quedou aquel cadrado co que explicou os foros.

Acórdaste da clase de Barreiro dos foros? Por suposto que si! Algúns, teño que confesalo, aínda facemos un san plaxio daquela ponencia maxistral, nas nosas clases presentes de 2º de Bacharelato.

Por desgraza, as clases do xenial profesor duraron pouco, porque por algún motivo, supoño que de forza maior, pero nunca coñecido por nós, a maior parte das clases de Historia Contemporánea de Galicia pasaron a ser impartidas pola profesora Emilia García López.

As clases de Barreiro remataron antes de tratar o epígrafe referido á pesca. Iso valeu tamén a anécdota *isto é como a pesca de Barreiro*. Algo que nunca chegou a suceder.

Así e todo, aquelas poucas clases foron un bocado exquisito. Breve, pero intenso e dos que deixan unha fonda pegada nos que pasaron polas súas aulas e que hoxe poden, con certo orgullo, transmitila aos seus propios alumnos.

LEMBRANZAS DE BARREIRO. PROMOCIÓN 1979-1984

Malay Sobrín Sueiras

Cando me pediron esta colaboración sobre os meus recordos do profesor Xosé Ramón Barreiro, o primeiro impulso foi contextualizar o paso da miña promoción polas aulas da Facultade. Pertenzo a un gran grupo de homes e mulleres que comezamos a carreira no outono de 1979; eran tempos de mobilización política, de militancia activa en moitos casos, e de cuestionar todo o que tiña que ver coa realidade herdada do franquismo. Asistiamos ao nacemento da democracia con todas as súas dificultades, exemplificadas no intento de golpe de Estado de 1981. Pero tamén eran tempos de entusiasmo por comezar unha etapa marabillosa, a unha idade na que todo está por experimentar e construír, unha etapa que ninguén de nós esquecería.

Dixen pertencer a un gran grupo en todos os sentidos. En primeiro lugar, polas boísimas relacións que mantivemos e que chegan ate hoxe, pois seguimos reuníndonos unha vez ao ano pese a que rematamos os estudos hai 38 anos. Tiñamos unha excelente relación persoal, nunca competitiva e sempre de axuda e agarimo, nada que ver con outras facultades onde eran escasas as relacións persoais. Neses tempos a Facultade estaba moi viva, con asembleas onde se debatía sobre moitos temas; nós fomos integrándonos nese ambiente enriquecedor, en parte iso explica que asistíramos sempre ás clases. En segundo lugar, porque a nosa promoción foi especial a nivel académico; segundo fomos comprobando co paso dos cursos, unha boa parte do profesorado mirábanos con interese e expectativa; non resultou errado ese interese, pois máis de dez persoas deste grupo son hoxe docentes nas universidades galegas.

Na nosa etapa os estudos de Xeografía, Historia e Arte eran comúns nos tres primeiros anos; estabamos organizados en tres grupos segundo elixíramos francés, latín ou inglés. En terceiro xa non había idioma pero seguían sendo tres as aulas; un deses grupos recibiu docencia de Barreiro, non foi o meu caso. En cuarto nos separamos en tres grupos diferentes segundo optásemos pola Arte, a Historia ou a Xeografía. O grupo de Historia non tivemos a Barreiro de profesor. En quinto se produciu a última das divisións, derivada da especialidade dentro das diferentes etapas da historia. As persoas que eliximos contemporánea tivemos a Barreiro en Historia Contemporánea de Galicia; era o curso 83-84.

As lembranzas que detallo a seguir non son só as miñas; pasados tantos anos, os meus recordos son limitados e precisei axuda das miñas compañeiras e compañeiros para que esta aportación fose máis coral, completa e moito máis interesante. Todas sabemos que cantas máis fontes empregamos máis próximo á realidade será o relato.

Barreiro era un home moi coñecido na Facultade e moi respectado. A maioría dos docentes andaban pola trintena pero Barreiro era maior, unha figura de respecto tamén pola súa traxecto-

ria intelectual. Todas e todos nós sabiamos que fora cura e que levara a cabo estudos de Teoloxía antes de internarse na Historia; que gozaba de gran prestixio académico polas súas publicacións, polo que cando comezamos coas súas clases tiñamos grandes expectativas.

A miña compañeira Amparo resume nunha frase o que pensabamos a maioría: *Era un magnífico profesor, a súa voz mantíñate atenta e ademais seguía un método que, cando estudabas, facía que todo estivese ordenado.*

Gloria aporta máis matices: *Era moi didáctico, facilitaba a aprendizaxe con exposicións claras e moi ben organizadas e transmitidas cun humor e simpatía propios, moi característicos nel. Pero o que máis lembro é que era un home que non infundía temor, o que me parece fundamental para que o alumnado reciba con tranquilidade o que o profesor tenta transmitir, isto é importante para as persoas que son tímidas, como era o meu caso; polo tanto, Barreiro creaba un clima de confianza moi de agradecer e que o convertía nun home próximo e cun toque de humildade que sempre valoro. Ademais era moi observador, lembro que nunha ocasión comentoume que se tiña fixado na miña xesticulación nun exame, á hora de desenvolver un comentario de texto, parece que eu movía as mans ao pensar, querendo ler entre liñas e desentrañar o documento; este detalle fixome pensar que se paraba a «ver» as persoas, moi diferente doutros docentes que semellaban non coñecer as caras dos seus alumnos.*

Falando da súa proximidade e preocupación polo alumnado, Amparo lembra: *A min pasoume algo con el que agradeceréi sempre. Fun buscar o certificado de notas a fins de setembro para matricularme no CAP; a secretaria me di que eu non rematara a carreira pois figuraba suspensa na materia de Historia de Galicia; eu tiña notable en xuño e aparecía non apto en xuño e non presentada en setembro. Barreiro moveu Roma con Santiago e conseguiu que se fixera unha rectificación antes de rematar o prazo.*

Esa xenerosidade e axuda que el prestaba sempre, transcendeu aos anos de carreira nalgúns casos, tal como lembra o compañeiro Amancio: *Con Barreiro mantiven sempre unha relación cordial, ao longo das nosas vidas, dende que o coñecera na Facultade. Sempre lle estarei agradecido porque me propuxo e deixoume como o seu sucesor como profesor da materia Lingua e Cultura de Galicia na Escola Universitaria de Traballo Social-USC, e alí impartín docencia durante máis de vinte cursos, entre 1985 e 2012.*

Era un home humilde porque non precisaba recorrer á erudición; era evidente para nós que os seus coñecementos superaban amplamente o contido das clases, que a súa altura intelectual estaba demostrada cos seus traballos e libros publicados, que so con escoitalo quedaba en evidencia a súa formación. Por poñer un pequeno exemplo desa sabedoría da que nunca alardeaba, cando

tomaba lista e ía dicindo os apelidos indicaba a orixe xeográfica dos mesmos; os interesados reafirmaban que as súas familias procedían deses lugares, era algo abraiante para nós que soubese identificar os apelidos que correspondían a calquera comarca galega.

Pero se hai un valor esencial na docencia é a capacidade de transmitir dun xeito didáctico, ordenado, rigoroso, que acade a atención das persoas que escoitan e que facilite o estudo posterior. Esa era a grande aptitude de Barreiro, que ademais era simpático e introducía anécdotas continuas. Por poñer un exemplo, a miña compañeira Dolores lembrábame: *Contounos que entrou nunha casa dunha aldea e, mentres falaba coa señora, deuse conta de que tiñan a figura dun san Antonio mirando á parede. Barreiro preguntoulle por que o tiña «castigado mirando á parede» e a señora contestoulle «el ben sabe o que fixo».*

O entusiasmo que sentía pola Historia era evidente, tanto se tiña que explicar os rendementos das colleitas de millo en Galicia, os valores tradicionais da sociedade campesiña ou as tendencias políticas do liberalismo; falara do que falara, daba gusto escoitalo.

Ser próximo ao alumnado é imprescindible para transmitir calquera coñecemento; nós tiñamos esa sensación de proximidade e preguntabamos libremente calquera cuestión, que el sempre atendía con interese. Nunha ocasión eu non puidera facer un exame e me propuxo facelo oralmente no Departamento; acudín termando de medo pois era a primeira vez que me enfrontaba a tal situación; tratou de tranquilizarme con moita amabilidade e cariño facéndome preguntas e dándome tempo a organizar as respostas. Foi algo que agradecín moitísimo pois a estratexia deu resultado e fun respondendo cada vez máis tranquila.

Pero Barreiro tamén se enfadaba! Xa dixen que eramos unha promoción que espertaba expectativas entre unha parte do profesorado, tiñamos fama de persoas formais e traballadoras; nunha ocasión fálamos entre nós de negociar con el para que suprimise do exame unha parte da materia, non lembro as causas, se era por alixeirar unha gran cantidade de materia, se era porque esa parte estaba menos traballada en clase... o caso é que alguén fixo de portavoz e llo dixó na clase. Enfadouse moito e con esa envergadura corporal que tiña e metía medo, rifounos por non preparar a materia con tempo e rematou dicindo *«eu pensei que voabades altos coma as aguias e resultaches ser coma polos de currel»*, quedamos en silencio sen saber que dicir; foi a única vez que o vimos enfadado.

Desde o meu punto de vista, como docente de Historia durante máis de trinta anos no ensino secundario, as aptitudes e actitudes de Barreiro coma profesor son difíciles de igualar; xerar un clima de confianza, transmitir os coñecementos con rigorosidade, amenidade e sentido do hu-

mor, manter o interese no discurso e preocuparse polo alumnado, son valores esenciais que non sempre acompañan á docencia.

No tempo que hoxe nos toca vivir, no que se cuestionan e critican as vellas metodoloxías no ensino da Historia, compre facer unha reflexión. Barreiro daba clases maxistras apoiándose nas fontes e con rigorosidade, pero sempre establecendo un contacto continuo co alumnado que interrompía e preguntaba o que quería, aclarando calquera cuestión complexa referida a procesos e acontecementos, utilizando exemplos clarificadores, salpicando o seu relato con anécdotas e sentido do humor.

Iso é precisamente o que explica que para moitas e moitos de nós fose un referente coma docentes, e tamén explica que, transcorridos case corenta anos de escoitalo, teñamos memoria da súa gran profesionalidade.

Unha alumna entrega un exame tan en branco como ficou ela. Saen as notas: aprobado. A alumna, convencida de que houbera unha confusión, acode ao despacho do profesor para aclarala. Non houbera tal confusión. A nota era súa, asistira sempre a clase e o profesor, a estas alturas igual xa empieza a merecer o título de Mestre, estaba convencido de que no seguinte exame ocorrería algo ben diferente. A alumna saíu do despacho convencida de cumprir a profecía. Mercou bibliografía, estudou moitísimo e fixo un exame de sobresaliente. Saíron as notas: aprobado. A alumna non foi reclamar. «Está vostede de acordo coa nota?» Preguntou Xosé Ramón Barreiro tras rematar unha clase en Xornalismo. A alumna asentiu, sabía que lle fixeran un préstamo e ela acababa de devolvelo.

HIPOCAMPO

Cando aprendemos actívanse xenes e complexos moleculares nas neuronas, creando minúsculas prolongacións que serven para conectar diferentes neuronas entre elas, formando circuítos.

Pero como se constrúe un recordo? En que momento? Como se consolidan as lembranzas?

Disque cando se reactivan eses circuítos se constrúe un recordo, na estrutura cerebral en forma de cabaliño de mar chamada hipocampo.

As lembranzas consolídase no cerebro ao revivir a experiencia, reactivando patróns neuronais asociados. A repetición da memoria ocorre durante o sono ou o descanso.

Non sei moi ben o que é un patrón neuronal asociado (creo que cumpro o de «un océano de coñecementos cun centímetro de espesor», aínda que unha lagoa chegaría) pero eu quero pensar que cando comecei a preguntar aos meus compañeiros de promoción sobre Xosé Ramón Barreiro e todos tiñan moitas lembranzas del, é porque volveron e volveron sobre o aprendido, porque aquilo era valioso, era importante. Iso din, ou quero crer, os investigadores, que canto máis gratificante e desafiante a experiencia, máis intensa é a lembranza. E xa van case 30 anos daquilo.

Moitos dos meus antigos compañeiros de aulas lembran a súa voz, grave e imponente. Si, niso, el levaba moita vantaxe en deixar impronta, era coma ter a un locutor da BBC falándoches de historia contemporánea.

E o silencio que había. Este dato pode parecer sen importancia, pero teño que recoñecer que eramos unha promoción ben falangureira, ás veces sabotadora. «Había menos ganas de falar cando o que querías era escoitar». Gustábanos a forma pero tamén o fondo «era unha desas clases ás que sempre apetecía ir, polo que contaba e por como o contaba».

Algúns son categóricos. «No noso grupo de amigos, tiñamos claro que era o mellor profesor da Facultade» e outros case míticos «lembro aplaudir ao remate dalgunha clase»

A voz, a presenza, o temario... pero despois de ler os comentarios que foran enviando os meus antigos compañeiros quedei cavilando se habería algún motivo máis para unha opinión tan unánime. Unha pegada tan intensa. Eu pensei, e sentín, que coas súas clases rematamos unha época e comezamos definitivamente outra. Rematamos o bacharelato, a adolescencia, e comezamos a maioría de idade, no bo sentido do termo.

Viñamos dun bacharelato que obviaba o contemporáneo, na meirande parte dos casos, a nosa historia máis recente e causas e consecuencias. «Para moitos o seu libro sobre a Historia de Galicia foi o primeiro achegamento serio ao noso pasado como *pobo*». E un achegamento á visión crítica sobre o relato construído durante décadas ou séculos. Remataba a aprendizaxe de datas porque si, de liñas temporais acríticas, de nomes sen máis. «Lembro especialmente as súas explicacións sobre os foros que pagaban os labregos pola explotación das terras. Unha inxustiza, a todas luces, na que el facía fincapé».

Para outros foi, simplemente, unha reconciliación «viña de sacar un 4 en Historia en Selectividade. E cun temario moi semellante, 6 meses despois, levaba unha matrícula de honra no peto. Por iso fálolles del aos meus alumnos cada ano. Explícolles que un bo profesor pódete facer ter en estima calquera materia».

E mentres cavilo en todos os comentarios dos meus antigos compañeiros estou ollando ensimismada para un cartel que teño no meu estudio. Un lóstrego cruza a miña cabeza. É un cartel dun documental histórico que fixen hai 6 anos. Antes fixera unha película baseada en feitos históricos, e hai 3 anos outra inspirada en feitos reais de hai cen anos. E miro a miña mesa e as notas para un proxecto sobre as consecuencias da violencia tardofranquista... Historia contemporánea enchendo o meu estudio. Seica a pegada quedounos a todos.

Mergullarse no hipocampo aínda tiña unha sorpresa final: o índice de temas. No temario de Historia do Mundo Actual (un título sen ampulosidade, directo a espertar o interese de rapaces de dezaioito anos), que aínda tiña gardado unha compañeira, lemos as dúas con sorpresa o tema 6. Repito que todo isto foi hai trinta anos. O título do tema era *A historia máis recente: onde está a noticia hoxe*, e compúñase do seguinte: o conflito árabe-israelí; os fundamentalismos; América Latina na encrucillada histórica; África, un continente de pobreza; os pobos sen estado á percura dun destino. Recordo de novo, este é un temario de hai tres décadas, non a escaleta dun informativo de hoxe en día, nin caeran, nin de lonxe, as Torres do World Trade Center, nin se escoitara falar de Evo Morales, Chávez ou Kirschner.

O segundo tema era, desde logo, *A descomposición do bloque soviético*. Que clarividencia. Tamén hai trinta anos un alumno non se presenta ao exame. O suspenso estaba asegurado. Nunha clase o alumno ponse en pé e expón con profundidade e dominio un dos temas. O profesor, todo un catedrático, reconece, sen rodeos, sentirse superado polo discípulo ante a brillantez da exposición. Xosé Ramón Barreiro non o suspendeu.

CHEGAR A TODO

Manuel Gago

Algo que se aprende coa madurez: acabas chegando a todo o que outros xa camiñaron.

Vou comprendendo isto vinte anos despois de que Xosé Ramón Barreiro me dera clase no grao de Xornalismo da USC. Era 1994, o primeiro ano da carreira, e os alumnos contabamos no profesorado, para aquelas materias paralelas ao núcleo da carreira —Economía, Socioloxía, Historia, Ciencias Políticas— cun *dream team* da cultura e política galegas da altura. O proceso autonómico aínda estaba nunha fase expansiva. Fraga chegara ao poder no ano 1989 e, estando con el ou contra el, o certo é que o futuro de Galicia ocupaba o centro do debate. Existía unha crenza compartida en que o país se estaba a facer nese momento. A min fascinábame iso: unha vella nación que parecía un caderno en branco. Foi nese ámbito no que naceu a Facultade denominada de aquela CC. da Información e hoxe CC. da Comunicación. No incipiente equipo decanal críase que algunhas páxinas dese futuro galego pasaban pola comunicación e pola construción dun espazo propio, diverso, e cheo de referentes simbólicos modernos. Era un momento expansivo dos medios e desde logo esa crenza era compartida non só polos xornalistas, senón por toda unha elite intelectual do ámbito galeguista, Xosé Ramón Barreiro estaba entre eles. Supoño que iso —e as expectativas sobre aquel alumnado, as mellores notas de Letras do ensino medio nunha carreira novidosa— alentábano a dar clase a rapaces de primeiro e fóra da zona de confort da súa facultade.

Xosé Ramón Barreiro impartía dúas materias de Historia contemporánea: mundial e de Galicia. Lembro ben a impresión que ofrecía: unha gran cabeza con pequenas crechas sobre a caluga, ao estilo logo popularizado polos executivos madrileños de Telefónica ou de El Corte Inglés, mans de labrego e feliz corpo de bispo. Daría un perfecto abade mitrado de Samos. Tiña unha compostura serena, un sorriso sempre medio insinuado, unha grave voz de grandes texturas coa que exercía un bo galego. Sabía infundir solemnidade e sentencia cando lle interesaba. Non tardamos moito en saber que fora cura, pero xa non. Esa renuncia —e algunhas outras imaxinativas tradicións orais— contribuíran a construír sobre el esa aura mítica da que están dotados os profesores máis carismáticos da carreira. Cando menos o reduto máis galeguista da clase non tardamos en decatarnos de que Barreiro pertencía por dereito a ese conxunto humano que protagonizaba aqueles anos da autonomía, canda esoutras figuras máis mediáticas como Xosé Luís Barreiro —que iniciaba a súa rehabilitación pública— e Xosé Manuel Beiras. Un luxo para os rapaces vilegos de inqedanzas galeguistas, procedentes dun mundo anodino e inzado de todo tipo de diglosias, non só lingüísticas.

De todos eles, e especialmente de Xosé Ramón Barreiro, o que lembro é o maxisterio oral. Por unha banda, a capacidade de construír transcendencia coas palabras. Un episodio, unha

personaxe do pasado, convertíase grazas a unha frase ben armada noutra cousa: nun patrimonio compartido e valorado.

Visto en perspectiva, decátome de como el impartía as súas ensinanzas amosándonos que, máis alá dos sucesos ou acontecementos concretos, cumpría ter sempre unha visión do mundo que che axudase a interpretalo, mesmo no pasado. Nunca percibín en Barreiro os intentos dun pseudocientifismo aséptico que pretendía observar a Historia como nunha probeta. Nas valoracións que Barreiro facía era imposible non percibir a empatía con certos actores do pasado. Pero tamén a capacidade de interpretar os sucesos da Historia a través dunha dilatada erudición, que lle outorgaba unha capacidade panorámica de comprender o que era confuso para os contemporáneos. Con el aprendín que ás veces iso era posible.

A outra banda do maxisterio oral de Barreiro era a súa capacidade para construír un relato esencialmente oral. Barreiro nunca foi de ditar: teño a sospeita de que lle aburría profundamente. Non lembro superarmos os 30 ou 40 folios de materia. Por iso, a miña lembranza da súa docencia é esencialmente conversacional. O profesor alentábanos sobre grandes temas de actualidade, tiña a xenerosidade de que fomos expoñendo os argumentos —dos que nunca se escandalizaba, e ás veces tería motivos—, e complementalos con perspectivas que nos desafiaban e das que non eramos moi conscientes: lembro discusións estupendas sobre Nasser, o conflito palestino ou os nacionalismos dos anos 30. Non lle tería sido difícil desmontar as argumentacións de rapaces inocentes de 18 ou 19 anos, pero sabía que a súa función non era tanto exercitarnos na retórica instrumental senón empregar o debate para amosarnos a vulnerabilidade das argumentacións, o perigo das perspectivas apriorísticas e as carencias do coñecemento sobre a situación. Eses tres factores son fundamentais para o exercicio do xornalismo.

Só lle lembro velo perder unha vez os papeis nesas tertulias, nunha discusión ao redor da Guerra da Independencia. Un compañeiro da Coruña, castelán falante, cuestionou o seu relato algo maniqueo ao redor dos franceses como ilustrados liberais que ían traer as bondades do liberalismo e modernizar esa Galicia atrasada, e dos resistentes como absolutistas cavernarios e ultracatólicos, ou pobres labregos coa cabeza comida pola propaganda dos cregos. Por unha vez, o profesor foi un tanto cruel nas respostas. É curioso que esta situación —polo estraña que resultou— ficou na memoria de moitos de nós. Eu sigo lembrándoa moitas veces, cando reviso a guerra contra o francés. De saber daquela o que hoxe coñezo, eu tamén tivera replicado a Barreiro, aínda que por motivos e cunha óptica distinta á do meu compañeiro. Pero no tempo no que Barreiro se formou, as simpatías polo bando dos patriotas resistentes estaban do bando vencedor da Guerra civil;

aínda por riba, Francia era un referente intelectual fundamental para a intelectualidade ibérica dos 60 e 70. Hoxe en día a guerra (a da Independencia) desapareceu do imaxinario colectivo e se cadra poidamos facer un relato historiográfico distinto desa época, case que comezando de novo. Xosé Ramón Barreiro era un home do seu tempo, igual que eu son do meu.

Sempre creo que parte da enseñanza dos grandes profesores universitarios non funciona ao momento: un **decátase da súa relevancia** anos despois. Pasoume con outro detalle. Barreiro impartíanos docencia sobre unha época que, daquela, resultábanos soporífera: o século XIX. Un veñadalle de nomes propios, períodos, transformacións políticas, golpes de Estado, revoltas, algaradas, signos políticos que se facían imposibles de memorizar e comprender. A enxurrada de documentación decimonónica impedía destilar os datos e obter unha narración límpida, como unha canción que nos permitira ter os pés **seguros** no chan. Eu chegara á Universidade (auto)educado nesa confluencia entre a cultura popular e a Historia, procedente das lecturas dos textos murguianos ou da xeración Nós e do cruzamento entre a historia, a mitoloxía, a etnografía, a arqueoloxía e a literatura. Sabía —e iso non cambiou— que a Historia era determinante para explicar o que somos e como chegamos aquí. Pero o meu marco fora construído, **precisamente**, por aquelas persoas dese século XIX que Barreiro, precisamente, estudaba como obxectos históricos. Aínda que todo o histórico tiña interese para min, gustábame de ollar máis lonxe, e canto máis lonxe mellor, alí onde a brétema emborrallaba os confíns do tanxible.

Pola miña conta durante aquel ano eu emprendín unha viaxe persoal: decidín recoller memorias, tradicións orais e antigas historias da vila de Palmeira (Ribeira), onde eu mesmo nacín. Entre as tarefas, pedinlle ao cura revisar os arquivos parroquiais. Nunha mesa redonda do seu piso consultei os libros de bautizos, matrimonios e defuncións. Non sabía ben o que buscaba, aínda que por navegar ao desvío atopei asuntos abraiantes. A piedade pícara de declarar os mariñeiros afogados como «mortos no porto de Brest» para ceibar as viúvas de compromisos, por exemplo. Pero lémbrome que me chamara especialmente a atención que ao redor de 1852 comezaba a morrer xente a un ritmo que non tiña nada que ver coa dinámica anterior. E pasaban moi novos: tanto homes como mulleres e nenos. Resultaba estraño, pero as notas das defuncións eran moi parcas. Preguntáralle o cura a que podía deberse pero non me sabía dicirme. Os rexistros seguían esa mala traza durante varios anos.

E o día do exame de Historia contemporánea de Galicia, Barreiro púxonos no exame aquela pregunta: *A crise económica e demográfica de mediados do XIX*. Fiquei pampo por dúas cousas: a primeira, porque nos meus apuntamentos non tomara ningunha nota sobre aquela crise. Non

tiña nin idea de que pasara na economía e demografía da metade dese infausto século XIX, e en total o exame constaba de tres preguntas. Situación complicada.

De súpeto, lembrei o que acaba de ver nos libros parroquiais de Palmeira. Velaí estaba a famosa crise! Aquelo sucedera en realidade, non era só unha noción abstracta dun manual de Historia: afectara os meus veciños. Quen sabe se algún familiar meu non caera tamén vítima da época, da fame, do cólera ou da acumulación de desgrazas da crise de subsistencias. Así que botei man da mellor das miñas retóricas e expliquei no papel que, máis que dar conta abstracta da crise de acordo co explicado en clase, ía centrarme nun estudo de caso en relación á pequena vila mariñeira de Palmeira. Que atrevido e resabido pode ser un aos 18 anos!

Non sei a cara que poría Barreiro ao corrixir. Eu, que xa levo vinte anos de docencia universitaria, sei ben que a innovación e o risco non é algo frecuente de ver nos exames. Pero supoño que o que máis lle sorprendería foi bater en primeiro de Xornalismo cun estudo de caso sobre Palmeira. Porque eu non o sabía daquela, pero Barreiro era de Ribeira, con vínculos familiares en Palmeira. Posiblemente, se o soubese non me tería atrevido a escribilo. O caso é que recibín matrícula de honra.

Os profesores deixamos moitas veces pegadas nos alumnos de xeitos que moitas veces non somos capaces de prever nin calcular. A partir daquela pregunta, o certo é que o meu *construto risquiano* da nación, da súa cultura e historia esgazou. Comecei a comprender que o pasado é un lugar máis complexo e contradictorio, e que o século XIX —aparentemente tan aburrido— era o lugar ideal para atopar todas esas fracturas das que estamos construídos, pero que tamén as claves dese pasado estaban ocultas detrás da abouxada de datas, nomes e séculos. A información, en exceso, tendía a agachar as causas. Outra lección para xornalistas.

Barreiro dicía que todo partía do século XIX. Alí debíamos comprendernos. E alí acabei chegando eu tamén. E a moitas das cousas e persoas que el sabía importantes e que para nós non tiñan, daquela, interese algún. Agora, que eu vou batendo con textos seus conforme abro portas do pasado para as que ata o momento non mirara, decátome da razón que tiña.

Xa despois da carreira, compartimos moitos parrafeos. Cando era presidente da Real Academia Galega pasaba con frecuencia polo Consello da Cultura para xuntanzas. Sempre tiña un momento para deterse na redacción de culturagalega.gal para falar de calquera cousa. Naquel momento, a nosa oficina convertíase nunha barbearía ou nunha rebotica desas que exercían como ágoras na Galicia do século XIX. Vino envellecer así, pouco a pouco, pito tras pito, sempre con enorme afabilidade e cun agarimo que parecía estar construído a partir de frases e certeza nunca ditas.

Supoño que el tamén nos vería cambiar: vernos madurar, ver como mantiñamos con el esa distancia respectuosa e afectuosa que se lle ten aos profesores queridos. Fícaronme moitas conversas pendentes: algunhas transcendentales e outras máis frívolas. Gustaríame ter sabido máis por el, por exemplo, da súa paixón bibliófila e coleccionista, ademais de pola abundante tradición oral sobre esa colección que corría polos mentideiros do país. Gustaríame telo visto, non sei, regatear en directo por un folleto político da Coruña liberal de 1815.

O último traballo que lle lin foi a súa biografía de Murguía, a súa última gran obra. Cando anunciou a súa publicación, chamoume a atención non tanto polo tema, que encaixaba nas súas liñas de investigación, senón porque, visto desde un xornalista, o titular era que dous presidentes dialogaban a través do tempo. Murguía convertíase en presidente da Real Academia Galega con 73 anos, e Barreiro foino aos 65. Dous homes que, ao chegaren á cúspide da súa representación institucional, tiñan percorrido boa parte da vida e coñecían a fondo o país que contribuíran a formar en momentos distintos.

O libro non era compracente, nin mitómano. Abondaba nas contradicións de Murguía, no seu carácter polemista, na precariedade vital na que se baseou boa parte do seu periplo familiar e laboral; o pequeno home responsable dos alicerces da idea de Galicia como nación era un home coma nós, contradictorio e imperfecto. Eu chegara á docencia de Barreiro coa cabeza moldeada pola *Historia de Galicia* de Murguía que lera con dezaseis anos na biblioteca da miña vila. E despedíame intelectualmente de Xosé Ramón Barreiro descubriendo que pensaba o meu mestre daqueloutro meu iniciador nas eferescencias da adolescencia. Como declarou posteriormente en entrevistas, Xosé Ramón Barreiro coñecía ben esa estraña corrente destrutora de parte da cultura galega actual á que Murguía lle resulta tremendamente molesto; sospeito que porque é percibido como un problema no proceso de construción —aínda en curso— de Rosalía de Castro como mito. Barreiro escribía coa liberdade que lle outorgaba a idade e a independencia de espírito; coa conciencia de que fronte a unha biografía complexa hai que levar no lombo outra de calibre similar. O historiador desmontaba elegantemente a maledicencia contemporánea sen agachar os aspectos máis tristes do personaxe. Ao rematar a biografía, a miña conclusión afondaba nunha intuición: só a verdade pode construír mitos duradeiros.

Esa foi a última lección do meu mestre Barreiro: amosarme que, nun pasado que interpretamos como unha gran marea que leva persoas e individuos, esa *certa idea de Galicia* aínda hoxe compartida naceu malia todo, cos pés de barro, e por puras vontades individuais que ás veces, só ás veces, cristalizan en pequenos grupos de individuos. En certo xeito, unha anomalía no

sistema. Non creo que Barreiro chegara a estas conclusións ao rematar o libro: estaban antes, no momento no que aceptou a candidatura da Real Academia Galega. A súa firmeza intelectual permitíalle comprender como se fabricaba unha idea e, ao tempo, compartir o resultado da cadea de produción. Como un cociñeiro ao que lle gusta ser gastrónomo, comprendendo a cociña na súa plenitude. Pero tamén sabendo que un prato é tremendamente fráxil. Precisa todos os ingredientes para funcionar. E el era un deles.

E aí pouco a pouco vou chegando eu tamén.

UN ERUDITO PARA TODOS OS PÚBLICOS

Rosa Prieto

Paixón

Non hai segredos para que calquera cousa que temos entre mans saia ben. Alomenos iso é o que me repite desde pequena miña nai. Todo se logra se se fai con paixón. Non valen cantidades milimetradas nin ingredientes fóra do común, non vale seguir un guiión nin copiar a follas de ruta doutros. As ganas que se poñen a cada proxecto son as que permiten acadar o éxito e, sobre todo, facer que o complicado resulte sinxelo aos ollos do resto. Cando coñeces a persoas como Barreiro, esas verbas cobran sentido: un apaixonado da súa profesión, desas que requiren de vocación porque, do contrario, as súas clases non marcarían a tantas xeracións como el o fixo. Nas súas clases de Historia en Xornalismo transmitía paixón por cada episodio da Galicia contemporánea que levaba dous días por semana á nosa aula de Mazarelos, á promoción 1995-1999. Con Barreiro, descubrimos a historia de Galicia. A nosa historia.

Ou se ten ou non se ten

Hai xente que nace cun don. Xa o dicía miña avoa: «Ou se ten ou non se ten». Á vista da súa traxectoria, a súa bagaxe e a pegada que deixou en tantas xeracións e en colectivos do máis vario pinto, non só do eido universitario, Barreiro tñíao. Era un gran comunicador. Moitos potenciais xornalistas mirabámonos daquela no seu espello. Incluso sen falar, Xosé Ramón xa transmitía, xa dabas por descontando que ese home que acababa de entrar en clase baixo unha gabardina ía deixar pegada no noso paso pola Universidade de Santiago. Daquela moitos de nós pouco ou nada sabiamos dese profesor licenciado en Filosofía y Letras, con premio extraordinario, doutor en Historia e catedrático en Historia Contemporánea. Coa primeira clase, todos soubemos que a de Barreiro era unha das que non nos podíamos perder, aínda que fose á primeira da mañá.

Comunicador

O centenar de mozas e mozos que compartimos promoción perseguíamos un obxectivo: ser grandes comunicadores. Nel tivemos un referente. El, seguro que sen pretendelo, o era. Barreiro facía interesante cada batalla política, económica ou social que contaba de Galicia. Moitos coñecemos esa parte da historia da comunidade da súa man. Lembro nas clases de Historia no instituto apurabamos canto podíamos o boli para apuntar cada data, nome ou lugar que *soltaba* o profesor/a. Con Barreiro ata daba pena tomar apuntes porque só con escoitalo retrotraíanos no tempo e facíanos partícipes, e ás veces incluso protagonistas, dese anaco do pasado que el nos traía ao presente. As datas e os nomes eran o de menos. El quería dar a coñecer unha parte da historia de

Galicia e facernos reflexionar. Co seu don de comunicación e a paixón que lle puña convidábanos a interesarnos máis por ese episodio e non querer perdernos cada reflexión que compartía sobre o noso pasado e as súas repercusións nos sucesivos anos e momentos da historia.

Vello mestre

Moitas historias temos escoitado dos nosos avós e dos nosos pais sobre os vellos mestres de escola. Antes, nos repetían, eran una autoridade. Pero na maioría dos casos, non da que se gañaba, senón da que se impuña a base de varas que deixaban a pegada na palma da man ou castigos con centos de copias na caderno ou de xeonllos diante da lousa por non saber a lección ou non levar os deberes feitos. Barreiro era dos que infundían autoridade. Pero non por temor ao mestre, senón polo respecto que se gañan polo que son, polo que saben e por como o contan. Entraba na clase e xa se facía o silencio. O silencio polas ganas de escoitar esa parte da historia ca que nos ía trasladar ao pasado. Non sacaba nada do maletín que o acompañaba cada día, todo saía dunha mente que te cativaba desde o minuto un que comezaba o seu relato do carlismo, a guerra da independencia en Galicia, os liberais e os absolutistas...

Sabio, historiador e investigador

Na Facultade non se pasa lista nin se mandan as faltas a casa. Cada quen é libre de acudir ou non a clase; tomar apuntes ou quedar cun compañeiro para fotocopiar os que faltan do cuadrimestre. Barreiro tamén se pode anotar no se currículo ter a aula chea. Non importaba que as súas clases fosen das primeiras da mañá. Saír a noite anterior polo casco vello de Santiago non era impedimento algún para estar ao día seguinte con ganas de levantarse para ir escoitalo en Mazarelos. Incluso houbo días nos que algúns fomos de *reenganche* porque antes era a lección maxistral de Barreiro que marchar para a casa durmir. Todo un luxo viaxar séculos atrás da man dun vello mestre que en cada clase deixaba pegada da súa categoría intelectual como sabio, historiador e investigador.

Embruxo

Falando o outro día cunha amiga da Facultade comenteille este proxecto sobre a pegada de Barreiro na nosa promoción. As dúas lembramos como el, dun xeito sedutor, atraía a nosa atención como un imán desde que entraba pola porta. Patricia apuntaba que a súa oratoria podía ter relación co seu pasado como sacerdote. Pero esta relación coa Igrexa, proseguía, ata resulta sor-

prendente porque Xosé Ramón daba a impresión de ser un tipo máis ben mundano, «no mellor sentido da palabra: un home de mundo, un amante da vida». Mentres que con outras clases de primeira hora algún facían unha almofada co chaquetón para durmir enriba da mesa, recoñecíamos, era tal o embruxo co que Barreiro nos descubría a nosa historia que era imposible deixar a mente en branco e evadirse do seu relato.

A variable aleatoria e a historia

Pero Barreiro non só captaba a atención e atraía aos que fomos seus alumnos durante os catro anos de carreira de Xornalismo. Houbo estudantes doutras facultades que tamén foron cativados polas súas clases. Daquela no Colexio Maior no que me aloxaba era habitual ir de ouvinte con compañeiros doutras carreiras e, se os de Ciencias ían cos de Letras e viceversa, máis mérito tiña. Co que é hoxe meu marido asistín a unha clase de Estatística no que o único que lembro é que o profesor falaba da variable aleatoria éxito/fracaso. As matemáticas nunca se me deron e esa clase non fixo máis ca reafirmarme en que ese non era o meu camiño. O meu daquela mozo, un completo desentendido da historia de Galicia e das batallas que tiña que *chapar* para os exames en EGB e no Instituto, cambiou a percepción nesa hora con Barreiro. Aínda hoxe lembra esa clase, máis ca o contido, como o contaba, o seu don, a súa capacidade de comunicación, a atracción que xeraba, as ganas que deixaba por saber máis do que ese día contou, as ganas de volver escoitalo.

Ciencias ou Letras

Barreiro é desas persoas que deixan pegada. De seguro, me recoñecía nos anos universitarios meu mozo, que mesmo el ou compañeiros seus en EGB tal vez tomaran outros camiños que tivesen a un Xosé Ramón como profesor naqueles anos. Por que Ciencias? Por que Letras? Nunha ampla porcentaxe, —son de Letras, non sei como os estadistas para determinadas cuestións chegan a un dato concreto— o mestre marca o camiño que se acaba percorrendo. Os números e a historia son máis ou menos atractivos segundo quen bote as contas ou quen faga o relato. Ben seguro, que un Barreiro en matemáticas na nosa etapa adolescente captaría a máis alumnos de Ciencias na Universidade.

Para todos os públicos

Aínda que Xosé Ramón era un sabio, non todos os sabios teñen o don de facer chegar o seu coñecemento. E ás veces só son capaces de facelo cos que teñen o seu nivel de sabedoría. Barreiro

facíase entender con todo tipo de público. Desde outros eruditos na materia, ata os seus alumnos en Historia ou Xornalismo, pero tamén a persoas alleas ao mundo universitario ou sen estudos. As súas charlas, en pequenas parroquias, causaban a mesma sensación que nas clases de Mazarelos. Próximo á xente, Xosé Ramón facíase entender por todos. Sen por iso perder un ápice da súa autoridade como mestre, o seu embruxo comunicador, a súa sabedoría e a súa profundidade intelectual. Como dicimos aínda hoxe os que fomos alumnos seus, Barreiro é Barreiro.

